



UL ANÁLIS
POÉTICA

Autopoéticas

GAAP

ODIHO ALCA

Escolma, edición e introdución: Arturo Casas, Isaac Lourido e Laura Mariño
Capa: fotomontaxe de Inone Depretto a partir dunha fotografía de Diego Mariño
Contacto: gaapsdc@gmail.com

ISSN en proceso

Con ocasión da publicación deste dossier, o equipo de poesiagalega.org reitera a súa gratitude cos autores, colectivos, editoriais e institucións que no seu momento autorizaron a reprodución dos textos agora compilados.

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2012



ÍNDICE

Páxina

1. Presentación	5
2. Do Boletín Galego de Literatura:	7
– Álvarez Cáccamo, Xosé María (1992). “Poética para inéditos dispersos”	8
– Álvarez Torneiro, Manuel (1994). “Autopoética”	13
– Araguas, Vicente (1997). “Autopoética”	19
– Arias, Xela (1994). “Autopoética”	26
– Avilés de Taramancos, Antón (1990). “Autopoética”	31
– Blanco Valdés, Juan L. (2004). “Imago mundi. Autopoética”	38
– Castaño, Yolanda (2002). “Autopoética”	48
– Castro, Luísa (1992). “Autopoética”	61
– Fernán-Vello, Miguel Anxo (2000). “Autopoética”	65
– Fonte, Ramiro (1991). “Autopoética”	74
– Forcadela, Manuel (1998). “Nove poemas novos e unha (auto)poética”	80
– García-Bodaño, Salvador (1995). “Autopoética”	88
– González Tosar, Luís (2003). “Poética”	97
– Graña, Bernardino (1992). “Autopoética”	109
– Heinze de Lorenzo, Ursula (1996). “Autopoética”	114
– López-Casanova, Arcadio (1990). “Autopoética”	119
– Manuel María (1993). “Autopoética”	124
– María do Cebreiro (2003). “Da escrita como traizón. Autopoética”	132
– Martínez Conde, Ricardo (1993). “Autopoética”	141
– Méndez Ferrín, X. L. (1992) “Autopoética”	144
– Neira, Manuel Xosé (1996). “Poética”	151
– Novoneyra, Uxío (1991). “A xeito de autopoética”	156
– Pato, Chus (1998). “Autopoética”	162
– Penas, Ánxeles (2001). “Autopoética”	170
– Pozo Garza, Luz (1989). “Autopoética”	184
– Queizán, María Xosé (1994). “Autopoética”	189
– Rábade Paredes, Xesús (1995). “Autopoética”	193
– Raña Lama, Román (2000). “Autopoética”	197
– Rodríguez Fer, Claudio (1992). “Autopoética”	206
– Romaní, Ana (1994). “¿Autopoética?”	210
– Valcárcel, Xesús M. (1993). “Autopoética”	214
– Valcárcel, Xulio L. (1998). “Notas para unha autopoética”	221
– Vázquez Iglesias, Dora (1992). “Autopoética”	225
– Vázquez, Pura (1991). “Autopoética”	231
– Villalta, Luísa (2003). “Poética da concreción”	236
– Villar Janeiro, Helena (1995). “Autopoética”	246

3. De Leliadoura:	251
– Álvarez Cáccamo, Xosé Mª (1986). “[Autopoética sen título]”	252
– Braxe, Lino (1990). “[Autopoética sen título]”	254
– Cermeño, Xosé (1991). “Notas”	256
– Cibreiro, Pilar (1987). “[Autopoética sen título]”	262
– Costa, Xosé María (1986). “[Autopoética sen título]”	264
– Penas, Ánxeles (1992). “Verbas da autora”	266
– Pozo Garza, Luz (1986). “[Autopoética sen título]”	270
– Rivas, Manuel (1985). “Autopoética en Mohicania”	272
– Rodríguez Fer, Claudio (1987). “[Autopoética sen título]”	274
– Vázquez, Paulino (1985). “[Autopoética sen título]”	277
4. De Letras de Cal:	279
– Craveiro, Celeste (1998). “[Autopoética sen título]”	280
– Martínez Delgado, Verónica (2001). “[Autopoética sen título]”	282
– Negro, Carlos (1991). “[Autopoética sen título]”	284
– Novo, Olga (1999). “[Autopoética sen título]”	286
– Sende, Sechu (1998). “[Autopoética sen título]”	288
– Souto, Francisco (1998). “[Autopoética sen título]”	290
5. Poéticas grupais:	292
– Dacosta, Marta (1997). “Poesía nos noventa”	293
– Frías-Conde, Xavier (2007). “Poesía gallega contemporánea en Madrid: el grupo Bilbao”	296
– Grupo Surrealista Galego (2011). “Xalundes [Presentación do Grupo Surrealista Galego]”	318
– Villar, Rafa (1997). “A poesía: impresións dixitais”	320
6. Poéticas intermediais:	329
– Cáccamo, Pepe (2010). <i>Presentación da exposición Material Metáfora</i>	330
– Gómez, Lupe (1997). “O cara a cara dos recitais”	333
– Vaqueiro, Vítor (2005). “Do hendecasílabo ao autorretrato”	335
– Xaneiro, Rafael (2010). “Transdimensionar as marxes. Sobre a creación poética”	346
6. Comunicacions orais:	348
– Álvarez Cáccamo, Celso (2010). “Texto lido na homenagen a Pancho Pillado. Facultade de Filología, Universidade da Corunha, 30 de maio de 1996”	349
– Arias Rego, Xiana (1997). “Entre as silvas e as ortigas: algunhas reflexións obre a poesía última en Galiza”	351
– Moure, Erín (2008). “D’ailleurs, la page”	364
– Salgado, Daniel (1997). “a propiedade privada é un roubo. trece notas”	368

AUTOPOÉTICAS

Este dossier dedicado ás Autopoéticas recompila o amplo conxunto de materiais que encaixa nesta modalidade discursiva e que se atopa recollido no repositorio de poesiagallega.org.

Na medida do posíbel, o equipo do proxecto tratou de incorporar á base de datos grupos de autopoéticas que, pola súa aparición nunha determinada publicación periódica ou colección editorial, constituísen corpus textuais coherentes e representativos da poesía galega contemporánea. Incluindo ademais outros materiais que, ben polo seu carácter grupal, pola súa orientación intermedial ou por tratarse de comunicacións orais inéditas en formato impreso, consideramos igualmente de interese para a conformación do panorama diverso e significativo que as autopoéticas acadaron desde mediados da década de 1980 até a actualidade.

O núcleo central do dossier está constituído polas poéticas publicadas no Boletín Galego de Literatura desde 1989 até 2004. Nel intégranse un total de trinta e seis rexistros que, dentro da pluralidade de enfoques aplicados por cada poeta ao discurso autopoético, incorporan a inmensa maioría das voces máis consideradas pola crítica literaria das últimas décadas. Desde as propostas canonizadas de X. L. Méndez Ferrín (1992), Xosé María Álvarez Cáccamo (1992), Luz Pozo Garza (1989), Chus Pato (1998) e Miguel Anxo Fernán-Vello (2000) até as poéticas ensaiadas a partir da década de 1990 por Ana Romani (1994), Yolanda Castaño (2002) ou María do Cebreiro (2003), sen esquecer a presenza de voces heterodoxas como as que representan Luísa Castro (1992), Xesús M. Valcárcel (1993) ou Juan L. Blanco Valdés (2004).

As autopoéticas que foron incluídas como paratextos nos libros da colección de poesía Leliadoura (Edicións Sotelo Blanco) conforman un segundo grupo de materiais que se incorporan ao dossier. Son dez textos cuxa principal singularidade se concreta na relación específica que establecen con aquela obra poética á que acompañan, constituíndo nunha boa parte dos casos discursos reflexivos con validez para a comprensión do conxunto da traxectoria de quen asina o texto. Os autores e autoras incluídos neste grupo son Manuel Rivas (1985), Paulino Vázquez (1985), Luz Pozo Garza (1986), Xosé María Costa (1986), Xosé M^a Álvarez Cáccamo (1986), Pilar Cebreiro (1987), Claudio Rodríguez Fer (1987), Lino Braxe (1990), Xosé Cermeño (1991) e Ánxeles Penas (1992).

Dentro das autopoéticas relacionadas cunha colección editorial concreta, incluímos unha selección de materiais tirados da colección Letras de Cal. Trátase de textos que, destinados a presentar o autor ou autora do libro, alcanzan en bastantes ocasións unha for-

mulación discursiva que consideramos que encaixa no rexistro autopoético. Neste apartado figuran as achegas de Celeste Craveiro (1998), Carlos Negro (1998), Sechu Sende (1998), Francisco Souto (1998), Olga Novo (1999) e Verónica Martínez Delgado (2001).

De distinto perfil é o conxunto de textos que denominamos “Poéticas grupais”, asinados por poetas que elaboran reflexións autopoéticas sobre a escrita de grupos ou xeracións literarias das que forman parte. Marta Dacosta (1997) e Rafa Villar (1997) fan a partir da denominada Poesía ou Xeración dos 90 e Xavier Frías-Conde (2007) sobre o grupo de poetas galegos en Madrid activo desde a década de 1980, mentres que do Grupo Surrealista Galego (2011) incluímos a peza “Xalundes” concibida como presentación dos seus principios.

O apartado “Poéticas intermediais” contén as reflexións de Lupe Gómez (1997) sobre a actividade poética e a súa proxección performativa e dramática nos recitais, a exploración das relacións entre poesía, narrativa e fotografía asinada por Vítor Vaqueiro (2005), o texto elaborado por Rafael Xaneiro (2010) a partir do evento Translittera, ben como o folleto de presentación preparado por Pepe Cáccamo (2010) para a súa exposición de poesía visual e obxectual Material Metáfora.

Finalmente, na sección de “Comunicacións orais” recóllense catro textos que, publicados por primeira vez en poesiagalega.org, tiveron a súa orixe en recitais, conferencias ou presentacións de libros. Os seus autores e autoras son Celso Álvarez Cáccamo (1996), Xiana Arias Rego (2008), Erín Moure (2008) e Daniel Salgado (2010).

O equipo de poesiagalega.org



*BOLETÍN GALEGO
DE LITERATURA*

Autopoéticas

UL ANÁLISOL
POÉTICA

GAAP

GRUPO ALEA

Poética para inéditos dispersos

Xosé María Álvarez Cáccamo

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ÁLVAREZ CÁCCAMO, XOSÉ MARÍA (2011 [1992]). “Poética para inéditos dispersos”. *Boletín Galego de Literatura*: 7, 155-158. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/998>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ÁLVAREZ CÁCCAMO, XOSÉ MARÍA (1992). “Poética para inéditos dispersos”. *Boletín Galego de Literatura*: 7, 155-158.

* Edición dispoñíbel desde o 20 de xullo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Poética para inéditos dispersos

Hai poemas que non conseguen habitación nos hoteis que abrimos en temporada alta (na baixa, adurmiñados, agardamos na sala de recepción a chegada dun visitante extraordinario), pasaxe para a travesía ventureira e arriscada dun novo libro. Poida que porque non falan co mesmo acento que os outros. Talvez porque na razón do seu sentido anuncian un proxecto constructivo diferente e nos distraen da empresa que, con vixiante atención, tentamos levar a termo. Algúns, resposta viva a unha urxencia de emoción inmediata, fican indecisos, corpos palpitantes como os escravos de Miguel Anxo, mostrando a maxia descarnada das materias terrestres, os sistemas musculares de mármore sen detalle.

Se te chaman dunha revista para que mandes inéditos e non tes nada novo en marcha e non podes alimentar de súpeto unha faísca morna, revisas os vellos cadernos e topas a sorpresa de fragmentos aínda vivos do teu corpo (a poesía está feita de anacos de pel e medidas de sangue), restos de lume que poden avivecer outravolta. Eses textos deixados á marxe non por razón das súas calidades senón por causa da súa inoportuna chegada recobran así outro sentido: constitúense en testemuños dun proceso inevitábel. Sen eles, sen o concurso tácito da súa presenza, os libros anteriores nunca terían sido edificadas. Sen o seu rumor de imposíbeis hóspedes que reclaman dereito de habitación perdería sentido a completa ocupación do hotel por parte dos moradores de pagamento.

(*) Xosé M^a Álvarez Cáccamo naceu en Vigo, en 1950. Estudiu Filoloxía Románica na Universidade de Santiago e exerce a docencia nun instituto de Vigo. Os primeiros poemas, escritos en castelán, publicounos na revista *Papeles de Son Armadáns*. O seu primeiro libro, *Laberinto el Clavicordio* (1977), é o único que había sacar á luz nesa lingua. Dende entón, dedicouse exclusivamente á poesía galega con títulos considerados xa imprescindibles no panorama da poesía galega actual: *Praia das furnas* (1983), *Arquitecturas de cinza* (1985), *Os documentos da sombra* (1986, Premio da Crítica, 1987), *Luminoso lugar de abatimento* (1987, VI Premio Esquíu), *Cimo das idades tristes* (1988), *Prego de cargos* (1991) e *O Lume Branco* (1991).

Tamén ensaiou o texto dramático, con títulos como *Monstro do meu labirinto* (1987) e *Casa dormida* (1988).

Como estudioso da lingua e da literatura, publicou no ano 1979 *Galego cero*, fixo unha edición anotada (1985) do poemario de Celso Emilio Ferreiro, *Longa noite de pedra* (1962), ordenou e editou a *Poesía galega completa* de Xosé M^a Álvarez Blázquez e colabora a miúdo en revistas (*Poesía Hispánica*, *Kantil*, *Camp de l'arpa*, *Dorna*, etc.) e xornais (*A Nosa Terra*, *Diario 16 de Galicia*, a extinta *Hoja del Lunes* de Vigo, etc.) con visións críticas e reflexións sobre da literatura.

Son os textos dispersos polo arrabaldo da memoria e cando alcanzan a sorte de seren invitados nalgunha casa, como agora nas estancias hospitalarias do *Boletín Galego de Literatura*, constitúense en grupo nostálxico, colectivo de antigos alumnos que, por rebeldes, non puideron saír na orla de fin de carreira.

Aloia

Os ollos de Alóia
falan un rumor:
auga de lagoa.

(1987)

Brisa

Escoita-se o dominio do silencio
enchendo a vida. Son augas pousadas,
brisa a tocar algunhas follas. Lonxe
falas comigo, pai, soño de albas.

(1987)

Habitante novo

Non dá medo morrer. Están os meus
agardando no monte coas estrelas acesas
e unha xarra de amor e a luz grande do viño
para que eu me console das tristuras terrestres.

(1988)

Un móbel de Calder

A muller que habita nesa torre
polas mañás recibe augas de sol.
Os netos transportan o seu corpo fráxil
como quen leva un móbel
esquisito
de Calder.
Colocan a estrutura de metal quebradizo
na cadeira do xardín entre magnólios.
Sobre a mesa central do ceador
condensa chafarices amarelos
un vaso de sumo de limón.

E marchan os herdeiros
para unha tensa conversa sobre propiedades verticais.

Comezan a pousar aves de prata nos ombros da señora.

(1988)

Así tamén o corazón

Mudou o vento. Soben copos de pomba en bandas a fuxir cara as bocas do mar. Así tamén o corazón con que agardo un esplendor marítimo. A memoria traballa en colección de estampas que me fan vivo namorado nos pórticos frutais, miserábel no calexón dos corpos repartidos sen nome, doce habitante cando ordenaba os aparellos da casa para un prazo de espera.

Aberto repartido corpo meu en xeirás de paciencia e lume, qué batalla de soños aquel día nocturno que achou o seu título na árbore excesiva de estrelas que se chama Agosto e a noiva miña comigo polo río, velozmente conducidos por nada, por máis nada que o xogo de imitar a pel dos lábios en cereixa e pan.

(1990)

Sombra dos ollos escuros

Tantas veces pronunciei os teus ollos alimentando un froito de imposible conformidade. Tantas veces, de regreso debaixo das cifras grises, atecido de fracaso, procurando evitar ao porteiro nocturno pero tentado de referir-lle o pormenor da miña triste aventura, contar-lle quen eras ti, descoñecida sombra dos ollos escuros, e cómo te busquei entre os copos de fume por carreiros de alimaría e rastos e perigos.

Tantas horas programando un acto heroico, algo que tivese forma de aresta extraordinaria e voz radical. Tanto inverno desde que escoitei a aparición da túa cor, única no centro do campo das cores, o teu riso de nube sólida, deslumbrada, en desorde. Pero ti de min só pedías a permanencia auxiliar, nunca a paixón.

(1990)

Sempre casas

Casas abandonadas polo amante
a quen un lóstrego avisou dun perigo de máquinas iradas. Casas
que nunca foi posible rematar,
chegar ao cúmulo que separa as chubias brancas, túnicas,
porque chegou a peste,
porque marchou un barco levando aos homes todos
e non ficaron mans para mover as pedras.
Feridas pola serpe, as casas.

Abertas en canal, medrou a edra,
entrou lume do cerne da madeira e silvas e morcegos.
Resisten balconadas cos pasos da señora, mortos. Fican ocos
onde calquera tarde alguén gardou un feixe de billetes,
cartas postais, recados (“debo
cinco pesetas ao caseiro de Lagares’’)
que xa non serven mais para fechar a casa.

(1991)

Praia

Todo praia desde o cimo gris onde floriron pedras,
estratos e famentas flores verdes sen vida. Todo praia
até unha parte do mundo que non se ve pero que existe lonxe. Baixas escumas. Nós,
corpos espidos un dentro doutro, protexidos
no leito das areas que nunca xente nengunha antes tocou, sentiu,
e nós nun beixo entrando o corpo teu en min, o meu dentro de ti,
cando todo era praia a tarde aberta ao pór-do-sol.
Foi praia nova para corpos rotos en incéndio azul.

(1991)

Xosé María Álvarez Cáccamo
Cobres, 24 xaneiro 92

Autopoética

Manuel Álvarez Torneiro

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ÁLVAREZ TORNEIRO, MANUEL (2011 [1994]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*:12, 205-209. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1000>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ÁLVAREZ TORNEIRO, MANUEL (1994). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*:12, 205-209.

* Edición dispoñíbel desde o 17 de xullo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Autopoética

Non envío unha autopoética porque como vostede (Anxo Tarrío Varela) ben di:

... as únicas palabras con que se pode explicar en profundidade un poema son as que construíron precisamente ese poema e exactamente na mesma orde en que figuran nel (*Literatura Galega, aportacións para unha historia crítica*, p....)

Non creo nas autopoéticas porque pode haber tantas como estados de ánimo e a que serviría para hoxe non tería sentido mañá. A poesía, creo eu, ou se explica por si soa ou non se explica. (Non sei se esto é xa unha autopoética).

Jesus envolveu a tigela na manta e meteu-a no
alforge enquanto pensava que tinha de dar atención,
a partir de agora, à maneira de lidar com ela, estes
barros são frágeis, quebradiços, não passam de uma
pouca de terra que a fortuna deu, precariamente,
consistência, como ao homem, afinal.
(José Saramago, *O Evangelho segundo Jesus Cristo*)

... a donde la verdad solo es valiente
y en mi favor se diera la sentencia.
(Fray Luis de León, *Libro de Job*)

Futuro

Os días da fartura que non foron
agardan nalgún tempo a construír,
nos diálogos recónditos,
quen sabe se na casa das abellas

(*) Manuel Alvarez Torneiro naceu na Coruña o ano 1932. Foi fundador do xa desaparecido grupo poético «Amanecer» e dirixiu a súa revista. Empezou a escribir poesía ós dezanove anos, en castelán e galego, pero mantivo grande parte da obra inédita durante moitos anos, a pesar de posuír un palmarés importante en premios e recoñecementos, pois mesmo chegou a ser candidato ó Premio Nacional de Literatura (1984). Durante vintecinco anos foi redactor de *La Voz de Galicia*. É Premio Esquío 1994.

alzada entre os apóstatas,
na luz que cobre o túmulo,
na inocencia,
nos abrazados
nesas tardes de outono tan mancadas.

Quen sabe se nos libres
de ofidio e de piedade;
na palabra. Quen sabe
se na pobre palabra.

Amor

Esqueceron os ritos para amarse
as tardes de fortuna, e quedou
aquele vago perfume,
o rastro da luzada de afondarse nos corpos,
o río debuzado.

Gravitaba o inverno en floracións de estaño,
a liña crúa das sombras,
o balbordo das gárgolas.

Vivíronse nas bocas que derraman a menta,
nas palabras que esvaran e prometen
cando é triste a victoria.

Coñecéronse aínda outro pouco, retidos
na felpa do delirio, na tregua dos sedentos.

Foi quedando un perfume cada vez máis remoto:
agre flor de penumbras.

«Todo será, senón amas, nada»,
dixo ela máis tarde no principio do exilio.

Sitio

Alí ergueron o parral da sede,
penetraron nos libros,
na carta metafísica do outono.

Naquel país a flor era dos inxenuístas
e as aguias traían mensaxes
de Fisterras non vistas;
había estandartes cegadores nas prazas
do crepúsculo;
narrábanse as crónicas dos grandes visionarios
e a bohemia invitaba a viño novo
baixo a galaxia verdiazul-carburo.

Sonábase sen présas, con tódolos detalles.
Era como estrea-lo sangue.

E o arco estaba tenso.

¿...?

¿Os cabalos ebrios sobre a flor miúda,
azul de pálpebra?

¿A morea de escoura no altar
onde oficia o enigma?

¿A clausura do sulco?

¿Os veleiros perdidos na luzada?

¿Un requiem por unha fruta naif,
ou pomba inacabada,
ou cerva sempreviva?

¿A roda cega?

¿A paz opiada?

¿Nunca? ¿Nunca? ¿Nunca?

Rogo

Recóbrame na entrega do silencio
transparente das horas
que soben por agosto,
iniciándose aínda nas petunias,
fabulando este intre.

Na morte de Avilés de Taramancos

Voltábase
xa con anos de máis
e duros símbolos;
primaveras inútiles na chuvía mansa:
marzo de luz devota
da vibración das garzas.

Nunca houbo outras torres cas do ar.

Por Taramancos, cara ó mar de alpaca
viñan palabras frías de derrota,
remotos universos de magnolias salobres.

Chovía miúdo na tristeza,
nun amor esvaído:
*«un amor primordial que nos fai leves
na enramada do tempo».*

Tampouco a inocencia foi estación feliz.

Tampouco ten consolo a que sabe de Bach.

«Casablanca»

Un soño invariable.
E paisaxes contrarias.
E pавanas de outubro.

Platónica dialéctica, obsesiva
recreación dun corpo.

Fotogramas que emerxen dun delirio.

Os tránsitos perdidos.
As longas noites brancas.
A fila dezaioito. Os domingos infames.
As tormentas da seca.

Unha postal bicada.
A hiperluz do sentido.

Oh, Ilsa, lacerante figura da fuxida.
Oh, Ingrid, nunca, nunca....

Tardes

Sentarse agora a contempla-la tarde:
abelleira, menta, corvo-bufón, Mariñas,
cristal, lume, mazaira;
os ríos vertebráis, a luz concéntrica;
e sabiamente quedos -canté-
despreocupados, coma se fose certo
que xa está todo escrito
dos anxos para abaixo.

Homenaxe a Urbano Lugrís

Onde morre o mar

... mais os moradores do equilibrio,
os sabios dadivosos da luz
inclinados a ser noutro argumento
non saben como abate o desdén
e a nova cólera
arruína o ciclo das mareas
do tempo da ardentía:
xa só memoria
nun cristal secreto.

Mar carnal

Horizontal delirio;
soñado estou, cumprido en longo verbo.

Unha antiga certeza, mesmo a infancia:
deriva tan feliz do desterrado;
oquedade do canto que conforma
labio e lentura.

Oráculo tan cómplice.

Victoria de soñar, de asolagarse
espido e sendo de palabra e obra.

Lema

Leve herba de Haydn.
Esplendor co que se fan os pórticos.
E unha espada traidora a toda norma.

Autopoética

Vicente Araguas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ARAGUAS, VICENTE (2011 [1997]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 17, 199-204. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/311>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ARAGUAS, VICENTE (1997). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 17, 199-204.

* Edición dispoñíbel desde o 7 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Vicente Araguas¹

Autopoética

Glasgow, novembro do 72, eu andaba a beber soidades nun pub que se chamaba The Rock. Eu estaba namorado, ¿cando non?, e din en tecer un poema, *Porque te quero, que pouco importa*, publicado máis adiante no meu primeiro libro *Paisaxe de Glasgow*. Este poema, por certo, unha vez musicado formou parte do meu último repertorio de cantante *enragé* pero tirando a baladista como ben se pode deducir. E é que eu daquela estaba a metade de camiño entre a poesía inmediata, ou sexa a canción, e a mediata, a que transcende autonomicamente. Deste xeito o que escribira antes daquel serán de novembro do 72 en The Rock, ben o sei, eran letras de cancións sen maiores fonduras. Orabén, esa tarde-noite en Glasgow, fumando Number Six e bebendo Guinness atopei unha canle de expresión que tiña que se manter por si soa. Vintecinco anos despois son consciente, e un meu amigo, poeta novo de importancia e crítico de interese, confirmoumo non hai moito, de que a miña pertenza a Voces Ceibes (tamén a miña ausencia delongada de Galicia o que xa é outro cantar) vén atrancando a miña incorporación á poesía galega actual, ao menos no segmento xeracional que chaman dos 80. Hai nel xente que non me considera digno de compartir á súa beira os manteis *antolóxicos*, un supoñer. Un homiño xa me ten chamado na cara, menos mal, poeta menor; outro, cantante (na súa acepción máis nobre, espero). Pero o que eles non saben é que eu, como o

¹ Naceu en Xuvia-Neda, A Coruña, no 1950. Licenciouse en Filoloxía inglesa pola Universidade de Santiago e na actualidade traballa como docente en Majadahonda (Madrid). A súa obra como poeta, crítico e traductor consta de varios volumes. No 1991 publicou o ensaio titulado *Voces Ceibes*, memorial de agravios, amores e avatares do colectivo musical do que foi membro fundador. Igualmente realizou no 1993 a edición crítica de *Entre o si e o non*, de Xosé Luís Franco; a *Autoloxía poética*, de Celso Emilio Ferreiro, no 1994 e no 1995 a edición de *O fin dun canto*, de X. L. Mández Ferrín. Como traductor realizou as seguintes traballos. O galego: *Retrato do artista cando novo*, de James Joyce (1994) e *As aventuras de David Balfour*, de Robert Louis Stevenson (1995); ó español: *Galván en Saor*, de Darío Xohán Cabana (1997). Dende hai varios anos Vicente Araguas exerce a crítica literaria en xornais como *O Correo Galego* e *Diario 16 de Galicia* e nas revistas *Leer*, *El Urogallo* e *Revista de Libros*.

A súa obra poética recóllese en revistas e libros colectivos e sobre todo nos seguintes poemarios: *Paisaxe de Glasgow* (1978); *As veces en domingo abonda coa tenrura* (1980); *Poemas pra Ana Andrea* (1982); *Xuvia* (1983); *Caleidoscopio* (1988); *Oficio de Ollar* (1992); *Campo Santo* (1994); *O gato branco* (1995).

meu mestre Robert Zimmerman, o que en verdade quero ser é bailarín. E por aí, sospeito, cómpre entender a miña poesía. Que seguramente bebe das fontes que frecuentei a diario desde cativo. ¿Como evitar que certos versos, certas estrofas, fiquen engaioladas na mente e rematen por facer das súas? Hai unha chea de poemas, enteiros ou fragmentados, que viaxan comigo e unha e outra vez aparecen (seguramente tamén na miña escrita). Esa ringleira teimuda vai desde certo Virxilio do que podo recitar de corazón (pero tamén co corazón) anacos de *A Eneida* ata Salinas ou Alberti, pasando por Fernán Esquío, Quevedo, Rosalía, Rabbie Burns, Bécquer, Coventry Patmore, Neruda ou Manuel Machado. ¡E Don Ramón de Campoamor! Con Rosalía non fixen senón seguir os pasos da miña nai, Teresa Álvarez, que sabe tiradas e tiradas dos seus versos e canta con acento tedesco ben curioso a *Ständchen* (Leise flehen meine Lieder...) de Rellstab/Schubert; outra herdanza que me deixa en vida. Orabén o primeiro libro galego que lin foi *Sete poemas galegos* de Ricardo Carballo Calero, especie de naufrago nunha casa –a miña– ben surtida de literatura en español. Pero a miña adolescencia, como ben sabe Paco Rodríguez, meu inesquecible profesor de Grego no verán do 65, era romántica e eu lía, en traducións españolas naturalmente, a Byron, tamén a biografía que deste fixera Maurois, Shelley, Keats, Leopardi, Lamartine, Heine e vestía de loito, xunto con outros conmitóns, o 13 de febreiro, aniversario da detonación Iarriana. Destes choutei ao Neruda máis elemental, o dos vinte poemas, moitos dos cales memoricei e que me teñen servido de celestinos nalgún momento de apuro, antes de descubrir –vía a tradución que de *Unión Libre* de Breton fixera González Garcés para *La Voz de Galicia*– as posibilidades do surrealismo. Daquela eu estaba nun grupo teatral, Teatro Estudio de Ferrol, onde dabamos Ionesco, Beckett, Arrabal e así, co que eu principei facendo versos absurdosurrealistas nas peores acepcións de ambos termos, abondo demenciais, sen lóxica, provocativos, e malos como o acné. Purgueinos hai moito tempo e con eles unha parte do meu corazón, en fin. Logo viría Voces Ceibes onde tiveren como santo patrón a Georges Brassens. Non Bob Dylan como di por aí un «enterado», pois eu non tiña bases musicais suficientes para seguir ao de Duluth; o seu maxisterio seguiu outros derroteiros. E chegando a este punto direi que a miña poesía de hoxe non ten nada que ver coa que facía nos tempos cantautores. Vexamos: unha canción ten que ser, por definición, directa sendo ademais unha especie de minidrama que entre dous e catro minutos (*average*) ten que levar ao público a un certo trance. Un *pathos* especialmente chamativo naqueles anos de canción política nos que nós eramos os exorcistas do berro, da protesta que a través das cancións tiña que saír do auditorio. Logo aqueles textos non podían ser nada complexos pois contaban con limitacións moi evidentes. Con todo eu por entón xa facía cancións de amor *Poema triste*, *Sue* (aínda inédita), nunha liña que máis adiante habería de seguir a miña poesía. Na que nunca rexeitei o compromiso ou a eticidade e para a que nunca desexei (tal vez porque son unha persoa, permitídmeme a inmodestia, aceptablemente culta) culturalismos de novos ricos que tanto lixaron a poesía galega dos 80. Ora, entendo que a ética sen estética non vale un pemento e tamén que o inferno está empedrado de boas intencións, polo que aplicándome o conto tentei evolucionar a miña poética, procurando atopar parámetros estéticos válidos, adelgazando contidos, reducindo adxectivos, eliminando referencias abusivas, etc. O feito de facer crítica de poesía desde hai moito tempo (de estar a ambos lados da fronteira) servíume –¡como non!– para autocriticarme. Falaba antes dos poetas frecuentados, engado agora os que máis me interesaron desde que entrei de verdade no mundo da poesía: naquel ano de Glasgow devorei todos os poetas «beat», con especial insistencia en Ginsberg,

Ferlinghetti e Corse, lin moito tamén a Spender, Browning, Robert Graves e Auden, despois tiven unha etapa Yeats e outra Eliot, máis adiante entraron Joyce e Pessoa na miña vida, o primeiro de maneira exhaustiva, xa desde hai dez ou doce anos Seamus Heaney é para min un factor decisivo. De entre os poetas galegos hai tres aos que vou e veño con especial predilección: Celso Emilio Ferreiro, Xosé Luís Franco Grande e Xosé Luís Méndez Ferrín. ¿Dos da miña xeración? ¿Son ou non son dela? ¿Onde me encadro? ¿El non serei unha botella chimpada no Mar dos Sargazos? Chegado este punto, cáseque punto final, será cousa de responder ás tres preguntas clásicas. ¿Por que, para quen e como escribo? Non sei por qué escribo, se o soubese igual nin o facía. Si sei, en cambio, que escribo para aqueles que, como no vello romance, van comigo, tamén para min mesmo naturalmente. Escribo, en fin, como se sempre fose a derradeira vez, isto é con paixón, ás veces coa pel de galiña ou cunha bágoa a piques de estoupar, o mesmiño que sinto cando escoito o *Allegro con moto* da sonata 850 de Schubert ou viaxo á Piazza del Campo de Siena, o mesmiño.

O derradeiro día de 1929 oitenta nenos morreron no incendio dun cine en Paisley, vila situada non lonxe de Glasgow. Ando a traballar agora nun libro de poemas, *Río matinal*, que quere ser un xesto de amor para aqueles cativos quen, sen estar, alumean Escocia. A que eu vivín, a que segue sendo. Volvo pois ás miñas fontes primeiras, ás de *Paisaxe de Glasgow*. Con outras técnicas, si, pero coa paixón de sempre. A ducia de poemas que veñen a continuación son parte do primeiro movemento dos tres que compoñen *Río matinal*.

I

Eses días tan tráxicos: xaneiro
a piques de chegar
ou xa na porta petando decide
esquecer cantos agravios impostos;
entra.
O vento brúa, manda
dormir acobillados entre as mantas,
renxen táboas de madeira nas illas;
a carencia de pais tan evidente.

Diríase moi cedo,
diríase que o vindeiro ano ha vir
portando regalías,
búcaros de rosas, gaiolas de bimbio
con paxaros exóticos,
ferrocarrís de corda en estacións
lonxanas.

II

Viñan gaivotas como tardes de chuvia
petiscar no ronsel
aberto ao Mar do Norte. salferida
con vinagres e sal a fendedela
tan dura de curar.

III

Camiño dos domingos
cheo de amoras furtivas
e de bágoas vindeiras.
Camiño de escolares
cubertos polo estío
da mágoa que non chega.
Aínda.
Adivíñase.

IV

A festa na que as bruxas
relouquean e os rabos das vasoiras
son pasaxe anunciada.
Unha cabaza con ollos de tigre
iluminando xestos
agachados, facianas alcendidas
pola pálida luz, marela en fin,
da ollada de felino.
¿Galano ou brincadeira?
Esa luz rosácea, mortal de necesidade
polo farol do abrente caprichoso.
¿Galano ou brincadeira?

V

Con ponlas do último acivro ateigadas
de boliñas vermellas,
eu tamén onde ti.
Pero non, vénsenos de negro a noite, e non,
pinta de negro a noite
e os lagos de loito polo solsticio.

VI

As agullas de todos os reloxos,
as areas das clepsidras
os gnomons lacazáns (se nunca sol
aquí, a penas unha mancha pálida
cando se digna estar),
avisando, con paso inalterable
do veciño e fugaz, lene, tremor.

VII

Mergullouse o ceo de domingo malo,
e neve na fogueira
como a última vez que se quixeron
eles -os dous- un vulto
no grisáceo solpor das Terras Baixas
cando caen as folepas
e a tardiña palidece máis aínda
nos faros da ambulancia.

VIII

Eran, ¿como dicilo?,
un asunto moi serio, o corazón
da festa, o carozo da froita máis
madura, o río desbordado cando
chove a cachón despois
da seca, e as semanas asoláganse
de troula, cando -veredes- as sabas
húmidas son motivo
de risa.
Eran tantos para tan pouca vida.

IX

Toque de sobriedade
mesmo na morte calvinista, mesmo
nesta última, por definición, mortalla;
as medias con volta baixo dos xeonllos,
o xersei ben pranchado
e un peite de carei para os cabelos
que foron loiros, rubios,
cinsa agora, un matiz.

X

Este tan aloucado pensamento
que vai contigo ao punto de partida
é dicir onte cando
a vida semellábase infinita
por si soa, xa non digo para cantos
como vós ides papala, sen dúbida.

O malo non obstante
é cando a vida é incapaz de erguer
a voz na súa defensa ou vosa
e a noite que nos vence unha pucharca,
preludio sintomático
da matinal menos apetecible.
Daquela xa non estarás alegre,
bañada de tan insular tristura.

Xi

Despois da chuvia fican
castelos (ou casas) de elfos morosos
en apañar cogumelos, se tal
andarían batendo croios contra
o seu propio tellado
de casas (castelos) de elfos morosos.

XII

Todo se resolvía
na escola, a dos domingos tan penosa
como a subida lenta
da cucaña cun presente no cabo.

Eran os días tartarugas, eran
ofrendas para un deus ben cativo
o que transforma todo
nun rito precoz e carraxe mansa.
Pero despois -antes- da escola o cine;
faro dominical que vén de lonxe.

Vicente Araguas
Madrid, marzo 1997

Autopoética

Xela Arias

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ARIAS, XELA (2011 [1994]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 11, 199-202. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/305>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ARIAS, XELA (1994). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 11, 199-202.

* Edición dispoñíbel desde o 31 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Xela Arias*

Autopoética

Sábeme ti dicir desta sorte de soltos.
Eu non sei máis.
Nin moito máis me importa, non penses.

Compaxínome coa vida diaria e sei
o preciso para estarabouzar por veces esta sida grotesca
a nos manter tan homes e mulleres:
Afectados.

Síndrome
de sabérmonos sen tódalas defensas.
Síndrome
que traíamos adquirida e agora sumamos.

Síndrome, conta con iso, que en min alimento
para buscarme negra, si, negra, negra e afectada.

O resto,
o resto, como un aire de taller.

(*) Xela Arias Castaño naceu en Lugo o 4 de marzo de 1962. Na actualidade, vive en Vigo, onde realiza traballos de colaboración como *editor* en Edicións Xerais de Galicia, concretamente para as coleccións Xerais Universitaria e Biblioteca das Letras Galegas. Ademais, está a cursar os estudos de Filoloxía Hispánica.

Xela Arias levou a cabo moitos traballos de tradución, o último dos cales é a versión ó galego da novela de James Fenimore Cooper *The Last of the Mohicans* -1826- (*O derradeiro mohicano*).

Colabora habitualmente en revistas (*Festa da Palabra Silenciada*, *Luzes de Galiza*, *Dorna*, etc.). Ata o de agora, publicou dous poemarios: *Denuncia do equilibrio* (1986) e *Tigres coma cabalos* (1990).

Independencia 1

Convoca a palabra e chama a distancia
co eco ós retrasados.

Pregúntalles por que decidir inclúe acordar
e resolverse,

por que só elixe quen é dono
da fame e a opulencia que conte en
tódolos poemas das patrias todas
–acollidas ou rexeitadas–.

Convoca a palabra e sabe
que escribe-la letra dos desterrados,
que apostas entre os dedos dos satisfeitos.
Independencia, dis,

só es unha area que está de máis
na democracia telediarria desta escena.
Así nos borran.

Independencia 2

Independénciome para que eu saiba
ondè quero estar atada, onde
as fronteiras ou a morte das fronteiras,
onde
a man espada levanta e anota
media terra, media historia, media
língua desmedida que non usa
máis có silencio da espera en media guerra.

Norte do meu Sur

En Túnez

Mesmo no deserto

a rosa medra

–esa flor tremenda–.

Se non auga e brisa, area sobre area
será en abrazos,

teimuda e sorprendente.

Disforme e ingobernable abrolla o pétalo e medra;
disformes e ingobernables amoréanse eles:

Neste trozo do seu norte
Africa Rebenta.

No Sahara

Barréname fosfatos cunha sombra do meu aceno saharai.
Como se laia esta area de rotas fantásticas sen rotas marcadas.
Barrena a civilización da metralla e deixádeme
afia-la daga enferruxada.
É meu o ventre nocturno, area, a enorme marexada.
Nin de man a man:
Miña a terra, o aire da chilaba.

Soldados

Porque bebes na fonte das dúbidas, sospeitas.
Porque habíta-la esperanza, sancionas.
Así sabes ti da elevada simetría das batallas.
Así conviñas pola muda da historia.
Que tal ve-la necesaria imposible inocencia dun minúsculo/
poder calquera?
Abrázome noutra revolución pendente.

Non vou ser soldado.
Poño a man
e cáenme milleiros de causas comúns polos dedos estirados.
Non vou ser soldado.
Sancióna-la mesquindade que os desexos tamén gardan?

Porque se línda-la utopía, atrévete agora e avanza.
Tamén ti ocultas
verdadeiros motivos en risas desencaixadas.
Así que abrázate nesoutra revolución necesaria.

Sería-lo mellor soldado, e mais cantas veces
mórrenche tódalas batallas.

Que me compartas se me falo de nada,
que comigo me compartas finalmente entre as cortinas,
que somos nos vasos e automóbiles un compárteme
subliñado de pareceres.

Sospéitame como amámo-lo trastorno das nosas mans
á procura de nada que vén tan enorme-
mente importante ós nosos colos traballosos.

Sábenos
amantes na urxencia do cámbiame
de sitio o mundo que afirmamos.

Así podó eu araña-lo peito que conteño
cos teus meus dedos.

Non hai, si que non hai
idioma abondo.

Non hai idioma abondo para recoñecérmonos.

Pero ti e mais eu e nós,

se nos sabemos sabémonos
desde os espacios en branco.

Autopoética

Antón Avilés de Taramancos

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

AVILÉS DE TARAMANCOS, ANTÓN (2011 [1990]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 3, 147-152. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/236>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

AVILÉS DE TARAMANCOS, ANTÓN (1990). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 3, 147-152.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Autopoética

" **A**gora mesmo, de taberneiro en Noia, como François Villon, escribirei de vez en cando algún poema. Pero como ves non son un poeta de oficio nin oficial. Son sempre o que chega tarde e dalgún xeito quere facer a súa sementeira e a súa colleita cun esforzo que a outros lles vén máis mainiño polo tempo e a paciencia. Eu non teño nin unha cousa nin outra. Son a grandeza e a miseria da poesía. Un francotirador da fermosura." ("Introducción" a *O tempo no espello*, 1982).

* Antón Avilés Vinagre naceu en Taramancos (Noia) no ano 1935. Leccións telúricas da avoa eterna e cósmica. A Terra, a Fala, os paxaros e o Mar. Despois, uns poucos anos de bacharelato en Noia e Escola Náutica na Coruña. Fai como que estudia. Propiamente, comeza os preparativos do periplo de Odiseo e dunha biografía case surrealista da man dun bo mestre, o pintor Urbano Lugrís, "a miña Universidade". Algo de bohemia coruñesa ata o ano 60. Bufarda en "La Flor Noíesa", con patroa das de antes, un holandés escultor (Jan Joosen), que deixou o seu rastro na portada da igrexa de San Xosé, c un ruso políglota empeñado en Tagore (Alexis Vivicov Mardivinoff). Pero Urbano Lugrís sempre no fondo e D. Uxío Carré Alvarelos a repasar a lección do que fora a cultura galega antes daquel ambiente abafante e sórdido da posguerra. Toda unha cátedra. Avilés coñece na Coruña, onde ensaia os seus primeiros versos, a Manuel María, Reimundo Patiño, Alexandre Cribeiro, que lle engada a moza, e Uxío Novoneyra, mentres os poetas das Festas Minervais, na Compostela universitaria, alquilan os smokings e van retomando o fio literario legado polos seus maiores.

No 1960 hai un paquete con libros prohibidos que chega do Neiras Vilas de Buenos Aires. Aconsellado por un policía amigo, escritor el de novelas western baixo o pseudónimo de Alf Manz, decide iniciar o camiño de Ulises. Superconstelation, Bogotá, nove dólares e vinte anos percorrendo selvas e altiplanos, a América enorme do leopardo e a dentellada humana dun vivir a proba de todo. Unha india, Ana Sofía Baquero Céspedes, case un hendecasilabo, amósalle a beleza do Cauca e ten con ela tres fillos. Dez anos sen se saber nada del en Galicia. Pero Salvador García Bodaño recibe unha fermosa carta, longa, trágica e nacionalista, e Avilés de Taramancos convértese case nun mito para algunha mocidade do 68.

No ano 1980 é a volta do fuxido-ermigrante. Propiamente, "O regreso de Ulises", como el di. Dende entón, Avilés de Taramancos rexenta unha taberna medieval no centro da vila de Noia. Alí arriban aínda por veces piratas caribeños, valentóns e ruidosos, que non apagan a voz do poeta, entre unha de calamares, veñan para acó outras cañas e hoxe non se fía, mañá si.

A súa produción poética comezou con *As moradias do vento*, no ano 1954. Despois viñeron: *A frauta e o garmelo* (1959), publicado por suscripción popular; *O tempo no espello* (1982), *Cantos caucanos* (1985), Premio Nacional da Crítica, e *Nova crónica de Indias* (relatos, 1989). Agora mesmo ten no prelo outro libro de poemas, *As torres no ar*.

Obra inmisericorde

I

Non lle deas de beber ao sedento: a súa sede é
pozo que non ten fondo, ferida que non couda
con auga, só con lume. Nunca deixes
a boca do teu cántaro na boca esfameada.

Vén de tan longa xeira de arrebol que o seu sangue
reloce coma o ferro no burbullón do canto. Vén
da batalla inmensa dos días, noitarego no seu ollar e
traslúcido -seixo a brillar nos ósos- da súa propia
labarada. Inmerso vén na sede non no pranto.

Se finxe a bágoa e por beberse enteiro, por beberse
no propio desespero; ¡non te achegues! espida como vas
baixo do manto da humildade e da dádiva, non convoques
o seu clamor de séculos oulando, a súa anguria
furando a cerne dura do desterro. Non.

A gravidade oculta da túa man non debe
abillar a frescura: é como darlle mel ao can doente.
A traveso dos séculos, das horas, a traveso do tempo
nunca deas de beber ao sedento. A súa ansia
-esa catarse para fundir astros- vén da hecatombe
e brúa nos camiños.

Deixa o teu corpo nu a outras seituras.

II

Na noite en que aparece o peregrino fecha as portas, meu ben,
que anda ardoroso. Non é antigo romeiro, agora é excursionista
que vén tentar a túa fermosura. En auto-stop vén o cabrón:
¡collédele! Se en noite de luar ves unha sombra
non é o peregrino a quen socorras, é o lubicán
que anda tras do froito maduro do teu ventre. Non te asomes
que outros eran os tempos e os camiños

e outros santos varóns que floreceran

na vía láctea a fornecer estrelas. Non é un caxado, non,
é un membro impuro que sobresaé da súa faltriqueira.

Non abras ao pastor que vén o lobo.

¡Non lle deas pousada ao peregrino!

III

¿Como hei vestirte, espida miña, como hei
de arroupar tantas rosas? Corpo espido,
cristal evanescente: A púrpura da neve,
esa ardentía.

Transgrede o amor o límite e non sci
que seda sobre seda poñerei.

IV

Non enterrar os mortos. Esta terra non é
un código incivil de enterramentos, lápidas, baldaquinos.
Esta terra non é. Non é cinza o que temos,
é fornalla de arrequencer os corpos para a vida.

Baixo das oliveiras e dos freixos, nas raiceiras do souto
non van mortos, é un coro estrepitoso que se abre
nas fontenlas dos eidos, nos tremos, nos vulcáns
se os houber. Se pos a pedra do mural da casa
vas pondo a carne mineral doutrora. Se pos
o xabre por mallar na eira pos unha fronte pálida,
un sorriso, pos unha pel na néboa doutro tempo.
¡Están tanto connosco! Están feridos do óxido
da vella coitelada que a morte lle ofrendou, mais iluminan
o único camiño que nos queda.

¿En que se asenta o pan senón nos dedos
que se luíron de espallar semente? O saibo vén
dos corpos que se aniñan no corazón da terra.

Coma un froito. O zume que desprende o chuchamel
véñ dos labios da noiva amortallada. Tan viva
no seu perfume cada primavera. Nesta terra non hai
mortos como nas outras. Tan só hai devanceiros
xente que nos percorre o tecido das veas,
que se asoman no xesto, e perfiguran a nosa face
nun lizgairo carís do que eles foron, nun lizgairo
modo de andar quezais. Todos se deitan

con un amor tan grande nas entrañas
para facer o firme desta terra. Con eles vai o cántico,
a palabra labrada vén do fondo onde eles aran, cantan,
labourcan nesa restreva eterna que soergue
as cúpulas da patria sempre viva.

V

“Camiña Don Sancho...”

¿E se o corazón cautivo
non se quer descautivar?

¿Se é de estar preso que vivo?

Cando as cadeas son lazos
o cantar é outro cantar.

¡Non me libres dos teus brazos!

VI

“Non des esquecemento
da inxuria ao rudo encono...”

Olo por olo, pobo meu, é hora
de vingar as afrentas que nos deron
e as que nos fan os sátrapas de agora:
os que nos perden e os que nos perderon.

Tantas feridas de aguzada espora
que nas nosas costelas floreceron
é tempo de saldar; se non o fora
démoslle ao tempo o fel que nos verqueron.

Dente por dente, pobo meu, non poñas
a outra meixela á man que che fustiga,
que se ofrece pan dános ponzoñas.

Que está tanto a medrar caste inimiga,
piollos do teu ser, pestes, carroñas,
150 que en vez de perdoar, ¡morde, castiga!

VII

Ensina ao que non sabe o que tén que saber.
A mente deturpada por séculos na ausencia, o corazón
que debilmente dá o sinal preciso, o rumbo extraviado
o ir trocando nas células a raíz da memoria
e a penas coñeces o perfil da saudade
para sermos nós mesmos. Foron borrando a marca
prístina do que somos: Galiza, esa andadura
na néboa do destino. Acaso a nai carpindo
nos cons, nos promontorios, nas fisterras por sempre
e non se ouve o badalar da súa voz, o espanto
dediante do naufraxio total do universo.

Ensina ao que non sabe a amar desde a entretea
a cicatriz candente da terra violada,
o mar infindo, o canto da laberca. O canto rude
dos que traballan de mañá nos campos
inocentes e firmes na súa identidade. As palabras,
os símbolos, os acontecementos: Ese selo de ferro
que imprime un signo íntimo para ser ecuménico.

O viño e o sal da terra que nos aviva o sangue,
a arxila que conforma o corpo no decurso das idades.
O leito xerminal. Terra labrada.

Ensina ao que non sabe que somos unha sombra
repetida no tempo...

VIII

Balada do cárcere do Mecco

Porque o ceo enteiro está coberto de ollos,
porque infinitamente espreitan
a túa soedade, meu soñador, meu triste
compañeiro de soños.

¡Como alumea a túa nudez
a nosa esperanza! Andamos
na voraxe do tempo, e todo
todo llo debemos á túa inocencia.
Por iso estás crucificado:
para sermos salvos. Para que
da patria fique aínda
o vagalume aceso do teu amor. Por iso.

Todo está aí contigo como nun facho ardendo,
está a ilímite extensión onde a palabra é certa,
cada significado é preciso, ninguén altera
a orde dos sentimentos. Porque ti es puro
un mundo harmonioso medra do teu amor,
ardemos sen consumirmos
na túa amizade, no teu valor, na túa loita.

Eu son o que quixera bicar a túa man agrilloada
e ando temeroso de dicir o teu nome.

Son cada vez ninguén
e ti a redimirme...

Somente ti vas diante
portador da bandeira.

¿Quen é o prisioneiro
que precisa a visita?

Antón Avilés de Taramancos
Febreiro, 19-21, 1990

Imago mundi. Autopoética

Juan L. Blanco Valdés

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

BLANCO VALDÉS, JUAN L. (2011 [2004]). “Imago mundi. Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 31, 187-195. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/307>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

BLANCO VALDÉS, JUAN L. (2004). “Imago mundi. Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 31, 187-195.

* Edición dispoñíbel desde o 31 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Juan L. Blanco Valdés

JUAN L. BLANCO VALDÉS, 44 anos. Vive coa súa muller (Sonia), dous fillos (Roberto e Juanpe) e unha cadela (Linda). Técnico editorial na Universidade de Santiago de Compostela e profesor do Departamento de Lingua Española no Centro da UNED en Pontevedra. En 1936 asasinaron a un irmán de seu avó –o poeta e xornalista Roberto Blanco Torres–, feito que determinou un compromiso froito do cal son os libros *Hipertensión cívica. Aproximación á vida e a obra de Roberto Blanco Torres* (1998), *Roberto Blanco Torres* (1999) e *Roberto Blanco Torres. Unha fotobiografía* (1999). Publicou os poemarios *Os signos, as mudanzas* (2000) e *Ruínas* (2002). Actualmente (2004) traballa nun poemario en castelán e nun libro de relatos en galego.

Imago mundi. Autopoética

187

Non choro as inclemencias
da herba nin non saber ser vento
ou un día da semana. Sei chover,
sei ser sarabia,
sei descargar o trebón no pararraios.
Sei volver
os venres do revés e nacer luns.

Mellor sería non escribir, nin ser de fume, nin ver como entrañas os invernos. Pero –sen que ninguén me preguntara se quería–, eu vivo, estou, amo, miro, calo, respiro, falo, ando.

¿Sería mellor, máis cómodo e feliz non ser de letras improvisadas e pilladas así, ao chou, segundo veñen, coma pantasma de tempos idos ou lenda de estas tuas entre os vimbios? Tal vez. Pero a vida e servidume e valdebágoas e as preguntas do barqueiro seguen aí, sempre latexando por baixo das roupas e as carautas e traducindo, segundo tras segundo, século tras século, o cotián en sublime, o ferro en bronce.

Habitarmos poeticamente a Terra, pedía Hölderlin, pero non se refería, creo eu, ás palabras dos poetas, nin aos libros dos poetas, nin á lingua dos poetas. Falaba, me parece, da flor chorona das pequenas cousas, esas que nos definen na distancia curta, *cuando ya nada se espera personalmente exaltante*, na nosa inanidade, anonimato, intrascendencia. A poesía é, existe de seu, queirámolo ou non, atravesando, *como un pulso que golpea las tinieblas*, as nosas vidas e deixando unha pegada inevitable nos nosos actos. Só hai que descubri-la.

¿Canta poesía pode haber
nos nenos comendo cereais,
canta harmonía
en velos irromper iconoclastas
no dominio do método?
¿Ou nela que decide
mudar a roupa dos armarios,
lavar os dentes a deshora?

Eu teimo, por iso (e a falta de todo), en buscarme entre as imaxes que constrúen as palabras, coa esperanza de enxergar algo de min, algo de vós que dea sentido ao que non o ten. Veño de atrás, vou cara adiante, e, no camiño, a poesía compañeira dos días e das noites. As preguntas do barqueiro.

188

¿Por onde comezar? ¿As nubes?
¿Baleiras as vosas vidas,
libralas do pecado máis orixinal?
¿Podería aprender de novo a non ser nada,
a andar, a pertencer a un idioma que non sexa o meu,
podería cancelar os contratos contraídos,
algo así, moi inmediato, que non precise de paciencia,
plug and play e matar os candelabros?
¿Poñer os pes no teito ou ducharme en auga fría
e seguir non sendo nada?

Ninguén enteiramente feliz pode adicarse a isto. A poesía é unha carga, é desacougo e urxencia, é necesidade de mudar o pasmo perante a dor en estre-mecemento. Creo remontar a 1977 a primeira vez que escribín un poema nun impulso de emotividade involuntaria, coma un arrauto de pena allea, tras ver na tele os asasinatos dos laboristas de Atocha. Moito máis recentemente –o río de Heráclito– escribín un texto adicado a un coello que me mataron sendo neno.

De cando a mata vén a imago mundi
máis poderosa que el recorda:
aquele novembro de porcos que berraban
sabendo certa a morte.
Vén de cando o rostro inocente do coello,
que tanto o neno amou,
se torcía no regañarse vil da inexistencia
e se facía, non riades, estufado de coello
e era xantar de cómplices lonxanos.

Eu refugo a poesía coma mostra ou compromiso, militancia, escola, exercicio estético. Non digo que non se deba facer, digo que non me interesa. Wilde cría –e eu tamén o creo– que todo poema malo é sincero. Un libro de poesía debiera lerse sen información ningunha de quen o escribiu, sen saber se é ou foi muller ou home, novo ou vello, nin do tempo no que escribiu, nin da lingua na que foi orixinalmente escrito. A súa lectura proporcionaría así ao seu lector unha vivencia honesta e veraz, propia e intransferible, e o lector sería o único responsable da decodificación dunha mensaxe de seu escura, inquietante, ambigua.

e achego nesta hora a débil voz do ilota
a axuda innecesaria das almas eivadas
sen agardar máis recompensa
que a acedume propia das mentiras solitarias

189

Os días que atravesei coma desertos, as mulleres e homes que acompañaron a miña singradura, as cidades, os amenceres e os solpores, as vontades case imperceptibles, a noite, eterna amiga e inimiga, tanto paraíso artificial, xa sabedes, esas cousas.

alquimia de fechar a brétema sobre os coleiros,
o lazo nos regatos, luz da casa
ao que volves, noite,
curto pracer bisílabo, de tripas un corazón rompido,
do calleiro un trousar así coma unha tebra mesta.

Tería que engadir o *atrezzo*, iso é a paisaxe, o feitizo da inmensa nai natureza (fica dito: nai, feminina), no seo da cal, nunha sorte de cósmica comunión, non son máis do que un fento ou o tobo dun raposo. Tortúrame non saber definir a lonxanía, sentirme inútil perante o cónclave das nubes mantendo

unha identidade que non quere deixarme. ¿Por qué non trocamos roupas coa
bris da mañanciña ou coas ponlas rexas do carballo que acubilla os esquíos?
Preguntas.

¿De quen será ventar
a brétema sobre o camiño
levando arelas de algo sen figura
a esta ánima rompida,
ás arestas e cornixas deste espírito caduco?

Sexamos castiñeiros
alegremente por ver cómo medramos,
e se fan pólas os gromos
agardando as denosiñas
morrer, como as rulas, no ventre das congostras
ou nas páxinas ocultas dos loureiros.

Aínda unha débeda: o inverno. Primordio, introspección. Era inverno
cando naceu o mundo.

190

Madre herba
recolle silandeira as tebras.
Chora padre vento
nas cancelas.
Prata e aceituna, a tarde.

A penumbra fecha portas,
trae avisos da neve,
prepara a casa para o sono.
Ha no fume monocorde dos carozos
segredos que só o fogar coñece. Neva
e, nalgures, certa,
late a sístole da noite.

Isto é o que hai. A materia prima, o extracto seco primitivo: a poesía é a
penas unha hipótese de traballo sobre un escenario no que, como podemos,
representamos o noso papel, grande ou miserento, sublime ou rendido do
noxo, galgando sen mirar atrás a lombos da certeza de renacermos coma o
fénix. Somos (fomos) fillo, amigo, pai, amante, lembranza, pó, aquel martes de
antroido, irmán, o onán primeiro, o último café na Hauptbahnhof, mirar dez

veces o teléfono e non soa, o espello coma inimigo, o futuro, aquel verán, tempos de tanto sacrificio oculto, a puta esperanza de que algo cambie xa cansada. A vida.

Aquí a palabra. E fóra o mundo.

OUTONO EN MARZO

Nun marzo de inexacto cómputo das horas
a xeadá convive co trasno das paredes
xogando a descubrir un palimpsesto
nas coordenadas do horizonte.

Pero non son cartas,
nin cancións familiares
daquelas que dependuraban dun pentagrama antigo.
Son follas dun calendario hostil,
ruínas das moradías
doutro tempo as que debuxan
o ceo atoldado dos meus días.

Podería ir probando feitizos en retratos espectrais
ó tempo de ensaiar acordes coas gadoupas
ou construír un espello cun material máis ben escaso:
algunhas cartas de loito escritas hai xa tempo,
a contrición devota dun amante
a quen venceu o noxo,
o voo disciplinado da andoriña
que deixa para sempre
o niño onde naceu.

Nada hai perfecto,
nin a falta imperdonable
desta tarde que se vai, sen preguntar,
por completo condenada
a ser noite en pouco tempo.

BUSCARNOS

¿Por que
ser mudas testemuñas
do declinar das nubes?

¿É forza vermos
agonizar o ceo
no lazo inocente
das pozas sen doernos?

¿Quen prohibirá seguirmos
descorrendo tapiccs,
oíndo os ratos no faiado,
debuxando selvas e cidades
nas paredes?

¿Cantos cálculos
de atroz complexidade
necesita o outono
para ser outono?

Támén o inverno dorme
e soña
que algún día foi neno.

VÍCTIMA DUN ESPELLISMO

Aínda cando ignoro o destino da paisaxe
antifico un progreso inevitable a outro matiz
no que confundo o papel que se me asigna.
¿saberei ser unha silva, unha folerpa
solitaria, tal vez a primeira
que cae sobre as terras en penumbra?

Non podo penetrar
a ecuación que rexe os meteoros
nin teño calculado o devalar da lúa,
mais coñezo o punto exacto
no que a noite me fire, me traspasa.

Se acerto aínda a lles devolver a súa fermosura,
o acougo no que estaban antes de ser meus,
extraio dos enganos da luz
a sensación na que asentaba
o seu feitizo.

PASADO UN TEMPO

Declárase no sacrificio da estación un movemento,
unha vontade de tránsitos
imperceptibles
nos que se anuncia a temporada:
pode ser tupírense de follas
os sumidoiros,
pode que unha remuiñada repentina
ou tal vez as trenkas dos cativos,
os libros novos,
o arrecendo dos plumieres
navegando outra volta o litoral
da eternidade.

193

Agora é, pasado un tempo
cando máis se nos ocultan os perfís
do coñecido:
as mimosas, os xogos nas alamedas,
o primeiro onán, as cacharelas, as ordes
establecidas.

Agora é, pasado un tempo,
cando as sombras cun tacto denso
reviven, como escribindo
en necrópoles anónimas
epitafios na koiné de todos.

RITOS DE PASO

Dos vieiros compartidos que hoxe lembro
xorde o amargor dun átomo de harmonía,
o convencemento de entender por fin aqueles
ritos de nós cando eramos o xermolo inútil

de nós mesmos, e descubriamos a enerxía dos metais,
a esencial capacidade de agocharnos
e devir metamorfoses e incontables anestésias
volvéndonos aire, sendo tempo, o que perdemos.

O que perdemos, un índice de bágoas, un catálogo de tebras,
mentres outros por nós decidían a condena
dun átomo recortado de harmonía contra o fondo
da completa voz, a anónima, o silencio dos eunucos.

E volvemos sempre, escravos por non querer ser cinza,
a darlle fin ás verbas e límite á loucura
poñendo por exemplo a noite na que todo mudou
e foi principio e fin e límite do día, recuperada a luz, o día.

Ritos de paso en minutos eternamente repetidos,
o tempo canalla que medrou e un inverno foi home
e falando coa palabra xusta de quen vive na linde dos abismos
proclamou un novo nome para as cousas e nós mesmos.

194

EXERCICIO DE TRADUCCIÓN SEN DICCIONARIO

Dixo o poeta hago mías las penas
dixo sentir nel a cuántos sufren
e cantar respirando. Eu non teño
moral autoridade para tanto. Nin forza
para cargar con máis penas alleas.
Pero canto, como todos, respirando
ou deteño por veces o respiro
e canto sen me importar perder o alento.
Estas limitacións recoñecidas,
eu fago, non obstante, miñas as estradas,
tal e como declarei recentemente
con gatos e porcoespíños rebentados,
oníricas preas dun universo único.
Fu reivindico as lavadoras oxidadas,
cíclopes poéticos por teren un só ollo,
mais na verdade ferralla nauseabunda
amante dos neumáticos,
cos que conviven na adúltera concupiscencia
que late maldita nos escombros.

Eu sinto cheos os containers
do lixo que a cidade envorca
e gomita, e regurxita na alborada
e recobro as volutas de fume repugnante
que levan canda eles os camións.

Eu son o bardo errante
que canta a beleza palafítica
de casas con patas, habitadas
por homes-can e palleiros case humanos,
irreverentes productos
dun doutor Moreau pailán e fato.

Non quero
redimir a ninguén do sufrimento.

Non canto
na verdade respirando.

Canto gomitando,
soporto a arcada e desfágome da náusea
de sentirme partícipe de todo
disfrazando o noxo con palabras.

Autopoética

Yolanda Castaño

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CASTAÑO, YOLANDA (2011 [2002]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 28, 251-262. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/981>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CASTAÑO, YOLANDA (2002). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 28, 251-262.

* Edición dispoñíbel desde o 29 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Yolanda Castaño

YOLANDA CASTAÑO (Santiago de Compostela, 1977). En 1990 trasladouse á Coruña, onde rematou a carreira de Filoloxía Hispánica e cursou estudos audiovisuais. Deuse a coñecer na adolescencia a través dunha serie de premios de poesía menores ata que, gracias ao Premio Fermín Bouza Brey 1994, publicou o seu primeiro libro, *Elevar as pálpabras* (1995), contando 17 anos. Seguiulle *Delicia* (1998), e máis tarde *Vivimos no ciclo das Erofanías* (1998), editado co gallo do Premio Johán Carballeira, e que tamén recibiu o Premio da Crítica Española 1998. Xa no ano 2000, saíu unha edición bilingüe galego-castelán desta obra na editorial madrileña *Huerga y Fierro* (*Vivimos en el ciclo de las Erofanías*). Publicou xunto ao pintor pontevedrés Antón Sobral o catálogo de pintura *Venecia O Vicio da Beleza* (2000). Nese mesmo ano e baixo o título de *Edénica*, viu a luz unha antoloxía persoal de toda a súa obra anterior, acompañada dun CD no que a autora canta versións musicadas dos seus poemas. Ten participado en volumes colectivos como *Daquelas que cantan. Rosalía na palabra de 11 escritoras galegas* (1997, inclúe CD), *Mulher a facer vento* (Lisboa, 1998), *Algúen agarda que volva alí* (1998), en *Novas voces da poesía galega. Recital* (2000), *Diálogos na casa de Rosalía* (2002), *Outro mundo é posíbel. Festival da Poesía de Salvaterra* (2002), *O trazo aberto. Poesías e debuxos* (2002) e *O libro dos abanos. (Palabras no aire)* (2002). Tamén aparece a súa obra nas antoloxías *Para saír do século. Nova proposta poética* (1997), *Río de son e vento* (1999), *dEfecto 2000* (1999) e nas estatais *Milenio* (1999), *Yo es otro. Autorretratos de la nueva poesía* (2001) e *Mujeres de carne y verso* (2002). Como poeta, e tamén como crítica literaria, ten colaborado en numerosas revistas e publicacións periódicas como *La Voz de Galicia*, *O Correo Galego*, *A Nosa Terra*, *El Mundo*, *Quimera*, *Festa da Palabra Silenciada*, *La Flama en el Espejo*, *Dorna*, *Hablar/Falar de Poesía*, *Ólivos*, *Clave Orión*, *A Xanela*, *Elipse*, *Enclave*, *Casa da Gramática...* etc. Formou parte da equipa directiva de *Letras de Cal*, unha editorial de poesía destinada a publicar aos valores máis novos. Ademais de ter participado en numerosos recitais e ser unha activa animadora cultural, organizou, xunto con Emma Couceiro, dous *Ciclos de Recitais Poéticos en Filoloxía*, celebrados mes a mes entre 1996 e 1998. Co-dirixiu con Olga Novo, a revista de artes *Valdeleite*, e foi responsable do prólogo, selección e coordinación dun monográfico sobre unha *Muestra de la joven poesía gallega*, publicado en *La Flama en el Espejo* (México D.F.). Foi entrevistada, xunto con Blanca Andreu no programa *Negro sobre Blanco*, que dirixe F. Sánchez Dragó, na madrugada do luns, día 24 de 2003. Actualmente ocupa a Secretaría Xeral da *Asociación de Escritores en Lingua Galega* (AELG). Á vez, dirixe e presenta o seu propio proxecto televisivo, *MERCURIA*, unha cita semanal na TVE-Galicia sobre vangardas creativas galegas.

Autopoética

Non é este o xardín que viñen buscar a fin de entrar.

De entrar, non de saír.

Se o meu nome levará un tapiz excelso coa vontade de min máis que co feito.

Pero é últimamente unha cerimonia mendiga, a máis pura.

Que borrei todo asideiro, deitei, e *non quero ser lista*.

Pero o que interesa son os meus pasos. Coma un bosque de símbolos do que a miña ignorancia é significativa. Unha sorte de pálpitos que se lle entrega á miña man antes das horas. Unha condena que mece os meus insomnios.

Este é un labirinto de espellos encontrados e á orixinal xa non a recoñezo. Coma teatros concéntricos. Máis que a escura liña entre a que me quero nacer e a que se mata.

252

Pero é un fillo sen nai o poema, delicioso terror dos orfos, entusiasmo radical e autónomo do meu delirio. Ou o que queda de exvoto nos meus velocinos. Que eu quixen falar desta ou destas que me amparan e son ti e facelo entón a través das palabras e dos arrabaldos das palabras que me veñen á cabeza cando penso no que sinto e cando penso no que penso. Así me convirto na larva do resto dos instintos. Que estendín unha saba de orfandades sobre o meu poema. E non serve comprender. (A que non entendeu nada pero sentiuno todo). Coma en vales sobre piscinas amnióticas.

A forma morreu. Que viva pois a forma. Recibe o soño da que te contempla oh contemplado. Dáme palabras que aínda así aguilloen o meu cerne, o suxerido entre sombras, o que tira da intelixencia. Cando a beleza se desvista da beleza gozarás que xa só sexa. Só sexa.

Dáme non cesar de desexar, aínda que atope.

Dáme confundir os meus textos con algún canto, levigar entre sopros. A única fronteira na que morre o fraude. Todo un campo de ruína sobre o eterno banquete.

O tacto, o privilexio, as ganas de tirarse.

(RE)SER(VADO)

A

Unha navalla lenta é o proxecto da identidade.
Unha celebración añil o re-coñecemento.

¿Como deixei que todo isto me sobreviñera?
O meu propio soño marchou de min comigo
Non podo permitir que se me malinterprete unha vez máis
¿Por que me afectas?, ¿por que me afectas aínda?
Unha absurda desposesión infranqueable.

Pero que eu estaría ben, que non cumpren coidados xa sabes que total eu
estaría ben, sempre ben, aínda que non se me entendese aínda
que perdesse a saúde na miña mocidade.
Eu tamén pensaba que podería controlalo.
¿Por que me desesperas?, ¿por que aínda me desesperas?.

253

Unha poza de notas sostidas,
un reiseñor mecánico é a tarde
¿Como tiveren a coraxe de asumir a túa estratexia?

B

Cando deixo de ser flor,
molesto.

Pero o duro era ser, o
infatigablemente aciago.

Que eu contraese algunha seria doenza
favorecería grandemente á miña obra literaria.

Como non teña traballo, marchou para Las Vegas.
Nos Estados Unidos son máis guapa que en ningún sitio.

Pero teño sido agre e pretenciosa,
teño sorriso por interese propia,
a axetreada capitalista sexy;
compensei polos meus días de impotencia.
Ser
é o difícil.
Cando falei só contemplaron os meus labios.

¿Se me tomo un descanso iso
fame irresponsable?
¿se son vulnerable
serei pisoteada?
¿se me fosen peor as cousas
quereríadesme máis?

Unha profusa navalla é o proxecto da identidade,
un reiseñor mecánico a tarde.
Tanto *souvenir* acabará con Notre Dame
¿Onde estabas cando te necesitei?

254

C

Hanayo comprendeme. Non sei
se talvez se me entendería mellor no Xapón.

Ó peixe débil a corrente levará a algún lugar seguro.
O peixe forte estará só, nun esforzo que se multiplica.

O doado
non é ser.

Non tería comprometido tanto
por medo a facer que ti me despreciases,
non tería sido tan autodestructiva,
non tería prescindido de necesidades,
non tería negado os meus empeños
¿se son guapa terei
menos posibilidades de estar soa?

D

Tanto *souvenir* acabará con Notre Dame,
¿que é o que vexo?, vexo que nin un só día, nin
un día só deixei de sospeitar da miña inclinación ás esporas.

-Non foi aquilo o que non che perdoo (podo aguantalo case todo)-.

Definitivamente, eu, tampouco farei nada por salvarme.

Pero farei.

Estragareime en vida, farei
do meu ventre un circo, darei de comer
o meu corazón ás bestas.

O que non che perdoarei foi a penas que atopases
unha mínima razón para pegarme.

Imperdoable cómica desesperada farás
do teu ventre

un circo.

255

Unha mínima razón para pegarme.

E

Eu nada máis quería debuxar un amuleto
pero cando falei só contemplaron os meus labios.

Preguntarlle-s ós lirios, ás pantallas, ós papeis térmicos,
preguntarlle-s ós demais quen demos é que era eu.
Corrín o risco de perderme, -a min, que fun todo canto tiven-
apoucada nena pálida do uniforme azul.

¿Faría da nosa casa o éxito un fracaso?

Privilexio da miseria é ter o seu lugar
Como non teña traballo, marchou para Las Vegas.

O volume de todas as miñas cifras incide nas esporas ás que me inclino.
Xúroche que non tería sometido tanto
por medo a non estar a aquela altura.
¿Se non quero é que non quero?

Ó peixe débil a corrente levará a algún lugar seguro.
O peixe forte estará só, nun esforzo que se multiplica.
Misericordioso é o premio quero estar enferma
¿Onde estabas cando te necesitei?

Agosto 2002

BESTA

256

Cambiaría a miña salveza por unha mentira túa que me punxira
[máis adentro,
os soles que proclamo non son máis feroces que o seu medo.
(Este é un invento
un invento dentro doutro invento).

Non temas, Pinoccio,
Nada se axusta á verdade con maior precisión que esta
[progresión de estampas para cegos dementes,
un rebumbio de mans no cuarto máis azul.

Estamos rodeados
de opcións armadas até os dentes
e o lameiro da certeza sería esta pouco inocente antoloxía de enxeños.
Cubos triangulares, datas descinguidas.

(Pinoccio:) “Se digo que veu un tamborileiro é que veu un tamborileiro”.
-O tamborileiro convírtese en imaxe e o que importa son os meus ollos-

Non temas, Pinoccio,
non temas se a beleza e o fascínio para bicarte toman formas tan reais.

* * *

(Pinoccio:) “Cando chega o día da actuación e por fin actúo e a cegadora luz dos focos chega mesmo a impedirme ver os fíos da cruceta, podo sentir que bailo coma se fose eu quen bailase”.

E a escaleira gris e os rostros sen cara.

E a miña esperanza glosa unha ferocidade áxil coma unha obsesión.

Se atendeses a este lado da retina poderías entender esta

[desorde de corazóns,

poderías por fin tocarme o corazón.

(O que Pinoccio fabula que non hai cruceta enche tódolos anais de tódalas historias, fai un épico estrondo en tódalas cabezas).

Pero esfórzate, Pinoccio,

trata de esbozar medio segundo antes

a túa patada desa patada.

* * *

Coma unha boneca

que só quere ser

unha nena real.

257

Así tamén Pinoccio pendurou fíos até algunha cruceta

e a lupa terrestre insuflouulle o don do movemento, do aceno, da voz.

(Pinoccio:) “¿Cales funestas manobras para aínda así facerme forte?”

Bestas coma esta, cubos triangulares.

Pero no silencio nocturno e tras as portas das pálpebras

ama Pinoccio cada fío con medo abrumador de tanto abismo,

tece unha lazada de sangue e de indixencia.

Estamos rodeados.

Así tamén eu recoñezo a miseria do contrario,

devecendo polo gancho, polo que me envolve, polo que anoa.

Coma unha boneca

que só quere ser

unha nena real.

* * *

(No cuarto figurado o tamborileiro anuncia o envilecemento das capacidades).

(Pinoccio:) “¡O mundo é tan grande e eu tanto libre albedrío!”

Cegadora luz dos focos: convirte cada segunda en primeira man.
Taxar o equilibrio perfecto entre o movemento e o meu.
Datas descinguidas e rostros sen cara.

Pero cambiaría a miña esperanza por outra mentira túa que
[proese aínda máis forte.
Nada se axusta á verdade con maior entraña descortizada.
(A miña sensación é extraterrestre).

Atende verdadeiramente a este lado da retina e aprenderás as
[medidas do que describo.
Baila, Pinoccio,
non temas cando o soño do albedrío da túa danza para
[impulsarte toma formas tan reais.

* * *

258

Todo medra co mesmo estrépito do non dito.
Se narices e escuras ansias e alarmas innomeables,
menos inocente é o rumbo.

Pero veu un tamborileiro coma un nuncio,
e o ruído sobrepúxose á canción de baile.
Mans tirantes, afáns e perdas.

(Pinoccio:) “Se digo ser eu quen baila é que son eu quen baila”.

Non temas, fermosísimo Pinoccio,
non temas se sería exactamente igualado por ti
todo canto se anticipa.

* * *

O círculo das bestas abre unha comisura nova no entramado.
O debuxo do perfil de cada mentira xustifica
as desolacións ás que se abate.

(Pinoccio:) “Se non fose por isto, se non fose
pola miña perseverancia,
nada faría un lugar ós meus engados”.

Todo o que ten de monstro ou extraterrestre,
todo o que de aborto ou fenómeno da natureza
dispensa a infinita tenrura con que este diminuto boneco de madeira
se entrega á doce urxencia do seu baile.

* * *

Acabarás por facer da desproporción do teu nariz un exvoto orixinal.

(O maligno rictus do funesto tamborileiro crávase nas
[costelas coma o cronómetro dun detonador).
Non teríamos invertido ou como mínimo manipulado os
[resultados, non teríamos dilapidado os teus esforzos.

259

(Pinoccio:) “Se eu non calculo a distancia que me reteña non
estimarei a amplitude das miñas posturas e pasos”.

O círculo da besta reconcome o esquezo.
Cubos enluzados, redes de afáns e perdas.

Así tamén eu recoñezo comprarme coa miña dote.

Coma unha boneca
que só quere ser
unha nena real.

* * *

Estamos rodeados.

A presenza temible das escaleiras abafa a solvencia da acción.
Alguén dosifica o desdobraemento.

(¿É por acaso a miña sensación
extraterrestre?)

(Pinoccio:) “¿Podería desexar ó menos ser dono da miña cara?”

Ignora o boneco que tales enxergos non son senón síntoma de si,
pero ignora, coitado inxenuo arelante.

Non temas, Pinoccio,
se nalgún intre por ínfimo que fose enxergases no xubiloso
[dynamismo do teu baile
xeito de placebo.

* * *

Acabarás por gardar a deformidade do teu nariz cal unha
[ofrenda coma os eunucos.
Ábrese a besta e ri en alto.

260

(Pinoccio:) “¿Debo tomar este circo
como a miña casa?”

Todo o que de extrañeza ou desemeianza,
todo o que haberá de engordar as letras do seu nome.
Pero vela unha contenda.

Bramido de tambores e mans cortadas e azul.
(Como facerse un retrato e xusto despois
desaparecer).

(Pinoccio:) “¿Terei atopado de min cara min
a miña peaxe?”

* * *

Cada un dos fíos que anoan cada unha das extremidades de Pinoccio
duplicase nas sombras.
Se o noso pequeno boneco de madeira asume a esta besta para si propio
semella algo que nos conmove.

¿Cómo ti pretendes, inocente Pinoccio,
ser dono de algo do que, sendo considerablemente teu,
nin podes aseverar a súa mesura?

Ademáis, está o do tamborileiro.

(O seu reclamo convoca).

Pero non temas, Pinoccio,
nada dirán que se axusta á verdade con maior precisión que
[esta pouco inocente antoloxía de enxeños.

E ti,

tan só es ti.

* * *

De infausta caixa de resonancia fai o corazón dos *pasen e vexan*.

Redes de afáns e perdas. O amarelo tamén rompe.
A algarada circular de presenzas extraterrestres.

(Pinoccio:) “Pero eu tampouco non me refería a nada disto”.

O perfil dos banzos da escaleira abafan toda solvencia na acción.
Azul, cubos triangulares.
Un rebumbio de mans requiren acariñar a besta.

Non ofrendes os teus afáns
á súa insania.

Falo destes que acabarán por facer da espiral preciosa dos
[teus discos dixitais
calquera circo.

* * *

En vez de mirar de facerte un mozo de ben
quixeches ir ó guiñol e ó país dos xoguetes.
¿Asumirás como casa o circo no que agora entras?
Órganos que se depravan, redes de afáns e perdas,
a homilía dos pequenos suicidios coma todo un protocolo.

Pero cambiaría o meu prognóstico por outra mentira túa que abrasase os
[vestixios.

(Pinoccio:) “¿E que clase de neno real darei
despois desta pasaxe?”

Párate e advirte, Pinoccio,
non podes facer pender o delicado empeño do teu baile
do volume deste nariz mentirán e votivo.

Febreiro 2003

Autopoética

Luísa Castro

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CASTRO, LUÍSA, (2011 [1992]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 7, 159-161. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/306>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CASTRO, LUÍSA, (1992). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 7, 159-161.

* Edición dispoñíbel desde o 31 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Autopoética

Aborrezo as autopoéticas. Amo a glosa. Non atendo a razóns. Quítame o sono a crueldade dos alcaldes e a volta do cacique. Gustaríame viaxar nun pratiño voante e levo unha navalla no peto. Quixera ser inventora, avogado, médico, arquitecto, palafreireira, bailarina, cantante, pintora, raíña madre, mariñeiro, cura e negra. Pero moito máis guapa e xordomuda. Aliméntome de olivas. Penso no suicidio tódolos días. Levo sangue adúltero. Quixera ser dunha peza e non ter volta de folla. Merecer o aplauso do universo. Víctores en China. Ovacións de media hora na Opera de París. Aborrezo, máis que as autopoéticas, á xente de principios. Son un ser indefenso. Tódalas noites, antes de me deitar, fago cálculos. Sempre vou a menos. Non me gustan os obxectos. Non teño ningún vicio. Gustaríame encontrar a un home que puidese comigo. Acepto, non obstante, coa sumisión cega dun súbdito insobornable, o meu destino infausto de Atalanta, a fatalidade de ser irrepitible, a herdanza dos seres incorruptos e a tarefa nefanda de facer de min unha estatua. Pertenzo á posteridade. As veces oio pasos. Un día levitei nun parque. Fai tempo que non me desmaio nin sangro polos fuciños. Boto de menos a un dálmata. Sempre digo a verdade. Non son inocente nin dialéctica. Non me gusta discutir. Morrería por un metro da miña propiedade. Se fose xordomuda sería feliz. A tristeza sen fondo de ir sempre por diante de min mesma obrígame a simular que son Tartaruga de Aquiles, condéname a non ter adictos, nin escola, nin un peso. ¡Viva!

Creo que a arte é unha ciencia oculta. Abomino ós meus contemporáneos. Tódolos meus amigos están mortos. Gustaríame perder a cabeza.

(*) M^h Luísa Castro Legazpi naceu en Foz (Lugo), no ano 1966. Fixo estudos de Filoloxía Hispánica en Santiago de Compostela e licenciouse nesa especialidade pola Universidade Complutense de Madrid. No ano 1984, publicou o seu primeiro libro de poesía, *Odisea definitiva (Poema elegíaco de un día martes)* (2^a ed. corrixida, *Odisea definitiva. Libro Póstumo*, 1986). No 1986, obtivo o primeiro Premio de Poesía Hiperión por *Los versos del eunuco*, publicado ese mesmo ano. Aínda que a súa formación como lectora e falante foi realizada na lingua de Galicia, na que xa publicara algúns poemas soltos e relatos en revistas, o seu primeiro libro en galego, *Baleas e mais baleas* (accesit do Premio Esquíu), non apareceu ata 1988. De 1990 data *Los hábitos del artillero*, VI Premio Rey Juan Carlos de Poesía. En novembro dese mesmo ano, resultou finalista do VIII Premio Heralde de Novela polo seu texto *El somier* (1990). Ademais, Luísa Castro colaborou na Radio-Televisión de Galicia, e segue a colaborar en diversas revistas e en xornais, como *ABC*, *El País*, *Diario 16*, etc.

I

Qué tesouro gardabas
e ata onde chegaron as pesquisas,
investigacións inútiles
que laboriosamente trenzaron
o labirinto do engano
e o camiño torcido e inocente
do buxo.

Alí fun
como cabalo orelleiro
alí fun
como besta aguilloada
alí fun
como neno tentado.

E non pesaba o vento
nin comía o sal
nin era redonda a terra
nin te chamabas Jefité.

II

Sequera
eu,
partidaria do bando que loita sen armas,
amiga dos peles roxas
e do iracundo cerne
da desavantaxe
podía
seducir ó xuíz de Israel

cun rincho

sobre as dúas patas

traseiras.

III

Qué tesouro gardabas,
ti que prometías
chamarte Jefité
e acudir
á cita.

IV

E qué volta dar, cómo xirar en redondo,
pra onde tirar senón pra diante
se cara a atrás
o camiño de buxo é só campo
trillado
polo teu lombo
e pola túa coraxe.

V

Tralo rabo vexo
cómo medran as espigas.

VI

A parede máis alta
devólveme o teu nome verdadeiro.

VII

De min farei
unha estatua ecuestre.

VIII

E de ti o meu pedestal.

IX

Sempre a piques de matarme
sobre as dúas patas
traseiras.

Autopoética

Miguel Anxo Fernán-Vello

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

FERNÁN-VELLO, MIGUEL ANXO (2011 [2000]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 24, 211-218. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1070>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

FERNÁN-VELLO, MIGUEL ANXO (2000). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 24, 211-218.

* Edición dispoñíbel desde o 22 de xullo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Miguel Anxo Fernán-Vello

MIGUEL ANXO FERNÁN-VELLO (Cospeito, Lugo, 1958), poeta e dramaturgo, realizou estudos de Música, Psicoloxía e Filoloxía. Como autor dramático publica, entre outras, as obras *Cuarteto para unha noite de verao* (1988) e *A casa dos afogados* (1989), ambas galardoadas co premio A Biblioteca do Arlequín e a última estreada polo Centro Dramático Galego con dirección de Manuel Lourenzo. En colaboración con Francisco Pillado, e no eido do ensaio xornalístico, é autor das obras *Conversas en Compostela con Carballo Calero* (1986) e *A nación incesante. Conversas con Xosé Manuel Beiras* (1989). Como poeta está en posesión, entre outros, dos premios Celso Emilio Ferreiro do Concello de Vigo (1983), Esquíu (1984), Premio da Crítica Española (1985), Premio Xacobeo de Poesía (1992) e Premio Martín Códax (1996), sendo tamén finalista do Premio Nacional de Literatura nos anos 1985 e 1997. A súa obra poética, presente en numerosas antoloxías, foi traducida ao francés, inglés, italiano, ruso, español, portugués, catalán e eúscaro. Obra poética: *Do desexo en corpo e sombra* (1984), *Seivas de amor e tránsito* (1984), *Memorial de brancura* (1985), *Livro das paisaxes vivas* (1985), *Entre água e fogo. Cantos da terra posuída* (1987), *Trópico de luas* (1992), *Poemas da lenta nudez* (1994), *As certezas do clima* (1996).

Na actualidade é Secretario Xeral da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e director de Edicións Espiral Maior, empresa editorial que fundou no ano 1991.

211

Autopoética

Con razón estableceu Schiller un “estado musical” no dominio da poesía. Dificilmente sen melodía interior, sen música verbal, exista a poesía completa: a poesía en toda a súa extensión. ¿Poesía sen ritmo? Poesía morta antes de nacer.

A poesía –escribín un día nun prólogo*–, ese “alimento que non sacia”, como a denominaba Maritain, ascende das fonduras do ser para liberar un movemento, unha “especie de melodía”, sobre o mundo.

* *Luminoso lugar de abatimento*, Xosé María Álvarez Cáccamo, Ferrol: Esquíu, 1987.

A raíz da poesía é unha vibración profunda do espírito: un asombro, un arreguizo, un desexo, un abismo, unha fenda, un vocema.

E a forma –o froito– da poesía é unha respiración rítmica da voz e da linguaxe. O poema é un alento que canta ascendente aínda na desolación.

Rimbaud defendía unha “articulación deleitosa das palabras”: fundamental para que a poesía exista. Unha erótica do ritmo. Unha espiral sonora. Ou un adagio de dor. Ou a beleza que queima nun nocturno “pianísimo” de versos escritos contra a morte. O resto é non-poesía, poemas que nacen mortos, poetas que perden o tempo sen música.

Miguel Anxo Fernán-Vello

Cantiga Finisterrae para múltiples voces de luz¹

A Ruth

212

País das terras verdes que van morrer ao mar,
unha cantiga nova estremece no vento
o labirinto puro de todos os confíns.

Dende as albas insomnes que palpitan o día,
no florecer da auga na raíz da mañá,
o tempo foi labrando unha saudade antiga

até esta luz que invade o corazón de luz.
Nas gándaras abertas, nos vales silenciosos,
nos bosques que declinan o seu misterio azul;

¹ A música da Cantata que ofrecemos a continuación é obra de Juan Durán e será estreada pola Orquestra Sinfónica de Galicia no ano 2001.

Juan Durán, pianista e compositor, ex-profesor do Conservatorio Superior de Música da Coruña, é actualmente Asesor Técnico de Ensinanzas Artísticas da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Autor de numerosas obras de música de cámara e dentro do xénero liederístico, a súa música escoitouse en diversas salas europeas: Auditorio Nacional de Madrid, Fundação Gulbenkian de Lisboa, Palacio de Congresos da Coruña, Palau de la Música de Valencia, Stathalle de Heidelberg, Conservatorio de Barcelona, etc. Entre os seus intérpretes figuran Antonio Arias, Carmen Durán, Antón de Santiago; os pianistas Jean Pierre Dupuy e Emmanuel Ferrer e os cuartetos Arcana, Sonor, Europa e Prejevalsky.

nas sonámbulas veigas que tremen de frescura,
nas praias onde a brisa é invisíbel nudez,
unha cantiga nova acende a lonxanía:

alta terra diúrna, a espiral do fulgor,
os camiños brillando, láminas inflamadas
da exhalación do sol. Sobe o mar nos espellos,

sobe a chama no ceo. Arborece a distancia
un labio transparente até queimar a voz:
toda a luz, toda a luz entrando, entrando en nós.

País das terras verdes que van morrer ao mar,
entre semente e soño, entre vertixe e flor,
campos iluminados que se inclinan ao sul.

O tempo aquí non foxe. A nave do mencer
tocou a estrela firme, a pedra xerminal.
País das terras verdes, enraizado fervor

dun enigma no tempo: a camelia no ar,
o horizonte que nace poboando os segredos
do noso propio ser; a palabra inicial,

a visión interior dun asombro no abismo
cando a luz é outra luz e a primavera avanza
fundando a cor da brasa no noso sangue insomne,

nós que levamos o sol ardendo na memoria,
astro vital e seiva de luminosos días.
Contra a sombra que paira na nosa negra sombra,

contra o gris neboeiro e contra a triste chuvia
dos séculos que foron, ancorados na historia,
esta luz que penetra a ruína dos muros,

as fábricas escuras, as neveiras do medo,
as confusas feridas, longos túneis de inverno;
esta luz que inaugura terras anchas que brillan,

territorios sen cinza, nidias amañecidas;
luz que borra a oxidada materia da tristura,
os remuíños do odio, as provincias da guerra,

a capital obscena da dor que nunca cesa;
luz que vence as esquinas pedernais dos suburbios,
os aramios violáceos que transita a pobreza,

os ángulos da casa que dobraron os ventos
nas devesas de Europa, nos cercados sen nome,
nas aldeas rendidas que vaciou a noite.

Esta luz como febre amordazando a néboa,
escavando no frío dos países que somos,
revelando no sangue unha esperanza acesa

como as terras que arden no corazón alzado
dunha alborada branca; constelación nevada,
a luz, a luz triunfando fecunda e solidaria;

a luz sen fin nos faros, no ronselar das chairas,
nos fíos que nos unen apurando as palabras,
na orientación dos días, na comunal labranza

do tempo renovado. Todo o mar é un abrente,
o perfecto desexo desta cantiga nova,
a claridade viva que se funde cos soños.

Aquí estamos, no límite increado do mundo,
na pulsación das horas, no sopro do destino,
imantados a un himno de poderosa urdime:

o mar e a multitude da súa alta harmonía,
a espiral que transmigra a flor da liberdade,
as terras que proclaman o dominio da luz.

Cando vibra no corpo a emoción demorada
das paisaxes do norte, cando se instala a alba
nos ollos que adiviñan a duración do incendio

debuxado no sangue, sabemos que hai un astro
entre a sede e o fogo, a floración do centro
que conmove o espazo, a cúpula dun clima

de mercurio insaciado, a latitude ardente
dunha maré que ascende no devalar do ceo.
Oh luz do mundo fiel, terras do alborecer,

a lucidez do sol sobre os campos centrais,
a razón do porvir, a irmandade total
entre os seres e a luz, a ondulación feliz

dos corpos na mañá. Oh luz do mundo real,
delicada estación entre comezo e fin,
rozando a pel do abismo a música triunfal,

o espírito da voz, o escintilar da alma
ateigada de luz. País das terras verdes,
territorio solar, queimadura interior

cando renace a vida, a materia futura,
o soño doutro tempo, a aparición do día;
cando a luz é un milagre que regresa do mar,

alta e definitiva, liberada e final,
para borrar a morte e regresar entrando,
entrando en nós máis pura, no país pensativo,

na duración do tempo, na espiral da cantiga,
no vento estrelecido, na harmonía entrañada;
a luz, a luz cantada irradiando a figura

contra as sombras pasadas, contra as fendas escuras;
a alta luz construída sobre as terras amadas,
a alta luz incesante sobre as patrias futuras.

Canto nº 4 da Cantiga Finisterrae para múltiples voces de luz
 Poema de Miguel Anxo Fernán-Vello Música de Juan Durán
 (1999)

♩ = 66

Baritono

P A - quí es - ta - mos no lí - mi - teín - cre - a - do do mun - do

Piano

pp (*deixar soar*)

na pul - sa - ción das ho - ras no so - pro - do des ti - no i - man - ta - dos nun hím - no *p* de po - de - ro - saur - di - me

me *p* A - quí es - ta - mos no lí - mi - teín - cre - a - do do mun - do

pp

na pul - sa - ción das ho - ras no so - pro - do des ti - no i - man - ta - dos nun hím - no *p* de

pp

Meno mosso ♩ = 56

po - de - ro - saur - di - me de po - de - ro - saur - di - me o mar ca - mi - ti - tu - de da sú - a

p *legato*

11

16

21

216

al lahar - mo ní - a a ca - pi ral que trans mi - gra a flor da li - ber

27

da - de as to - rras que pro - ce - dan o do - mi - no da luz *pp* o do - mi - no da luz

Tempo primo $\text{♩} = 66$

33

p Can - do vi - bra no oc - po - se - mo - ção de - mo - ru - da das pai - sa - xes do nor - te can - do se lus - ta la

39

al - ba nos o - lhos que a - di - vi - ãan *p* a du - ra - ção com - dío do - bu - xa - do no *mf*

44

appassionato

san - gue sa - be - mo que a - tum as - tro entre a se - de do fo - go a flo - ra - ção do cen - tro que com o ve - os pa - zo a ci - pu - la dan

mf *appassionato*

49

cli - ma de - mer - curo - in - sa - do a la - tu - de - ar den - te dum ha - ma - ré - que - as cen - de - no de - va - lar do

poco a poco cresc.

ce - o no de - va - lar do ce - o o mar ca mul - ti tu - de da só - a al - tizar - mo -

Poco rit. ten. A tempo

ni - a a es - pu - ral que trans - mi - gra sempre *f* a flor da li - ber -

da - do as te - rras que pro - cla - mam o do - mi - nio da luz o do - mi - nio da luz as te - rras que pro - cla - mam

o do - mi - nio da *ff* luz

Autopoética

Ramiro Fonte

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

FONTE, RAMIRO (2011 [1991]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 5, 151-155. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/342>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

FONTE, RAMIRO (1991). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 5, 151-155.

* Edición dispoñíbel desde o 8 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Autopoética

¿D e que fala boa parte da poesía chamada moderna máis que da morte do poeta? Desesperadamente Hölderlin procede a sacralizalo. A vía de Hölderlin é unha vía trágica. Cárgase dun entusiasmo sobrehumano, tan heroico coma mozo, cando non facía outra cousa que dictar o destino trágico do poeta. Baudelaire muda o territorio dos mitos polos paraísos artificiais, pero aínda promete a grande viaxe. As asas do seu albatros aínda poden levalo a afastadas terras; cara ó luminoso arquipélago de Hölderlin pero xa non ó tempo da orixe. O poeta comeza a fuxir a cambio de ningunha terra. Aínda hai poeta en Rimbaud cando se embarca no seu “bateau ivre”. ¿E despois? Os poetas do século XX seguiron porfiando nestas cuestións pero dun xeito ou máis filosófico ou máis privado. Todo poeta debe comportarse como se fose o derradeiro poeta e, ó mesmo tempo, o poeta futuro.

Tres poemas e oito fragmentos

OS OLLOS DO PASEANTE

As casas en ruínas son á infancia
O que o niño vén sendo ó paxaro que torna.
Puideron esquecer a sombra dos rapaces,
Non a amarga figueira
Nin o voo da andoriña.

(*) Ramiro Fonte naceu en Pontevedra no ano 1957. É un dos autores xoves máis celebrados no panorama das letras galegas. Ten publicados os seguintes libros de poemas: *As cidades da nada* (Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán, Col. Esquí de Poesía, 1983), *Designium* (Premio da Crítica “Galicia” e Premio “Losada Diéguez”, Vigo: Ed. Xerais de Galicia, 1984), *Pensar na tempestade* (Barcelona: Sotelo Blanco, Col. Leliadoura, 1986), *Pasa un segredo* (Vigo: Ed. Xerais de Galicia, 1988. Premio da Crítica española, 1989). Como narrador publicou: *Catro novelas sentimentais* (Vigo: Ed. Xerais de Galicia, 1988), *As regras do xogo* (Pontevedra: Ed. do Cumio, 1990). O seu último libro mereceu o Premio “Esquí de Poesía” (*Adeus Norte*, Ferrol: Sociedade Cultural Valle-Inclán, Col. Esquí de Poesía, 1991).

¿Que insegura amparanza
No seu baleiro pobre procuramos;
Na silenciosa dor das súas trabes
Que sustentan un ceo ben pequeno,
Que as vai aforneecendo
De choiva, mar e frío, algunha estrela
Para que continúen xerminando?

¿E nas fiestras que agrandan
A cegueira dos seus anos
Para que pase o aire, a noite e o bulicio
Do porto na mañá
Cos nomes estranxeiros dos seus buques?

Algo volve de alí, do lugar luminoso
Que creou a mentira da cidade
Moi dentro de si mesma como se están creando
Outras flores rebeldes, descontentas
Non nas aforas; si no seu corazón
Sen que queiramos velas,
Sentir a silenciosa maduración dos soños;
O rostro interminable dos pecados humildes.

Entrei aquí.

Moi preto
Do corazón que tiven estaban as ruínas
Daquela casa.

Persequín o seu xeito de morrer de vagar,
E nos primeiros pasos que intentei
Nas silveiras, no escombros,
Desandei un lugar da miña vida.

E tiven por fermosa penitencia
Aquela vila branca de casas abatidas.

AS LÚAS SUBURBANAS

Que me concedan, prósperas,
As lúas suburbanas o dereito
A regresar a ti;
Que mo diga esa luz
Pesimista que vén sempre do norte
E cingue as sorprendivas catedrais do asteleiro,
E o aire que se avolve nas primaveras vellas
No que xiran papeis e cousas vás,
E os paxaros detidos
que me indiquen
Como podo volver amar aquilo,

Saldar, en fin, a débeda que teño
Con case tanto;
Dirixirme outra vez por certas rúas
Cos pasos que deixei, preguiceiros na tarde,
Como se deixa a sombra nun cristal,
E perderme dos homes, e esquecerme.

Sei onde estás, cidade,
En que casos, perante cal perigo
Que ás veces merodea un corazón veloz,
Eu procuro volver;
Baixar ós barrios íntimos das lúas,
A un mesmo tempo doces e infelices
Coma son as razóns dos fráxiles desexos.

Sei onde estás,
A que ribeira ou porto
Se dirixen os ecos das nosas risas xuntos,
En que brazos de nai morren camiños
De mar, de ingratidade;
Onde hai arruinados baluartes
Que albiscan con tristeza malos tempos.

Afaite ó meu cansazo,
Ó que perdín cos homes
Noutras grises cidades opulentas;
Aquilo que ti mesma, xenerosa, concediches.

E sei por que motivo,
Por que herdanza de pais,
De graves e celestes carpinteiros
Do ceo dos teus buques, por que leves
Raíces afogadas no aire,
Por que engano de nubes vagacentas
Que levan a tristeza
Que recollen da terra cara ó leste,
Vou procurar as rotas que marquei noutro inverno;
Deixar que veña a min esa rúa profunda
E que toque o meu peito un pouco antes
De partir para sempre para sempre.

E podo cabalmente decatarme
Se é neste lado esquerdo da nostalxia
Ou nos pasos sen volta dun esquezo
Onde me doe a choiva que bate nos polígonos,
Onde a luz entoldada,
A multitude xenerosa e nobre das túas casas
Ás que alguén lle roubou a promisión dos días
E os traballos do home;

E esa prata cincenta do arrabaldo
Tan semellante á luz nos seus motivos
Na que ben madurecen os soños e as distancias.

E así fai a lembranza para que a lúa nova
Menos triste quizais, pouco reparadora
E sen embargo amable coma as lúaas de antano;
Esas humildes lúaas suburbanas
Que tanto concederon,
Ilumine, ilumine;
Acenda os seus camiños para que eu me dirixa
Ó lugar onde estás, onde me morres lenta,
Lentamente cidade dos meus anos felices.

PARA QUE NON DESPERTEN OS MEUS SOÑOS

Para que non desparten os meus soños
Nin a flor carnívora que se alimenta do meu cansazo.

Para que o coitelo azul da serenidade
Non corte o fío lento que me asegura a ti.

Para que o meu corazón poida defenderse
Do barbeito, do que se deixa a ermo;
Dese lugar que, en balde, agarda novas lúaas
Para que nós poidamos semear.

Para que a vella gabarra dos meus días vellos
Non atope un esteiro onde entregarse.

Para que haxa un rompente no centro dos motivos
E a vaga da traición non suba ós nosos peitos.

Para que non desparten os meus soños, dime

¿Que farei coa vixilia, coa luz e co desvelo;
Co lóstrego inocente que poño na mirada?

FRAGMENTOS

1

Así fose posible
Recoller esa imaxe dunha casa
Coas súas fiestras acesas
Esvarando na auga e no tremor da noite.

2

Os pacíficos muxidos dos cargueiros na madrugada
Lembran as queixas victoriosas de eternos afogados.
O steamer no que quería fuxir Mallarmé.

3

As botellas de náufrago que leven, polo menos, o mellor de nós mesmos
para despois dos días de Alcíone.

4

Pero cando fuximos
Xa non o facemos a cambio de ningunha terra.
¿Será pola colleita xenerosa
Que cremos existente noutros peitos?

Non é certo que os camiños sirvan
Para afastarnos
Senón para volver.

5

Crear un deserto dentro de ti
E atreverte despois a atravesalo.

6

Coller unha estrela morta
Nas nosas mans non doe.

7

Esa débil fronteira que amablemente
Nos separa dos desesperados.

8

Petersburgo.
Certas cidades débense amar sen ir a elas.

Nove poemas novos e unha (auto)poética

Manuel Forcadela

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

FORCADELA, MANUEL (2011 [1998]). “Nove poemas novos e unha (auto)poética”. *Boletín Galego de Literatura*: 20, 137-143. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/350>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

FORCADELA, MANUEL (1998). “Nove poemas novos e unha (auto)poética”. *Boletín Galego de Literatura*: 20, 137-143.

* Edición dispoñíbel desde o 5 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Manuel Forcadela*

Nove poemas novos e unha (auto)poética

(Auto)poética

Por veces escribir é case como estar
Sentado a unha xanela dunha rúa da alma
Escoitando os murmurios das voces dos que pasan.

Ao lonxe chega un barco ou séntese o bater
De palmas duns aplausos. Despois unha ambulancia.
Un libro que perdín e que agora retoma
O seu voo misterioso entre os fumes da tarde.
A oitava sinfonía do austríaco Bruckner.
O pranto dun mocíño. Unha radio distante.

E todo entre unha néboa remota que esvaece
As árbores incertas, os nítidos contornos.

(*) Manuel Santiago Fernández Álvarez, naceu en Forcadela-Tomiño no ano 1958. Fixo os primeiros cursos de Filoloxía no Colexio Universitario de Vigo para despois licenciarse en Filoloxía galego-portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela, onde, así mesmo, se doutorou nesta especialidade cunha tese sobre Eduardo Pondal. É Catedrático de Lingua e Literatura galegas no Instituto vigués de A Guía, ademais de poeta, narrador e ensaísta. A súa bibliografía ata o de agora é a seguinte. Poesía: *Ferida acústica de río*, (Premio Celso Emilio Ferreiro do Concello de Vigo en 1981), Vigo, 1982; *O regreso das ninfas*, Vigo, 1985; *El regreso de las ninfas*, Madrid, 1992; *O varredor en outono*, (Premio Leliadoura de Poesía), Barcelona, 1987; *Nausícaa*, Carpeta con catro poemas do autor e tres gravados de Laxeiro, tiraxe de 65 exemplares numerados e asinados, Baiona, 1992; *Profecía*, Lugo, 1993. Novela: *Paisaxe con muller e barco* (Premio Manuel García Barros do Concello da Estrada), Vigo, 1990; *Sangue sobre a neve*, Vigo, 1990; *Sang damunt la neu*, Barcelona, 1992; *Barato, barato*, Vigo, 1991; *Fóra de xogo*, Vigo, 1993; *A armada invencible*, Vigo, 1996; Relatos: *Contos interruptos*, Vigo, 1992; *Anxélica*, Vigo, 1994; *A equipaxe do azar*, Santiago de Compostela, 1994. Ensaio: *A harpa e a terra*. (*Unha visión da poesía lírica de Eduardo Pondal*), Vigo, 1988. Estudos e edicións: *Eduardo Pondal, Poesía*. Edición crítica, prologada e anotada, Vigo, 1988; *Guía de lectura de A Esmorga*, Vigo, 1991. *Manual e Escolma da Nova Narrativa Galega*, Santiago de Compostela, 1993; *A poesía de Eduardo Pondal*, Vigo, 1994; *Guía de lectura de Á lus do candil*, Vigo, 1997. É responsable da páxina literaria *O Ximnasio de Academo* (www.ctv.es/USERS/mforca/home.htm).

Por iso o que dispoño na lúa do papel,
Na pátina xelada das neves inda intactas
Non é máis que un rumor, un escuro bruar
Do vento que se alonga traéndome eses ecos.

Así que non son eu, nin outro que puidese
Formar parte de min, tocar a miña lira,
Aquel que agora ensaia no ritmo deste son
Un tema xa cantado, unha idea xa escrita,

Senón unha distancia que acaso levo dentro:
Un neno que se afasta, asubiando, da casa.

Ah, maldito país

Ah, meu país,
Meu maldito país.
E pensar que che entreguei o mellor da miña vida
Para só recuperar froitas murchas e fracasos.

Para sempre arriarei do meu peito a túa bandeira.

Debaixo desta sombra de amenas ameixeiras

Debaixo desta sombra de amenas ameixeiras
Onde outrora soaban as trompetas do triunfo
Na miña mocidade
E os vellos percorrían o límite dos anos
Cangados cos desposos da vida e dunha guerra
Perdida contra o fascio,
Está, suxeita a un fío que as Parcas non cortaron,
A imaxe dunha tarde, a luz doutro verán.

E nela vive aínda,
Prendida aos avatares do tempo e a tristeza,
Un eco de ter sido feliz no altivo goce
Dos anos máis primeiros.

O céspede non garda sinais dese esplendor.
Tampouco entre as madeiras do vello cabanón
Se advirte algún vestixio.
Mais eu, que levo aínda, na sombra do meu corpo,
O eclipse e a negrura de vellas luces níveas
Relembro eses momentos.

Acaso é fantasía, exceso de querer
Arrincarlle ao devalo dos meses un brillo
Que nunca lle foi propio.
Ou pode que, en verdade, non sexa máis que un soño,
Sedimento incesante de esquecidas visións
Que agora se incorporan,
Simulacro do olvido ou engano da morte.

Por moito que me afaste do tempo e do lugar,
Por máis que se esvaeza
O signo deses anos, o espello no que miro,
A imaxe non se murcha, intacta me aparece,
inerte, solitaria,
formando os alicerces daquela miña vida,
da vida que aínda agora se mostra e me mantén.

O tempo que derruba murallas imperiais
E prende nos palacios lumeiras insaciabes
Xa sabe que o meu canto perdeu a plenitude
Dos días clausurados, das épocas gloriosas.

Mais sinto que esa perda non fire nada en min
Senón que se culmina con outras experiencias,
Imaxes que aínda brotan do pano da distancia,
Cabalos e navíos, e árbores na tarde.

Por iso estou tranquilo, deitado a sestar,
O Miño derrubando a umbría das súas augas
No límite impreciso dalgún salgueiro vello,
Agosto culminado no centro do horizonte.

De todo canto poida gardar deste traxecto

De todo canto poida gardar deste traxecto,
Retratos, planos, cartas, epístolas, roteiros,
Ou búxolas, compases, bitácoras, trebellos,
Dareiche en gratitude tributos de silencio,

Dispendios de orfandade, abonos de desterro,
E ondas que arrincaron dalgún antigo vento
Despoxos de naufraxios, tempestades de inverno.
Que non leva equipaxe o vello viaxeiro.

Que se algo en min pervive dos cruzados desertos
Será esa luz de olvido, o desamparo eterno,
Mais nunca o verde oasis, xamais o limpo espello

Das augas encontradas, dos torrentes secretos.
Que nisto está a beleza do tránsito, do éxodo:
Na néboa desa gándara inmensa do baleiro.

Dos gregos aprendín que ríos e regatos

Dos gregos aprendín que ríos e regatos
Son deuses que abandonan por veces os seus pazos
E gozan con vagar camiños e meandros,
Regueiros e fervenzas, torrenteiras e saltos.

Así que non me enganas, oh Miño derrubado
No límite do inverno, alá no fin de Marzo,
Que sei que te apresuras, que sei que vas de paso,
A ollar polas ribeiras, nas árbores dos campos,

A dádiva de Abril, os galanos de Maio.

As chaves ferruxentas dalgunha casa vella

As chaves ferruxentas dalgunha casa vella
Que ignoran cantos séculos sulcaron a súa pel
Regresan para abrimme a porta do verán.

Son formas dubidosas de antiga artesanía,
Metais que se forxaron nun molde xa perdido
E andaron entre mans de ancestros venerables.

Posuíron os segredos de noivas e de mortos
Tronzados por un vento funesto de invernía
E foron agachadas en cestos de tristeza.

Cantaron os camiños nos petos doutros homes
E sempre regresaron en forma de segredo:
Un veo que se descorre e funda no interior

As chamas acendidas na pedra da lareira,
Os leitos de albo liño, as brancas almofadas,
O fume que xa ascende do ferro da cociña.

Son signos imprevistos, estraña alegoría,
un trazo que aínda marca a forma de chegar
Ao centro dunha estirpe, ao pozo da familia.

Por iso gardan dentro da alma do metal
A música esquecida, a ignota proporción
Que ordena e que asenta, que instaure, que fixa.

Agora que xa somos anacos dunha historia

Agora que xa somos anacos dunha historia
E temos na mirada vestixios de vivir,
Fendidos moitos soños, quebradas esperanzas,
É tempo xa de entrarmos no templo da derrota
A ornar coas nosas flores os deuses abatidos
Nas longas batallas do olvido e o espolio.

A eles cabe darlles aquilo que aínda somos,
As luces derradeiras da nosa mocidade.
E deles recibir insignia e cerimonia
Dos anos esgotados, dos meses xa corruptos.
Por ver se na divisa dos cánticos frustrados,
No emblema das baladas inútiles e tristes,
Existe algunha luz, un lóstrego que arda.

Pois acaso na estéril ebriedade do triunfo,
Nos fastos da victoria, nos loureiros do aplauso,
Xa toda apoteose é signo de devalo,
A marca que sinala o ascenso doutro século
E o linde dun espacio fendido para nós.

Así que, recollendo as nosas soidades,
As roupas máis espidas da nosa melopea,
Os vómitos e as feces dos grandes banquetes,
Fiquemos na orfandade do puro desabrigo
Sen outras equipaxes que o tempo derrubado.
Os bártulos e os trastos, enseres e trebellos
Do oficio de cantar ardendo nunha pira.

Pois queren estes deuses sublimes do fracaso
Que aqueles que gañaron na sombra do vivir
A umbría imprecisa dun lóstrego branco
Regresen da conquista feridos por un voo,
Mancados xenerais, abatidos soldados.

Últimas palabras

Non sei por que razón. Non tiña algún motivo.
Mateina como mata o sol cando se deita
Á tarde derrubada no fondo do horizonte.
Foi algo xa previsto. Nin ela protestou.

Craveille a faca enteira no centro do seu ventre
E logo olloume triste coa vista xa embazada
O sangue a derramarse, pingando sobre o asfalto.
E xente que gritaba, ruídos de ambulancia.

Así que non o nego. Eu son o criminal.
O único asasino. Merezo ter castigo.
Merece ser vingado un acto tan inútil.

Mais ¿podo confiarvos aínda outro segredo?

Segundo ía perdendo a vida e o silencio
Chegaba para encher aquilo que antes era
Lugar para a beleza e templo para o canto
Beixoume a man que fora a arma do destino

E quixo que a abrazase, que a nosa despedida
Selase para sempre o tácito contrato
Que liga amor e morte, estima e agonía.
Que xunta as dúas paixóns sublimes e as confonde.

Por iso non fuxín e quixen entregarme.

Podedes, pois, agora formar o pelotón.

Mal poden os poetas finxirse posuidores

Mal poden os poetas finxirse posuidores
Dun canto que, ademais de inútil, é alleo
Se todo é resonancia, retumbo, imitación,
E nada lles pertence. Que todo foi escrito.

Así que na fatiga de ter que percorrer
Con outras carruaxes a mesma vella senda
Son poucos os que encontran un novo manancial,
A fonte da que brota escura luz de espello.

Por iso non choremos. O tempo escollerá
As páxinas de gloria, as follas de ignominia
Que sexan merecentes da incerta redención,
De entrar no santuario das almas que nos lean.

Se aínda no porvir o oficio de cantar
Consegue ser cinxido coa estúpida coroa
Que agora mal conserva, felices sexan eles.
Que brinden se están vivos. A morte non espera.

Monumentalia

Adornan ese templo estátuas dunha deusa
Cos brazos xa fendidos
E pode que no branco do mármore perdure
Un eco daquel tempo, un soño que regresa.

As rosas non están.
Murcharon nalgún mes dun ano doutro século.
E foron consumidas por ventos e xiadas.
Deitaron a súa cor
Na terra que rodea columnas en ruína.
E nunca máis se soubo daquel vermello claro,
Daquela opacidade,
Do tacto doutra chuvia nas pétalas gloriosas.

Os vellos constructores, os soberbios artistas
Que ergueron este pórtico sen dúbida ignoraban
Que un día o seu esforzo
Tería a recompensa duns ollos admirados,
Da cámara centrada en tanta destrucción.

Asombra este esplendor,
Este voo da materia culminada nas formas
Dos altos capiteis, das pedras espalladas.
E a pesar do baleiro que enche a devacle,
O sublime desastre está en pé e manifesta
Unha longa vontade
Un desexo de ser.

Autopoética

Salvador García-Bodaño

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GARCÍA-BODAÑO, SALVADOR (2011 [1995]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 14, 191-198. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/999>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GARCÍA-BODAÑO, SALVADOR (1995). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 14, 191-198.

* Edición dispoñíbel desde o 3 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Salvador García-Bodaño*

Autopoética

A camiñar no tempo, o andar fóiseme enchendo de soños e silencios. E co andar, a vida. E coa vida, o pensamento e o sentir do corazón que pulsan nas palabras, palabras perdidas no aire ou sobre os papeis e as pedras e o alcatrán, pegadas que ún deixa no camiñar da vida... Un camiñar literario que se inicia na esencialidade conceptual intimista de *Ao pé de cada hora*, para achegarse a unha fonda reflexión evocadora en *Tempo de Compostela*, ó renacer do sentimento erótico condensado nas formas libres e pechadas dos «Poemas de amor a Xulia» e deixar, despois, a súa impronta nestas *Pegadas no alcatrán*, de clara vontade anovadora no actual panorama da nosa lírica.

* Salvador García-Bodaño Zunzunegui, un dos valores máis sólidos da poesía galega, naceu en Teis-Vigo, no ano 1935, pero por biografía e por declaracións propias podemos adscribilo a Compostela, a tódolos efectos. Pertence á denominada xeración de «La Noche» ou das «Festas Minervais», xustas poéticas nas que a súa poesía foi moi apludida e mereceu premios nos anos 1959, 1962 e 1963, tanto en lingua galega coma en castelán. Incansable iniciador e fundador de múltiples empresas culturais, como a Asociación Cultural «O Galo», Museo do Pobo Galego, Pedrón de Ouro, etc., é dende o ano 1993 membro numerario da Real Academia Galega da Lingua.

Aínda que cómpre consideralo fundamentalmente poeta, García-Bodaño ten unha longa experiencia de xornalismo literario, en parte recoleito no libro titulado *De onte a hoxe. Ensaio xornalístico dende Compostela* (Santiago de Compostela, 1993), e fixo afortunadas incursións no mundo da narrativa cos títulos de *Os misterios de Monsieur D'Allier* (Vigo, 1992, Premio da Crítica Española) e *O caleidoscopio* (Contos do Castromil, Vigo, 1992). Así mesmo, practicou o ensaio e a tradución, labor este na que destaca co seu traballo *Viaxe por Galicia* (Vigo, 1993), sobre a parte dedicada a este país no famoso libro de Georges Borrow, *The Bible in Spain* (Inglaterra, 1842).

No ámbito da poesía, á parte de innumerables poemas incluídos en homenaxes e en revistas de dentro e fóra de Galicia e de España, publicou ata o de agora tres libros: *Ao pé de cada hora* (Vigo, 1967), *Tempo de Compostela* (Premio da Crítica Española, Barcelona 1978 e Santiago de Compostela, 1978-79), *Compostela* (Santiago de Compostela, 1989 -en tirada de luxo, moi reducida- e Santiago de Compostela, 1991), e *Obra poética* (A Coruña, 1993), no que recolle a obra anterior e engade o poemario inédito «Poemas de amor a Xulia».

Pegadas no alcatrán coñeceu antes de agora unha edición en *plquette* de moi cativa tirada (99 exemplares), feita polo Café Central, 52, de Barcelona 1994, para os seus amigos e siareiros.

Vivencias e lembranzas, desexos e mágoas, soños, ideais, raibas, alegrías, a terrapatria, a muller amada, a cidade como ámbito existencial, fragmentos de realidades vitais que reflúen do esquecemento, universos imaxinarios a se mesturar nunha outra e nova realidade, nesa realidade virtual ou nesa meta-realidade que emerxe do poema construída nunha linguaxe misteriosa adensada de símbolos e de enigmas.

O proceso da creación poética é un aventurarse nos arcanos do pensamento máxico, un adentrámonos en «realidades imaxinarias» que se manifestan ó noso pensar e nos descubren dimensións descoñecidas do noso ser ou, talvez, un acto de autocoñecemento como se apunta na expresión do poeta John Ashbery cando di: «escrito para atopalo que penso».

Así é que nese sincretismo persoalísimo de asociacións vivenciais, máis ou menos incoherentes, contidas na rítmica unidade comunicativa da composición poética, ategada de emisións de mensaxes, de ambiguos significantes e visións, de testemuños e de potencialidades comunicativas ata os máis remotos lindeiros da palabras, aí está o poema, esa revelación aberta á lectura ou lecturas, é dicir, á interpretación ou ó descubrimento, porque máis alá de toda poética, eu prefiro pensar con Martin Heidegger que, sinxelamente, «o poema é unha odisea de descubrimento».

Pegadas no alcatrán
(Encomio da vanalidade)

Manifesto

Ergo as palabras de cada día
fronte ó preciosismo embalsamado
e
o
mimetismo lírico decadentista

Ainsi marcherons-nous sur les ruines d'un ciel immense.
(Ives Bonnefoy)

Edén de artificio

Shopping no magazine	l
semáforos e rampas	o
a voltas e máis voltas	n
na ruleta da tarde	x
tocóunos un bo sitio	e
no garaxe terraza	n
cheira a aceite e gas-oil	a
revolto co aire puro	s

que se estraviou do mar	r
por riba dos tellados	u
por riba do propano	i
por riba do butano	n
dos clorocarbonados	a
da alúmina e mercurio	s
saímos coma tolos	ó
fóra do aparcadoiro	e
con rumbo cara ó ignoto	s
un edén de artificio	e
cemento e sintasol	u
un templo do consumo	n
que se mantén de nós	f
sexta planta e non vexo	í
sequera un vexetal	o
non hai tampouco sol	d
só estrelas eléctricas	e
falsas constelacións	a
grandes espacios cheos	u
de cousas que mercar	g
e non hai unha fiestra	a
tan sequera unha fiestra	c
unha fiestra ó universo	o
cara ás rúas molladas	n
para vermos pasear	t
¿el andará a chover?	r
¿será de día aínda?	a
¿brillará a luz da noite	o
na capota dos coches?	m
a primeira segunda	u
terceira cuarta quinta	s
sexta planta e non hai	g
nin árbores nin pedras	o
nin sequera unha erba	d
ou tal vez unha lúa	a
sobre do fimapán	f
escaleiras mecánicas	o
ascensor e extintores	n
piso antideslizante	t
promocións e rebaixas	e
as oportunidades	n
que bo sitio collemos	o
o entrarmos no garaxe	s
un infarto un infarto	i
collínte contra min	l
e biqueite sen forza	e
un himno de sereas	n
meteume por urxencias	c
pechado a cal e canto	i
no soto do hospital	o

Horizonte de modernidade

Nacín no piso vinte, porta octava,
do número 6.304,
na rúa Hl, esquina R,
de par do aparcadoiro soterrado.

Xoguei pola terraza do heliporto —
ollando para bloques e tellados.
Na tele-ordenador tiven escola
e fun despois ó Centro aló nos baixos.

Casei coa do catorce ó pouco tempo
e deume cinco fillos dun só parto.
Disfruto co golf-sala e teño sauna.
Deseño e creo moda por encargo.

Compramos por correo ou por teléfono,
tamén ¿e como non? por telemando.
E nunca me mollou neve nin choiva
nin veu cabo de min ningún paxaro.

Pasei a vida enteira no edificio:
do piso para ó squash, logo ó despacho,
ó snack dende o despacho e volta ó piso.
Así día tras día, ano e ano...

Sentímonos alegres e felices
cos vídeos e con tódolos compactos
posuímos os praceres que hai no mundo
sen terra que nos lixe nin cansarnos.

E se un quere morrer calquera día
hai un bo tanatorio alí adosado
que enfeitan co que chaman ‘unhas flores’
de formas fermosísimas en plástico.

Endecalóxicos ecosílabos

Mira dende esta fiestra xa sen ceo
o perfil esquecido das montañas,
dos soutos onde medran as castañas,
dos campos que recenden a centeo.

Sinte a terra como abre ó laboureo
máis alá do cemento, polas lañas
dos muros que che tronzan as raigañas
dun eido natural, limpo e sereo.

Acurrado no asfalto pola droga,
¿de que vas? ¿habitante de garaxes?
¿piollo do capital que rouba e roga?

Dalle un corte de mangas ás aldraxes
e fuxe dese mundo que te afoga,
aínda alentan en ti vellas paisaxes.

Arxentaria

Nin se ha de saber un día da Arxentaria.

Ouh, a terra de 'jauja' e de lingotes
alzada na ilusión e máis no marketing.

Unha voz trae noticias dun edén,
dun paraíso en vídeo que nos mostran,
e a xente bule, brinca e é feliz.

Danse a folgar e visten que é de fábula,
disfrutan de alto standing, bo traballo,
e rin por todo, cantan e se abrazan
ou viven xubilados no confort.

De min fixeron reo de consumo.
Veume o mono das cousas electrónicas,
dos barcos e dos coches suntuosos,
dos pantaláns e casas adosadas
con horteiras terrazas sobre o mar...

Presentáronme un mundo nin soñado
que a vida para sempre me apresou.
Cheguei ata onde estou gracias ó dedo,
cambieie de ideoloxías e partidos
e son un terminal abandonado
por aqueles que ameí dende a traición.

Os recordos no microondas

Quentar no microndas as lembranzas
para servirllas á melancolía...
Imaxes de cafés e de paseos,
horas de xuventude e subversión
abríndose en palabras de noutrora,
amores desecados nos papeis,
peitos novos de mozas esquecidas.

Celebrar cun bo sobre dos de sopa
-desleído na auga dos legumes-
ó empezo desta enchente de memoria,
desta orxía de fósiles de soños
sabor de Pescanova e todo iso,
para seguir con fotos 'ó caldeiro'
e tragarme o teu pelo en pendentif.

Paréceme dabondo tal fartura
con cachos tan pesados do pasado.
Despois veñen os gases, aerofaxia,
os acedumes gástricos e as oiras.
Ademais, no microondas seica endurecen
sen o papel de prata de por riba
e non hai xa, se cadra, deus que as coma.

Lonxás domingos reprimidos

Recendía a mañá como a barquillos,
a follas do abc, misa cantada,
a mantilla española e fútbolín,
a señoritas ben con bragas albas.

A nenas de mamá -corpo cinguido-,
a mociñas de tetas ben labradas,
sostén inmaculado -con corchetes-
e as carnes como sabas perfumadas.

A castos Exercicios e detentes,
a enfermeiras con música de banda,
a Fillas de María e novenarios

e a bragas sobre todo, sempre a bragas,
agachando volumes devecidos,
tapando escuras formas desexadas.

Graffiti

Somos tempo extinguíndose na nada.

Aquesta primavera és una merda.

As botellas por fóra están baleiras.

Una cultura morta, l'esclerose.

Contra a morte creamos deuses mortos.

Quina raó de desamor degrada?

Séculos afirmando e negando o Ser.

Planto les dents a la costra del temps.
O ídolo do porvir é a esperanza.
Neixes sicari, cantes penitent.
As hostias españolas teñen máis Deus.
Juguen a cartes amb els daus trucats.
O triunfo dos vencidos é a derrota.

Amb un sudari roig

A conxunción dos astros ó nacer
marcoume xa por sempre na existencia.
E eu sen ter en conta esa verdade
sempre em fou car aquest turó desert.

Está escrito nas cartas e nas mans,
na roda da fortuna e no zodiaco.
Nada podo facer contra o destino:
filtració dels déus entre la marga.

Dun consultorio nouro vou e veño,
dende o tarot á bola de cristal.
E a meiga que me fala non se aclara,
embolcallada amb un sudari roig.

Nas fírgoas dos segundos e das noites
asáltanme aforcados, o apóstolo,
os arcanos menores e mil diaños.
Plou i fa sol, les bruixes es pentinen.

Deixáronme sen can e prisioneiro
no espacio reducido de min mesmo
co destino despido de esperanza.
*Tranca la plaça la paret de pedra**.*

Les marques de la vida

*No té pas ulls i, malgrat tot, em mira
segur només d'haver arribat a enlloc.
Paratge ja definitivament
mort, joc de daus que sempre té el mateix
perdedor: no sóc digne d'aquest càstig.*

** A grafía cursiva quere indica-la utilización autorizada de versos de Jordi Domènech, apreciado poeta e amigo de vello. O integralos nestes meus poemas satíricos, e mesmo combinándooos para a creación dunha estrutura poemática, pretendo ofrecer un sinxelo testemuño de amizade ós siareiros de Café Central e unha íntima homenaxe á entrañable lingua catalana.

*El cel colgat en aquesta ultratomba.
Exterminada plataforma
on cova l'astut terror de la raó.
Herbes de amort, de paradís, de fang.
Orinant contra el mur escrostonat
restes de la metzina que controla.*

*Sembla que fou literalment així.
De nou un teló blanc. La comitiva
la dura pedra de les penitències.
Besar la mà catòlica, submís.
La solitud destrossa feredats.
Gossos que borden entre les maragdes.
El sostre és un seguit de buïts i plens.
Fàrmac, dogal, escac, iridiscència.
Olor de gas a la cambra tancada
i encara el gust de la cervesa tèbia
amb agulles roents dins la foscor*

Són aquestes les marques de la vida?

Poética

Luís González Tosar

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GONZÁLEZ TOSAR, LUÍS (2011 [2003]). “Poética”. *Boletín Galego de Literatura*: 30, 179-190. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/364>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GONZÁLEZ TOSAR, LUÍS (2003). “Poética”. *Boletín Galego de Literatura*: 30, 179-190.

* Edición dispoñíbel desde o 9 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Luís González Tosar

LUÍS GONZÁLEZ TOSAR. Naceu en Buenos Aires, República Argentina, o 25 de agosto de 1952. Fillo de emigrantes, radica en Galicia desde 1969. Cursou o bacharelato no Instituto "Santa Irene" de Vigo e licenciouse en Filoloxía Hispánica na Universidade de Santiago. É profesor de lingua e literatura galegas no Instituto "San Clemente" de Santiago de Compostela. Foi fundador, en 1981, e primeiro coordinador, da revista literaria *Dorna -Expresión poética galega-*. Actual presidente do P.E.N. Clube de escritores de Galicia, membro da Comisión de Literatura do Consello da Cultura Galega, director literario de DANÚ Editorial e codirector da Colección de poesía "Arte de Trobar".

Obra poética: *A caneiro cheo* (1986), Premios "Esquio" e "Antón Losada Diéguez"; *Seis cánticos labrados co recordo de seis cidades mouras* (1986); *Remol das travesías* (1989), Premio da Asociación de Críticos; *Coa forza da palabra* (1993), *Madeira do meu canto* (1998), Col. Visor, Madrid, ed. bilingüe, galego-castelán e *Invocación dun tempo/ Invocació d'un temps* (2001), Viena Edicions, Barcelona, ed. bilingüe, galego-catalán, prólogo de Pere Gimferrer. Obra en prosa: *Estación Marítima* (1996), colección de relatos coa diáspora galega en América ao fondo.

Colaborador en prensa, recibiu os premios "Julio Camba" de xornalismo literario (1999) e "Modesto R. Figueiredo" (1999) de relato breve. A súa poesía figura en antoloxías e foi traducida a varias linguas.

Poética

Dixéchesme,
pola sega do centeo
e como quen non quere a cousa,
que non era ben faguer poesía
sobre acontecementos.
Cómpre apertar os versos cun vincallo,
repasalos ben repasadiños
e ter ánsia de non esfachicar ningún,
aínda que as unllas sanguen;
pois perante o poema
non cabe contención nin norte.
Diante dela,
postos nos seus adentros,
a vida dura escasamente unha raiola,
–seguíchesme dicindo–
o tempo xusto e tasado das palabras.

180

Tampouco metas o corpo na música,
aconsellachesme,
porque se ben os ósos son bos de dispor
nun feixe,
o resto resulta sempre vulto informe.
¿Quen acomoda o sangue cos músculos
e os cabelos?
¿Quen axeita a pel coa bile e o corazón?
Todo é líquido e viscosidade informe,
pura inmundicia. Dixeches.

Aínda máis –afirmaches–,
mira moito o que envolves no pano
dos sentimentos,
deixa que as bágoas esbaren ceibas
polas meixelas abaixo,
proba o sal das longas despedidas.

A ausencia, non é madeira
axeitada para a lírica,
racha e fende moito, engadiches.
Ti volve a páxina e pousa o libro,
esquece o que se foi perdendo,
bótate ao mundo abrindo brazos e queixadas,
mastiga inspiración, bebe nostalxia,
fuxe dos remorsos e das opacas
moralidades,
nelas nunca brillaron os ollos do poema.

E logo continuaches con algo así:
nin maquinaria en movemento,
nin toque de buguina.
O canto deberá reborðar todos os vasos,
o canto é o que vai do caborco escuro
á sátira que pon en solfa
o xesto necio do pastrán
elevado a pousafoles sentenciador.
Nunca busques o teu silencio
a ras do chan,
érguico,
érguete para escoller verbo,
para cargar co mangado de soños do home,
para chegar a ser chuvia na noite,
para entesar o teu arco e disparar.

A poesía non naceu
parar tirarlle forza á vida,
a poesía medra
e faise grande no ímpeto
da paixón,
na cópula carnal e despiadada,
no vento que zoa e que atormenta.

Non poñas nunca roupa de poeta.
Cuspe, xura, sorrí
e sempre que poidas segue mexando
fóra. Iso si, á luz do luar.
Dicir, dixéchesmo, non sei se te lembrás,
unha tarde morna de setembro,
pola seitura do centeo
e como quen non quere a cousa.

SETESTRELO DE AMOR E ODIO

O verdor das pedras

Cidade, os teus ollos de onte
foron o espello roto
onde eu puíden mirarme.
Conságroche hoxe unha oración eterna
polas reixas forxadas e nos ingres,
con canos de prata e cruces negras,
nas pegadas de cada lousa prohibida,
na aperta amiga,
no engado que brilla e se proclama.

Volver a ti cidade desde dentro
coa forma da palabra rezumando,
é voltar cara ao silencio do granito
cando a vida é verdade e nunca chega.

Todo o que durme na nostalxia
é harmonía do lume en homenaxe,
un retorno á fraguiza que nos pecha,
que nos leva e se revolve na memoria.

Pouco ten mudado,
nada cambeou no ritmo das sombras,
esta cidade é un rostro sorrindo
na máxica bóveda das estrelas.

Estrondo e liberdade

Abrirle as portas á ilusión
na mesma hora de cidade
onde se queima e se consome
aquele pasado tempo morno,
días de sol e velas brancas.

Tan só na pedra a luz gravada,
o acceno triste das paredes,
interminables e luídas coma soño,
rosmar escuro dos canteiros
atrás das marcas que perdían.

Eran as voces un estrondo en liberdade
e as badaladas metal sen norte.
Ollos acesos polas noites
buscando lentas despedidas
sen alcanzaren a ser final ou desenlace.

Unha cidade coma un froito da invernía,
con cen calexas e arrecendos,
un pulso aberto en carne propia
marcaba os días e as paixóns,
un estandarte posto en mans adolescentes.

Todo está lonxe,
todo toca a ferro doce e a baleiro,
aceda o canto e debece o abatemento,
chaman por min
as túas campás de recalada.

Tamén ti, forza do amor serodio, tamén ti tanguèches en min cando a porta que a Cidade franquea cada tanto tempo, só para brindar paso aos que atrollan as tebras cos seus ollos limpos, foi un aveño para a paixón.

Tamén ti, suprema causa de vida, raiola agarimosa, pel de veludo nas orellas que me chaman, tamén ti quixeches pousar neste nemoroso bosque, un burgo de pedra grá entalado no noiro do encanto. Máxica estadea que chegou aquí seguindo a vía estrelecida, aló no principio dos séculos, anunciada por trasgos que tocaban címbalos de prata.

Tamén ti, amor que non naceu na aldea e que medrou con mans de ferramenta, alento e consolo dos mestres artesáns, espíritos alongados que percorren as rúas e as torres, todos cunha cincha de coiro arredor do pescozo. Campo da estrela do destino, abalón de carballeira nas horas maniñas, marco grande chantado no outón da arca marmórea, ou o que é o mesmo, leito de pedra para corpos amantes de tenrura.

Tamén ti, namorada folerpa ventureira, celamín de ouro na esclavina do santo, doncela e físgoa, esgallada latitude do monte, tamén ti gardas no padal o sabor do pantrigo, a frescura da auga das fontes, un torreiro disposto aos catro ventos e o canto do carro, gastado pau de freixo, saudando aos estudantes bébedos.

Central e xeométrica urbanidade
onde a historia mestura linguas,
onde o trono é trebón de sangue
e o sexo lene soño de arboreda.

Péndula e marca dun meu tempo
que nunca chegou a espacio propio.
Certeza de terme equivocado tanto
neste abrente de luz da madrugada.

Canso da rolda e fronte ao destino
invoco agora o teu nome de cidade,
chamo por todos os que cruzaron
pola longa noite da memoria miña.

E coa certeza amarga de ter sido
unha ollada perdida e sen acougo,
déitome no teu colo de amor e odio
no irto leito que aínda así me negas.

Onde florece o espanto

As gubias abríran as veas da memoria
e as arterias do tempo rebentaban soas.
Era o tempo do noxo e da podremia,
dos ollos pechos ao resplandor do día,
horas de xesta amarga e auga choca,
sabor a sombra e a carpazona brava.

Aquí, onde as pedras enmudecen
para non contar historias,
onde os corpos esvaran cara arriba,
cara ao altar das miserias do home
e da palabra.
Aquí, onde seica remataba o camiño
das estrelas,
onde houbo campás e nenos e amor.
Aquí, na derradeira páxina do silencio,
na cidade onde florece o espanto.

Autopoética

Bernardino Graña

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GRAÑA, BERNARDINO (2011 [1992]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 8, 187-190. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/312>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GRAÑA, BERNARDINO (1992). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 8, 187-190.

* Edición dispoñíbel desde o 14 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Bernardino Graña*

Autopoética

Se non lembro mal, xa Platón falou dos poetas como dunha especie de “posesos”, de seres conectados por estraños fíos invisibles con deuses, con rexións hiperhumanas. A Poesía é todo un misterio, unha re-lixión, ou re-ligazón, que nos vencella co inexplicable, ou inefable, coa orixe, co Máis Alá, ou Alén, e, ao mesmo tempo, nos serve para reflectir a realidade inmediata e o esencial do home en xeral, non dunha maneira racional, senón doutra.... Difícil explicar cal... E logo está todo o enguedello do mundo da intuición, a fe, o parasicolóxico, o sentimento, os instintos, os desexos, os soños... ¡O amor! ¿É racional o amor? Para min non.

O mundo todo, o que vemos, o que cremos ver.... ¿non é tamén un asombro, unha milagrería? A vida, un ser vivo calquera, sobre todo se un é fillo teu, ¿non marabilla? ¿Cabe na nosa pequena razón?

O poeta, como o neno pequeniño, ri ou chora. Só di “¡Oh!”: asómbrase, alucina... Tamén di “¡Ai!” Ou ben “¡Oh!” (canto), ou ben “¡ai!” (desencanto, medo, angustia, queixa, protesta).

(*) Bernardino Graña naceu en Cangas de Morrazo (Pontevedra), no ano 1932. Catedrático de Lingua e Literatura. actualmente xubilado, exerceu o seu maxisterio en moi variados lugares de Galicia e de España, e mesmo estivo algún curso no Brasil.

Dende os dezaioito anos formou parte, con Celso Emilio Ferreiro, do Consello de Redacción da revista de poesía *Alba*, e no ano 1958 participou en Madrid na fundación do grupo *Brais Pinto*. Foi premiado en varias edicións das Festas Mincervais de Santiago de Compostela e no ano 1978 obtivo o Premio Galicia de poesía instituído polo Concello da mesma cidade.

Ademais da poesía, Bernardino Graña cultiva o teatro, xénero no que levou o Premio Abrente de Ribadavia (1979), pola obra *Os burros que comen ouro*, a narrativa, coa que gañou o Premio O Facho de narracións infantís, no ano 1969, así como o relato, no libro *Fins do mundo*, Vigo: Ed. Xerais de Galicia. 1989 (2°).

Como poeta, que é a súa faceta máis importante, publicou: *Poema do home que quixo vivir* (Madrid: Brais Pinto, 1958), *Profecía do mar* (Vigo: Galaxia, 1966, 2ª ed. A Coruña: Algalia, 1984), *Non vexo Vigo nin Cangas* (Monforte: Val de Lemos, 1975) *Se o noso amor e os peixes* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1980), *Sima-cima do voar do tolo* (A Coruña: Algalia, 1984) e *Himno verde* (A Coruña: Espiral Maior, 1992).

A través dos poetas os deuses deben de saber como van estes rabaños humanos da Terra. Oen os nosos “oh” e os nosos “ai”. Talvez se alegran cos “oh” entendéndoos como agradecemento cara a eles. E sentiranse máis “realizados”, como sentes ti cando o teu fillo ri.

Pero, para que suban altos tanto os cantos coma os desencantos, teñen que ir redondos, ben feitos, como globos, como certa retórica, no sentido de palabra traballada, ben trabada, ben tecida. Iso, *tecido*, é, nin máis nin menos, *texto*.

O texto poético ten que estar ben tecido. Pode non ter rima. Pero ha de ter, alomenos, ritmo.

Os versos teñen que ser feitos desde dentro, desde unha verdade fonda, sentida. E, ao mesmo tempo, teñen que seren arte, ou sexa artificio (feitos con certo xeito), unha especie de xogo, palabra engaiolante, que agarre.

Se a cousa vén de adentro, dun quentor especial e un impulso do corazón e mais da vontade de subir e ser oído moi arriba, entón a cousa sairá con ritmo contaxiante, “convicente”. Mesmo as gargalladas e os choros teñen ritmos.

Se te encantas ou desencantas, e é tan forte a cousa que queres que suba e se coñeza, cantas.

Se vives, vibras. E se vibras, escribes.

No Misterio de Nerga-Cabo Home,
Con Manuel Coia, Mariñeiro-Escultor-Deucalión

I

Presentádeme aquí un motor máis forte
que o vivo e quente corazón dun home.
Presentádeme a máquina con miolos,
o trepanado engrudo dun cerebro
atravesado a lanzas de preguntas
e que siga sen dor cara ao seu Norte.
Dádeme agora un pulso persistente
que, segundo a segundo, golpe a golpe,
bata na porta a Deus e solivante
as máis profundas simas dos diaños,
e as alturas de estrelas e de soles.
Presentádeme un outro Deucalión
para invadir o mar tal Cabo Home
cunha nave de pedra, a illas remotas,
nas praias da serea, a fondas voces,
cantando e preguntando con madeira,
con mármore, con rochas destes montes,

plasmando na materia desta codia
da Terra que non sabe cara a onde
camiña pola praia da gran barra
da galaxia, no espacio, no misterio
de Nerga, xermolante de horizontes.

II

Co cincel Manuel Coia rompe e rompe,
saca da pedra o ser de ser un home.
Baixo o cincel en ritmos, con fervores,
é serea interior o son que xorde,
son séculos, idades, eras, ciclos
de humanidade cega, tempo enorme,
desde o día seguinte ao rompemento
dos deuses e dos homes,
desde cando eses deuses e as mulleres
dos homes copulaban, e feroces
xigantes semideuses deambulaban
dun continente a outro, desde cando
era a eclosión dos mares e dos montes
e se formaban rías en revolta
goldría, a referver, moe que moe,
a tifóns, a volcáns, a treboadas,
a construír con vento, lava, ardores,
a perfilar, fixar, alindar canles,
océanos, regatos, ríos, fontes,
poñendo arriba os cumios coas súas neves,
abaixo o val, os prados coas súas flores.

III

Despois (aínda foi onte) veu a industria
da pedra, o ferro, o bronce.
As tribos andaregas asentaron
con cidades, murallas, contrafortes,
encerraron as bestas, que pastaban
libremente, en pequenas, tristes cortes,
inventaron mil leis, lexións, proclamas
e guerras e guerrillas e desordes,
capitáns, xenerais, bandos, bandeiras,
con carros, con cabalos a galope,
lama dun río de cobiza hoxe,
en miseria de anxeio, en baixos soños,
e xa non hai xigantes, hai motores
como enxamio de moscas, hai fedores,
marabuntas de vicios que devoran
toda flor, toda espiga, todo brote.

E xa non hai mar libre. Parcelaron.
Vixían día e noite. Rivalizan
almas ruíns, entolecidas, podres.

IV

E Manuel, nesa historia, non naceu
nin no tempo de hoxe nin de onte.
Naceu moito antes, cando os homes eran
parentela dos deuses e do nobre.
Procede dos titáns e as oceánidas.
É Deucalión-Manuel, o prometeico
traballador construíndo en pedra a nave
onde salvar do gran Diluvio aos homes.
Nesa nave, despois das treboadas,
medrarán arneiróns, algas salobres,
caramuxos, corais, mexillóns, lapas
e ha de pousarse unha serea dóce,
e na serea, ergueitos, con arruallo,
pousaranse mascatos de alto porte.
E será un desafío ante os diluvios
o galeón de Deucalión o Home.
Así estará Manuel marcando as rotas,
conectando coas rodas de outros ceos
os seus dourados fíos interiores,
co seu cerebro-mascarón fendendo
todo o turbo e informe,
cun corazón onde entrarán as ondas
e as mareas
enorme,
golpe a golpe.

Presentádeme aquí un motor máis forte.

Tirán
10 xuño 1992

Autopoética

Ursula Heinze de Lorenzo

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

HEINZE DE LORENZO, URSULA (2011 [1996]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 15/16, 259-262. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/824>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

HEINZE DE LORENZO, URSULA (1996). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 15/16, 259-262.

* Edición dispoñíbel desde o 21 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Ursula Heinze de Lorenzo*

Autopoética

escribir é vivir
 escribir é sobrevivir
 escribir é gozar
 escribir é tolear
 escribir é amar
 escribir é odiar
 escribir é resignar
 escribir é revolucionar
 escribir é comunicar
 escribir é silenciar
 escribir é confesar
 escribir é mentir
 escribir é observar
 escribir é inventar

* Ursula Heinze naceu en Colonia (Alemania) no ano 1941. Na Universidade daquela cidade licenciouse en Filoloxía Xermánica, formou parte do grupo de teatro e fixo estudos de piano e canto. Ingresou como Catedrática de inglés e alemán nun Instituto de Ensino Medio e foi lectora de alemán na Universidade de Valladolid entre 1973 e 1977. En 1968 trasládase a Galicia, onde casou co profesor e filólogo galego Ramón Lorenzo, con quen vive na actualidade, nunha aldea próxima a Santiago de Compostela chamada Roxos. Aínda que xa dende nova amosara a súa querencia pola literatura de creación, publicando poesías e relatos en xornais alemáns, o certo é que a súa obra podemos dicir que está escrita enteiramente en galego. Foi membro fundador e presidenta do P.E.N. Club Galego. Actualmente é vicepresidenta do Comité de traducción e dereitos lingüísticos do P.E.N. Club Internacional. Precisamente, no eido da traducción ten realizado un importante labor, con obras de Böll, Grass, Ende, Lobe, etc.

O seu labor de creación repártese entre libros para adultos e para xoves. Para o primeiro tipo de lectores podemos citar *O soño perdido de Elvira M.* (novela, 1982), *Remuíños en coiro* (relatos, 1985) ou *Culpable de asasinato* (novela, 1993, Premio Blanco-Amor). Para lectores máis novos escribiu un importante número de títulos que sería prolixo relacionar aquí enteiramente. Entre outros moitos, podemos citar: *O buzón dos nenos* (1985), *Sempre Cristina* (1986), *A casa abandonada* (1987, Premio Merlín), *Anaiansi* (1989), *A nena de ouro* (1991), *Nace un campión* (1991), etc. Tamén escribiu libros de antropoloxía social, como *Arredor da muller en dezaioito mundos* (1985) e *Mulleres* (1991). Ademais colabora na Radio Galega e en revistas de ámbito nacional, estatal e internacional.

escribir é calar
escribir é berrar
escribir é admitir
escribir é rexeitar
escribir é buscar
escribir é atopar
escribir é desculpar
escribir é denunciar
escribir é abandonar
escribir é recuperar
escribir é rir
escribir é chorar
escribir é provocar
escribir é abrandar
escribir é enfermar
escribir é curar
escribir é ir
escribir é vir
escribir é ver
escribir é imaxinar
escribir é coñecer
escribir é ignorar
escribir é medrar
escribir é encoller
escribir é comezar
escribir é rematar

escribir é morrer

Morte anunciada

Abril, ceo azul. Os primeiros raios de sol repousan na miña mesa de traballo. Hoxe o cuarto non precisa calefacción. Sentada diante duns folios brancos, éntranme as ganas de produtividade. Disfruto da claridade e da temperatura agradable, igual ca unha mosca que apareceu, hai tempo, non sei de onde. Ela está disposta coma min a traballar, eu coa pluma e ela co seu insistente ssssss. Ás veces facemos unha pausa. Ela descansa coma min. Póusase nalgún lugar afastado onde non a vexo, pero desde onde ela observa con toda seguridade como vou enchendo pouco a pouco os folios.

Ata aquí todo é normal. O encabuxamento comeza nun momento concreto do día. Xusto despois de xantar, cando eu teño por costume monear unha hora no sofá ó lado da mesa de traballo, ela entra en acción cunha furia inusitada, alcanzando precisamente nestes momentos maior velocidade de voos e emisión de sons pèrsistentes ca no resto do día.

A penas pecho os ollos e xa sinto os ssssss no pelo, no pescozo e nas orellas, apurando ela na transmisión dunha chea de mensaxes que non entendo.

Intenteino todo. Inspeccionei as paredes e os libros, petei nos papeis e sacudín as cortinas. Nada. Nin rastro da mosca.

Déitome. Estou a punto de quedar durmida e aí está o maldito ssssss na orella. Reacciono coa man case automaticamente, proporcionándolle unha boa labazada ... á miña orella, claro, porque o demo da mosca liscara a tempo. ¿Como, nabo, sabe a condenada cando estou durmida? ¿Como intúe o lapote que lle teño preparado para esquivala?

Preparo unhas follas dobradas de xornal, segura de asesta-lo golpe mortal esta vez.

Pecho os ollos disimulando durmir e agardo os acontecementos co firme propósito de demostra-la miña astucia superior á dunha mosca. Non faltaría máis.

Sigo agardando un bo anaco. A mosca non vén e eu son incapaz de descansar. Ten que haber algo que lle indica cando durmo de verdade e cando non. ¿Se cadra controla o ritmo de expirar e aspira-lo aire? ¿Móvome ó durmir ou quedo tesa? ¿Ronco ou non? ¿En que se fixa? Sábeo unicamente o trasno do bicho.

Durante uns días, as sestas convértense nunha guerra cun inimigo invisible ou visible, pero inalcanzable. Só se me ocorre unha solución: deixar de lado as miñas conviccións ecoloxistas –sigo abonada á revista *Natureza Galega*– e usa-lo Raid que, segundo o anuncio na tele, mata-as-moscas-ben-mortas.

Preparo a actuación. Merco un bote de insecticida eficaz-e-seguro-contratoda-clase-de-insectos e colócoo nunha banquetta ó alcance da man. Pecho os ollos e respiro profundamente e con regularidade. Afío o oído ó máximo. Todo o corpo está en tensión á espera do que vai vir. A perna esquerda empézame a doer por ter collido unha mala postura. Non me atrevo a corrixila por medo a botar abaixo todo o preparado.

Aguanto.

Agardo.

Ansío os ssssss.

A mosca non aparece por ningures. Téñome que erguer porque se me acabou o tempo de descanso. Síntome máis esgotada que antes de me deitar.

Barallo a posibilidade de que o bichoco preferise busca-lo aire libre ó abri-la fiestra pola mañá. O arrecendo das flores dun loureiro diante do meu cuarto de traballo debeuna atraer moito máis cá atmósfera seca e cargada do interior da casa.

Esquézome da mosca. Despois dun opulento xantar déitome a durmir feliz no sofá. É só unha ilusión. Ssssss ... aí está a desgraciada da mosca, practicando primeiro no cristal da fiestra e acto seguido na miña testa. Hoxe non teño o Raid ó lado, pero

dispoño da man. Levántoa a modiño e ¡plaf!, efectúo unha losqueada por sorpresa. A raposeira da mosca xa fuxira e o golpe cáeme con toda a forza na testa. O meu instantáneo ¡ai! de dor vai seguido dun xuramento forte de cago-na-nai-que-te pariu ou algo polo estilo. Non queda dúbida de quen é a máis espelida das dúas.

Con todo, non me rindo. Comento o asunto cun amigo, que me aconsella respirar coa boca aberta, porque ese ruído específico atrae as moscas. Estou disposta a probalo todo.

Ó día seguinte preparo a suposta sesta con todo detalle: unhas follas dobradas dun xornal, o spray de-morte-ben-morta, os ollos pechados, a boca aberta con respiración profunda.

Agardo con impaciencia. Noto un crecente cansazo por mante-la boca aberta e parece que me entra frío. Estou afeita a durmir cos labios pechados. Non me deixo vencer e sigo estoicamente inmóbil.

Tan cansa estou que caio durmida por uns momentos. Esperto cun sobresalto, non polo ansiado zunido, senón precisamente pola súa ausencia. A mosca non fai acto de presenza.

¿Que ocorre?

¿Que fixen mal para que non veña?

Transcorren dous días máis. Non me concentro, durmo mal, síntome destemperada. Nunha palabra: estou de mal humor. Busco a mosca por todas partes e non dou con ela. Entrou na miña vida un día sen chamala, dándome a lata, e agora parece que non podoo vivir sen que me dea a lata.

Ármome de paciencia. Durmi-la sesta convértese para min nun eufemismo.

Preocúpome. ¿Pasaríalle algo? Ideo un último recurso. Arranxo todo coma de cote. Deixo a boca aberta e esta vez cuns grans de azucre na punta da lingua apoiada no labio inferior. Seguro que atraporei o bichiño con esta técnica infalible.

Contra todo prognóstico resisto só uns cantos minutos. O azucre disólvese de contado e o líquido prodúceme cóxegas ó escorrer polo queixo abaixo.

Érgome para me lavar no cuarto de baño. No anco está o caldeiro coa auga de fregar aínda sen baldeirar.

Coido que foi a intuición a que me retivo un segundo para botar unha ollada dentro. Alí estaba a mosca, morta, bonita, co corpo brillante de negro e turquesa, as ás estendidas coma un pequeniño avión aterrado nunha lagoa.

Desde aquel día abandonei o costume de durmi-la sesta. Agora descanso nunha butaca facendo crucigramas.

Autopoética

Arcadio López Casanova

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LÓPEZ CASANOVA, ARCADIO (2011 [1990]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 4, 137-140. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/229>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LÓPEZ CASANOVA, ARCADIO (1990). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 4, 137-140.

* Edición dispoñíbel desde o 7 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Arcadio López Casanova*

Autopoética

Segundo teño xa comentado en moi diversas ocasións, entendo que o foco motivador de todo o meu mundo poético -se, de certo, a miña obra acada un artellado sistema- está na vivencia e na representación da *desfeita*, i.e., da *des-gracia* ou *des-poseción* como identificadores do humano vivir. Sucede, nembargantes, que en cada ciclo e no seu mesmo desenvolvemento esa *desposesión* queda contemplada dende perspectivas distintas (e complementarias). Así, do ámbito da infancia perdida e o espazo mítico do meu páramo lugués que aparecen nos poemas “adolescentes” de *Palabra de honor*, xa en *Mesteres* -dez anos despois, e coa experiencia da saída de Galicia-, esa *desfeita* convértese nun total e alucinante *espectáculo de destrucción* coa imaxe simbólica do *exilio* como eixo fundamental.

Logo, en *La oscura potestad* -libro que hai que entender como parábola existencial que funciona sobre a estrutura mítica da “aventura do heroe”-, o protagonista poemático -“El Elegido”- canta unha chegada, un estar e un esgarecerse no mundo. Todo elo -convén matizalo- proxectado sobre o fondo dun ámbito de luz e beleza (o ámbito mediterráneo, Casa, mar, laranxos) que marca un dramático contraste cos signos da *des-gracia* que o eu habita (e nos que se consuma).

(*) Arcadio López Casanova naceu en Lugo no ano 1942. Licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago de Compostela, Doutor en Filoloxía, catedrático de Lingua e Literatura españolas (1968-1986), na actualidade é Profesor Titular da Facultade de Filoloxía da Universidade de Valencia.

O fundamental da súa obra poética está recollida nos libros *Memorias dunha edá* (1976), *Mesteres* (1976), *La oscura potestad* (1979), *Liturxia do corpo* (1983) e *Antoloxía personal* (1987). Posúe os seguintes Premios: “Nacional Universitario de Poesía” (1962, 1963, 1964), “Noriega Varela” (1967), “Ciudad de Melilla” (1970, 1982), “Adonais” (1978), “Crítica-Galicia á creación literaria” (1984). Ademais, é premio “Menéndez Pidal” de investigación (1975), concedido pola Real Academia Galega.

No eido da súa especialidade publicou, entre outros, os libros: *El análisis estilístico* (1975), *Poesía y novela* (1982), *Estructuras correlativas y función estilística* (1989) e *Luis Pimentel e “Sombra do aire na herba”* (1990). Estudioso da poesía galega moderna, adicou traballos á análise das obra de Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas, Celso Emilio Ferreiro, etc., e ademais é autor de limiares críticos a libros de R. Fonte, L. González Tosar, X. Rodríguez Barrio e A. Casas, páxinas nas que tenta fixar as bases estéticas da lírica de arestora.

Liturxia do corpo sulíña, de seguido, un paso á vivencia radical da morte e a un canto lírico que tenta interpretar os *signos da ultimidade*. Espida manifestación, xa que logo, sen referencias a espacios ou ámbitos externos, voz envisa e depurada na (sin-)razón da súa abraiante dramaticidade.

1

ESCURO RÍO DA NOITE

Escuro río da Noite,
- ai, esgarecer do Tempo-
qué levas de min ó Lonxe...

Ai, esgarecer do Tempo,
río da tebra que vaza
o Sono do meu desvelo.

Río da tebra que vaza
azas de dor, vida miña,
alta desfeita das ánseas.

Azas de dor, miña vida,
ai, río escuro da Noite
xa soio ca Sombra infinda,
qué levas de min ó Lonxe...!

2

ASUBÍO DE SOMBRA

Asubío de Sombra
no silencio soa.

Asubío de Sombra
na suidade soia.

Soa no silencio
un asubío
quedo.

Na soia suidade
un asubío
tebrecido
arde.

¡Asubío da Sombra
en ti, corazón soedoso
de Luz do fondo!

NA SOMBRA DAS RAMALLAS DO BIDUIDO

Na sombra das ramallas do biduido,
Noite fonda.

Na sombra das ramallas do biduido,
azas voan.

Na sombra das ramallas do biduido,
ave noiva.

Na sombra das ramallas do biduido,
canta loia.

Na sombra das ramallas do biduido,
canta, voa
Ave de Ausencia
soia.

¡No biduido de ramallas de frío!

REMOL DE ROSAS DE FRÍO

Remol de rosas de frío,
¡ai, són levado de olvidos!
- *Es ti*
devalo do teu fuxir.

Remol de rosas salgadas,
¡ai, són das horas levadas!
- *No día,*
devalo de ti perdida.

Remol de rosas da Noite,
¡ai, són do abalo da Morte!
- *Es ti,*
anaino do teu vivir.

Remol de rosas de lúa,
¡ai, són da Sombra que murcha!
- *No día,*
anaino de ti, xa soia,
corpo de frol acendida!

5

Tal loureiro de luz foi neve amada,
se non río de loias, frol ardida;
ave solar, tal álbore alcendida
en ouro de ramalla consagrada.

Tal loureiro de luz foi neve amada,
aló na frouma ninfa perseguida;
pés de marfil de lúa na fuxida...
En ouro de ramalla consagrada.

Doncel de Delos vai, ¡ai, doce ardura
do corazón!, amante na espesura
do bosque en lume tra-lo Soño amado.

Dorna de cisnes que o levara... Agora
corpo de neve e vento, ¡ai, a cadora
ave feliz!, e o Soño desterrado.

6

Rei da Noite, qué cítara tanguía
de engaiolar, qué corpo namoraba,
para que serpe de luar -¡oh, lanza
cruel!- dera a Caronte a fuxidía

luz de Ela, Sono ido aló na fría
ribeira do Leteo...? ¡Ai, a levada
da música que doas deloiraba
en névedas de amor...!

Serpe, á porfía,

matar matou, e o amante foi degaro,
carreiro, abeiro, esteiro, escuro escano
da Morte...

Amante seu, ai, nunca ollara

tal corpo en xuventude, renacida
Eurídice do Sono, alta de Día,
mais -¡ai, culpa!- a ser só Sombra anceiada.

(Do libro inédito *Noite do degaro*)

Autopoética

Manuel María

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

MANUEL MARÍA (2011 [1993]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 9, 151-157. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/996>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

MANUEL MARÍA (1993). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 9, 151-157.

* Edición dispoñíbel desde o 3 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

*Manuel María**

Autopoética

Cando servidor tiña vinte e poucos anos dicía que non sabía o que é a Poesía. Tamén afirmaba que a misión do poeta e da Poesía é agrandar o mundo, tódolos mundos.

Cando tiña cincuenta e cinco anos intentou explicar o que é un poema. E saíronlle estes versos:

Un poema é un ser vivo que anda,
 respira, soña, chora, salouca,
 ama, berra, centila e escurece,
 cala, aborrece a mentira,
 sente odio e ternura, desángrase,
 fala de intimidade a intimidade
 coas cousas e coa xente, suxere
 mundos posibles e imposibles,
 suda, cansa, sofre sede e fame,
 adoce, agoniza. E nunca morre.

(*) Manuel María Fernández Teixeira naceu en Outeiro de Rei, Lugo, no ano 1929. Estudiu o Bacharelato en Lugo, onde entrou en contacto cos participantes da tertulia do café Méndez Núñez: Anxel Fole, Ramón Piñeiro, Anxel Xohan, Luís Pimentel, Celestino Fernández de la Vega, Carballo Calero, Aquilino Iglesia Alvariño, etc., todos eles importantes nomes para comprender a historia política e cultural da Galicia de posguerra. Durante esa etapa adolescente, fundou a efémera revista *Xistral*, na que publicou os seus primeiros versos. Con motivo do servizo militar, coñece no campamento de instrución de reclutas de Parga ó poeta Uxío Novoneyra, co que había gardar en adiante unha estreita amizade, e en Santiago de Compostela, a onde foi destinado posteriormente (e onde atopa ós mozos universitarios da xeración dos cincuenta ou da Festas Minervais: Méndez Ferrín, Franco Grande, García-Bodaño, etc.), a outros galeguistas *históricos* que completaban a nómina dos xa citados. Referímonos a Ramón Otero Pedrayo, Domingo García-Sabell, Carlos Maside, etc., que se aglutinaban arredor das tertulias do Café Español e do Hotel Compostela. Foi sobre todo, nembargantes, Carlos Maside quen influíu máis na súa formación durante esa época. Con posterioridade, obtivo o título de Procurador dos Tribunais e desprazouse para exercer a profesión a Monforte de Lemos, cidade na que se ubicou definitivamente.

O seu primeiro libro de versos, *Muiñeiro de brétemas*, escribiuno ós dezanove anos e causou un forte impacto na crítica máis cualificada do momento. Dende entón ata a actualidade, Manuel María elaborou

Agora, despois de tantos anos e de tantas voltas que deu a vida e a Poesía, un segue na mesma: sen saber. A única certeza que ten e á que se atén, repetida infinidade de veces, é a seguinte: un de si mesmo sabe que escribe versos. O que non sabe é se será ou non será poeta.

Os lonxes do solpor
serían, sen ti,
tristes e escuros.

I

Quero ter a palabra máis sincera,
a palabra máis noble e trascendente
que sexa, ao mesmo tempo, frol, semente,
inverno, vran, outono e primaveira.

Quero a palabra pura, recendente,
fermosísima, nidia, verdadeira
que teña o rimo varil da muíña
e a claridade da auga transparente.

Quero a palabra certa cara á vida,
a palabra que fere, que aloumiña
e vai pra ave, pra nube, pra canción.

Quero a palabra núa, alporecida
e, ao mesmo tempo, lene, solermiña
que é sal nos beizos e luz no corazón.

1

Non sabemos se primeiro foi
a luz ou a palabra,
a palabra da luz,
a luz da palabra,
a palabra sen luz,
a luz sen a palabra.
Pro a palabra ten luz
e pode, cecais, acontecer
que a luz non ten palabra.

unha obra extensísima que sería por demais prolixo relacionar nesta pequena nota. O lector interesado pode consultar unha completa bibliografía do noso poeta, así como noticia fidedigna da súa peripezia vital, en tódalas ordes, no libro de Xosé M^a del Caño, *Conversas con Manuel María* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1990).

O pobo que deixa perder a súa palabra
 creada, herdada, usada, revelada,
 aquela que lle é propia e singular,
 a que é unicamente súa,
 está empobrecendo o mundo
 e perpetrando o seu propio xenocidio.
 Ese pobo vil
 ollará aniquilada a súa lembranza
 e o seu nome indigno
 borrárase, sen máis, do universo:
 hai agresión á beleza e ao espírito
 que a vida non tolera nin perdoa.

II

Amo esta terra desnuda e luxuriosa,
 a terra que nos ten e nos devora:
 esta amante fatal que nos namora
 coa súa gracia lixeira e poderosa.

Amo esta dona que cala, ri e chora,
 que se mostra atrevida e pudorosa,
 que produce a camelia e máis a rosa
 e que, logo da noite, trae á aurora.

Amo esta marabilla terra en flor,
 ás lúcidas lumieiras do sentido
 e o delicadísimo lume do amor.

Só, de verdade, vale o amor vivido:
 aquel que pode vencer a nosa dor
 e liberarnos da nada e do olvido.

I

A terra é inocente, pura, inesorábel
 mais o seu segredo instinto
 obrígalle a elixir

e faise

arbre,

rocha,

nube,

mar, paxaro, peixe ou ser humano.

cansado corazón esgarecido
pra que poida sentir
unha vez máis, só unha vez,
a xuventude
florecedo de novo no meu sangue.

III

Na noite moura estou, na incertidume,
neste absurdo foscór do non saber,
na agarda esperanzada do mencer
e no silencio total da servidume.

E, polo tempo, navego sen poder
abandonar nunca máis este costume
este degaro fiel que me consume
e me empurra calado pró non ser.

Non sei como loitar contra o escuro.
Mais síntome moi firme, ilusionado
aunque me sei mortal, triste, inseguro.

Co corazón ergueito e namorado,
cara ás néboas incertas do futuro:
andando vou, senlleiro e resignado.

I

Denantes do milenio, séculos antes,
esistía Itaca, Breogán,
navegaciós ousadas
baixo a guía segura das estrelas.
Todo home tiña a súa Penélope
e un seguro lugar pra descansar.
Naquel tempo venturoso
non se poñía o sol endexamais
e a xente non sabía
a ciencia certa
se vivía na Arcadia
ou, pola contra, estaba habitando
a terra feliz do Paraíso.
O mundo era inocente.
E a vida estrenaba a súa pureza.

Entre sombras camiño, contemplando
 como pasan os días,
 como pasan os odios,
 como pasan os soños,
 como pasan as guerras,
 como pasan as festas,
 como pasan as tristeszas,
 como pasan os homes,
 como pasa todo
 e volve a pasar e a repasar
 co seu xesto cansado e aburrido.
 Unicamente a terra permanece.
 Permanece, aínda, este noso pobo
 envilecido e agraviado.
 E o latexo
 dun verso de amor inesquencíbel:
Odi et amo...
 que, polo de agora,
 logrou sobrevivir máis dun milenio.

Tantos e tantísimos anos intentando
 erguer un edificio confortábel
 de música e palabras
 pra atopar certeza e seguranza,
 poder andar por dentro dun
 alumando a perfeita fascinación
 do noso amor, cantando o impagábel
 e marabilloso gozo de vivir,
 esconxurando o noxo e a tristeza,
 penetrando na nosa escuridade,
 facendo precisa a imprecisión,
 falando cos seres e coas cousas,
 dando parte do mundo que heredamos,
 clarificando a beleza no posíbel
 e fixando a emoción que nos conmove
 en cancións vagorosas pra que o vento
 llas poida transmitir a aqueles que
 nos veñan suceder na nosa tribu.
 Esta é a historia. Non hai outra.
 E pregámoslle ao tempo
 que nos sexa benévolo e piadoso.

Eiquí estamos, conformes, e pasmados,
co corazón e cos ollos ben abertos
ao breve presente que nos fuxe
dun xeito lene, sutil e natural
sen que o poidamos apreixar
coas nosas maus pesadas e brutais
que nós desexaríamos
delicadfsimas pombas asombradas.
O pasado é unha alucinada lenda
que as idades luíron
pra facelo nostálxica lembranza
ou lene melancolía señardosa.
O porvir ven a ser como unha flor
a medio abrir da que aínda non
podemos percibir o seu recendo.
O noso oficio é laborar palabras
co segredo e íntimo desexo de que
algunha delas voe docemente
cara ás incertas néboas do futuro
e poida ser fundamento dun ensoño
ou fecunda semente de ilusión.

Da escrita como traizón. Autopoética

María do Cebreiro

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

MARÍA DO CEBREIRO (2011 [2003]). “Da escrita como traizón. Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 30, 171-178. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/480>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

MARÍA DO CEBREIRO (2003). “Da escrita como traizón. Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 30, 171-178.

* Edición dispoñíbel desde o 7 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

María do Cebreiro

MARÍA DO CEBREIRO RÁBADE VILLAR (Santiago, 1976) é escritora e investigadora no ámbito da Teoría da Literatura e Literatura Comparada. É autora dos libros de poemas *O estadio do espello* (1998) e (*Nós, as inadaptadas*) (2002), accésit do Premio Esquíu. Publicou tamén, en edición dixital, o poema longo *Pérfida Erin* (2001) e a serie poética *Atlas* (2003). Co poemario *Non queres que o poema te coñeza* (2004) recibiu o Premio Caixanova, convocado polo Pen Clube de Galiza. Coordinou as antoloxías *A poesía é o gran milagre do mundo* (2001) e *Damas Negras* (2002).

Da escrita como traizón. Autopoética

Sempre tiven unha relación conflictiva coa escrita. A palabra, cando menos para este lugar e para este tempo, nunca me pareceu a casa do ser, senón máis ben un piso de estudante. Os sofás, se os houbera, non poderían ser cómodos. O metacrilato ofende a vista. Hai que procurar a beleza no encuadre, no ángulo de visión.

Tamén debo dicir que estudiei en Santiago e que como os meus pais traballaban aquí, nunca vivín nun piso de aluguer. Admiraba, de lonxe, todos os que frecuentaba. Tomaba notas. Aí naceu a poeta: da observación dun mundo apetecido e tamén imposible para min.

A culpa é o gran tema da novela moderna. Non dende a perspectiva moral, a non ser que tomemos a ética, como o fixera Brecht, nun sentido interrogativo. A culpa como materia dunha busca, e sobre todo como unha frecha que sinala cara a unha dualidade na conciencia. Dunha banda, o que fixemos. Doutra banda, o que tiñamos que ter feito.

A poesía moderna tamén nace de aí. Non tanto da culpa, quizais, coma da traizón. Rompo o silencio. Atrévome a dicir o que non debería. E nese atrevemento non só nos traizoamos a nós mesmos, aos que en nós confiaron ou á páxina en branco. Ás veces, ao escribir, somos conscientes de estar traizoando a lingua, o pasado, a nación. Seamus Heaney e Derek Walcott, os poetas aos

que agora mesmo leo con máis vagar, extraen toda a potencia da súa voz desta incomodidade. Non falan da imposibilidade de elixir, porque, despois de todo, falan. Pero falan *dende* esa mesma imposibilidade, no punto de xuntura, ou de separación, entre os dous camiños que se abren ante eles.

Cada vez estou máis certa de que a poesía non ten nada que ver cos bailes de disfraces. A non ser que pensemos, e así é, que a máscara nos retrata máis que o rostro. Moléstanme as imposturas, sobre todo as que nun tempo practiquei. E tamén as acepto de bo grao: vexo na resistencia unha vía para a aprendizaxe. Aí onde algo manque ou incomode, asomareime a ver. E engado, a modo de exemplo: rexeitando nos demais, como sempre o fixen, o ruralismo, a miña verdadeira obriga é averiguar cómo hai en min de poeta ruralista. Non descarto, de agora en diante, escribir sobre a paisaxe.

Gustaríame ser incendiaria, pero a maioría das veces váiseme toda a forza pola boca. Tamén me gustaría non ter demasiado clara a diferenza entre unha autopoética e un manifesto para poder dicir, sen faltarlle á verdade, que isto era un manifesto.

E QUIXENVOS TAN TRISTEMENTE A TODOS

O MÚSICO

—Vostede dixo unha vez que se nun accidente aéreo tivese que decidir entre salvar a unha persoa ou a un instrumento musical moi valioso, optaría polo instrumento.

—Si, e ratifícome. Teño un instrumento de 1557, o baixo máis fermoso que existe, antes do cello. Desde o punto de vista biolóxico, parécese moito máis valioso un instrumento coma este que un ser humano. Porque son un home crente. En principio dá igual que unha persoa morra ou non. Pero un instrumento pérdese para sempre.

O CORCOVADO

Pois toda a súa beleza está no lombo,
da banda que non ve,
no que molesta.

De você ameí o curvo.

O TATEXTO

baixo esa voz, *difuso*:

“O vago non é a teoría, senón o obxecto que estudia. Doutro modo, sería como explicar tateando unha teoría sobre as causas da tartamudez”¹.

Por iso a túa lingua se detén
na derradeira
síla-
ba.

173

O CEGO

Levo ferros na boca, ten coidado.
Así me dixó un día o labirinto.
Pero non vin guindastres.

Non era unha cidade, ese lugar
senón unha necrópole
cando a crucei contigo.

Abre os ollos, pedín,
non me importan sen luz.

“Sólo quien consiga salir será dichoso.
Sólo quien es dichoso conseguirá salir”

¹ Alfredo Deaño, “La lógica formal hoy”, *Revista de Occidente*, 3ª época, maio de 1976, páxina 93.

Farase pó este día nas xuntas dos teus dedos.
cal viva, no meu corpo.

“Never run away from a kiss”
berrou aquel rapaz
como se tamén foses
estranxeiro.

Prometín que ao caer a tarde ou o vestido
o meu branco sería a túa parede
para que sobre min perdan o tempo
as artes do arrabaldo.

O teu acento aboia sobre as miñas palabras
para dicir que non. “Non te quero”,
repite: “non te quero”.

Logo chegou o cego, a ti non che importou
levalo pola man. Buscaba a nosa ponte,
esa que cruzaremos contradecendo o río.

174

Eu só quixen caber no mapa dos teus pasos.

Cando sentiu o tacto da súa pel
o cego besbellou “isto era o que buscaba”.

Din que nalgúns papiros todo desaparece
cuando o papel se envolve
ou se desprega.

Un xardín adosado ás túas meixelas
e unha hamaca no centro.
Iso pedinllo a Deus, que deu a volta.

Deille ao cego a túa man.

Deitada, desde a hamaca
verei pasar a túa alma.

O ESCRITOR

Arte e necesidade. Banzo número trece.

O que nos leva á forza
e nos pendura ao ceo.

O paso que non damos:
noventa e nove *stars*
caerán esta noite *on the*
mísera mísera alabama.

Ela é a súa biografía:

Era un home relambido, pedante e revello. Ao comezo pensei que era un pouco fachendoso porque procuraba o seu rostro en tódolos espellos. Pero logo foime parecendo cada vez máis riquiño.

E así dixo despois sobre a súa obra mestra:

Escribiuna cinco veces. Cuando a rematou díxome que lle parecía unha merda e botouna ao lume. Boa cousa foi que os pregos de papel amoreados arden mal, e tiven tempo de sacalos, porque non fixera copia e teríase perdido para sempre.

En conclusión:

Tralo abandono vimos un puñal
atravesar o cadro
con moita lentitude.

Entre o corpo e a sombra
quedou un trazo firme:
(o seu resentemento).

P. S:

Estou namorado de outra muller, namorei como un parvo. Entre o amor e a gloria, eu elixín a gloria e trabuqueime. Agora que me quedan poucos anos de vida, farei o que me peta.

O TRISTE

Na quinta das estatuas todas eran tolleitas:
menos tristes ca ti, sen ombro de chorar.

Tamén eu son así, por dentro das túas bágoas.

El era un peixe vermello e a súa sombra. Ela limitaba ao norte cun valo e
ao sur cun cantil. El non a espíu coa ollada, senón coa présa. Ela pechou os
ollos e deixou de agardar.

Antes da conclusión, ti dicías saberte
fillo do ouro máis branco
como se toda a chuvia dos teus ollos
puidese converterse en caridade.

Lembra que as comisuras
son as trampas máis fáciles que nos tendeu a pel,
e a túa non é sabía.

176

Outros mares despois aproveitáronse.
Non puideron romper
contra o cristal escuro da túa voz.
E díxenche, calada, que non quería máis
que un dedo sobre os beizos.
Caeron as palabras enriba das súas pernas,
unha rede tupida
que lle impediu á tarde derreterse.
Na sede da túa sede, quería peneirarme, traizoeira.
Cómo lle impedín eu que chegase ata o adentro.

Dos homes sempre ameí a soidade.
Nin sequera coas mans
puiden termar daquela:
“sentía toda a casa caer riba de min”.
Mirei os teus aneis. Había tantas edras
suxeitando os valados.
E qué ben che pintaron
dous para a man esquerda.

O VELLO

Riste de min porque es nova,
díxome, e aínda son
(pero ás mulleres non nos dura moito).

Non sabías, daquela, que lle estabas falando

á que alegraba ao rei cando era vello
sen deixar de ser virxe,

á que se foi deitar aos pés do amado,

á que non tiña nome porque tiña destino:
un canto para as ponlas
daquel último monte.

Pero tamén a aquela que enfrontou a súa sombra
e despois foi vingada
polo seu propio sangue.

Eu correndo, correndo,
sen mirar para atrás, fuxindo de vosoutros,
bon voyage, ata nunca,
penúltimos
anciáns.

177

O AFRICANO

(*addis abbeba*, díxome, significa
“rosa da madrugada”).
Qué bonito, pensei, ¿será verdade?
e mentres ti lembrabas
aquela longa guerra colonial:

“makeda, lalibela”
as linguas pelexaban,
ti deixaches aló
un fillo do meu tempo.

¿Ou sería unha filla?

¿De que color?, pregunto
abertamente.

Nunca poderás ler este poema)

O CRETINO

Daquela, cando escoito un vals percibo o dialecto vienés, e vexo un movemento de danza en círculo, e unha muller que vai virando e virando ata vir dar no meu brazo esquerdo. Todas as danzas son movementos do corpo que teñen que ver coa nación. Se sinto as primeiras notas dunha polka, vexo buratos do nariz ergueitos, como os dos checos, e vexo bágoas, porque case tódolos eslavos senten saudade do lugar no que naceron. Se non son eles os que tiveron que marchar a outra terra, seguro que teñen algún parente emigrado en América ou na Alemania, de xeito que lles será imposible escapar da nostalxia.

Autopoética

Ricardo Martínez-Conde

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

MARTÍNEZ-CONDE, RICARDO (2011 [1993]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 10, 139-140. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/346>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

MARTÍNEZ-CONDE, RICARDO (1993). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 10, 139-140.

* Edición dispoñíbel desde o 10 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Autopoética

Toda definición é, por principio, parcial. Mais aínda a autodefinición.

Tendo en conta esta premisa, quixera dicir que para min a poesía segue a ser unha desveladora de misterios. A súa práctica ben poidera semellarse a ese labor preciso, minucioso, de limpar os currunchos nunha superficie aparentemente limpa. Aparentemente.

A superficie sería o ser (ou non ser) do home: esa forma de soidade que chamamos home e que, desacougado dende sempre por preguntas sen resposta, anda durante a súa vida en procura dunha solución (ou, cando menos, unha explicación) ó misterio incomprendible do seu final. Para obter iso, por si mesmo e por suxerencia dos poetas, tende á claridade, a obter definitivamente esa nobre liberdade de saber quen é el mesmo.

O poeta entón, sería o grande inquiridor, o que fai a invitación á liberdade de ser. Unha proposición que comeza dende logo en si mesma. Agora ben: ¿que facer?; ¿como facelo? Unha forma proximada sería, como suxiriu no seu día Juan de Valdés, empregar, á hora de escribir, «un estilo natural, sen afectación ningunha, soamente tendo coidado de usar vocábulos que signifiquen ben o que se quere dicir, e dicilo o máis simplemente posible».

Así me gustaría saber facelo a fin de obter, para min e para ti, lector, resposta a algunhas fondas dúbidas.

(*) Naceu en Aldariz (O Salnés) no 1951. Doutorouse en Filosofía e Letras pola Universidade Complutense de Madrid, especializouse como investigador nas relacións Historia-Literatura con dedicación preferente á obra de Quevedo.

Obtivo o Premio Benasque de Poesía en 1989. Publicou polo de agora dous poemarios en galego *Lento evaace o tempo* (1990) e *Orballonas camelias* (1993) e un en castelán *Los argumentos de la tarde* (1991).

Exerce a crítica literaria e é colaborador de prensa dende o ano 1972.

Recentemente conseguiu Diploma de Honor como finalista no Concurso Internacional de Relatos Breves «Jorge Luis Borges» celebrado en California.

Choiva.
Grave certeza acerca
de todo.

+ + +

Paxariños
loitando por un anaco
de ponla.

+ + +

Esa capeliña
leva anos agardando
humildemente.

Zoa o vento:
o mar non atopa acougo
para se durmir.

+ + +

O río
está esperando as follas
do Outono.

+ + +

A noite desfía
o labor que teceu
o día novo.

Autopoética

X. L. Méndez Ferrín

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

MÉNDEZ FERRÍN, X. L. (2011 [1992]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 7, 149-154. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/348>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

MÉNDEZ FERRÍN, X. L. (1992). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 7, 149-154.

* Edición dispoñíbel desde o 28 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

X. L. Méndez Ferrín *

Autopoética

Eu son consciente de que estou escribindo unha obra nada máis en toda a miña vida. Para min existe un único relato acompañado de poemas que se está producindo dende o inicio da miña carreira literaria e, cando escribo, estou en relación con tódolos meus textos anteriores e cos dos outros autores. Quere dicir isto que no meu relato están tamén outros relatos e outros poemas que non son meus.

(*) X. L. Méndez Ferrín naceu en Ourense en 1938. Amais de grande cantidade de poemas espallados en revistas galegas e foráneas, publicou catro obras poéticas: *Voce na néboa* (1957); *Con pólvora e magnolias* (1976); *Poesía enteira de Heriberto Bens* (1980). Vén ser unha reedición da *Antoloxía popular*, publicada en 1972 baixo o pseudónimo de *Heriberto Bens*. A esta nova edición, que conserva os debuxos de Luís Seoane, engadíuselle un *Prólogo* e mailo *Sirventés pola destrucción de Occitania*, que xa fora publicado en Xenebra no ano 1975); *O fin dun canto* (1982) é, polo de agora, o seu último poemario. A súa incursión no mundo do relato breve está representada por *Percival e outras historias* (1958); *O crepúsculo e as formigas* (1961); *Elipsis e outras sombras* (1974); *Crónica de nós* (1980); *Amor de Artur* (1982); *Arnoia*, *Arnoia* (1985) e *Arraianos* (1991). A súa achega ó eido da novela está representada por *Arrabaldo do norte* (1964); *Retorno a Tagen Ata* (1971); *Antón e os inocentes* (1976) e *Bretaña, Esmeraldina* (1987).

Celtas sen filtro, estreada en 1983, en colaboración co grupo *Artello*, e a versión da obra teatral de G. de Figueiredo *A raposa e as uvas*, constitúen as súas aportacións ó xénero dramático.

O cancionero de Pero Meogo (1966) e *De Pondal a Novoneyra* (1984), así coma as edicións, con introducción e notas, de Francisco Álvarez de Nóvoa, Luís Amado Carballo e Celso Emilio Ferreiro conforman a contribución ferriniana ós estudos da crítica literaria. E autor, así mesmo, de *Vigo: fronteira do alén* (1988), guía da cidade na que reside dende 1965.

Foi primeiro Premio de Poesía nas Festas Minervais de Santiago de Compostela, en 1956, polo seu poema *Adeus*, alcanzando ese mesmo ano en Buenos Aires o Premio "Cao Turner" por *Nove historias*. En 1977 recibe o Premio Nacional da Crítica Española polo seu libro *Con pólvora e magnolias*. Obtén así mesmo no ano 1983, o Premio "Álvaro Cunqueiro", instituído pola Xunta de Galicia, na súa modalidade de creación literaria, galardón que rexeita por razóns fundamentalmente éticas, segundo expón nun escrito que dá a coñecer á prensa por aqueles días. Premio da Crítica Galega en 1988, á súa obra *Bretaña, Esmeraldina*, recibe neste ano de 1992 o Lousada Diéguez de creación, o Premio Nacional da Crítica Española e o Premio da Crítica Galicia polo seu libro de relatos *Arraianos*.

Doutor en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago, exerce como Catedrático de Lingua e Literatura Españolas no Instituto "Santa Irene", de Vigo. Despregou dende sempre unha grande actividade como articulista en diversos medios de comunicación. Na actualidade, e dende a súa fundación en 1990, dirixe *A Trabe de Ouro. Revista Galega de Pensamento Crítico*.

Interésame a poesía e o conto case de forma exclusiva, así coma a crítica literaria e ó longo da miña vida, fun fiel case sempre a esta elección. A novela por exemplo, a pesar de que me interesou bastante, sentínme con moi poucos folgos para escribila e, durante moitos anos, despreciei a novela, vina coma un xénero menor, cousa que non me ocorre actualmente. Pensaba que o conto era a soberbia da narrativa e que a novela era o fácil; co tempo, decateime de que non era así, de que non era tan fácil escribir unha novela.

Non teño escritores favoritos nin obras preferidas, nin en literatura, nin en cine, nin en música. Hai obras das que gostei e gusto profundamente, pero non teño lecturas que estean por riba das outras cousas e mesmo teño a capacidade de ler libros ruíns e obras sen importancia, literatura da peor e atopar nela elementos que realmente me sorprenden e me mobilizan. Si hai novelas que encheron épocas da miña vida, que me gustaron moito, pero xa están pasadas para min como está xa pasada esa época.

No plano das ideas, no plano da teoría, si que teño adhesións permanentes, porque esa teoría ségueme axudando a reelaborar constantemente a miña propia teoría do mundo para poder vivir e para poder sobrevivir. Quero dicir que Marx ou Sartre, noutra orde e en planos diferentes, son escritores teóricos que permanentemente me están dando a axuda que necesito.

Por outra banda, endexamais me propuxen un achegamento deliberado ó público; para min achegarme ó público, é darlle o que o público agarda. Eu vou deliberadamente construí-lo meu propio lector, de tal xeito que ou me colle e me acepta ou tira comigo sen a menor concesión.

Buscalque

A vaca pisca é astral.
Tu, mazaira.
Astral, a muller gorda.
A outra, dotada de alcuza.
Escumar escuman as cepas da ponte vella.
Ven, amor, traizóame. Dame Comoalla, adeus.
A alcuza deita aceite da casa sobre o polbo,
carne de nanais millo e renazo en Bretoña.

Daquela, considerando a fin dos seus días,
Don Esterco sereou as pócimas.
Liliana situouse no seu sitio, non.
Baba, azul, es alta.
Tu, mazaira.
Imos á ponte
vella, compensar o devalar do río.

Es suma, altero, desfago, destrúeme.
¿Por que os cabalos xa non me obedecen?
A fin da vida.

A ponte vella, onde agurgullan augas
de fin de vida.
Isto que vos ofrezco é a fin dos días.
Palabras de Liliana,
insigne frío.

Adeus vida, adeus ríos, adeus fontes.
A muller gorda, con alcuza, en Buscalque.
O seu cabelo baixo as augas en Buscalque.

Os canastros, os canastros, os canastros...

Despedida a Castro Laboreiro

Eu, que nunca eu dixera, escado o cimo
de Castro Laboreiro, moumo urces
e dígovos que nada me conmove.
Sinto que a espada está vencida e corva.
Morte que me moceas, non me asustas.
As corgas seguirán onde adoitaban.
Outros homes virán onde eu vivira.
En Castro Laboreiro ha haber codesos,
carqueixa e herbas más, descontra Górgua,
mentre-lo mundo siga a se-lo mundo.
O meu dó será lene bris de outono
e este adeus ás materias e enerxías
en ningures será nunca lembrado.

En las orillas del Sar

Foron
morrendo os soños, as cocañas, os espermas e o arroz con leite,
as estreladas noites de horror e de presaxio, o lume xeadado,
Derry republicano e os canóns do Sil, xogo
de chave en Teis e na Rabaza. Por veces púñase tensa
Marie-France por culpa daquel mistral. Eramos poucos por entón
e odiabamos toda clase de sports,
papai chegando pola estrada vella con xornais baixo o brazo
e un aceno de reproche pra min na vista vidrada en negro.
As adoas de ben ser e niño morno acochado no follato da ledicia
cáseque non duraron.
Cáseque non duraron porque se non trataba precisamente
de rosas blindadas,
e marcharon pró inferno no fardel dos tesouríños
xunto coa pedra do raio ou desexo que antano me acudía.

Chorimas, codeseira, alquitrén, mascatos,
plumas estilográficas, cabalos, un disparo no ventre do Berbés,
mel traidor nós beizos. Maldita mocidade, ¿onde estás,
mocidade, que non paras de mexerte no fondo do sepulcro?

Só permañece o ourizo das saudades
espiñándome o peito de cadora,
mientras graznan los cuervos

Quai des Brumes

Maldito mestizo,
os navíos de antano valentes
(o “Daniel Defoe”, lugre)
ou esoutras carabelas armadas pola cobiza infinda dos mercadores
(Lémbrese a “Camoës” bandullenta
ou a “Mendes Pinto” coma un botelo con velas)
repousan no silencio sen que Londres ou Lisboa
lles honren a memoria de argazo e largos beneficios.

A pouco e pouco, de inferno en desespranza,
arribamos, dando bordadas,
ás illas treidoras do arquipiélagos das Salgari,
aquele lugar celeste
que só A. G. Pym vira cos ollos pechos,
invadidos de manglares e árbores do pan.
Daquelas era angóites
e a pardela levaba un tele-fax no bico.

Claro que por vintasete xornadas soprou un Lesnorueste,
ardoroso coma a cona que o pareu,
e arrastrou o “Dalila”, que era un vapor inmóbil
no interior da garrafiña de rum Duquesne,
ao largo dos baixíos de Menino-Morreu
con grave perigo da vida, etc., etc., etc.

-E os cálculos de sextante do Capitán Mayne Reid
serán decote erróneos, Señor Morvan,
pola sinxela razón de o sol estar habitualmente toldado
na costa de cons, abetos e madeiras totémicas
que se alonga entre a foz do cabdaloso Conrad
e o promontorio triste do Mohicano-Derradeiro
senalado nos cartularios do Almirantado Británico
coma Cabo de Home.

¡Eis “La Burla Negra”, escarchada en saudades,
igual cá pera lírica,

e o recalmán Xohana que fai suar a carantoña
nas enseñas dos piratas famosos da Moureira!

-A respeito do “Constantino Candeira”-
exclamou alguén batendo co seu gancho de ferro
no mostrador de Rosés, Efectos Navais-,
este balandro unirase ao comboio dos queches de Noia
e todos navegarán armados en goleta (ou en mascato),
coroados de grímpolas abstractas,
dotados de imbornais deficitarios,
cazadas as escotas cos remorsos,
as búscolas beillando bossa-nova,
pois Ulysses Fingal fixérase cargo da derrota
e flores briosas de Sevilla ornaban cada proa
pra forzar o bloqueo das cidades frotantes
que un perverso poeta cientifista de Nantes
edificara corenta e seis millas ao Sul de Trapisonda
na Terra de Stevenson, onde as baleas soñan.

-Ese Benito Soto leva a morte nos ollos-
asegurou no buró da Casa de Barcia o contramestre
besgo.

-De todos modos Victor Hugo está xa a salvo en Guernesey-
comentou Marcoff despois de cuspir tabaco e flemas varias
ben sentado nun norai da doca de Pensanze.

-¡Pior fono os de Melpica
que -coma sempre- puxeno fachos deica Pennmarc’h
e fixeno ceifa nos dentes de ouro dos afogados!
¡E andaran ás crebas!

Canta a tripulación a balada do pailebote branco.
Louleou o piloto.
Louleou o gavieiro.
Louleou o rapás.
¿E logo o capitán Pardiñas non se suicidara?

Coma un arau, corre a tormenta
o conxelador fantasma, finalmente acóllese
á Burca do Inferno.

-Eu vinno en Ons o día de Venres Santo,
inda se lía na amura: “Río Sil”.

-¿E o folio?

-O folio éralle de Brest, Don José María.

Entón foi cando o patrón da lancha xeiteira
mandoulle aos homes siar todo de couso,
pero isto é unha estoria de arroaces insomnes
que aínda non foi contada nas tabernas de Cangas.
No entanto
tatexan as paipas co ademán políglota das bandeiras.

Sorga

O amor é resgatar-te
das cadeas do nome.

Veleiqué o río de nós que compara
rumor e delicia fervente coa caducidade,
e tonas máis esgrevias dos derradeiros días.
Veleiqué o que é semellante ao lume e é humor,
e, contentándose coa abolición da gramática,
renace en cántiga repetida desde o principio dos
líquidos.

Veleiqué o río sen compás, o río que nega sístole e diástole;
río confuso
coma opacos son os remoles do soño.

Ven, río contra arquitrabe, inimigo da máquina,
antagónico do número celeste;
arrédame, río, do que guía e dá orde prevista.
Libérame en borboallas e descubre
o pus da cousas mil exiliadas do verbo.

Veleiqué o visgo que a min desamalloa
e me isola e me libra e me condena
a vagar sen documentos alén dos arrabaldos.

Amiga, a supresión do teu nome e das súas propiedades cifradas
devólvete a min, informe,
e, coma os ríos, errónea;
coma o zunido dos insectos do estío, permanente.
Así, amiga, vences, amorneces, segregas,
disposte prós espasmos e avísasme da morte:
ese ceder á forza
latricante do río contra a tona dos seixos,
os deuses e as palabras.

Veleiqué o río no que quenqueira que intente
formar raptos, sometemento, signos,
non collerá outra cousa ca un couce no bandullo
e a tristura antiquísima de se sentir disolto.

Veleiqué o río Sorga
que decorre polo meo do Petrarca e de Char
e ao cal meu verso ponlle coma unha ponte vella
ao seu paso pola parroquia de Mourillós.

X. L. Méndez Ferrín
Febreiro 1992

Poética

Manuel Xosé Neira

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

NEIRA, MANUEL XOSÉ (2011 [1996]). “Poética”. *Boletín Galego de Literatura*: 15/16, 263-266. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/308>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

NEIRA, MANUEL XOSÉ (1996). “Poética”. *Boletín Galego de Literatura*: 15/16, 263-266.

* Edición dispoñíbel desde o 31 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Manuel Xosé Neira¹

Poética

Que o texto se conforme como gándara encendida para o vento
ou palmeiral sob a lúa.

Que vaia firme no óso, penetre ate a raíz.
Que se misture no sangue;
tente erguer voo, lenta, poderosamente.
Que sexa profunda ideoloxía e coraxe.

Que se revele, o poema, na ollada diaria:
perfil de anxo,
chuvia de abril entre os álamos.

Sexa estrobo,
gorxa onde agurgulle o régo da vida.
Que brote sempre en nós limo rebelde e orcelos,
que nos escriban a alma no silencio atal abellas
a labourar no centro da luz.

(1987)

¹ Manuel Xosé Neira naceu en Meilán, concello de Lugo, en 1964. Estudiu Filoloxía Galego-Portuguesa na Universidade de Santiago de Compostela. Colabora habitualmente en revistas como *Coordenadas*, *Dorna*, *Grial*, *Nordés*, etc; en libros colectivos e en xornais como *El Correo Gallego*, *O Correo Galego*, *Faro de Vigo*, *El Progreso*, etc. Publicou os seguintes poemarios: «19 poemas» (*Grial*, separata 1988), *O mar perdido* (Galaxia, 1990), *Abandono da noite* (XII Premio Esquí de poesía, 1992). Mereceu outros premios, tanto pola súa obra poética coma pola xornalística: «Letras Galegas», do Instituto Juan Montes de Lugo; «Poesía», do Centro Cultural de Begonte, no 1981 e no 1988; o «Rozas de Periodismo» (1987), convocado polo Real Aeroclub de Lugo; o «José M^a Chao Ledo», de poesía, do Concello de Vilalba; o «Belén de Begonte» (1996), convocado polo xornal lucense *El Progreso*, etc.

O soño da flor

Coma esa branca flor que me forma
o instante do pensamento,
e que semella unha caricia de lus,
así ti xordes na mansión do meu soño
afastada de min soamente
polos cristais transparentes do aire...

No regreso do alén ao agora
ando a che procurar o ronsel da mirada,
quizais nas rosas que o solpor doa aos cumios.

Xa na noite desfanse os álamos
abanados pola música do silencio.
E a min tan só me vai quedando o vieiro do soño
para me ir achegando ao teu perfume.
(1981)

Orfeo

«Gesang ist Dasein. Für den Gott ein Leichtes».
«Cantar é ser. Pra o deus cousa doada».
Rainer María Rilke

Consciencia: a luz (e o mar)
enchendo o ser de plenitude,
centrando os xardíns da vida.

E a Dama dos remotos dominios:
ninfa dun río esquecedizo
de cara ao interior da chaira recóndita da Noite.

Enigma do ser coma do alén.
¿E esta luz? ¿E a edra
enguerellándose ás súas ruínas...?

Consciencia de vivirmos: a luz,
a luz e a súa pregunta.
A salvación no canto en maridaxe
de ceo azul e abismos. O Canto: Ser.

A tarde de verao pousaba nos teus ombros
coma un bando de rulas.

Ao meu arrollo viñas
e pasabas, leve e demorada, escoitándote
entre as espigas candeais.

Por entre a luz dourada da devesa
brizaba un río de bronce que nós contemplabamos:
adolescentes simplemente entrelazados.

Leixábase o bido en ouros primeirizos
sobre os nosos corpos espidos.
E as barcas, su o freixo, case inmóviles na brisa
tiñan aquel xeito de misterio,
o entregado bambeo e a calma do teu corpo.

Aves de Outono, todo luz,
ecoante e señardosa.
As ribeiras do trino:
do amor,
refréxanse no río do verao.

Puro presente, a ave: ás de lume.
Transfigura toda forma
e non sucumbe coa rosa.
Ingrave. Habitar quixera no propio corazón
do home:
ar consubstanciado.

9. IV. 1993.

A terra oscilaba en ti coma por un trópico.
(Cinguíase ao mar da túa cintura).
Era unha rexión de torres interiores e cabalos
baixo lúas de serena espesura.

A terra pasaba por ti como unha iniciación,
como, nun porto, o excitante día da partida
para a máis grande odisea marítima.
E da nosa aberta xurdían árbores do paraíso
onde as aves, loucas, gorxeaban na luz.
(Frutal, nela picoaban, desangrándoa).

Tiñas o corazón do día máis branco:
tiñas o corazón da morte máis pura.
E instalada nela os teus ollos
eran dous astros,
dúas rosas grandes. dúas acequias
onde eu me contemplaba, eterno adolescente espido.

Detías o tempo, brizándoo, nos labios de auga namorada
e ofrecíame a flor de neve da mao para pasear xardíns.
Entrábase en hortos clausurados,
entrábase, gracilmente olvidados,
no templo máis puro.

O poema nace, máis dono de si, desde as ausencias
iluminando, gracilmente, o mundo.

Xorden aves sensitivas
nos amplos xardíns da luz.

Alén de ti chamábasme
desde o teu gran poder de convocar ausentes
tan misteriosamente
como escribir nun templo iluminado
polos teus dedos de cera e máis de orballo.
(Xaneiro, 1996)

A xeito de autopoética

Uxío Novoneyra

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

NOVONEYRA, UXÍO (2011 [1991]). “A xeito de autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 5, 135-139. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/349>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

NOVONEYRA, UXÍO (1991). “A xeito de autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 5, 135-139.

* Edición dispoñíbel desde o 5 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Uxío Novoneyra*

A xeito de autopoética

Toda autopoética é cáseque sempre posterior á propia obra: unha consecuencia que dela se sigue e non algo previo claramente establecido. Ela pode axudar, igual que axudan un prólogo ou unha crítica conductora, á lectura dun texto, mais impide como eles impiden a *lectura libre* que del faría un lector normal nin especializado nin deshabituado.

Por eso eu propúxenlle recentemente ó responsable da *Colección Merlin e Familia* que vai inaugurarse coa reedición de dous libros do *Existencialismo poético galego*: “Fabulario Novo” de Manuel Cuña Novás e o meu “Tempo de Elexía” que foi editado pola *Colección ADONAIS* baixo o título *Elexías do Courel e outros poemas*, propúxenlle digo que no meu libro vaia o texto poético só, desnudo, e que nunha folla aparte, dobrada e metida en cada volume, vaian a biografía i os textos críticos ou comentarios, para así preservar a liberdade e pureza do primeiro encontro do lector cos poemas, se éste así o desea e non desdobra a folla antetempo.

En canto a unha poética miña, máis que unha serían varias, como é normal nun poeta de longa traxectoria e que non se imite demasiado a si mesmo. En por hoxe

(*) Uxío Novoneyra naceu o 19 de xaneiro de 1930 na aldea de Parada de Moreda, na serra luguesa do Courel. “Este marco xeográfico courelán, como afirman Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco na súa edición de *Os eidos* (Vigo: Ed. Xerais de Galicia, 1990), onde pasa a nenez e a primeira mocidade, conformará as vivencias básicas da súa futura creación poética, ata o punto de que esta non se pode explicar sen aquel”. Entre 1945 e 1951 vive en Madrid e empeza a escribir en castelán. No 1952 volve a Galicia e toma contacto co galeguismo e co nacionalismo. De 1953 a 1962 vive arredado na súa terra natal e enceta o seu ciclo poético courelán, que plasmará no libro *Os eidos* (Vigo: Galaxia, 1955), un poemario que coñecerá algunhas ampliacións, edicións e retoques (*Os eidos 2*, Vigo: Galaxia, 1974; *Os eidos. Libro do Courel*, Vigo: Ed. Xerais de Galicia, 1981 e 1985) e no que se contén o máis granado da súa produción poética.

Dende 1962 a 1966 volve a vivir en Madrid e traballa na radio e na televisión con programas sempre relacionados coa poesía. No 1967 regresa ó Courel e alí permanece ata 1983, ano no que se traslada a Santiago de Compostela, onde vive actualmente.

A dimensión política da súa poesía, así como a gráfico-visual, están recollidas en *Poemas caligráficos* (Madrid: Brais Pinto, Col. Cadernos da Gadaña, nº 1, 1979), e a dimensión erótica en *Muller pra lonxe* (Lugo: Deputación de Lugo, 1986). Máis adiante, en *Do Courel a Compostela* (Barcelona: Sotelo Blanco, 1988) recolleu composicións de temática política.

o único que direi é o que rexeito. Rexeito o idioma normativizado, homoxeneizado dos que siguen os ditados normativos do Instituto da Lingua, da Real Academia e do Parlamento e Xunta de Galicia, *impostos incluso ás obras de creación literaria* donde máis se precisa conservar *o sangue da Lingua* vivida, a súa forma peculiar i o aroma de infancia e comarca. Teimei e teimo que sea válida tamén na escrita de creación *a santa libertade dos falantes*. Igual que rexeito ó *Galego Oficial*, rexeito a normativa reintegracionista oposta a el e non menos encorsetada e con olor a falsa e a nonpatria. Ambas quitáronlle a color, o sabor i a aventura a moita da Literatura Galega Última i envenenaron ca súa teimosía o mundo literario con odios e marxinações inda maiores que os existentes no partidismo político. E repito que no me opoño a un galego respetuosamente normativizado, eso si con moita maior flexibilidade e que dea cabida ás peculiaridades e que poda ser asumido e sentido como patria común unidora e fortalecedora.

O texto que sigue, o poema *V i a x e*, foi desencadeado pola visualización dunha carpeta de seis grabados de CARLOS CREGO, editada pola GALERIA MIQUEL SAMBRO de Barcelona, que estaba dende fai tempo agardando por un texto pra saír a luz**. Partín de eí e dunha conversa co pintor cando expuxo eiquí na *Galería Sargadelos* antes de irse a Eslovenia, onde se atopa actualmente na terra da súa muller. Partiu de eí e logo o poema foise polo seu lado. Xa que certos poemas só poden controlarse en parte despois de escritos, sometidos a unha implacable corrección ate acetalos como nosos, guindados do resto de trivialidade e do arrastre da inercia da Lingua.

Anxo Tarrío pediume a primicia diste texto recentismo pra o *Boletín de Literatura Galega*.

(**) Velaquí as dúas cartas dirixidas ó poeta e que explican o proceso:

Carta 1ª.

Carlos Crego, Barcelona, 12 de xaneiro de 1991.

Benquerido Uxío:

Como dixen que iba facer, falei co meu editor Miguel Sambró a posibilidade de que ti fixeras os textos pra esta carpeta de seis grabados que leva feita, polo que a min me tocou facer, dende fai tempo, agardando quizaes que lle chegase calmo e xusto o seu complimente literario. É por isto que leva sin poder saír á luz dende fai dous anos debido a que non trobaba o escritor preciso que o podera facer. Si queres ser ti, por nós, por ti, por e por min, pídoche que sexas ti.

Si agardou por ti dous anos, agora pode agardar o que ti queiras. Ate agardar si queres a escribir un libro (o que ti queiras), longo (o que ti queiras), pra dicir e falar de nós. Podo creer en outras seis follas enchidas de poesía pra escoitar xunto os seis grabados pra os ir ollando, sen prisas, sen tempo: como ti queiras. Podo creer na creación dun libro-cartafole editado pra coñecemento da nosa feitura máis perfecta por enriba dun texto de presentación dos meus mudos grabados, mais fai ti o que ti queiras. Ou quizais xa teñas escrito o inédito, aquilo que pola súa condición de creación máis libre e íntima aínda non saíu á luz do coñecemento dos outros.

Agora comeza a mirar en ti estes grabados, a exposición en Sargadelos, a nosa tradición na túa casa cando me ofreciches o mel do Courel e aquel encontro fronte correos do catorce de decembro e aquela adicatoria a Marjan Pungartnik, e a miña na primeira folla do libro do Pórtico da Gloria e si queres ate no alonxamento e no silencio, e si queres comprométome a manter correspondencia escrita pra ir configurando: o que ti queiras. Manda unha señal de esperanza.

Chamareite antes de saír pra Slovenja pra confirmar o teu enderezo. Dá recordos a muller e fillos, pra ti garda xuntas a miña amizade e o teu sangue. Carlos Crego. P.D. Soio o que garda vive (Manuscrito, pódese ler: "E que perdoe a nosa lingua a miña fala indocta").

Viaxe

Es de noche y con tus cerillas hago un faro
veo como tus velas siempre tendrán un viento
Eduarda Lillo***

- 1 Só aves e peixes van cas augas
Desafeitos da Terra viaxamos sin o mar

Os ceos sin o Ceo
O Ceo que só volve cos embates
fainos antigos com'as palabras

- 2 TODOS todo no viaxe

O soño didiante
seguro do espacio e da luz
sempre cara as illas do Sol
ás terras felices da doada certeza tan lonxe
que por eso cantamos

- 3 INVERTIMOLO camiño
Imos
i en nós regresan tódolos que viñeron

Carta 2ª.

Galería Miguel Sambró, Barcelona, 2 de febreiro 1991.

Apreciado amigo: tal y como habeis quedado con Carlos Crego, te envío una Prueba de Artista del libro de gravados que a través de la Editorial Joan de Serrallonga, he editado de él. Se trata de un trabajo que creo que tiene bastante interés, a pesar de llevar ya más de un año acabado.

Se trata de tres parejas de gravados-carborundum que inician esta nueva etapa a la que se ha lanzado el artista y que vienen arropados en una caja o envoltura que es, en sí, una obra más. Dicho trabajo no tiene título ni filosofía, un poco en consonancia con la actual situación evolutiva del autor.

Hemos comentado alguna vez con el artista que sería sumamente importante que encontrara alguien, especialmente entroncado con sus raíces, que intentara captar la trascendencia de estos trabajos, su poesía. Esta es la razón de su propuesta, que yo comparto plenamente. Para cualquier aclaración no dudes en ponerte en contacto conmigo, quedando para ello a tu disposición. Aprovechando la ocasión para saludarte atentamente. Miguel Sambró.

(***) *Poesía española*, Madrid 1964.

4 COSTAS pobres

Non non ñoramos que o camiño é o camiño
perdídalas rotas
e que o mar é o mar
inda pros que van
inda pros que volven enteiros de lonxe

5 NON buscamos engañarnos co soño
mailo home é as veces de outro destino
Xa mares e mapas están nos seus ollos
Sempre estarás Grecia tralas nebras i as augas

6 ANQUE volva só co viaxe feito
non foi pobre o empeño i a certeza en chegar
que así nos sostuvo
cando as augas buscaban a quilla
comprobaban as cadernas
e ralvaban o
o van

7 CHEGAMOS eiquí con esta forza
e agardamos non perdela xa
por maior embate ou escuro longo

Sabemos que misterio e necesidade nos protexen
e como na profecía feita ca nosa luz
cando un mesmo non vía
volvemos
volveremos proclamar a certeza

8 DE tódalas naves cabalos e carros que parten
sai un canto de permanencia

Lonxe se vei do cimo do pulo
e hai singladuras que nin precisan do mar

9

CREGO

*anque non chegues a Grecia
hai outras costas nombradas
con portos de arribo e partida
e mares iñotos pra que Ulises se perda*

igual que este canto se foi do meu tono

Compostela
Febreiro, 1991

Autopoética

Chus Pato

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

PATO, CHUS (2012 [1998]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 19, 179-185. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/310>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

PATO, CHUS (1998). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 19, 179-185.

* Edición dispoñíbel desde o 27 de xullo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Chus Pato*

Autopoética

Procuo afastarme da metáfora e do símbolo. Máis que a materialidade da palabra ou do silencio busco a carnalidade do texto. A través da alegoría, da metonimia –preciso da farsa, da fábula–, porque me permiten plasmar a mutabilidade continua do pensamento, a súa inventiva, porque me permiten activar "o real", entrar na temporalidade (polis) e na historia (nación). Nunha época post-contemporánea, in-matérica na que posiblemente o libro non sexa xa quen de soportar o escrito, nin a poesía un "xénero" do posible. Estes "poemas" pertencen a un libro titulado *m-Talá* (en curso de escritura).

* Chus Pato naceu na cidade de Ourense en 1955. Licenciada en Xeografía e Historia, na actualidade é profesora de Ensino Medio. Publica os seus primeiros poemas na revista *Escrita* (1984). Mostras da súa obra poética figuran en: *Luces de Galiza, Festa da palabra silenciosa, Andaina, Gume, Olisbos, Revista das letras (O Correo Galego), Dorna, Clave Orión e La Ortiga* así como nos libros editados polo "Festival da poesía do Condado". Participa nos libros colectivos: *Palabra de muller* (1992), *Sete poetas ourensáns* (1992) e *Poesía dos aléns* (1993), estes dous últimos editados polo grupo Dolmen.

No ano 1992, xunto a outras sete mulleres, publica en Edicións do Dragón a carpeta poética *8 e medio*. Participa con outras poetas galegas na homenaxe a Rosalía de Castro no cincuentenario da fundación do Patronato Rosalía, editase con este motivo un CD cos poemas recitados polas diversas autoras, música de Rodrigo Romaní e un libro que recolle os textos e fotografías de María Esteirán (1997). Participa no libro *Bis a Bis*, en solidariedade co movemento insubmisio (1997). Participa en recitais, mesas redondas e diversas conferencias. No ano 1993 "Mateino porque era meu", acción-instalación con María Ruído, Sala Nasa, Santiago. No ano 1994 "Sen título. (Oito de marzo), acción-recital con Ignacio Vilarriño, facultade de Belas Artes, Pontevedra. No ano 1997, performance "A Sereña", sala Galán, Compostela, e sala Espais Contemporaneos, Girona, con María Ruído e María Esteirán.

Obra poética: *Urania* (1991), *Heloisa* (1994), *Fascinio* (1995), *Nínive* (1996), *A ponte das poldras* (1996).

Premios: 'Xouva verde' do colectivo Ronselzt (1990); 'Losada Dieguez', por *Nínive* (1996).

o lago

perdidos, damos voltas para podermos saír
atravesan as barracas

as dela, as súas lembranzas son tristes, amables e tristes -albo de calquera disparo no arrabaldo de calquera cidade. Il pronuncia frases, non sei si debo ou non transcribir as frases que Il pronuncia. son frases verbo da semiótica confusa dos sinais.

Ela dá comezo ao seu relato: hai visóns, ela sabe que desde sempre hai granxas de visóns; sabe que trabarán o pescozo do cisne, na arteria, o sangue sólido esperma en calquera altar, esperma de cetáceo, sabe que desde sempre utilizaron esperma de cetáceos.

Pronuncias o máis fermoso

-Sirius é azul

para escribir enriba da pel de cento e un dálmatas, nos matadoiros
de Chicago, de Cincinatti, de Chicago

astrakán. Se non as estampas do libro queimaríanme nos ollos

post-scriptum: trátase da licuación do sangue; desde sempre utilizaron esperma de cetáceo. coloreada: a dez graos centígrados perde toda coagulación. de tal xeito que cando a masa de crentes invade o templo acontece o prodixio de maneira espontánea. No texto quere significar que Ela puido sentirse así, un obxecto de superstición e culto, e pode ser tamén metáfora do poema, fluíndo sobre calquera liturxia nos tempos remotos do pasado. No que fai aos matadoiros. a miña afección polos estudos da Historia contemporánea disculpara este pensamento que enmascara a máis escura disolución, terraza Lautremont -así a erosión nos grandes zócalos. as enormes diaclasas. O mencer é naturalmente o de Patroclo.

(X.L.M.F.)

a **batalla** non a ves porque sucede lonxe, en Eritrea
a pintura é enorme, tres ou catro veces maior que os cortinados dun teatro de
ópera. A nai, unha das catro nais do rapaz, vai falar e efectivamente fala. Nada.
nalgún lugar simbólico o fungo transfigúrase en doncela
– míralle a capotiña e o manto lepiota
intúeslle o corpo, esvelto e atigrado; o tacto, frío. Como xeado é nos cogomelos
cando atardece.
É sorprendente e feliz porque podes retirar a mao e enluvar os dedos ou quecelos
nos teus petos. Seguramente é muda.
Só o nome perfecto de Deus, o nome de Antonin Artaud onde alguén ispe a pedra.
Grandes lenzos de chuvia cara dentro, a moitos quilómetros, profundos de follas
moi húmidas e mortas e porque chegas tarde escachas nos ourizos onde dormen
nenos con tiara solar e se bambean e unha das catro nais vai falar e efectivamen-
te fala nesta alcoba dedicada a Stern porque estamos dentro, no grimorio dun
poeta, e conta Xulia Moesa cómo tivo que camiñar sobre o esterco vintecinco
metros de distancia para buscar unha peciña da muxideira que se lle perdera, e
contemplan todos, a moitos quilómetros de profundidade, as páxinas da
Ultratumba conxeladas por mor da couza, por lle sandar o mal, e respiran e hai
que vestir a pedra: estes son os vestidiños, plumas do paradiso. Pedra negra e
dorosa. Pedra esquemática ¿parietais?, ¿na chuvia?

o que nunca chegaremos a desvelar é se estamos dentro ou non, se a lágrima é de
acibeche ou de basalto, se dentro están as tres magas danzarinas, se lograremos
algunha vez abrir o túnel. A pedra condénsase coma nun rito ciguri. Sinala entón
as iniciais, as iniciais brancas e as iniciais vermellas, do sol-macho real, do sol-
femia, real. Nunca chegaremos a saber se a páxina é parasitaria das secrecións do
meu cerebro. Se os nosos nervios son emanacións do sol

os nosos nervios radiantes de azafrán nas letras do betilo

sobre todo cando as perdas son tan violentas e próximas

Veracruz, maio, 1947.

o meu corazón segue un ritmo veloz tal astro, mellor sería ocuparse dos xeranos, alieníxenas

—entra

tócaos, tapizan a cela, úteros-Paulísipo, áureos, coma vellóns. Aquí escoitarás falar, todo esto sobre da capacidade reproductora das femias da especie biolóxica e non tan biolóxica, modélica para outras tantas formas, tamén o estado —¿queda claro?, porque debe quedar claro; a saber: que NINGUNHA MADRE-NATUREZA agarda para nós. E tampouco a NÓS-defuntos, que ningún de nós poderá xa máis nunca disolverse en ningunha MADRE-natureza. ÉTER. Agás algún de nós (retardatarios)

COMO METÁFORAS

ETERNAMENTE

AGRARIOS

elices o vieiro máis triste
unha paisaxe verde: glacée
así rematan os outonos

porque nós brincamos sen rede, para eso tomamos "lección de abismos"

Debo ser amable

buscar accións que me fagan sorrir

Así sobrevivimos:

ti e máis eu, meu alien favorito

fóra da matriz

ao igual que grandes Ursos-brancos sobre os témpanos de Groelandia

tigra

Andrea- as tigras son muller, pero levamos os cabelos recollidos nunha capota moi fermosa con dúas orellañas en pel sintética de leopardo habitamos un émbolo

Melba- e, ¿a pel?

Andrea- a pel é realmente un avental, tes que atalo cara adiante, cruzar as fitas baixo os peitos, dúas aspas gregas, esto é o que se ve. Pero cando entran eles, os celibateurs. Moi sutil, a pétala, entre comedores de lume

Xuli- non, que va!, non precisamos domador, un ar enrarecido, irrespirábel, a gaiola convértese nun cilindro xigante de vidro, nun tubo de ensaio ou xiringa hipodérmica. Entón múriadas, ou ben lisérxicas, cegamos. E os trapecios, e os xardíns, arrecadas floridas desmoronándose: bóveda-matrix. Invádenos as avésedas flairas do teixo, e os cavorcos do lobo, e as cerdeiras e as mazairas abafadas xa polos acibros. O noso é un sexo derrubado. Gabriele d'Estreés e a duquesa de Villiers

Andrea- a ti pillante e póñenche os brazos estendidos, os brazos voadores entón ròmpenche as veas e comezas a sangrar (estás así quince minutos ou máis). Claro, fan falta moitas mulleres pero teñen que ser orfas, dos orfanatos anóanche a corda ao redor do pescozo e ti tes na mao unha fouciña e tes que estar moi atenta porque él cando se ven dálle co pé ao tallo e ti tes que cortar a soga, se non morriches. Se non morriches, caes, caes desde unha altura de tres metros e entón repites.

pos os brazos estendidos, OS BRAZOS VOADORES

anóaste a fita, fas o torniquete

as pingas esvaran no enlousado, filtran na bóveda perfecta do convento de Cluny, nas outas e esgrevias terras do Candán. Anóas a **Lingua no antebrazo**, o peso do Idioma, rompe no lombo pardo dos cabalos

Xuli- eles meten por aquí os seus cartos, métenos porque ti estás dentro, dentro da máquina de azar, en rendeas delicadas de branco encaixe e zapatos de vermella lazada Luis XV en ante e altísimo tacón

Madame- non comades a mazá, continuemos no Edén, no Haren, no Circo, no Burdel catro serán os teus proxenitores

a doncela e a morte

a muller bala

a martiresa e o dragón

Todas- somos

AS MARABILLAS DO MUNDO EN VÍVIDAS DIMENSIÓNS, as visións eternas do amor, a chave da cidade, o mobimento perpetuo

Margot- mire coas cores da realidade a experiencia máis significativa dunha rapaza "María e o Arcanxo", manual para os que carecen de concentración no éxtase amoroso. Sub fluminis e a pel do leopardo

Xuli- ¿porque non es quen de comunicarte cando fas o amor, nin de pedir pola paz do mundo cando chegas ao orgasmo!

Ommmmm

Madame- como te atormentan, que a descabecen

Autora- elas, nas súas pin-ball. sen himen.

"o teito cúbreme como unha enramada de serpes"

(David P. Iglesias.)

ou na présa. Na présa que me consumía en Delfos por chegar a aquel café: cabelo negro, Dunhill. Onde moran diaporamas. Algo así como un elemento de parentesco, coma se ti leras o Poema. Da muller flipper. Da muller que loce un manto de Manila. Alguén le, alguén é sombra, alguén leva nos pulsos o reloxo da miña avoa, ¡cómo os gansos se recollen, a a mazaira e o pombal!, e os seus brincos nas orellas. Dirás:

-ala sur, nas novas instalacións do edificio

Espidos, semi-espidos. En calquera lugar pechado. Nos vestiarios, antes da piscina. E os alumnos de todos os prostíbulos do mundo. Dirás.

-son unha muller que leva o mar e un cometa baixo árbores distantes

AS CASAS DO AMOR (a Ra Vermella, o Suevia, o Gato Negro, o Paradiso). Porque é un segredo que o Pai só pode compartir coa nena. A nena está sempre disfrazada.

-¡gaiolas!, eso era o que o meu pai armaba: tumbas pequenas

Ela é a muller onde se gravan todos os coitelos. As palabras do xeo. As palabras que trouxemos de atravesarmos o Rhin. Que non podo escoitar. Que nin imaxinan. Non rompe, non

-verderarea

Bórrase. Como un amante que xa non desexamos pero do que preciasamos aínda a súa dor, cando menos que a súa felicidade non sexa plenamente satisfeita. Ademais non lembro os seus cabelos. Non os lembra, en absoluto. No reino das marmitas. Con todos os acios de estrelas agromando desde o ceo. Unha escena tumultuosa. Queridísimo señor: permita que nesta páxina exprese a miña opinión. Hai tempo, anos quizais, que a nosa relación se deteriora lenta e inexorablemente. É máis, desde que vostede se mudou apodrece como un casco de navío abandonado. Entón pensas, pensas e comezas a mirar. Pensas que es a secretaria dun executivo e tes que lle bicar os pés. entón el empúrrate, ponte de poutelas e fódete por atrás. Pensas que es unha secretaria que busca traballo na oficina dun alto executivo, entón el sóbeche a minisaia plisada e tamén te fode por detrás. Pensas que formas parte dun grupo de sete irmáns e que el prefírete e quérete todas as noites no leito do seu hotel. Entón córreste. Córreste nunha felicidade plena, eufórica. Baleira. Ningunha escrita. ningún amor. O lugar onde ninguén escribe. O prezo. Ixión. Ata que el se desfai nas lágrimas. Contemplan o val. Pisan cada unha das vértebras do edificio. Non se abrazan. Desexo abrazarte. Ata un xesto desesperado.

-¡é tan fermoso!, os aros da contorsionista, ¿pero ese hotel?, ¿Urania?

dirás:

-son unha muller que pasou a súa noite de vodas onde se filmou "O terceiro home". No Orient Express, nos Night Clubs, nas portas do deserto. E a voz que se abre, no corpo: Náceo. A voz que brinca nas ruínas que son doce aros de lume de redor. A pel, tan branca. Carta a Abdul Bande-Noir: é a segunda carta que lle escribo. Non podo compadecerme. Esta sensación de que estamos excluídos nalgún punto da linguaxe. Esa violencia. Ti comezabas a ser feliz. Esta carta é o relato dunha extenuación, da extinción da Lingua entre ti e máis eu –o importante non é se aínda nos queremos, se vostede aínda me desexa– o importante é a súa renuncia, a renuncia a poder falar, a comunicarse. Debo insistir.

así Fany, de Cosmópolis-Kapital, acendendo un Murati. A velocidade que todo reduce a esquema. ¡Cómo as árbores docemente frolecen e as auras son serenas! Noites en Tunicia. Bicádoche os nocelos e miles de droseras, unha a unha. **Asfagnum**. Como unha sorte de olvido, de distracción, de olvido. Pois máis necesario é aínda o sol e todos os ritos da noite. As anduriñas, o dez de setembro embarcan, ninguén as toca, ninguén pode tocalas. Na cuberta. E os peixes en cardume desprázanse no soño. Un soño atristurado, de separación, de enfermidade, de morte: onde rochas nun fermosísimo animal-Bauhaus de cinza sobre Poente. Pero o ÚTERO, o útero en verdade, o graal, a marmíta, eles. mesmo o Vello Patriarca, non teñen maos para atopalo. Sobre o voo das aves, nun leito de cerdeira. O poema relata para si. As litografías do volcán. Unha parcela con vistas ao volcán. Pero a adiviña dixo que te quedarías viuva, que morrería o teu irmao, que a partir dos 28 anos todo iría mellor, ben, estupendamente. Pensas: **¡pero estamos aquí!** Un val profundo no máis profundo dos milenios. Porque lera eu o día anterior un dossier informativo e o haxix fíxome confundir ao baixo cun antigo noivo, o dos carburos, e a unha espectadora coa psicóloga que lía a Tralk. E entón trabúcaste. Trabúcaste e confundes o abismo e o abismo. Mesmo se escribes con encre violet, ou con Blu Florida, mesmo se utilizas Mares do Sur. E cómo poupa o grao, na lomba móvense as ovellas, un día marchei, tomei o camiño de Rabal, cara Escarnabois, cara Vilaseca. **¡adeus a todos os meus defuntos!** Non fan máis, reconstrúen o muíño. Todos os antigos locais de cinema abandonados. Todos os cinemas de amor. Fóra da lingua, da linguaxe. A drosera péchase lentamente sobre a confiada musaraña. Os peixes non: nadan. Ninguén sabe que cousa fan os peixes. Máis que interrogar, saber polo contexto. Quizais así saberíamos que cousa é que fan os peixes. Non hai alí barrio financiero nin polígono comercial. Traballan na conserva. Hai moitos sabugueiros. Un tapiz berber designa a noción de matrimonio. Discuten as actuais condicións nas fábricas. Se hai extractores ou non, se hai roturas de rótulas ou omoplatas, na actualidade, na mellora das condicións actuais. O laio do vento. Fóra da linguaxe. Non hai ningún urso algún na praza, está inclinada, escribe sen marxes, é Barroca. Nunca entras polo mesmo sitio. Nunca avanzas. Entre campos de couves. A iso me dedico, a amoblar casas. Fago por meter os mobles da miña casa na casa dos meus pais, ás veces estás vivo. A "maldición", aínda que estrutural, non tivo por que ocorrer antes, nin acontecer despois. "Non farás fortuna en tanto non te rindas". Incapaz de concibir unha moitedume de penes. Porque eu non chegaría, extraviaríame. Para coller as maletas si, porque baixas coas mesmas persoas coas que voas, pero logo saes e entón eu quedaría aí, extraviada; claro, ben podería facer un esforzo, tomar un taxi, pero en realidade eu non chegaría, quedaría aí, como as maletas.

Autopoética

Ánxeles Penas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

PENAS, ÁNXELES (2011 [2001]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 25, 217-229. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/816>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

PENAS, ÁNXELES (2001). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 25, 217-229.

* Edición dispoñíbel desde o 18 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Ánxeles Penas

ÁNXELES PENAS naceu en Teixeiro (A Coruña). É licenciada en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago e en Belas Artes pola Facultade de San Fernando en Madrid, ademais fixo estudos de música no conservatorio da Coruña e de Maxisterio. No ámbito plástico ten a dobre faceta de escultora e pintora e leva feitas máis de cincuenta exposicións. Ten no seu haber nove premios literarios, entre eles o Premio Abrente de Teatro de Ribadavia (1974), o primeiro Premio Nacional "Jorge Manrique" (1979), o primeiro premio das Festas Minervais da Universidade de Santiago (1970), o primeiro premio Festa da Cantiga da Coruña (1971) e o primeiro premio Cidade da Coruña (1981). É membro de AULIGA (Universidade Libre Iberoamericana en Galicia) e pertence ao Consello asesor da revista *Serta*, da UNED. Colabora asiduamente con revistas literarias como *Zurgai*, *Serta*, *Festa da palabra silenciada*, *Clave Orión*, *Historia y vida* e outras. Na revista de Internet, *EON MAGAZINE* ten unha colaboración fixa, co tema "Arte y sacralidad" e é crítica de arte de *El Ideal Gallego da Coruña*. Ademais tivo durante varios anos unha sección fixa en *La Voz de Galicia*, sobre temas de cultura da nosa terra, co título de "Faiscas". Ten feito numerosos ensaios acerca de arte e literatura de Galicia, sobre Cunqueiro, Celso Emilio, Rosalía de Castro, Xohana Torres, Labra, Grandío e Laxeiro, entre outros. A súa obra publicada inclúe os títulos *Con los pies en la frontera* (1976), *Ya soy para tu muerte* (1980), *Galicia, fondo val* (1982), *O santuario intocable* (1992), *Fondo en malva*, no colectivo dedicado a Miguel González Garcés, feito pola Deputación coruñesa. Presentou comunicacións para varios congresos literarios: "Humorismo e humanismo na obra de Castelao", para o congreso realizado na Universidade de Santiago de Compostela pola Fundación Castelao; "A poesía feminina en Galicia" para a Fundación Santa Teresa de Ávila; "O poder da imaxe visual na plástica e na literatura de Galicia" e "Un século de literatura en lingua galega" para dous congresos organizados pola Asociación de Escritores en Lingua Galega; "A poesía de Antón Avilés de Taramancos" e "A poesía de Eusebio Lorenzo Baleirón", para o primeiro Congreso Internacional de Traducción de Rianxo, organizado por AULIGA. Tamén para AULIGA traduciu *Os cantos caucanos*, de Avilés de Taramancos e unha *Antología poética*, de Eusebio Lorenzo Baleirón, recentemente publicados por Espiral Maior. A súa obra poética está presente tamén en varias antoloxías e revistas literarias: *Palabra de muller*, *Poetisas galegas do século XX*, *Nordés*, *Grial*, *Atenea*, *Revolatura*, etc. Entre os seus próximos libros están *A vara do zahorí*, *Os anales do vento* e *Amor deshabitado*.

217

Autopoética

Tratar de definir a poesía é como querer medir a inmensidade do mar. A poesía, como o amor, non se deixa atrapar, acode traspasándonos con lóstregos

de comprensión, fai falar ao silencio por un intre, abre leiras de sentido e logo vaíse polas ondas ocultas, polas augas arcanas e secretas de cada verso iluminador. Pola súa mesma natureza, o fenómeno poético móvese nuns terreos riquísimos e ambiguos, de irracionalidade, de misterio e de extrañeza diante da grandeza do universo e do enigma de existir; ten tamén moito de grito orixinal, de berro para escorrentar a dor, a anguria polo paso do tempo e a inevitábel cita coa morte.

É, pois, en principio, unha resposta emocional, unha descarga da sensibilidade diante do incomprendible que nos abraia, nos aguilloa ou nos galvaniza.

O poeta é ese alguén que se atopa sobre o fío dunha navalla na beira dun precipicio; ou, noutras verbas, alguén que vive a vida co espírito aberto a todos os ventos e entón estes entran a cachón deixando innumerábeis mensaxes que intenta descifrar. Desa capacidade de vibración depende tamén a calidade da súa poesía, porque se pode ser un bo escritor e dominar as regras da versificación, pero sen o sopro do Verbo, sen a Voz, os poemas nacen mortos.

218 Porque a verdadeira poesía é iluminación, é unha *forma auroral de coñecemento*, pura intuición limpa de intelectualismo, sentimento lírico no que latea o espírito da música. E, do mesmo xeito que a música nos conmove sen palabras, a poesía debe lograr que a palabra se achegue o máis posíbel aos arredores do inefábel onde se escoita esa “*soidade sonora*”, esa “*música calada*”, da que falaba San Juan de la Cruz. Este é o gran paradoxo da palabra poética, pero tamén a súa grandeza, porque significa, deixando abertos, detrás do que di, innúmeros sentidos, resonancias que ecoan no silencio con imaxes perturbadoras; digamos que, con frecuencia, os versos son só os chanzos para penetrar nos pazos do invisíbel e que debaixo de cada relampo de luz cognitiva que acaso nos cega hai un venero xenetrix, unha semente que está para alén do expresado.

E esa fonte, ese venero é a matriz, a vea amorosa e feminina da poesía; esa é a *ánima*, a Nai Escura na que se xestan todas as formas, a sombra que vela para revelar, o útero no que todo se “sabe” sen dicirse e que, de cando en vez, abrolla pola mesma atracción do aire que o reclama: o *animus*, o sopro fecundador.

Medran así os versos como medran as plantas, cara arriba, inevitabelmente cautivados polo amor que “move o sol e as outras estrelas”. E, mentres o sol

quenta as follas desa fráxil plantiña e fai a súa función vivificadora, a raíz permanece enterrada na terra, na matriz da que se alimenta, sen poder “ver” o que se está operando nela.

Alquimia do espírito, pois, que ten unha dobre dirección, *participación mística* na que o corpo-psi que se converte en campo para que opere a Palabra e en espacio adoitado para acoller, tanto as pulsións anímicas do fondo canto a grandeza do Cosmos. Nesa inmensidade escoita ecos, cantos, chamadas que veñen do infinito, do océano ilimitado do Ser, música das esferas que nos fai recobrar “*a memoria perdida*” –como diría Fray Luis. É como un despertar, como un abrir os ollos aos arcanos do universo; e logo vén a percura de claves, a indagación para poder captar –aínda que só sexa a través do paradoxo– o sentido oculto. Entón abrolla a palabra pola súa propia necesidade de fluír, de axeitarse aos cursos da alma, escoa graciosamente coma o Viño do cantar místico no Grial namorado do corazón.

Acoden as cantigas, os himnos, as elexías, as odas... e eu déixoos que canten e reverberen nos espacios musicais que só a eles se reservan. Son poemas que falan de luz, que piden a luz; pero tamén dan conta do seu contrapunto inevitábel: da *sombra* e na sombra lostregan como chispas emocionadas, como respiracións do Gran Espírito Universal que sopra onde quere. Estalan sobrecolli-dos diante do formidábel enigma que nos arrodea, como epifánicos reflexos.

219

Os versos son para o poeta o fío de Ariadna co que caletira esa materia escura, ese pazo do Minotauro que garda, teimosamente, as chaves do que un verdadeiramente é. Por iso non hai poeta auténtico que non estea destinado a abandonar o Edén e a petar nas portas do inferno, como Orfeo, para rescatar a Eurídice e poder así, xa completo, voltar á terra da promesa, ao Pardés da sabedoría. Tamén pode ocorrer que perda a Eurídice definitivamente e, entón, xa sabemos que os laios de Orfeo facían chorar as pedras. Algúns dos máis fermosos poemas do mundo son os que naceron desa esgazadura, desa terríbel experiencia da perda irrecuperábel que non é allea á miña poesía.

A imaxe do perfecto amor persegue o poeta como verificación mítica do arquetipo: Amigo-Amiga, Amado-Amada, Laura-Petrarca, Dante-Beatrice, Garcilaso-Elisa (léase Dona Isabel de Freyre), Cervantes-Dulcinea...; ou Esposo-Esposa, nos místicos como San Juan de la Cruz; e pode chegar a identificarse coa totalidade do mundo visíbel e invisíbel, así en San Juan o

Amado son as “montañas, os vales, as ínsulas estrañas, os ríos sonorosos ou silbo dos amorosos aires”. Esta *participación mística* co universo atópase, de igual xeito, no primitivo e no poeta; e dáse, dende logo, en moita da miña poesía, especialmente en *Galicia, fondo val* (que algún comentarista despistado confundiu con “ruralismo”), pero aí está xa ese “*suco de semente viva*”, ese amor do que estou a falar, esas “*tres feridas: terra, morte, amor*”, e ese “*ancho Miño do misterio*”: o río da vida que leva ao mar a través das estacións e viacrucis da encarnadura amorosa que pode ter “*brazos de mareiro vento*”, porque é inmenso, inabarcábel, unha arela que xamais se apaga. O espírito do poeta anda sempre aqueloutrado e non sabe cómo expresar esas aguilloadas que o feren a cotío, nin esa lingua intraducíbel que vén dos Algures ou dos Ningures ignotos, senón é a través de imaxes ardentes, queimantes que o levan de si: “*e síntome fuxir; fuxir arreo, a me guindar de min, a espaxerme no espírito levián do chan queimado...*”.

Recoñécese a poeta nun territorio físico, no que fai pé para non esfrangullarse, pero sabe tamén que este é só unha metáfora *desoutro territorio* da inmensidade cósmica, deses largacíos inmedíbeis nos que se cumpren todas as probas de paso, todas as iniciacións posíbeis de quen leva “*na frente unha estrela, no bico un cantar*” –como dicía Curros Enríquez. A primeira ordalía da poeta cúmprese no *amor*; a derradeira –cecais a máis importante– debe agardar ao remeiro Caronte para cumprirse, pero, no entanto vive moitas pequenas *mortes* que van desfechando, paseniñamente, as lacres do *santuario intocábel*.

A miña poesía respondeu sempre –e responderá, posibelmente, máis cada día– a ese cruce de forzas, a ese magnetismo dúplice *terra-ceo*, enerxías telúricas e enerxías espaciais, coordenada eterna do temporal e do atemporal, *cruz astral* que xa aparece prefigurada nos signos que os nosos antergos nos legaron e que vai engastada, coma unha xoia preciosa, no camafeo do máis apaixonante dos enigmas: a vida.

Este é tamén o eixo inspirador, a tónica emocional destes poemas que vos ofrezco e que titulei *Territorio* polas razóns devanditas; a xeografía, o chan, a casa non son senón para min “*unha parábola do infinito*”. Tamén o é ese poema dedicado a Picasso, porque o pintor utiliza a *poética da ollada* para mergullarse nos *adentros* do mesmo inabarcábel.

Territorio

Unha esquina do mundo,
Un puntiño na curva do mar
que se abre coma unha interrogante ¿
e no puntiño
eu,
invisible,
chantada nos cons como si realmente existise,
acenándolle ao vento que barre a Torre
eu,
cos átomos lixeiros e alporizados que piden voar,
pero antes
han de recoñecer o territorio que tripan
e preguntarlle ás penas cómo aturan as zoupadas do mar
e sentir con elas a dor do xiro das edades,
a teimosía dos soles que furan a inmensidade,
eu,
eiquí,
agarimando orcelos,
bagullando a beleza que me fire,
desacougada diante de tanto incomprendible,
avincallada por este amor,
por esta cósmica gratitude
para todo o que vive neste arredor enorme,
nestas noites de estrelas...
Eiquí,
tan senlleira,
e tan chea de corazóns
que latexan abeirados coma min do infinito,
coma min abraiaidos,
tecendo teas e días,
sachando terras,
plantando hortos
e soñando,
firmes no amor que levan no peito
Por eso afirmo a miña lei
e xuro manterme eiquí,
con eles,
aínda que os meus átomos pidan fuxir no vento...

Así, reconozco este espacio mandálico
e sitúo no centro o eixo do meu corazón,
el tamén torre solar ergueita sobre a testa de Xerión:
as tebras.

II

Distancias imposibles,
noites:
sempre as mesmas estrelas noutro lado do ceo,
eu,
antena baixo o silencio pendurado,
lanzando un morse,
clavada contra os puntos cardinais,
atada a esta terra,
a este orballo que me humedece o ser,
a este relembro de fogares con fume de toxo
e ringleira de avós -
coma sombras quentando os tentos,
xogando a vida á brisca,
chinescos grimoiros pasando polo fondo do cadro,
ou cecais augas vivas que aínda me alimentan
Pois sigo eiquí,
medio e medio do ceo,
pedindo espacio,
máis espacio
e perfumes que o enchan

Ou, cecais,
O espacio está dentro de min,
Con seiva toda dos antergos,
e os países todos
e as humidades todas das augas fondas...
Pero agora son esta hora presente,
esta leira antiga,
este prado pequeno,
verde territorio fechado de salgueiros

III

Recupero a paisaxe:

o cadro de grisalla de humidades de fondo,
sobor dela os azuis,
o violeta lonxano con cortinas de choiva
e un manto de carqueixas:
o añil todo estendido entre o verde dos montes,
puntiños amarelos de chorimas e xestas,
os lombos dos penedos imitando ás ondaxes,
agochados casares nas brétemas cincentas

Este é un país de auga,
unha enorme acuarela de manchóns esluídos
nun papel enrugado;
é un país de horizontes
no que as nubes se apousan para ciscar as bágoas
que choran as estrelas
I, entón, chove a cotío
e os hidróxenos deixan unha pel esvarante
no corpo da paisaxe,
un blanquecino mofo no tronco dos carballos
e un continuo salouco no corazón das fragas
E si expremes os peitos tamén soan a chuvia
coma os foles das gaitas...

223

IV

Como unha parábola do infinito
a casa dos avós estaba soa ollando o cordal,
onde os deuses primitivos trazaran signos de pedra
e rotas megalíticas...

Tamén as lexións romanas pasaran por alí
enfiando camiños e desfiando inxeles corazóns,
alí o cristián chantara cruces
e cecais o mouro deixara o eco de Alá...

Pero só o espacio permanece,
o silencio do monte e as queiroas,
a raia do horizonte que bica o ceu,
¡i eu!
a enxergar a toxeira e as lúas que devalan
e o paso calmo das estacións

Alí, agora, mentras esculco o enigma
mergúllome nas horas que fuxen,
sosteño a casa para que perviva,
mundo testigo do que fun,
do que foron os antergos
que agora alimentan o Camposanto

Eiquí estou arredando á eternidade,
eiquí, como as herbas, como as hedras
que non deixan de medrar:
canle do antigo sangue dos devanceiros,
memoria desfeita nos séculos
que agora ecoa en milleiros de linguas pequeniñas
polos regatúños do monte
e, como eles, sabe o que non di
e o que di leva un selo.

Eiquí –alegoría do ser–
ollo a mañá, o sol morno
que docemente quente,
sinto nos ósos a humidade desta terra de auga,
apalpo os liquens ancestrais,
máis vellos que o mundo,
máis vellos que toda forma viva
e véxome no centro do arcano
sin máis misión que ollar,
ou cecais que cantar,
para que o malvís exista,
para que o piorno, o sabugo,
a abrótega, a xesta...
poidan ser nomeados;
para que a rela, a carqueixa, a silva...
poidan ser nomeadas;
para que o ameneiro, o carballo, o sanguinho...
poidan ser nomeados.
Para que poidan ser nomeados o cerne i o sámago:
aquele que pervive
e todo o que se vai

Sempre enxerga a noite,
 furaba na inmensa chaira de galaxias
 e o abraio purraba por min,
 aberto i engaiolante,
 feríame as meniñas
 e deixábame no peito unha delicada dor,
 un sabor a ozono e a bágoas
 Besbellaba verbas miúdas para defenderme da inmensidade,
 mais a inmensidade entraba por tódalas fendas,
 polas táboas da solaina,
 polas regañas das fiestras
 que non acadaban a deter o paso do vento,
 o salaio do cordal e dos codesos
 que cantaban aquela cantiga antigamente deprendida

Só o berce nai protexía contra tanto espacio
 e o pan da boa avoa alimentábame
 sin que eu soubese do milagre,
 comíao como comía o medo dos anoiteceres húmidos.

“Saber é relembra”

Pero Platón aínda non existía para min
 e a miña xeografía remataba no mar de Mármara
 ou nas terras boreais ¡tan ignotas!
 onde a Raíña das Neves gobernaba pazos conxelados
 e adubiábase con nenos brancos e xertos.
 Tampouco escoitara a Mozart,
 Pero a Raíña das Neves xa tiña estrañas semellanzas
 coa Raíña da Noite.
 E a noite tamén tiña, coma elas, ollos duros e fríos.

Nunca estivera alí –xa o dixen–
 onde Dimitri Karamazov tripaba restrebas nevadas,
 mais os seus laios pertencíanme.

E non sabía eu que tiña no corazón
 unha vara de abelaira para medir a profundidade,
 que tiña un abismo tan grande como o ceo,
 que o meu corpo novo levaba a memoria das edades,
 o ADN do espacio dos códigos antigos.

A ollada de Picasso

(Na homenaxe da AELG o 25 de abril de 1991)

Málaga, A Coruña, Barcelona, París, catro cidades definitivas na vida de Picasso. De tres tense falado moito; da Coruña, menos. Pero eses catro anos coruñeses (dende os 10 aos 14 anos), por ser a etapa do paso da nenez á adolescencia, tiveron que ser importantísimos para o pintor: primeira visión do mundo nórdico e das súas luces grisallentas; primeiro amor, na nena Ángeles Méndez; primeiras experiencias plásticas importantes e primeira exposición, aos 13 anos, na que amosa unha madurez insólita para a súa idade.

Cecais, cando marcha da Coruña, levaba xa na alma aquela estética –que eu gustaría chamar de *luscofusco*– que lle descubría unha realidade complexa, de planos entreverados e perspectivas múltiples; tamén aquela visión anticanónica, feramente expresionista, primitiva. O descubrimento da escultura negra, do que tanto se ten parolado coma xénese das *Señoritas de Avignon*, pode que non fose máis que a billa que abriu a fontana que xa lle abrollaba dentro.

226

Alí bulía aquel mundo, entre bárbaro e estilizado, aquela dualidade apolíneo-dionisiaca que nace do asoiro mítico entre a luz e as tebras. Picasso, por paixón, por temperamento, por reflexión, sabía moito deste lexendario combate.

Na cidade herculina, ao pé da torre onde Hércules vencera ao xigante Xerión e lle encetara a testa, o neno Picasso empezou a comprender o lado escuro e mísero da vida e os seus primeiros temas amosan inclinación pola piedade e un entendimento precoz da dor.

Logo viría a vida dura de París, a experiencia dunha bohemia miserenta, os desditados que atopaba a eito pola rúa; a ollada de Picasso era implable: gravaba intensamente canto vía. Deste xeito, converteríase, non só no retratista do home do seu tempo, senón aínda máis no creador dunha verdadeira antropoloxía plástica. Fixo auténticas *radiografías morais*, ou, por mellor dicir, desvelou as *múltiples máscaras* do home contemporáneo: facianas riseiras, tristesiras, doentes, anoxadas, choronas, ledas, sufrintes, rexoubantes, amorosas, odiosas... Cando lle preguntaron si os seus persoaxes semellaban aos que camiñaban

polas rúas, respostou: “*Pode que aínda non, pero xa se semellarán*”. I engadiu que tamén os seres humanos pintados por Goya comezaron a asemellarse aos das rúas, despois que el os pintou.

O que viña a decir Picasso é que el pintaba ao *home interior* e, polo tanto tamén, *a realidade interior*.

Para desvelar esa humanidade e esa realidade interna, a forma ten que ser sometida a unha *matemática da ollada*, a unha sistemática deformación, para recompola logo segundo os cánones da *visión profunda*, única que busca atinar co nó das cousas.

A ollada de Picasso é *psicolóxica, simultánea e atemporal*; con ela homes e natureza amósanlle as súas *faces inéditas*, os seus intrínquilis e relacións ocultas, os seus labirintos, pasadizos e pesadelos. Pero, ante todo, desvélanlle as *misteriosas conexións* que se dan entre os *obxectos* e o *espacio*. O espacio non é máis algo no que se apousa un obxecto ou que lle serve de fondo, senón algo que se interacciona con el, que actúa con el, que crea campos magnéticos e configura e conforma; poderíamos dicir que é como unha especie de *cuarta dimensión* que de ningún xeito pode atoparse nas leis da perspectiva tridimensional.

227

Pensamos que Picasso non só facía pintura senón auténtica cabalística visual, porque procuraba as xeometrías e cifras que enguedellan e entrambelican os seres, co cal a realidade experimentada viría dar un xigantesco *puzzle* ou rompecabezas que xamais se remata de compor e do que cada cadro eran anacos.

Decatouse de que todo xeito de representación non é máis que *outra ilusión*, un engadido da ollada, un *xogo de eidola* e de imaxes superpostas a esas outras imaxes ou eidolas que nos entran polo ollo e de cuxa ficticia substancia da que xa falara abondo Platón.

Hai unha realidade aparental e outra agochada. Entre as fendas da primeira, percorrou a segunda; xa polos medios do cubismo, do expresionismo ou do simbolismo. Tomemos, como exemplo, a representación do mítico Minotauro (o propio pintor) que só pode ser domeado pola man inocente dunha nena (¿aquela que ficou perdida na infancia da Coruña?).

O meu poema e estas verbas só queren ser unha pequena aportación para ilustrar esa ollada lúcida, desenganada e aberta: é dicir, *picassiana*.

A poética da ollada

A Picasso, con pombas e vento, cen anos despois de chegar á Coruña

Abril, 1991

228

Abril trouxo con lilas aquel soño augacento,
púxolle á luz do Sur o Norte airado:
bretemosas mañás, pombas e vento
e unha raíña nena saudosenta.
Descubriulle que o mundo ten *adentros*
e ten covas fondísimas
e rúas que se alongan no gris
e se enguedellan
e que hai mares ferísimos
e raias nas que se perde o tino
e fan terteres a rentes de tombar os home todos;
e invisibles buracos que foradan
lombos, peitos, costelas, faces, ollos...
e azuis mentireiros e furneiras
polas que escoan formas coma engado;
e que hai faros finais e sereas
tan grandes coma montes e mulleres
e tamén que hai mulleres apousadas
no remate do mundo pra sostelo...

E sentiu que o Nordés afía chuvias
para esgazar olladas e raiolas
e que tripa as pradeiras espaciais
para tronзалas en anacos todas
i esmiuzar o vértigo en cachenos.

Pois que ten medo o vento das esquinas,
dos pasaxeiros fríos, baleirados,
que con pasos solemnes, rituais,
espellean no azouge as enfonduras
e van para ningures, aló embaixo,
dacabalo das fouces que os encetan.

Alí se vía o neno: alí encadrado,
cos ollos a frangullas nos cristais

daquel novo espellismo fronteirizo
que de alén se achegaba ás galerías.

¿En que mundo me atopo?
¿Que é este mundo no que arrualla o mar
e o Nordés zoa coma un tritón enorme,
unha balea de brazos toleiróns e abaneados?
¡Ese vento outra vez, arrodeando
 xirovagando
 abrindo
 escagallando

os infinitos todos
en chumbo calofrío azul abraio

por lenzos do futuro!

A remuíños viñan os sinais polas rotas do Orzán,
chiscaban ollos no luscofusco foscas perspectivas;
acoitelados,
ríos de sombras do mañán pasaban
coma si xamais foran ou serían:
copas guitarras gatos Minotauros galos xornais xerras violines
uvas coitelos cans mazáns fenestras
naipes paisaxes sillas arlequines nenos fruteiros
rostros caliveras nais pipas mostros homes e mulleres
bicos apertas touros e toureiros mesas cabalos panos partituras
músicos berros

229

¡e o pintor pintando!

Non ten remate o mundo, non é craro,
non é como o miramos ou nos pintan
¡Tanto mundo non colle en ningún cadro!
Ten adentros e aforas, viravoltas,
remuíños, recunchos, labirintos
e dimensións extrañas nunca olladas
E argallaban os ollos interiores daquel Picasso neno:
¡HAI QUE INVENTAR O MUNDO!
¡HAI QUE INVENTAR O MUNDO QUE NON VEMOS!

Autopoética

Luz Pozo Garza

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

POZO GARZA, LUZ (2011 [1989]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 2, 129-132. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/347>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

POZO GARZA, LUZ (1989). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 2, 129-132.

* Edición dispoñíbel desde o 9 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Luz Pozo Garza *

Autopoética.

“Gañarás a luz”, promete León Felipe, xa que toda a poesía do mundo pode ser un único poema. O que varía é a luz. A semiótica actual apoia esa intuición do poeta: o discurso como transustanciación de discursos precedentes ou paralelos. Se é certo, cada poeta engade unha faísca de clardade ó poema total. Imos coa pequena lámpada na noite ata que a revelación, que xacía nas sombras, se fai lúcida e sobrevive. Quizais sexa iso a poesía: clarificación da idea na conciencia. Ou ensoñación malferida que xorde dun ceo incertamente transparente. *A transparencia* de Juan Ramón para comunicar coa Divinidade.

Habería, verdadeiramente, que engadir unha certa luz nova ó poema total. A luz propia que fai fuxir as nosas tebras. A forma persoal de prender unha chama, de acender unha lámpada. O xeito da vixilia nunha ofrenda polos longos pasadelos da noite. A travesía da memoria que albisca na penumbra. A forma omnipresente de engadir un verso á letanía da luz. Que, ás veces, prende coma lume, arde sen consumir e, por fin, eterniza.

No meu caso, a luz permite modificar a doutrina dos astros; abrir un códice pechado na noite; ser coñecemento sutil da condición suprema; trascender, tal o amor, das rúas sagradas do meu pobo; evocar a chuvia nunha praza baleira...

A luz decrece e fire se morre Rosalía e queda alucinada nos ollos de Rimbaud.

Tería que dicir con Víctor Hugo: “Vin a sombra, sen ollada, sen lámpada”. E despois engadir: Mais a luz vai comigo.

(De *Código Calixtino*, 1986)

* Luz Pozo Garza naceu en Ribadeo (Lugo) no ano 1922. Pasou a súa nenez entre esta vila e Viveiro. Durante a guerra civil, por razóns políticas, a súa familia sufriu persecución e tivo que pasar a residir en Marrocos ata 1940. Despois dos estudos de piano, maxisterio e Filosofía e Letras, foi profesora agregada e catedrática de Lingua e Literatura Españolas. Residente en Vigo, na actualidade dinxe, como xa o fixera dende a súa fundación na Coruña, a revista poética *Nordes*, en colaboración con Tomas Barros.

Cultivou a crítica literaria e, sobre todo, a poesía en castelán e galego: *Anfora*, 1949; *El vagabundo*, 1952; *¡ el páxaro na boca*, 1952; *Cita en el viento*, 1962; *Ultimas palabras / Verbas derradeiras*, 1975; *Concerto de outono*, 1981 e *Código Calixtino*, 1986.

Consagración de Trasalba

1 Evocación

Agora que emprendiches navegación de altura
sen cartas nin sextantes
polas roitas celestes hacia o Santo Grial
nunha dorna-araucaria
igual a ti en idade e en materia de morte...

Agora que dominas os espazos e é posible
o feliz refrixerio
nas fontes onde agroman os ríos benamados
do Pico dos Ancares onde é sagrado o acevro
a Santa Tecla
-rosácea de seis pétalas na chuvia occidental-
e podes contemplar ó río Miño
fluíndo entre dúas terras labios dun Cancioneiro...

Evocámoste agora
en Trasalba de acantos e loureiros
acrópolis da patria:
ideas que tomaron forma de identidade
nese xeito de amor que chamamos Galicia
nesa cítara gris
nesa música escura e luminosa que nos traspasa o norte
nesa sorte de morte...

2. Primavera

En Trasalba ofrecían as laverscas
a fragilidade do canto
o sinal onde os ventos convocaron un día
as fronteiras do abrente
coas dádivas de Ceres e de Baco.

En Trasalba
o claro testemuño un río fidelísimo
precipita nunha canle a nosa historia.

Alí se anticiparon tódalas primaveras
e os outonos chegaron mesmo un rito
na ordenación dos días e as colleitas
á solaina do pazo onde principia un reino.

Alí as palabras lúcidas
poden esclarecer o destino dun pobo

na voz dun patriarca
El dixo: hai unha patria e unha terra
e puxo por escrito
a custodia da fala da chuvia do centeo
o legado do espírito. Tanta fidelidade...

3. Desconcerto.

Primeiro foi a aurora emisaria da luz
un instante sagrada
cando o fulgor da patria soaba coma un harpa gaélica
na ofrenda das Fisterras.

Despois crebouse o canto.
Chegaron as consignas insidiosas
no signo dos tambores na índole das bandeiras
na mañá violada:

Tanto manto de loito
tanto pranto
tanta noite cegada
tanta porta pechada
mortes sen cadaleito
nun tempo de borralla
sen saba
sen responso
sen mortalla...

O vento desnortado
espaliou desconcertos pola bocarribeira:
secaron os parrales
cegaron amieiros
e talaron carballos bidueiros...

4. Solpor

Sábese que en Trasalba
moraron as palabras tutelares
no tempo do silencio.

A tarde declinaba na liña dos salgueiros
na curva inmorredoira das glicinas
na sombra das camelias
xunto á fonte Castalia...

A chuvia mainamente petaba nas vidreiras
daquel outono anticipado.

Velaí a man da dona no acender dunha lámpada.
Sobor da mesa aberto un libro de Virxilio
no silencio do pazo.

Na solaina
ollaba o patriarca o Coto de Novelle
a luz occidental
a derradeira carta de Daniel
a patria en vela
e pronunciaba os nomes que non borrara a morte...

As veces no crepúsculo
na lembranza dun sono polas Torres de Oeste
falaba a Rosalía:

“Camiñaba fuxidía...
“Somentes a sombra esguía...

Autopoética

María Xosé Queizán

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

QUEIZÁN, MARÍA XOSÉ (2011 [1994]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 12, 201-203. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/217>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

QUEIZÁN, MARÍA XOSÉ (1994). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 12, 201-203.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

María Xosé Queizán *

Autopoética

Son unha poeta tardía. Seguindo un camiño inverso ao común, foi a poesía o último xénero que publiquei. Tiña, iso si, poesías diversas espalladas en diferentes revistas, pero non un libro. Creo que un libro de poesía non é unha miscelánea poética; un libro de poesía debe ter unha unidade temática, unha estrutura como un ensaio. E isto non o fixen ata o ano 1991 con *Metáfora da metáfora*, ao que seguiron dous libros máis.

¿Por que non me dedicara antes á poesía? Debo confesar que era un xénero que me compracía nalgúns casos, pero o que menos valoraba. Tal vez porque se presta máis ca outro á vulgaridade e improvisación. Tanta repetición de símbolos trasnoitados e reaccionarios, de palabras «poéticas» falsas, redundantes, ridículas... Tanta dor existencial, desacougo, busca de parvos absolutos... Tantas preguntas retóricas para sempiternas respostas que a ninguén importan... En fin, parecíame un xénero afastado das pretensións da miña obra, da desmitificación para darlle a volta ao mundo, da creación dunha escrita materialista, dunha palabra de terra, dunha nova simbolización de palabras vida...

E, maravillosamente, descubrín que podía facer todo iso coa poesía. Escribir ensaio, facer unha escrita onde as verdades e o pracer se fixesen fetichistas da palabra e colmaran as miñas ansias de escritora. Satisfacerme coa síntese ideolóxica, gozar coa lingua, unha lingua de carne e de música. Facer poesía para gozarme no pensamento.

Vigo, maio de 1994.

(*) M^a Xosé Queizán naceu en Vigo no ano 1939, cidade na que vive actualmente dedicada ó ensino da Lingua e Literatura galegas nun Instituto de Bacharelato e ás múltiples actividades (recitais, conferencias, escrita nos medios, guións cinematográficos, teatro, etc.) que a súa condición de notable e activa feminista lle esixen.

O seu labor literario abrangue a novela (*A orella no buraco* -1965, *Amantía* -1984, *O segredo da pedra figueira* -1986, *A semellanza* -1988- e *Amor de tango* -1992), o ensaio (*A muller en Galicia* -1977, *A nova narrativa ou a loita contra o sentimentalismo* -1979, *Recuperemos as mans* -1980, *A muller galega no ensino* -1981- e *Evidencias* -1989), o conto (*Tolería para unha desmitificación* -1972, *Eros e Tanatos* -1977, *O tapete de ganchillo* -1978- e *As botas* -1990), o teatro (*Antígona, a forza do sangue* -1989, *Parados* -1989- e *A cartuxeira* -en prensa) e a poesía (*Metáfora da metáfora* -1991, *Despertar das amantes* -1993- e *Fóra de min* -1994).

IV poemas a Rosalía

I

Cansa de errar polos faiados
tropezando en palabras balorentas
regresas ao bosque.
Aferras no teu ventre
un verbo
coraxe lúcida
rompente de ruídos universais.

Escribes con fame
e con audacia
unha fascinación.

Fuches condenada á valentía.
Calar ou ser perversa.
¡Velaí!

II

Rescatas a pluma do teu inferno
solitario
e nadas contra os ríos da terra
arando nas palabras
Outras
arruinando barbeitos de costume.
Só.

Puxeches a modestia a clareo
sobre a estima.
Mesmo así
as túas uvas fán verdes.

III

Vacíaste de ti nas
viúvas sen pranto.
Disólveste
na memoria das nais.
Navegas ausencias polo Ulla
e aquel vaise.

No último xesto de entrega
arrincas o cravo.

Vacíaste de ti
para o vacío.

¡Quero coller o froito do teu exilio!

IV

Evitando a sacristía
entras no templo.
Inspirada nos misterios
do rosetón
señoreas as palabras.

Oficio de investimentos.

Ti
espida
avanzas no altar da audacia
sen facer o sacrificio aos deuses.

¡Un dedo caerá sobre ti!

Autopoética

Xesús Rábade Paredes

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RÁBADE PAREDES, XESÚS (2011 [1995]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 14, 199-201. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/994>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RÁBADE PAREDES, XESÚS (1995). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 14, 199-201.

* Edición dispoñíbel desde o 1 de xullo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Xesús Rábade | Paredes*

Autopoética

Cando aínda era novo e vivira moi pouco, acreditei incluso na palabra como instrumento ou arma poderosa para mover o mundo. Só o tempo me ensinou que a poesía nace de espesos, remotosísimos silencios, e que apenas se avén coas estridencias. Neste sentido, hoxe busco nas marxes a precisión poética e véxome habitante dunha fronteira tensa. No combate permanente coas palabras, o territorio do poeta é un mundo entre paréntese, sempre nas beiras da radicalidade. En consecuencia, eu só me atrevería a insinuar que a indagación poética é precisar tal vez a través da palabra o horizonte embazado que preside a existencia. Para expresalo coa intución de Dieste, «denantes de ter brillo, ter metal, anque sexa sen brillo».

Nai

1

Era o meu tempo branco, que é sazón indecisa,
 como o da terra rasa que me gardou a infancia...
 Non alpeiraba aínda no horizonte
 a nube cega encapotando a lúa,
 nin había presaxios de noites violáceas
 espaxando sombras,
 arando sucos fondos polo rostro,
 e o meu corazón novo era só dos teus pasos.

* Xesús Rábade Paredes (Seixas-Cospeito-Lugo, 1949) é catedrático de Lingua e Literatura de Instituto, colaborador habitual en publicacións diversas, escritor vocacional e membro fundador do PEN Clube de Galicia.

Obtivo, entre outros premios, o «Galicia» e «Álvaro Cunqueiro» de novela e o «Manuel Antonio», «Galicia», «Lorenzo Varela» e «Esquíu» de poesía.

Nos teus ollos de nai eu non sufrira
o pozo de silencio que che estiñara a guerra.
Ulíasme a herba seca que perfumaba o mundo
e ocultábasme a cifra do medo e dos oubeos,
da noite agatuñando polas abidueiras.

Daquela eu non sabía que abril gardaba a morte,
nin que por entremedias das contras arrimadas
viña un silencio cósmico agallopando a Chaira,
nin que en ti se xuntaban mil xeracións de sangue
que tamén boquexaron ó te engulir a terra...

Polas tarde de outono vou hoxe preguntando
se a morte será certa.

Só os paxaros,
cansos de dubidaren na corda dos solpores,
debruzan sobre a terra rechouchíos de loito,
metáforas en clave de salouco.

2

Coas armas poderosas e inermes que me deches,
voz que aínda retumbas no fondal do meu pozo,
fun levantando inorde
a casa das palabras,
construíndo o edificio vertical do silencio.

Non hai resposta.

O eterno interrogante
permanece aí sempre,
en branco,
na soleira.

3

Estóu só fronte ó mar
galgante sobre as rochas,
engulidor de ventos como escumas...
E ela aparece diminuta e inmensa,
inmensa e diminuta en ondas polo alento,
ondas a me petaren aquí no nó da gorxa,
nos cons do peito trémulo,
rochas deste navío do meu corpo
cheo de vías de auga,
engulindo auga amarga mar adentro.

Son algúns dos seus títulos: *O sangue na paisaxe* (1980), *No aló de nós* (1981), *Matria de sombra* (1987) e *Poldros de música* (1993), poemas; *A terra prometida* (1974), *Morrer en Vilaquinte* (1980), *Saraverde* (1987), *A palabra secreta* (1989), *Branca de Loboso* (1991) e *As sombras do barroco* (1994), narrativa; *Símbolos de Galicia* (1979), *Literatura século XX* (1985) e *Recuperar a voz* (1991), ensaio.

Mar adentro da miña tempestada,
vesme ti, tan grandiosa e pequeniña,
desdebuxada e nítida na lisura do espello
que o balbordo do mar salfire e embaza.

4

Mentres te me vas indo como vento de outono,
esgazándome as follas e inzándome de corvos,
queda a paisaxe espida dos seus dous brazos toca
e un ameneiro triste cabo do encoro inmenso.
Nas veas do meu río choran todas as albas
e un cavorco avesó aniña nos meus ocos.

Puxéchesme a voz dentro para que te nomee,
mais é a voz un encoro que filla dor aceda,
ferida miña inzada, tempo que non demuda,
canto onde axexa a morte de perfil indeciso,
cos seus dentes espidos como arestas de rocha.

Esvaído horizonte, prófugo como un mito,
vaso onde pinga a esencia de todos os venenos,
asolágasme invisio, punxente e desharmónico,
sementando o meu barro con todos os teus ecos.

Mentres te me vas indo como vento de outono,
todo o universo murcho se estíña nos meus ollos.
E preguntolle ó vento que me diga o meu nome,
que proclame de todos os verdadeiros nomes,
febles seres inermes trabados polo noxo,
sempre buscando a cifra xusta de cada cousa
e habitando no raso, na gándara, entre as pedras,
rexistrando tesouros baixo a codia da terra
sen darmos aprendido nin como nos chamamos...

Só golforón de alento feríndonos na gorxa,
ou tal vez ollo inmenso aberto contra a noite.

Autopoética

Román Raña Lama

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RAÑA LAMA, ROMÁN (2011 [2000]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 24, 219-226. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/859>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RAÑA LAMA, ROMÁN (2000). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 24, 219-226

* Edición dispoñíbel desde o 28 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Román Raña Lama

Naceu en Vigo en 1960. Doutor en filoloxía galego-portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela. Catedrático de lingua galega e literatura no IES do Castro de Vigo. Comezou a súa actividade literaria como narrador. No ano 1979 foi Accésit no Vº Concurso de Narracións Curtas "Modesto R. Figueiredo" co relato "Botella náufraga" (Publicado no volume *Pacífico Sul e outras narracións*, Edicións do Castro, A Coruña, 1980). Ao ano seguinte obtén o premio "Celso Emilio Ferreiro" de poesía do Concello de Santiago de Compostela co libro *Retrato de Sombra en Outono* (Edicións do Cerne, Santiago, 1981). Tres anos despois obtén o premio "Cidade de Ourense" coa obra *Nas areias de outro mar* (Edición do Concello, Ourense, 1985). Foi finalista do premio "Esquíu" co poemario *Extramuros da noite* (Edición Esquíu, Ferrol, 1985). No ano 1985 retornou á prosa gañando o primeiro premio do Xº Concurso de Narracións Curtas "Modesto R. Figueiredo" co conto "O último hexagrama" (Edicións do Castro, A Coruña, 1986). No ano 1987 obtivo o premio "Esquíu" de poesía co libro *Da muda primavera* (Edición Esquíu, Ferrol, 1988). Publicou unha edición crítica da poesía de Manuel-Antonio (*De catro a catro e outros textos*, Edicións Xerais, Vigo, 1989). De novo como narrador, no ano 1989 consegue o premio de novela longa "Eduardo Blanco-Amor" coa obra *O crime da rúa da Moeda Vella* (Edicións Xerais, Vigo, 1989). En 1997 gañou o premio "Martín Códax" de poesía coa obra *Ningún Camiño* (Galaxia, Vigo, 1997). Publicou *A noite das palabras (unha aproximación á poesía galega de posguerra)* (Sotelo Blanco, Compostela, 19). Ten publicado artigos de crítica literaria, ensaios e reseñas nos xornais *Faro de Vigo*, *El Correo Gallego* e *A Nosa Terra* e nas revistas *Grial*, *Escrita*, *Nordés*, *Luzes de Galiza*, *O mono da tinta*, *Nó* e *Clave Orión*. Foi membro do consello de redacción do suplemento literario de *Diario 16 de Galicia* e do "Faro das letras". Actualmente colabora coa revista de crítica *Guía dos libros novos*.

219

Autopoética

Máis que repetir aquelas ideas que definen a reflexión sobre o quefacer poético (a necesidade de nomear aquilo que nos estremece e facelo verso, ritmo e diapason da paixón), e que xa expliquei en numerosas ocasións (cada prólogo de cada poemario, algunhas poéticas aparecidas en revistas diversas)

prefiro, neste momento, falar dos poemas que agora publico por vez primeira. Trátase de doce pezas inéditas con algúns elementos comúns. Case todas foron escritas no antigo ano de 1983, cando estudiaba en Compostela e residía nunha casa da rúa Caramoniña, ouvindo a pedra de Bonaval mentres ardía o peito nunha mañá inundada de neves. O primeiro poema, “O lupanar e Manuel-Antonio”, naceu do amor infindo que profeso ao autor de *De catro a catro*, imaxineino visitando un prostíbulo e deixando un anaco do seu corazón entregado a algunha escura concubina; no segundo, “Artur en Fisterra”, seguíu a lenda segundo a cal o fatigado espírito do defunto rei da Mesa Redonda visita a nosa Terra en peregrinación á Costa da Morte; o terceiro, “Ebn Duban”, recolle un relato de *As mil e unha noites*, cando alguén trama unha vinganza orixinal, deposita veneno no bordo das páxinas dun libro para que o lector seguro deste, cando humedeza os dedos nos labios para pasar as follas, morra coa pezoña (procedemento que, por certo, copiou Umberto Eco na súa famosa *O nome da rosa*, polo que eu, cando a lin, non me vin afectado pola sorpresa); o cuarto, “Espello trágico”, trata da eterna dualidade do amor, que fere e deleita a un mesmo tempo; o quinto, “Julius Ceasare”, plasma a conmoción que sentín polo episodio da morte de César, convertido por Shakespeare nun mito indelével; o sexto, “O sosego de Dante”, expón a necesidade de transcendencia para saber levar a morte da amada, cuxo rostro se vislumbra en cada cousa, en cada instante; “Gautamma” rexistra a miña vella devoción por Buda; “La prostitute” deseña unha pregunta acerca do estraño oficio destas mulleres que, a cambio de diñeiro, fan que algúns homes coñezan o que habita na pel neses minutos; “Un inmortal” é o primeiro soneto dunha serie que escribín conmocionado pola lectura dun conto de Jorge Luis Borges onde a eternidade é unha horríbel condenación que padece un grupo de individuos; “Vello soneto” contén o triste estupor que me embargou cando souben a noticia da morte de Celestino Fernández de la Vega; “Pensamento de Heráclito” denuncia que, aínda que quixese pensar como o filósofo presocrático, ninguén pode pensar dúas veces o mesmo pensamento porque a dor do home é distinta en cada segundo das nosas vidas, así como a súa felicidade; por último, “O inmortal” constitúe o segundo dos sonetos dedicados á figura borgesiana, sendo escrito un ano antes que todos os poemas ata aquí vistos. Todos eles, xa o dixen, teñen máis de dezasete anos. Agora sei que a nostalgia, máis que a vaidade, motiva a súa publicación.

O LUPANAR E MANUEL-ANTONIO

Vexo un dourado rostro neste exergo
E as lágrimas empapan a remota
Paixón por terte amado na derrota
Dos meus dedos perdidos en ti. Ergo
Esta moeda turba que deslumbra,
Pido o seu don de cervá e doce rumo
E emerxe a tua memoria, como o fumo.
Busquei o teu contorno na penumbra,
Sentín cálida a brisa e sobre o dorso
Das papoulas creceu o sol no albor
Máis pródigo e secreto. Sen remorso
Descín a un suavísimo limiar.
Somentemente agora sei que todo é dor
E funme, sen amor, para outro mar.

ARTUR EN FISTERRA

221

A espada no regazo desta pedra
Non é de claudicante bronce, elo
Subtil do que non vemos, eu anhelado
A súa posesión. A noite medra.

Merlín non aparece e unha révoa
De páxaros de cores é que irisa
A miña espera e esta débil brisa
Que me converte en hóspede da névoa.

Dormitan sempre trémulas as lanzas
Que non vou empuñar. Nun areal
Sen luz as almas van para outro mundo.

Da liña inescrutábel das lembranzas
Ven unha voz transida. É o Graal
Que serpea e se perde no profundo.

EBN DUBAN

(sobre un conto de *As mil e unha noites*)

Teño os iris feridos. Non habito
As follas dun presente que se esvai
Como a sigla dun nome, como un pai
Que se perde nun pó case infinito.
Agora sei, decerto, que a lectura
Dará morte ao rei grego. Con certeza
Será o seu fin, tamén da sua rudeza.
Decapitado estou e non perdura
Mais que a vinganza, sabre dun eunuco
Que vinga o meu castigo, a represalia
Contra quen me matou (morreu a dalia
Nun alxibe e na tarde en que caduco).
Dentro do rei o tóxico se expande
Con cruel devastación. Alá é grande.

222

INVERNÍA DA CAMELIA
ESPELLO TRÁXICO

Cando unha flor se agosta e se consuma
E unha luz negra na retina incide
O corazón que late e que me abruma
Quer que esta miña tempestade olvide.

Páxaro de asas onde habita a bruma
Vehemente como un lume que divide
A noite nosa, algún delirio, a escuma,
que foxe no albor, sobre esa vide.

Desexo que retorne a aurora, o canto
Da breve chuva, o doce territorio
Do xílgaro e das algas, da ardentía.

Os meus ollos agardan o esponsorio
Das luces e das sombras encuanto
O soño que morreu xa se esvacía.

JULIUS CAESARE

Agora vexo un grupo numeroso
Que alberga unha intención cruel. Aumenta
A miña desazón perante a lenta
Chegada cara a min. Non é moroso
O meu pesar. As mortes enaltecen
A memoria dos homes se na guerra
Entregan as suas vidas e na terra
Destilan o seu sangue e, logo, tecen
destino co alento das espadas.
Mais morrer deste modo desigual
Deixa nos labios un sabor a cuarzo.
Fillo da miña sombra, agora nada
Entre estes dous anhelos. Un puñal
Torvo postula a miña morte en marzo.

SOSEGO DE DANTE

Non vou xemer a morte de Beatrice.
Non poderei chorar a amada cinza
Convertida na terra que escurece
sempiterno ébano da noite.
Non debo xa chorar por esa morte
Na gozosa prudencia das palabras,
Só podo ter o xúbilo do esposo
Cando os astros converxen nun só ardor.
Non chorarei a morte de Beatrice,
Pois contemplo nas nubens o seu rosto,
E descubro nas brisas as suas pálpebras,
Os ollos que acharei no Paraíso.

GAUTAMMA

(1973)

Para ver entre as flores a oferenda
Da névoa e do claror elevo os duros
Ollos nas fendeduras, extramuros
Dos lumes que se apagan nesta senda.

Non posúo a mañá neste confuso
Ir e vir que chamamos vida, sina,
Calquer nome da morte ou da ruína
Do que somos, relámpago difuso.

Para aquilo que morre unha só dor
Abonda, mais tamén o brillo avaro
Do amanecer na súa lenta marcha.

Para aquilo que foi o desamparo
Que non direi, vocábulo de escarcha
Ou algunhas palabras de vapor.

224

LA PROSTITUTE

Que Odiseus incrustase no único ollo
Do monstro unha madeira incandescente;
Que Teseu exterminase os foraxidos de Istmos
E derrotase o Minotauro coa forza dos seus puños
E soubese saír do labirinto;
Que noutro tempo as naves de Jasón
Sulcasen o intermimo oceano
E el mesmo puxese xugo a dous touros
De pezuños de bronce
E sementase os dentes do dragón de Cadmos
Que logo serían homes...
Perante estes incertos sortilexios
Que a memoria rexistra desde a noite
Digo, acaso non é máis prodixioso
Que en troca deste círculo de cobre
Poda brotar un beixo dos teus labios?
Que a cambio desta esfera de metal
O teu xemido vibre fronte á aurora?

UN INMORTAL

Condenado por Quen. A miña infancia
Prolongouse, ben cedo, na penuria
Das estacións. Bebín unha substancia
Imprecisa nun cálice de Etruria,
Coñecín a balestra de Cartago,
Un grego innumerábel dixo: nada
É eterno. E unha morte levou cada
Átomo do seu verbo para o lago
De Hades. Cuase sentín a morna frecha
Cravarse no meu peito, na batalla.
E escoitei na poeira a voz grisalla
De Artur, que me chamaba, nunha endecha
De Edimburgo, que nunca foi ouvida.
Inmensas vidas foi a miña vida.

VELLO SONETO

225

(á memoria de Celestino Fernández de la Vega)

Agora é que regresa a luz tardía
Ferindo estes meus ollos, como un dardo,
Resuscitando a alba encanto a gardo
En min amadamente, esa outonía.

Unha noite fulgura fuxidía.
Entro nun soño sinuoso e tardo
En ser outro e contemplo como ardo
Sen min nos labios dunha sede fría.

Queiman voces, supuran cicatrices.
O inverno transparente xa ma invade,
Como un corpo ondulante en preamar.

Orvállase o que eu amo, eses felices
Arrebatos de luz, o que se evade
No río escuro en que me vou bañar.

PENSAMENTO DE HERÁCLITO

Como te vas na lágrima do río
Diluír, inquietude deste mar
Que morre diriamente, sen parar
De entregar os despozos. Este fío
De luz vai perecer noutro vacío,
Aquel que chega da lembranza e diz
Que o meu fin está perto e son feliz
Sentindo no meu seo o calafrío
Daquilo que deixei, o meu reflexo
Nesta agua tranquila e poderosa
Que decorre sen min. Somentemente pido
Que conclúa o seu non e vexa o nexo
Que me une a unha sombra dolorosa
En que penso que son quen non tes sido.

226

O INMORTAL

(Sobre o conto homónimo de Jorge Luis Borges)

Eu descoñezo esa temíbel lanza
Que chaman morte ou thánatos, indicio
Da outra beira que chega ou precipicio
Do non ser que nos deixa sen bonanza.
A paixón é quen salva e quen me deixa
Amar eternamente esta alborada.
Soño ás veces coa sombra nunca dada,
Nese lugar translúcido en que a queixa
Non existe. Desertos e baías,
Sonámbulas mañás, cidades vagas,
Deseñan o meu sempre. Son aciagas
As gotas desta chuva, os mesmos días
Que vivo cada día e penso: “exento
Estou do lodo turbo e do lamento”.

Compostela, 1982.

Autopoética

Claudio Rodríguez Fer

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RODRÍGUEZ FER, CLAUDIO (2011 [1991]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 6, 159-161. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/345>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RODRÍGUEZ FER, CLAUDIO (1991). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 6, 159-161.

* Edición dispoñíbel desde o 14 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Autopoética

Eu comecei a escribir e publicar textos en prosa ao mesmo tempo que poemas e cunha concepción moi semellante: esixir a aqueles a mesma intensidade vital e literaria que se esixe a estes, cos que están en aberta sintonía. No limiar do libro *Meta-relatos* expuxen a intención crítica, no ético e no estético, daquela narrativa, que a unha amiga miña lle pareceu máis propia do século XXI que deste momento do século XX no que se narra como no século XIX.

Pero o acriticismo narrativo non ten parangón coa asunción da complacencia erótica que, a través da norma oficialmente establecida como principio moral no sistema vixente e da transgresión subrepticamente tolerada como necesaria válvula de escape, domina na literatura e na vida, se é que a iso se lle pode chamar tal. Pero o erotismo pode ser moito máis, mesmo no terreo da escritura, outra experiencia sen límites e sen modelos. Escribir ou vivir a miña propia obra amatoria reveloume a importancia da erotización da linguaxe, territorio carnal absolutamente colonizado. Secuencias de apocalipse edénico: éxtase vitalista de tanto que me aman e que amo. Big Bam. A escritura é unha vivencia erótica que remite a unha memoria erótica e que provoca outra experiencia erótica. Para min, nada que non sexa subversión ou muller.

Aráñame

Tendeume coas súas patas posteriores un fío de xugo glutinoso que recollín desde a fiestra do faiado. Entón retirou as súas gafas de sol azúis e negras e, mentres

(*) Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956) publicou sete obras poéticas (*Poemas de amor sen morte*, *Tigres de ternura*, *Cinepoemas*, *Historia da lúa*, *A boca violeta*, *Lugo blues* e *Cebra*) e reuníu toda a súa poesía erótica en *Vulva*. Publicou varias coleccións narrativas, reunidas no libro *Meta-relatos*, e seccións de *Os paraísos eróticos* en diversas colectáneas (*Contos eróticos* e *O relato breve*). Moi interesado pola imaxe, escribiu estudos sobre cine e fixo guións para películas e vídeos.

Entre os seus estudos literarios destacan os libros *Poesía galega*, *Arte literaria*, *A Galicia misteriosa de Anxel Fole* e *Antonio Machado e Galicia*. Fixo edicións introducidas e anotadas de Anxel Fole (*Contos de lobos*), José Angel Valente (*Cántigas de alén*), X. L. Méndez Ferrín (*Con pólvora e magnolias*) e Uxío Novoneyra (*Os eidos*), as dúas últimas con Carmen Blanco. Colaborou en numerosos libros e revistas de dentro e fóra de Galicia.

É catedrático de Lingua e Literatura Españolas de bacharelato e actualmente exerce no Campus lucense da Universidade de Santiago de Compostela. Proximamente publicarase a súa tese de doutoramento sobre *A literatura galega durante a guerra civil*. Foi Premio da Crítica Española de poesía e Premio Lousada Diéguez de investigación.

colocaba con cuidado unhas lentiñas, puiden ver as súas longuísimas pérfebas, que chegaban ao máis fondo da cova da que viña, ou aínda máis lonxe. Tensou o fío cara si e adosouno tirante ás lousas do tellado. Eu pensei que comezaría a tecer alí a súa tea, pero esbarou con soltura polo fío e penetrou na casa cun sorriso, pedíndome pasar o inverno nela.

Colocou os seus fíos de extremo a extremo e, transversalmente, teceu unha especie de hamaca, onde se espatarrou mentres fumaba oito pitillos xuntos, sosténdoo coas súas oito patas. Contoume que quería practicar a espeleoloxía na miña caverna urbana, mentres quitaba as lentiñas dos seus ollos de dinosauria antiga e cruzaba catro extremidades sobre as outras catro, aínda que unhas nun sentido e outras noutro. Polo demais, pasábase case todo o día durmindo. Despois de descansar, escoitaba música e bailaba levando en cada pata o ritmo de cadanseu instrumento.

Como non deixaba de fumar e como para trasladarse pola casa utilizaba os seus fíos elásticos e mornos, axiña me vin atrapado nun labirinto de teas e nunha néboa de fume na que adormeciamos xuntos. Eu ás veces arrastrábame por debaixo das súas patas en busca de provisións, pero case sempre desfalecía tratando de avanzar inutilmente naquela engrela de tecidos arácnidos.

Cruzando por debaixo das glándulas do abdome fíxenlle cóxegas no pube, que sobresaía da vulva como un altar esplendorosamente estendido entre as súas magníficas antepatas. Entón ela espertou sobresaltada e sentín a súa mirada na caluga desde o fondo dos tempos. Primeiro entreabriu a vulva suavemente e deflagrou un licor agredoce que engulín con avidez e entrega. Logo deuse a volta e, mostrándome o traseiro, ofreceume en alimento os seus fíos longos, tépedos, doces e tenros. A hibernación terminara.

-Aráñame, dixen, comprendendo que non quería saír do recinto nutricio das súas covas carnis e que me alimentaría para sempre dos manxares glutinosos do seu corpo de araña. Ela pestanexou lentamente, arrastrando coas súas pérfebas infindas o resto do meu mundo. Cando eu me esluín por completo no fondal dos seus ollos de acibeche, notou que a abrazaban oito brazos e sentíu o que só poden sentir as femias abrazadas polos amantes arácnidos.

Veciñame

Cruzabamonos fugazmente cada día, pero no breve lapso en que nos viamos abociñaba os seus beizos de bicadora antiga e baixaba con zozobra as súas pérfebas. A penas había tempo para o sorriso, pero este chegaba despois de que nos foramos cos nosos respectivos axetreos.

Se tivese que contar a nosa historia, abondaría con agregar un diminutivo á vella fórmula do comenzo dos contos para reducila á mínima expresión: “Érase unha vez...iña”.

160 Todo sucedeu a unha velocidade vertixinosa mentres subiamos no ascensor. Apremiado polas presas, eu só acertei dicirlle: -Veciña...me, e comprendeu que a

mencionaba, que a recoñecía, que a desexaba próxima, que me pronominalizaba para ela. Se tivese dado máis explicacións non habería tempo para amarnos naquela única ascendida. De feito, abstívenme de suxerir que continuáramos subindo porque ambos estabamos extraordinariamente ocupados.

O noso amor lembroume ao deses paxaros que se aparean rozándose en pleno voo nun encontro súpeto e aparentemente imperceptíbel, pero a nós aínda nos deu tempo para cambiar de orificio.

Deséñame

Chegamos pola mañán recén vestidos. Cruzámonos na longa galería dos espellos. Eu levaba chaqueta azul de camuflaxe urbana, deseñada por Adelle Lutz, e *blue jeans* estreitos con botóns fúcsia, quizais de Pierre Cardin. Ela levaba un vestido de licra negra moi cinguido, obra de Elsa Schiaparelli. Recorrímonos coa vista fugazmente, pero entendímonos un centímetro máis alá da pel.

Ao día seguinte lembrámonos mutuamente á hora de vestirmos. Por iso ela engadiu un pano de seda fúcsia á súa camisa de gasa con cristal, deseño de Nina Ricci, mentres que eu aparecín con casaca de licra negra de Yves Saint-Laurent, cruzada en diagonal por un verso de Jean Cocteau. Claramente establecérase xa o diálogo.

O terceiro día, que sempre é o máis importante, ela portaba un vestido *Picasso* en satén negro con abelorias e eu un xersei *Mondrian* de lá, ambos obra do mesmo Saint-Laurent. Desde aquel momento non deixamos de comunicarnos a través da indumentaria.

Bocexos de Karl Lagerfeld, bisutería de Christian Lacroix, saias nocelleiras de Christian Dior, minisaias de André Courrèges reconvertidas por Mary Quant, metais e transparencias plásticas de Paco Rabanne, sacos de Balenciaga, encaixes de tafetán de Coco Chanel, recendos de bergamota extraídos dos templos vidrados de Armani, sombreiros de plumas verdes de Pierre Cardin, todo canto se podía adquirir ou alugar nos mercados do fetichismo foi sucedéndose entre ambos como un diálogo de amor, de reto, de sensibilidade e de ousadía. Padeciamos a tensión de ir cada vez máis lonxe, de sorprender e de agradar máis alá da convención e do límite.

Ata que un día, maxestuosa desde o fondo da galería, ela deixou caer o seu abrigo *Coca-Cola* de crêpe sedosa con espuma de organza, inspirado por Andy Warhol, e quedou completamente núa. Entón eu non puíden aturar máis: -Deséñame, dixen, mentres me espía rendido diante dela e me entregaba ao seu deseño para sempre.

¿Autopoética?

Ana Romaní

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ROMANÍ, ANA (2011 [1996]). “¿Autopoética?”. *Boletín Galego de Literatura*: 15/16, 267-269. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/313>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ROMANÍ, ANA (1996). “¿Autopoética?”. *Boletín Galego de Literatura*: 15/16, 267-269.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Ana Romani¹

¿Autopoética?

Palabras de carne, ser nome e ser auga. Camiño que desenreda o novelo. Labirinto preciso para un encontro. Palabras desde o silencio, para estar no mundo, fronte ó mundo, na outra banda dos mundos. Tensar a voz. Contra a impiedade ser serpe, cobra que se engule e se desliza e se reb(v)ela. Soñarse auga e cántara ó tempo. Necesidade e coñecemento. Tal vez descrenza.

Catro poemas

É unha planicie branca de códigos segredos,
 un espacio aberto sen o pulso duro desa historia,
 un terror que varre as buganvileas amorosamente
 amamantadas nos estíos. Non ten forma.
 Nas esquinas máis rosadas a degraño,
 bebo o zume gris da inexistencia, a calculada dor
 da madeira que a tensa.
 A planicie ábrese intacta e subvertida.
 No seu van cada unha das estrelas, as da liña escura
 difusa luz que cega, e as que curvan co seu olor
 os rostros dos días. Nela as ondas que te axitan,
 os versos que depredan, as erosións do tedio.
 Nela as pantasma e a ousadía e a boca que bebe
 das cántaras de Abril tan docemente. Que calma
 a da dúbida que abre os territorios brancos
 amamantada. A que turba a liña das horas escondida.
 E qué inmensa a sombra estendida en seda, os seus perfís
 verquendo *palabras e palabras e palabras*.

¹ Ana Romani Blanco naceu en Noia o 8 de Agosto de 1962. Na actualidade vive en Santiago de Compostela, onde traballa como locutora da Radio Galega. Desde hai catro anos dirixe o programa diario de información cultural «Diario Cultural» e desde hai dous o musical «Encontros co Folk». Publicou ata o momento dous libros de poemas: «Palabra de Mar»(1987) e «Das últimas mareas»(1994) e a separata poética «Abril»(1996). Mostras da súa produción poética viron a luz en libros colectivos como «Palabra de Muller», «Queimar as meigas» ou a carpeta «Oito e medio». Participou na creación da revista «Festa da Palabra Silenciada», da que é colaboradora habitual. Pertence ó Consello de Proxectos do suplemento literario «Revista das Letras» do xornal «O Correo Galego». Poemas e artigos da súa autoría viron a luz en diversas revistas e xornais galegos.

Os soleados espacios da tarde calman esta hora,
a ela vos convoco que veñades pousar esa dor tan suave,
ese líquido leve que se desprende ó paso,
a apatía da auga ancorada nos seus ollos. Asistide así,
como eu agora, ó levedar do tempo demorado.
A viaxe foi o certo paso dos quilómetros,
aunque o rostro doutras xeografías
mudase a ollada da que mira. O instante é así,
voluble abaneo do corazón a tantos metros de altura.
Unha bola branca e transparente, sobre esta mesa o mundo.
E son tan graves as palabras, estratexias de aves cegas
a bater contra as paredes.
Veña pois a tarde calmar esta hora,
o sol de Setembro morno, áspero tal vez para os pétalos.
O voso labio bebendo con ansia o levedar do tempo.

Que amenza e se abra o sol por esta fiestra,
que a calor de Setembro anegue cada oco desta casa,
os estíos son para o silencio, deixa que os días sedimenten,
os seus marcos delimitando o tempo. Que se encha da luz
que estremece, espellismos mesmo sobre as augas,
loulear no medio das mareas. Que devale así o verán,
atesourando aromas, episodios do tacto, rastros de nostalxia
ós que regresar coa memoria tamizada.
Que a voz tense só o labio exacto, o que nomea a luz
sen ser máis nada, nin auga, nin sal, luz
para as horas claras. Engólase con tonos graves a tarde,
a tarde que é branca. Que se calme o verbo,
que non ande con guirnaldas,
tan presuntuoso de palabras. Que só Setembro sexa
o sedimento.

As que teño son palabras
raras e extremas.
Zurcen os ocos
da sombra para desfacer tecendo.
Son palabras do sal,
da materia do abismo, da estirpe
sen lingua acalada,
son periféricas.
Carne dun corpo que ordeña
o leite excesivo da terra.
Por iso non nomean o mesmo,
por iso os acentos nas lindes,
o desexo do océano.
Son palabras do estigma, da negra,
dun territorio intacto aberto
nas inquisidoras estacións do silencio.

Propias ás
para o perfil do espasmo
cando os labios se contraen
e estarrecen.
Inútiles palabras salgadas
arestas do pó
que bebo.

Setembro 1996

Autopoética

Xesús M. Valcárcel

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VALCÁRCEL, XESÚS M. (2011 [1993]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 9, 159-164. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/343>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VALCÁRCEL, XESÚS M. (1993). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 9, 159-164.

* Edición dispoñíbel desde o 18 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Autopoética

A arte actual aborrece a alegoría. Sen embargo, a forma alegórica gozou no pasado de extraordinario favor. A polémica, que xa aparece entre aristotélicos e platónicos, seguiu viva ó longo da historia; a súa actualidade, sen dúbida, débese a que está relacionada coa esencia mesma da literatura e a súa función, como observa Borges. Entre os que combateron a arte alegórica (Aristóteles, Schopenhauer, Hume, Croce) os argumentos deste último son os máis radicais. Croce non admite diferenza entre o contido e a forma, e entre nós numerosos teóricos secundaron para a poesía eses criterios. Así –afirman– a poesía sería esencialmente forma: ritmo, música, significativa.

Nunca compartín esa opinión, na que está implícito o erro estético de que a linguaxe esgota a realidade.

Non se trata de escribir un texto, ou de pintar un cadro, e despois poñerlle unha rotulación alegórica, como Violencia ou Pracer. Esa alegoría, debo recoñecelo, nada aporta á obra rematada. Agora ben, todo cambia se partimos das limitacións da linguaxe para expresar a realidade. E o poeta sabe que hai no espírito zonas escuras, labirintos, recantos e confusión que as palabras, directamente, non son capaces de expresar. E declarada insuficiente a linguaxe, queda inaugurado o territorio da alegoría, que é un signo de signos, e como tal, polo seu valor de síntese, a única forma capaz de iluminar os misterios do espírito.

A miña poesía é, pois, alegórica. Foi mentres estaba a escribir *Rosa clandestina* –un libro de moi delongada xestación– cando me decatei de que o meu proxecto poético compoñía «un itinerario na procura do coñecemento». A poética é, pois, posterior á obra, alomenos en parte. Descubríñ así que o universo simbólico que estaba a artellar, de xeito recursivo e vertebrado, representaba a xeografía da miña

(*) Xesús Manuel Valcárcel naceu en Lugo, no ano 1955. Figura entre os poetas do colectivo Cravo Fondo. O seu primeiro libro individual, *Tránsito*, apareceu no ano 1984. De 1985 data *Emáñ*, tamén de poesía. Nese mesmo ano, apareceron na editorial Galaxia os *Contos nocturnos*, primeira incursión do escritor na prosa narrativa. *Rosa clandestina*, libro de poemas que lle valeu o premio Leliadoura da Editorial Sotelo Blanco, viu a luz en 1989. Con *A porta do lume* (1992), gañou o Premio Esquío de Poesía, convocado e editado pola Caixa Galicia e a Sociedade de Cultura Valle Inclán, de Ferrol. *Areas do fondo* (1992), que publicou Edicións do Castro, é, ata o de agora, a súa última achega en libro á poesía.

propia viaxe interior. Desde que averigüei as estacións e os aspectos da trama, manifestouse a utilidade das formas alegóricas, que, máis alá do significado literal, permitíanme unha pluralidade de significados figurativos.

A iniciativa (chamouse Epigonía; chámase Tránsito) está composta por sete libros: (*Murallas, Tránsito, Emaín, Rosa clandestina, A porta de lume, Areas do fondo e Manual para aprendices*. Foron publicados, con *Murallas* que aquí se presenta, seis; anda no prelo o último.

A novidade máis salientable do proxecto no seu conxunto é a reivindicación do significado e, especialmente, dos sentimentos, como motivo poético. Non pretendín nin achados formais nin innovacións estilísticas: unicamente expresar sentimentos. No código verbal, o significado transcende ó significante; en poesía, a súa necesaria e íntima asociación, para min, é desigual. Pódese denominar *sentimentalismo*, certamente, porque o que quixen facer foi unha revolución sentimental. Tal reivindicación temática, por certo, impetuosamente, parece abrirse paso na actualidade en medios e xéneros alleos á poesía escrita. Deixando á parte os aspectos maniqueos desas propostas, é importante observar como numerosos indicios apuntan de novo a unha arte centrada nas preocupacións humanas: no sentido e o destino do home no universo. O sentimentalismo é, tamén, un humanismo.

Podería parecer, polo que arriba dixen sobre a alegoría, que o itinerario do que falei emprega a razón como motor e combustible. Non é así: trátase dun *itinerario sentimental*, e por efectivo, precisamente, non suxeito á lóxica. Se ben na configuración da obra se evitou o caos, por mor da claridade expositiva, o certo é que o guieiro é a intuición, considerada como ferramenta superior de coñecemento ó xeito de Bataille ou Blake.

As referencias do significado abranguen unha nómina imposible de autores. Pero, por riba dese dilatado repertorio, o que se conta é unha experiencia de investigación, que transcende necesariamente o persoal, sobre a esencia do ser e a súa identidade. Nas súas conclusións, a obra apunta á unidade cósmica, á revelación, á salvación a través do amor; á comprensión.

Murallas

Libro primeiro

Mostra moi ben o estado de ignorancia do heroe e de abandono. Fanse algunhas imprecacións, con elas varias preguntas e despois delas unha súplica.

I

¿Que distancia, que botellón de olvidos, que
baleiro,
que violencia,
que burato de espantos habitaban,

sombra de soedade, as túas entrañas?
¿Que eras, terror? ¿Que eras?
¿Estabas ausente, estabas
rodeado do teu centro, lugar
perdido, abismo, corazón deshabitado?

¿Que sentías? ¿Que noxo
de ti mesmo, que fondura palpabas,
que longa cicatriz lambías
de medo, de sombra, de pavura?

¿Que sentías, terror? ¿Que angustia,
que soedade terrible,
que violencia,
fauces sen fondo de amargura?

¿Que me querías demostrar chamando
por min,
para que me convocaches desde a noite,
tebra dura,
desde os espacios cósmicos interestelares
que se parecen a ti? ¿Por que, terror?
¿Que necesitabas compartir?

¿Querías divertirte? ¿Na túa noite
non había
cabalos, nin figueiras, nin lousas,
nin estrelas? ¿Que había?
¿Estaba previsto eu, pálido
asombro, arrepío vestido de pallaso,
zozobra con orellas,
habitante
desta cidade na que me consumo
en desacougo, señor
deste imperio de preguntas?

¿Estaba eu previsto? ¿Estaba
a miña insólita figura descrita nos libros,
can sen dono, a buscarte
por choivas e desertos, por camiños
que atravesan a noite,
que atravesan os páramos e que atravesan
o meu corazón de neno?

II

Ah, lugar
lugar de avenidas negras,
de paxaros negros,

de farolas negras...
Ah, triste
colexiala
de lazos perfumados, amor
nos bulevares.
Días de sol, días de azul
no fondo das prazas
e no fondo dos bosques, compañeira....

Ah, lugar,
tumor extraviado
nas simboloxías, ladrón
de bolsas de leite polos portais
da madrugada, desamor,
suburbio e desespero...

Ah, cidade, sumario
de experiencias, territorio sen fin,
¿de que gran urbe separaches a miña equivocación,
de que ubre
perdida
mana a túa luz, lugar amado, o teu mencer
de neve, a miña interrogación
desesperada?

III

Aquí estou, diante de ti.
Aquí. Son este feixe
mal atado de preguntas.

Veño desde os limos,
desde as pedras de mineral,
desde os grelos e as patacas,
desde as latas de sardiñas
e as hortensias,
desde as bochas nas mans,
desde a ilusión e desde os ríos
de prata
nos que mollaches as meniñas dos meus ollos
rodeados
de pratos e de campos amarelos
de trigo.

Teño zafiro corazón, cristal
azul de brasa

no centro do universo. Alimento
no interior unha forxa de lume.
Son unha chama, unha pavea
untada de graxa,
un facho de palla, unha toma de salgueiro,
unha columna
de gasolina, un incendio
no interior da cidade convertida nunha forxa
de lume.

IV

Por favor por favor,
non me deixes só. Estende o teu brazo
poderoso,
a túa man de sombra e metal vello
e faime un aloumiño,
ponme a man na fronte como a un neno
para que eu saiba
que estás aí, que te lembrás de min e que me miras.

Son tan torpe, son tan estúpido e tan burro,
tan ruín,
tan cheo de dúbidas e de malas feridas
que non sei.

E ti es tan importante, terror.

Serei como ti queiras,
farei o que ti me digas, irei
a onde me mandes. Pero atende,
por favor, esta súplica.

Non estou seguro
de ser capaz de amar o suficiente.

Eu son
un pequeno noctámbulo,
un cidadán limpo, a penas
un borracho sorprendido pola noite
no centro podre do teu corazón.

Deixareino todo por ti,
abandonareino todo
para amarte,
para estar a ben contigo,

para merecer o teu amor improbable.
Seres perdidos, humildes cans
lambendo a túa suposición,
mollados de intemperie,
rabuñando no aire portas invisibles,
¿que podemos facer?

Seres tambaleantes nos zócolos
do viño, seres perdidos,
atoutiñantes, cegos sobre o abismo,
preguntando parvos polo teu corazón.
Seres caendo nas oficinas,
nas fábricas,
nas grandes empresas, nos estadios,
seres caendo, tambaleantes, nas tabernas
que preguntan o teu nome,
que preguntamos o teu nome.

O teu nome querido, o teu primeiro nome.

Notas para unha autopoética

Xulio L. Valcárcel

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VALCÁRCCEL, XULIO L. (2011 [1998]). “Notas para unha autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 20, 145-147. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/343>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VALCÁRCCEL, XULIO L. (1998). “Notas para unha autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 20, 145-147.

* Edición dispoñíbel desde o 14 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Xulio L. Valcárcel*

Notas para unha autopoética

1º. Unha *excusatio*. Nin por retórica, nin por falsa modestia: eu non son un teórico da literatura. Sospeito que a reflexión sobre o fenómeno poético e sobre o proceso de creación non é inútil nin ociosa (hai autores que pasaron á posteridade máis polo corpus conceptual que polos froitos das súas concepcións poéticas: Mallarmé) pero estimo insuficiente tratar de someter a canles racionais algo que ten tanto de intuición, de aloxicismo e de irracionalidade, como é o fenómeno poético. Se así for, os mellores poetas serían os catedráticos de literatura, os críticos e teóricos, pero a experiencia ensina cousas ben distintas. No fenómeno poético hai unha serie de claves escuras, misteriosas..., non susceptíbeis de ser codificadas..., (esa é a súa grandeza). A poesía pode ser entendida sen “entenderse”, sen ter que ser explicada.

2º. A poesía, que está a perder presenza nos *mass*, prensa, radio, etc., (aínda que xurdan outras alternativas como Internet), é, como expresión dunha emoción ou dunha vibración sentimental, un fenómeno de masas que está (ás veces) nos versos, pero tamén en moitas outras manifestacións da vida. A poesía impregna todo: unha cantiga popular, a expresión dun afecto, un concerto de pop/rock ou un partido de fútbol, coa súa liturxia de bandeiras e cánticos, son nun senso lato, fenómenos poéticos. Poida que Manolo García, Alejandro Sanz ou Mecano sexan os

(*) Xulio López Valcárcel (Lugo, 1953) participou nos colectivos poéticos “Cravo Fondo” e “De Amor e Desamor,” así como nas obras que estes xeraron. Individualmente, ten publicado os poemarios: *Véspera do día* (1979), *Alba de auga sonámbula* (1983), *Solaina da ausencia* (1987), *O sol entre os dedos* (1993) e *Memoria de Agosto* (1993). A súa obra está recollida en numerosas antoloxías como a *Escolma da poesía galega* (1984), de Xosé Lois García; *Desde a palabra, doce voces* (1986), de Luciano Rodríguez; *Poesía gallega de hoy* (1990); *Antología de la poesía gallega última* (1991), de César Antonio Molina e Francisco López-Barxas; *Los caminos de la voz. seis poetas gallegos de hoy* (1995), de Luciano Rodríguez e *Poesía Gallega Contemporánea* (1996). Así mesmo, conta con dous volumes antolóxicos individuais: *En voz baixa (Quince anos de poesía 1979-1994)* (1995) e *El volumen de la ausencia* (1997), edición bilingüe galego/castelán, ambos os dous con selección de Luciano Rodríguez. Foi Premio Nacional de Poesía para menores de 25 anos, Premio Guimarães (Portugal), Premio “Celso Emilio Ferreiro” do Concello de Santiago en 1979, Premio “Antonio Tovar” de Ourense en 1993, Premio “Miguel González Garcés” de A Coruña en 1993 e “Premio da Crítica Española” 1994, entre outros. É autor de diversos traballos sobre arte e literatura e dun libro de relatos: *Anel de mel* (1991).

xograres actuais..., agora ben, teño dúbidas a respecto do proceso de *vulgarización* do potencial poético que a sociedade agocha. Sería necesario conxugar difusión e calidade. (Escoitar a miles de persoas cantar apampadas “aire urbano, que aunque no es el más sano, lo prefiere el ser humano..”, resulta un espectáculo frustrante..., pero non deixo de recoñecer o papel fundamental de cantautores como Paco Ibáñez, Amancio Prada ou Serrat -recentemente Ana Belén con *Lorquiana*- á hora de achegar a poesía ao gran público. Un público que nunca accedería a eses poemas pola vía do libro). Isto non me impide soste que, certamente, a poesía esixe unha ascese, un esforzo para chegar a ela. Por iso o lector de poesía non é un lector consumista, por pasar o rato. É un lector/receptor que interioriza a mensaxe recibida e que incluso a memoriza, que a experimenta como propia, nun proceso de auto-recoñecemento e de identificación. A poesía en canto funde concepto e expresión, fondo e forma, en si mesma (unha é o outro, forma e fondo son o mesmo) permite a esencialización e, en consecuencia, a súa pervivencia temporal... Ese milagre de sentir a cantiga de Mendiño como algo noso, actual.

3°. Tanto como expresión dun concepto ou como transmisión dunha emoción, interésame a poesía como vía de coñecemento. Fronte ao absolutismo brután do racionalismo e do neopositivismo, que reducían o coñecemento ao verificábel empiricamente, a poesía constitúese nesa outra vía de acceso ao inefábel, ao non evidente nin expreso, á outra cara da lúa: realidade oculta máis densa e máis complexa á que podemos achegarnos, que podemos percibir, a través da poesía, como en xeral a través da arte en calquera das súas expresións. A este respecto non deixa de ser interesante a aproximación da ciencia actual, moi achegada á filosofía e a poesía nalgunhas das súas formulacións abstractas. Temos aí unha confluencia de métodos complementarios para acadarmos un coñecemento máis completo da realidade. O poeta escribe para tratar de esclarecer o que ten de máis oculto, de máis secreto e escuro, de máis único e indescifrábel... Os sentimentos son os mesmos que os do resto das persoas pero a emoción do poeta vai máis aló, a ofrendar o “indecible”, e que sen embargo hai que *decir*, transformando o desconocido en cognoscíbel. O poeta, di Reverdy, está “na intersección de dous planos cun fío cruelmente aceirado, o do soño e o da realidade...”

4°. O xerme creativo do poema está dentro, é un rumor, un son, unha idea..., que haberá que verquer cara a fóra, na forma que esa vivencia teña interiormente. Ou sexa, a forma non é anterior nin posterior, é simultánea, e pode ser en versos clásicos, brancos, libres... pero sempre buscando a unión íntima entre a palabra e o espírito. O que non cabe é prefixar unha forma estándar, previa, como un molde no que se verque o material poético. O resultado pode ser tecnicamente intachábel pero carente de alento e de credibilidade. Do que se trata, en suma, é de que se produza unha comunión entre pensamento e sentimento. A palabra poética non é didáctica, non reflicte a realidade senón que a crea de novo. Na linguaxe poética as palabras non teñen o uso de cambio e de utilidade ordinarios..., no poema as palabras empréganse coa inocencia e a forza auroral da primeira –e da derradeira– vez. Non como moeda de troco, que significa algo que non é, senón como valor ouro (Valery): a moeda non vale o que representa, senón que representa o que verdadeiramente vale, o valor monetario é o mesmo que o valor metálico.

5°. Outra *excusatio*. *Musa tenuis*, palabra sinxela, trémula, fráxil, case desvalida... da lírica, fronte á *Musa gravis* da épica (non digamos xa da traxedia ou da

epopeia hoxe en desuso). Prefiro unha vez máis as brasas aos fogos de artificio. ¿Para quen?, “a minoría, sempre” ou “a inmensa maioría”. O poeta foi expulsado do Estado (Platón) e, en consecuencia, da súa función social, a poesía non cotiza en bolsa..., por moitos é despreciada e os poetas cualificados de maricóns ou loucos (“poeta e louco...”). O poeta teno difícil e precisa unha vocación firme: está só e traballa en soedade cun material intanxíbel: o espírito, a imaxinación, as palabras. Pero a poesía non é útil nin inútil, non cumpre unha función práctica, valorábel, non ten un rol social, non espera unha compensación, nin compite con ninguén. Simplemente é *necesaria* para quen, sobre o consumismo e a barbarie, se achegue a ela e mesmo (“escribo acaso para los que no me leen” –Aleixandre–), para os que non se acheguen a ela, sexa con neutra indiferencia ou con aberto desprezo.

6º. *Prisma con frecuencias*. A permanente dúbida dos títulos: “Marcas na auga” “Escrito no vento” “Sinais de fume”..., sempre xirando arredor da idea de fragilidade, de desposesión –“A insoportable levidade do ser”, ao fondo–, do efémero. Finalmente, *Prisma con frecuencias* que atopei nunha carta de Lezama a S. Sarduy, utilizado noutro contexto e con outro significado... ¿Cal é o deste feixe de textos?. “Prisma”, de varias caras, que reflicte ou recolle unha realidade varia, plural, multifocal: do pasado ao presente, do interior ao exterior, do eu ao nós...; “con frecuencias”, que xira, prisma que xira, con diverso ritmo ou velocidade, pero con frecuencias, isto é, achegando novas visións pero volvendo ciclicamente ao punto de partida... En prosa, ¿por que?. Estou a favor da *composición*, mais considero as formas clásicas demasiado encorsetadas. Teño a convicción de que a maioría dos lectores en canto ven –sen lelo sequera– un poema con metro e rima sospeitan –quizais con razón– de algo artificioso, estereotipado e inauténtico. O texto perde nese momento, xa a priori, o valor fundamental da credibilidade (credibilidade que si tiñan os autores clásicos nas formas clásicas: Camoens, Quevedo..., formas que hoxe corren o perigo de resultar litúrxicas, anacrónicas,... e non conectar co destinatario –Contra o que se di, o problema da poesía non é tanto de reiteración de temas, como de tratamento formal–). Non renuncio a ningún metro, (sigo a facer versos..., xa falei antes de que fondo e forma son simultáneos e que a forma vén dada, determinada de orixe, pola mensaxe interior que se trata de transmitir...); simplemente é un experimento. Palabras núas, contundentes e precisas, como pedras caendo na auga dun estanque, formando uns circos, como non, efémeros... Por outras canles Torga ou Galeano, sen eu sabelo, tiñan chegado a solucións semellantes.

A Coruña, Xaneiro, 99.

Autopoética

Dora Vázquez Iglesias

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VÁZQUEZ IGLESIAS, DORA (2011 [1992]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 8, 191-195. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/216>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VÁZQUEZ IGLESIAS, DORA (1992). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 8, 191-195.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Autopoética

Non descubrí o mundo da Poesía ata os dezasete anos, en que me preparei para o ingreso á carreira do Maxisterio no Colexio Concepción Arenal de Ourense. Un día, o profesor pediunos o noso grupo que fixeramos unha poesía e preparámona na clase. Eu púxenme a iso, e saíume o primeiro poema que titulei “Amencer” ofrendado á cidade de Ourense, que tiña ós meus pés, pois vivía cos meus pais e a miña irmá Pura, nunha altura que se chama Salto do can. A poesía debeu servir, pois o profesor leuna na clase e recibín noraboas del e do grupo.

Mais adiante, estudiando xa na Normal, sentín o impulso de facerlle un soneto ó noso xardín do Posío, e polo que del lembro, e que lle recitei á miña irmá, coido levaba certo sentido en rima e métrica. Pero pareceume tan difícil levalo a efecto que se foi o soneto primeiro e máis o último que fixen. Non volví a intentalo endexamais. Eso significa que me son máis doadas as cousas sinxelas, que non dean moito traballo, e así reflectidas nelas, sen complicacións estilísticas nin grandes esforzos métricos e silábicos, só sentimento e alma.

Andando os anos e xa na miña primeira escola, coa miña irmá comigo -que veu para onda min no tempo da guerra- escribimos as dúas xuntas unha novela coa que nos riamos moito pola súa comedia e que titulamos *La corte de San Hilario*. Nunca chegou ó final nin a conservamos, pero así naceu en min tamén o encanto da prosa, que me levaría máis tarde a publicar dúas novelas, outra que teño inédita, e outra que debe andar perdida por algunha editorial xa fai tempo. Antes desto, por conducto da miña irmá Pura, escomecei a publicar artigos no diario *La Noche*, na páxina literaria

(*) Dora Vázquez naceu en Ourense no ano 1913. Os seus primeiros estudos fixoos en A Coruña, onde viviu dende os 6 ós 13 anos. Cando tiña 17, ingresou na Escola Nacional do Maxisterio de Ourense e fíxose Mestra Nacional nos “Cursillos” do ano 1933, pasando axiña a exercer a docencia en Teimende (Parada de Sil, Ourense) por un período de 18 anos. Despois, pasou a Larín (Arteixo, A Coruña) por outros 15 anos máis. Na actualidade, viúva e xubilada, vive en Ourense coa súa irmá Pura, ben coñecida poetisa das nosas letras.

A súa vocación, de escritora comezou a exercela, en lingua castelá, en 1948, no sonado vespertino *La Noche* de Santiago de Compostela, hoxe desaparecido. Despois, continuou escribindo para outros xornais e revistas de dentro e fóra de Galicia e de España, ata completar máis dun milleiro de traballos, que hai que sumar á súa obra maior, composta por ensaios, novelas, contos, textos teatrais e poemarios.

No ano 1992, tirou do prelo o libro titulado *A xeito de antoloxía* (Ourense, Gráficas Gutenberg), que comprende poemas, en galego e en castelán, inéditos ou publicados nos poemarios: *Un poema cada mes* (*Calendario Poético*), *Irmá* (*Poemas da ausencia*), *Oriolos neneiros* (*Poemas infantís*), *Carne da terra* (*Poemas da Terra*), *Oración junto al camino e Recuerdos*.

de Borobó, que tanto fixo polos escritores e poetas principiantes. O meu primeiro artigo foi “Riña de verano”, ó que seguiron moitos máis, e poemas que nesa páxina saíron á luz.

Máis tarde, trasladada a unha parroquia de A Coruña colaborei tamén en *El Ideal Gallego* moitos anos, ata a miña xubilación. Volvín para onda os meus pais, pasando a publicar en *La Región* de Ourense. A par do que antecede, publicaba tamén en revistas poéticas, nalgunhas nas que o facía tamén a miña irmá, de España e de América.

Parte do meu labor figura conxuntamente co de Pura, como nas obriñas de teatro infantil. Cada unha no seu posto de traballo faciamolos por separado e logo editabámoslos. Todo isto forma parte do meu pequeno historial literario. Gustoume escribir e fíxeno, ben acollida sempre onde mandei. escribín non sei se ben ou mal, se valen algo ou non valen nada, pero servíume para pasar moitas horas da vida relaxada, facendo algo que me compracía moito.

Así foi o meu comezo na arte literaria, levado principalmente como un descanso ou alivio ó labor do traballo do ensino, no que entrei por absoluta vocación. Moitas gracias pola atención que a Universidade de Compostela tén comigo dándome cabida nas páxinas do seu *Boletín Galego de Literatura*.

Eu agardo

EU, agardo. Sempre agardo...

Agardo un paxaro que no bico dos soños
traía celeste rosa
que me sorprenda co arrecendo;

que unha árbore incline para min a súa gracia,
e luminosa ponla
alumea a testa;

que nube pasaxeira de louridas azas
me ceibe,
-beiramar do ceo-
unha pinga de orballo;

que me traia o vento
polos anxos da tarde, pavesas dunha doce cantiga
enledizada.

Eu, agardo... Agardo o florecer
da estrela sensitiva, bágoa de luz.
Agardo a súa raiola, alumando mansíos.

Choiva

Só choiva... Só choiva...
Só choiva no fastío. O ceo,
cinsa da tarde: Cinsa da auga,
que non de acesa brasa
que consumiu a fogueira...

O ceo, cinsa mollada: Cinsa da brétema,
con ollos pechos e húmida cabeleira.

Non hai raiolas nin chilros de paxaros.
Non se abanan os toxos,
nin se cimbran as ponlas dos piñales.

Non hai vento que desfarrape velames.
¡Só pingas -abelorios da choiva-,
amiudan nos salgueiros!

Pano gris, espesa téaza,
se abrangue coa terra fortemente.
Debrúzase sobre min...
¡Cíngueme con cadeas ou poutas de saudade!

Espertar

¡CHILRE, chilre!... Salaia o paxariño
rebuldeiro,
imerso na follaxe...

-¡Érguete!, quere dicirlle ó labrego-.
¿Non ves o ollo do día,
albiscando polo bico
do peito da montaña?

¡Que loita da noite contra o día,
do día contra a noite!...
Na meniña do abrente ven o sol,
polo cume empuxado.

No lugar todo esperta. Troupeleos
de zocos nos sobrados,
bateres de portas, ladrexos de cans,
engorxares de galos...

Polos matos dos boscos,
¡que ferver de agrúos, de rechouchíos
lenes, de doces revoares,
de cantos!

Un merlo chouta ó sol alporizado.
Lonxano cuca o cuco.
¡E estralan polos palcos montesíos
as regueifas ardentes dos paxaros!

Axiña pasas, tempo

AXIÑA pasa, Tempo,
sobre de min pisando sen piedade.
Aprisoado na longura do teu brazo
me tes, coma farrapo
que o vento trae e leva...

¿Por que me roubas,
ladrón ousado da floresta miña,
o que me fuches dando?
¿Por que, cruel,
non me deixaches
na miña primavera?

¿Por que has percorrer furiosamente,
rastros de sulcos
na miña testa
arándome...?
¿Por que con fera pótiga
vasme roubando todo?

¡Se te detiveras,
Tempo,
se te detiveras!...
¡Se non esmoreceras ós homes
e ós paxaros,
e non murcharas a beleza das rosas,
nin esfancaras as pedras
en areas!

¡Se a tempo contiveras
a primeira cana miña, e a primeira
engurra do meu rostro!
¡Se no outono, xiquera,
me deixarás. Tempo!...

Mais ¡ai!
que no es ti o que goberna.
E, pois El así o quere
pasa, tempo,
sobre de min o teu carro apresoirado.

Mais, ¡non me manques moito na estrutura,
ó pasar,
dos días,
a afiadora roda!...

Ourense
5 marzo 1992.

Autopoética

Pura Vázquez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VÁZQUEZ, PURA (2011 [1991]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 6, 155-158. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/344>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VÁZQUEZ, PURA (1991). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 6, 155-158.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Pura Vázquez Iglesias*

Autopoética

Un día comecei a escribir versos en galego, e gustoume facelo. Publicábanmos no Diario ourensán *La Zarpa*, que foi suprimido no comezo da Guerra Civil. Fun acollida con moita indulxencia. Era unha “escritora” que comezaba a estudar o bacharelato e que aínda non tiña catorce anos. Coa guerra e as persecucións a familiares, afasteime obrigadamente dos estudos e da vida da cidade uns anos, pero seguíñ aprendendo autodidacticamente a escribir en galego, que tamén falaba alternándoo co castelán.

Dende noviña, fun unha rapaza trabada pola febre -que non puideron diagnosticar durante moitos anos- e que quizais foi a que me causou esa sensibilidade e estremecemento lírico que din caracteriza a miña poesía.

(*) Pura Vázquez Iglesias naceu en Ourense, onde vive na actualidade, no ano 1918. Alf estudou o Bacharelato Universitario e ffxose Mestra Nacional.

Residiu varios anos en Caracas, con estancias intermitentes pero longas, alternadas con vindas a España. En Caracas desenvolveu traballos varios, dende a rexencia dun *kindergarten* ata a dirección do Arquivo Fotográfico do Instituto Nacional de Cooperación Educativa, pasando por unha estadía de catro anos na Universidade Central de Venezuela e outra de dous na Reaseguradora Nacional daquel país.

Na actualidade, é Profesora de E.X.B. xubilada do Colexio Nacional “San Cristóbal”, de Madrid, despois dun exercicio de máis de trinta anos.

Como escritora defínese, fundamentalmente, como poeta, aínda que fixo incursións na novela, no teatro e conto infantís, no artigo de crítica e no ensaio periódico. De todo isto ten unha abundante obra espallada en libros, revistas, xornais, etc., de dentro e fóra de España.

Polo que se refire ó seu labor literario en Galicia, cómpre dicir que se iniciou no antigo periódico *La Zarpa*, de Ourense (desaparecido no ano 1936), e no importante diario *Galicia*, de Vigo, continuando despois no inesquecible vespertino *La Noche*, de Santiago de Compostela, no *Ideal Gallego* e *La Voz de Galicia*, ambos de A Coruña, etc.

Publicou dezasete libros en castelán. Ultimamente, safu do prelo unha estupenda *Antoloxía* na que se recollen poemas escritos e publicados entre 1944 e 1985 (Ourense: Ed. da Autora, Gráficas Gutenberg, 1990).

En galego, ten, entre outros, os seguintes libros: *Intimas* (Lugo: Xistral, 1952); *Maturidade*, Buenos Aires: Centro Gallego de Buenos Aires/Editorial Galicia, 1955; *A saudade e outros poemas*, Vigo: Galaxia, 1963; *O desacougo*, Vigo: Galaxia, 1971; *Oriolos neneros*, Ourense: La Región, 1974; *Monicreques. Teatro infantil galego*, Ourense: La Región, 1974; *Dúas novelas galegas*, Ourense: 1978; *Viaxe ao país dos contos e da poesía*, Ourense: Caja de Ahorros Provincial de Ourense, 1985.

Os tres magníficos poemas que hoxe publicamos foron escritos, a instancia do *B.G. de L.*, poucos días antes de a autora ter que se someter a unha delicada intervención cirúrxica da que agora, felizmente, está xa recuperada.

En xeral, a crítica de Galicia e de fóra foi sempre indulxente comigo. Xentes xenerosas axudáronme a editar libros cando eu non podía costealos, e fun dándome a coñecer dentro e fóra de Galicia, e tamén un pouco fóra de España. No que de min dependeu tratei de fuxir de homenaxes e actuacións persoais en público, por timidez, anque non sempre puideren retraerme de facelo. Escribir e publicar, e que me léan os poemas foi sempre para min o máis importante. Alguén que non coñecín nunca dixo de min que “camiñaba pola vida con zapatíños de cristal”. E coido que no fondo do meu ser iso é o que máis desexaba: evadirme das xenreiras e inxustizas que me rodearon na adolescencia e crear un mundo mellor para min e para todos, máis fermoso e xusto. Quizais, esa é a esencia da miña Poesía, que non sei definir senón como un desexo de que sexa sinxelamente Poesía, que sexa unha mensaxe de sentimento, comunicación e beleza. Quizais por presións sufridas na mocidade, Poesía inzada de símbolos e metáforas, pero fuxindo sempre de imperantes contorsións, de modas e prosaísmos -que considero non poéticos- de forma. Tratei de afastarme de “ismos” e desagradabeis expresións que non comparto aínda hoxe. E confeso que, se moitas veces me acollín a símbolos ó escribir, impúxenme facelo polas circunstancias que me rodearon en moitos anos de tremenda censura. Quizais, iso fíxose logo costume.

A expresión limpa, as esgazadas vivencias, o desacougo íntimo de vivir entre dous mundos, chea sempre de saudade; o amor á Humanidade, á paisaxe, ás cousas grandes e pequenas, é o que mellor pode definir a maior parte da miña pequena obra poética, o mesmo galega ca castelá. Penso que loitei por lograr coherencia como galega, tratando de escribir no idioma meu, o mesmo que no castelán, e que Galicia non terá perdido moito con iso. Procurei ser leal comigo mesma, coa miña obra, e, se canto con voz elemental e sinxelísima, é un canto que fixen durante a vida con voz propia en calquera dos dous idiomas que coñezo e emprego, usándoos indistintamente asegún os motivos que me esixen escribir nunha ou noutra lingua.

Estou de acordo cos que din que a miña Poesía pertence máis ó sentimento que á mente, á maxia da linguaxe que á lóxica. Poderá ser Poesía non moi meditada, pero sempre foi Poesía fondamente sentida.

Confeso que vivín sempre solagada nun fondo e poético pantéismo como boa galega, e que escribín en plenitude con todo aquilo que me gustou, que logrou facerme sentir en clamor e amor coas persoas e as cousas todas, ata as máis miúdas, do mundo que me rodea, con todo o que constitúe para min a esencia da boa Poesía.

(Ourense, Outono do 1991)

1

O MEU MUNDO

Mentres que todo xace entre o pó e a vertixen
eu volto os ollos a un mundo nado cada día.
Un mundo inocente onde os paxaros coroan os cumios.
Un mundo cotián que fago meu intre a intre.

Un mundo largo coma un largo brazo de soidade.
Nil caben todos os cantos, todo o que é nidio e lene,
todos os amores, toda a dozura. Unha fonda
paz lle rube ata nós por os estrilos da ialma,
antre as codias enlevadas do aborrecemento.

No meu mundo non tén cabemento a violencia,
as horas malditas mensaxeiras de morte.
Porque eu adoro a morneza, o saibo óptimo das colleitas,
a nobre voz, a fartura arreitada entre todos;
ollar saír un sol amable por detrás das persianas,
que brille nos ollos un atadallo de luz.

Pero todo se troca cando a radio fala de países en loita,
dos nenos famentos, de bombas e tanques.
Cando escoito berrar maldizóns ó redor
e vexo as imaxes na pequena pantalla
dos que con enganos manexan ás xentes sinxelas;
o lume intencionado e o crime
aburando sen trégola os montes e as cidades.

Entón penso se é verdade que o meu pequeno mundo me pertence,
se pode ser meu, cando o ceo amorea o loito
nos ancos do planeta e surxen anémicos,
maltreitos ou sangueantes os rostos dos homes
na miña memoria, coma un presente acoitelado.

(Ourense 24-8-91)

2

A UN PAXARO ENGAIOLADO

Dimo ti, paxariño que cantas senlleiro
nunha gaiola de ouro, dime ti que é,
onde está, o anxeio doce da liberdade.

Onde o teu sino de espranzada luz.
O teu chíó tén o don divino da ledicia:
¿Onde bebes a luz e a nostalxia arelante
das cautivas azas, tamén da tristura?

¿Por eso cantas? O teu canto
é un río precioso de música. É un tenro
clamorar por perderse cara ós agros abertos
medrando nos infindos camiños, por o azul.

Dimo: ¿Por que ledos boscaxes te debruzas,
latexan as túas azas que os arames deteñen?

Dimo se o sabes: ¿Onde están as espranzas
dun paxaro preso? ¿Que ansiedades
che gurgullan o sangue, pendurado
na dourada gaiola que te apreixa?

(Ourense, 24-8-91)

3

PAISAXE CON DORNA

Cruza o mar unha dorna. Atrapa a luz,
e un tremor xoga boligas na craridade.
Paxaros mariños emerxen, enloitan o ar,
repasan a nube, ceibes, lixeiros.

A dorna sulca distancias, avanza,
disólvese na auga sen contornos, lonxe.
O tempo ancora na súa rotunda badía,
limiar inescrutábel da eternidade.

Imos tras dun oasis, unha paisaxe de fiaños
onde se afunden os tresvaríos cos soños.

A dorna é o noso propio “eu” entestándose
no mar danzante, arroutada en deriva.
Despréganse as illas e as torres vellas dos faros
nun aberto horizonte de ondas e imaxens.
(Vertical esprender
chove mainiñamente dos ceos)

(Ourense, 24-8-91)

Poética da concreción

Luísa Villalta

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VILLALTA, LUÍSA (2011 [2003]). “Poética da concreción”. *Boletín Galego de Literatura*: 29, 249-257. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/237>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VILLALTA, LUÍSA (2003). “Poética da concreción”. *Boletín Galego de Literatura*: 29, 249-257.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Lúisa Villalta

LUÍSA VILLALTA (A Coruña, 1957). Licenciada en Filoloxías Galego-portuguesa e Hispánica. Ten no seu haber tamén o Título Superior de Violino. Da súa obra poética forman parte títulos como *Música Reservada* (1991), *Ruído* (1995) e *Rota ao interior do ollo* (1995). No eido da narrativa é autora do volume de relatos *Silencio, ensaiamos* (1991), e das novelas *Teoría de xogos* (1997) e *As Chaves do Tempo* (2001). Ademais ten publicado os ensaios *O don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral* (1992) e *O outro lado da música, a poesía* (1999). No eido do teatro é autora de *Concerto para un home só* (1989), *O representante* (1990), *O paseo das esfinxes* (1991), *As certezas de Ofelia* (1999) e *Os doces anos da guerra* (2002). Participou en libros colectivos como *Mulher a fazer vento* (1998), *Mini-relatos* (1999), *Narradoras* (2000), *Longa lingua* (2002), *Materia prima* (2002), *Narradio* (2003), *Alma de Beiramar* (2003), *Negra Sombra* (2003) e *Escrita e mulleres* (2003). Encargouse tamén das traducións ao galego de *Manifesto por un novo teatro*, de Pasolini (1989) e *A Mandrágora*, de Maquiavelo (1998, en colaboración con Francisco Pillado). Colabora habitualmente con artigos e ensaios en publicacións periódicas como *A Nosa Terra*, *A Trabe de Ouro*, *Grial*, *CasaHamlet*, *A Festa da Palavra Silenciada*, *Tempos Novos*, *Página Abierta*, *Mundo Lusófono*, *Enclave*, *Galicien Magazin*, *Jornal de Letras, Artes e Ideias*, "Revista das Letras" de *O Correo Galego* ou *La Voz de Galicia*. A súa obra pode atoparse en páxinas web como a revista literaria *Orpheu* (nº 4), www.orpheu.com; O Ximnasio de Academo www.ctv.es/USERS/mforca/home.htm; Consello da Cultura Galega www.culturagalega.org; Biblioteca Virtual Galega, www.bvg.udc.es; *Seixo Review* www3.telus.net/eduardo-b-pinto/seixoreview.index.html; e *O Pica-folla* www.teleline.terra.es/personal/galizarm

249

Poética da concreción

Baixei os sonidos ao silencio da necesidade e púxenme a escoitar.

Quixen traer a poesía ao chan e edificar a memoria de promisión de que falan os soñadores corazóns que me rodean na Historia.

Procurei a concreción.

Eu pensaba que a poesía desafiaba o tempo. O grande fiasco alimentou a miña esperanza cando souben que só o tempo é capaz de desafiar o tempo con apenas mostrar a cara interna da luva, a pel das mans con que escribo.

A poesía é unha patria estraña que me exila e me retén a un tempo.

A patria, un proxecto sinfónico que se empeña na disonancia sen buscala.

A narrativa da vida móstrase intransixente coa hora lírico-líquida que me dilata na luz. Pero eu fico á xanela estibando os sonidos do meu respirar, para que o capítulo seguinte, co seu prego de cargas, se entreteña contando absurdamente as sílabas dun verso e ao escuso me deixe esperar por min aínda, o meu repetido regreso coa botella da mente enchida de mundo.

Confío na intelixencia porque asigna función a cada elemento da imaxe. Só me encho de imaxes nadas para comprender: intelimaxes.

Un día saín do meu violino, lembro, e enxordecín a escala da corda por lle facer nós de palabras que me permitisen baixar aos camiños, como unha dama aristocrática empobrecida pola necesidade de coñecer. Non sei cal das dúas condicións, a aristocracia ou a pobreza, me levou aos vieiros da resistencia, onde perdín unha guerra que xa fora perdida. Así arrasto as miñas feridas transhumanas polas trincheiras inútiles da cotidianidade.

Convertín a ideoloxía en sensación e xa pertenzo a esa clase de seres transparentes através dos cales se ve sempre outra cousa, inversa e irreversíbel.

Extenuiei o plural. Agora sintetízoo e desaparezo na primeira persoa singular a que me reduce a miña condición humana.

250

E tamén recorto a desmemoria desta idade media burguesa que me separa do coñecimento e intenta dirixirme á trapela do bon gosto.

Mais aínda formo parte e renazo dividida en cada esquina da Cidade, entanto ao final de cada rúa cega, aínda rúa, consiga a visión, desfechar a camisa do muro nun acto de amor procreado.

Quixen matar a morte provisional, moito máis letal que a definitiva.

Quixen, quero, transcreber o que vibra en min, o que escoito. O que é.

en concreto

“Madame Cologne de Form I Gas tamén é algo delicada: danlle formigos cada vez que comeza a pensar en formigas. De xeito que evita pensar nelas sempre que pode.

HOFSTADTER, *an Eternal Golden Braid*

HABITAR

Nación

Abriuse o caborco globular do meu ollo
O vento dispersou o día un instante e caín
xunto a toda a miña xerazón no trínque da idade
como se nunca antes aínda que sempre
Toda a miña xerazón, abano de cristal
cansada coma min no cansazo do pai cego
no cansazo do avó en silencio
e da nai rota de recoser as coplas aprendidas na saia da avoa

Os ollos de todos nós povoaron o noso rosto en farna
Envisos como froita encetada
decidimos probar o licor sobardante da felicidade posíbel
gritádomos celestiais hinos de terra
por un caos glorioso en coro de arcanxos ceibados

O día, un instante, arrexuntounos a luz de todas as débedas:
desde a Fusquenlla tornasolada até a piedade da Rosa mártir
que líamos pois nos libros de pronto (de sempre) revelados

Dixeron que si, que era o momento
as cabezas rodantes que temos por corazóns
emburulladas na brétema da Porta Nigra en Mondoñedo

Soubemos que non sabíamos, mais un empurro
retido de moito tempo e moita exactitude (sempre)
ferveunos no paso e nas palabras abertas

En cravos vermellos rebentounos o beizo adolescente
Fomos criados, talvez raptados, por unha luz estraña
que nos fixo fuxir deixando a raíz (sempre aquí)

Ao despedirnos definitivamente do berce
nais e pais entregáronnos
caída sobre os ollos do medo
a coroa sen reino

que algúns andan a vender por ouro rancio ás agachadas

Mais non a morte
O brado
espera por nós baixo o silencio
xunto á palabra dormida que aínda (sempre aínda)
florece inocente e senlleira
no caborco da vida

ESPELLO

I'll not be your mirror
(Baudrillard)

Na maquillaxe esvaída do ceu aparece de cando en vez o rosto
[desexado

da Cidade
erma de si mesma aínda
na radiante esperanza de que o mar a devolva
con todos os moradores derrotados pola tradición
á superficie de nós

252

Querería non verte para que me mirases desaprendéndote
continuamente en ti que tan ben sabes olvidar os que te somos:
Mira e non mires máis, mirémonos por unha vez
escólleme
escolle como te odio

Lembro as tardes para aniquilar en que tranquilamente te
vestías ante o espello
aleccionándome como unha nai experta na perfección
mentres eu ría do sabor amargo da cascarilla e esperaba impaciente
que virases as costas para poder imitarte e destruírte metodicamente

Entón o tempo acelerábase detrás de ti sen que te deses conta
Aínda ben me culpabas a min de soprar o vento que te preocupaba
mais sempre foi o teu propio valeiro descompoñéndoche a saia
e deixándoches ao ar as pernas aldeás do teu disimulo

Ou eras serea vendendo nas patelas do peixe
a descamación do orgullo
que compraban ao pasar os transeúntes

gorecidos nas cincentas gabardinas cívicas
aparentando pagar un prezo moi superior a si mesmos
Mais todo aquel mar xa pasou deixando un inútil ronsel de desprezo
nos rostos clonados da xerfa que agora se extingue
Mírame, mírate, mírame en ti
e escólleme para soñarte

Poñeremos espellos no Faro para anunciar unha sublevación
e que as naves do futuro contemplan tal multitude que somos
que non podan dar cabida ao tempo sen pedirnos permiso

Designarémonos todos comandantes dun navío estraño
ancorado na ensoñación dun mar fúlxido que nos reflecta
incesantemente en interminábeis mareas sen afogados

Desprenderemos dos ventos a historia inventada do noso regreso
do que nunca partimos dabondo como para ignorar
e de como acendimos estrelas no máis fondo das nosas pegadas
para abriremos camiños ao mundo e poder regresar

Mírate, mírame, mírate en min
e escóllete
escolle como te amo

253

Cando cada letra do meu violino escriba o teu nome
e os sonidos siderais baixen por min a cantarte
comezarás a existir
novamente
coa inocencia cruel dos nenos azuis que amordazan o ar
na destilación dos séculos
para calmar a putrefacción dos nosos corazóns malgastados

TORRE

RETO

Como se pode ver
sempre
é desandado
o camiño

En verdade
nos pés
o áspero tacto das palabras
que me fai seguir
Onde comeza o problema
para observar
o poema
no difícil ascenso
Fago unha parada
na illa de estaño
para poñer os pés
sen lugar
Camiñando cara ao alto

MOVIDA

254

Baila a cortina na meniña do ollo movida polo vento
Os corpos valéiranse dos seus vestidos e desaparecen radiantes na noite
[irada
A Cidade corre a consultar os seus mortos e regresa con unha moratoria
que a xente sai a celebrar gritando en brazos e sabores con ocasión do
[baile
para pedir auxilio ao leviatán do Faro gozosamente insomne
ollo supremo protector da anguriada alegría
Ven o vento e baila dentro das casas ausentes nas que repousa o día
As rúas échense de espazos arrasados polas saias de pernas extremas
gravatas erectas e ollos acendidos polas lupas do alcohol
mentres nas copas persiste aínda a baba das palabras pegadas ao padal
Que dirá a cortina inmóvil esta noite cando fechemos o vidro
e fiquemos soñando o fume todo dos cigarros repatriados?
Ao rebentar a luz da mañá
abrirán as casas o outro ollo:
A Cidade samente precisa
a metade de nós

FORÁNEOS

Non se ten falta de mirarlles fixamente as mans dos ollos
para saber con canta negación nas veas da nostalgia
veñen os negros, si, e as almas bereberes
e a estrañeza inintelixíbel dos papeis ilimitados
e a coreana vixiada a causa do seu nome de campá
e o senegalés que corre tras dun autobús indómito
coa caixa aberta perdendo os abalorios do corazón
e a colombiana e a cubana e a brasileira
que se tratan de irmás por contraseña
para non perderen a noite salvación
coas bocas tan torcidas de non poder tragar nen ser tragados
con esas escasas palabras lascadas no pedernal da lingua

Ninguén son eu tan no meu sitio

A torre de babel medra por abaixo e para adentro
baixo a tona do mar e os esgotos da terra
estendida nos circuítos do gas
nas rotas dos diamantes
nas moedas veloces e invisíbeis
no libre cabalgar das petrolíferas
através do calado poder por sobre a terra dominada

255

E ninguén son eu aquí tan no meu sitio

EMBOTELLAMENTO

Desde as esquinas do tempo fomos chegando
a unha cita na que non logramos recoñecernos
Os rostos detrás das vidrazas dos coches
fican retratados neste instante tan parecido á eternidade
informal da cadea perpetua
Aquí somos todos inocentes de pronto
de pronto vítimas dunha confusión exclusiva
cando se enguedellan as rotas que non podemos percorrer
e os minutos veñen morrer descontra o parabrisas parado
Os horizontes dispersos da Cidade cobran por azar
a dimensión real na que non caben os nosos corazóns
Xorde entón a maldición unánime contra o muro
que levantamos cada día para defender o temor e a vergoña

Espertan tamén os pequenos deuses vadios
que ás veces se nos sentan nos zapatos a mirar
o pouco que pesan as nosas conviccións
Algo como unha gargallada a punto de estourar
parece que se achega a desfacer o equívoco
e non sabemos se o movemento se produce
ou é só un pouco de vento derretido na inercia
Marchamos, por fin marchamos
coa cabeza baixa
a procurar o obstáculo previsto
da nosa propia detención

POEMA DA CIDADE ALTA

O meu nome é o da Cidade Alta
nacido onde a luz e o mar se están orixinando
mutuamente
nacín enfrente de min mesma
cando a Pescadería era un leito de sereas
e a serpe demorada na voz dos meus avós
vento dos ventos

Veño de aquí
unha historia de palabras
nas casas da cabeza e nos chanzos do corazón
palabras que son xente a murmurar de lonxe
desde Santa Lucía
épicas antigas de bailes no Gurugú
insultos pelexas e disparos
e percorren no meu sangue o Camiño Novo
para coller un barco que se marcha
como se xa nunca tivesen existido
e sen embargo dou fe, que son verdade
e van a Santa Margarida de merenda
onde unha vez alguén de noso se enforcara
alguén de quen só coñezo aquela rama
partida pola ausencia
non podendo tolerar o día e o cambiante
do vento, sempre, outra vez o vento

a picar na pel fría do verán canicular
o mozo vento grande que trae cartas de América
e tamén o pequeno que rechea os valeiros do tempo

Érgome dragón todos os meus corpos posíbeis e brutais
para gardar a esencia
esa que me dixeron construtores campesiños
un a un e cada un polo seu lado
sen que o ruído se puxese de acordo debaixo das
[formigoneiras
nen o silencio dos ríos subterráneos se fixese posíbel
Arrímome a elas, lavadeiras de Monelos
na luz agora das altas aulas do milenio
para deixalas preñadas dunha pequena memoria como o mar

E ao saír deixo comigo a porta aberta
escadas arriba Porta de Ares escadas abaixo Porta Real
e levo a chave enferruxada do salgado das ondas
onde fluctua no horizonte o meu país reflectido
a prostituta sagrada
que desabrocha o corsé das gargalladas de ouro
e finxe que sabe finxir
mentres os taxis na noite se cruzan contraseñas
as rúas se volven anónimas entre os escaparates
e as xentes xogamos coas últimas moedas
de sexo lixeiro e cansado entre os dedos

Forza, para que? se viver é tan doce
como a area do Orzán e deixar ir o sol polo monte San Pedro
Pero remar nas pegadas dos outros, uliscarnos no avance dos povos
repartir o dosel das tormentas gritándonos os nosos nomes de abaixo?

Coñecín ventos suaves que nunca máis se daban detido
Outra vez, sempre o vento dos ventos
rodeando este punto no mundo:
Cabeza, Garda, Chave, Forza e Antemural do reino renacido.

Autopoética

Helena Villar Janeiro

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VILLAR JANEIRO, HELENA (2011 [1995]). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 13, 231-234. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/309>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VILLAR JANEIRO, HELENA (1995). “Autopoética”. *Boletín Galego de Literatura*: 13, 231-234.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Helena Villar Janeiro*

Autopoética

Supoño que arribei á poesía buscando a identidade tan pronto descubrín que no mundo había un ser que era eu e me descoñecía.

Ser poeta é o meu xeito de percibir a vida, moi complexo e irreducible a unha explicación que disecciona e empobrece a gran vitalidade do sentir.

Ser poeta é someterme ós impulsos que saen das grandes tensións e me colocan fronte a min mesma e fronte ó mundo.

Ser poeta diferénciame e confúndeme cos límites nun gran proceso osmótico no que nada é alleo.

Ser poeta conforma esa unidade que me evita a gran fragmentación nesa unidade esférica que protexe do caos.

Ser poeta é navegar comodamente entre constantes líricas: a saudade, tristeza permanente por algo perdido que non se tivo sequera; a morte, supremo momento de transformación do dinámico en eterno; o amor, liberador e guía do entretanto; a terra e a paisaxe, parte aglutinadora cara atrás e cara adiante; o mar, a redondez, o gran tamaño e a envoltura.

* Helena Villar Janeiro naceu en Becerreá (Lugo) en 1940. É profesora de Lingua e Literatura Galega en Santiago de Compostela.

Poeta, narradora e colaboradora de prensa, destina parte da súa creación ós nenos. Os seus libros *Ero e o Capitán Creonte* e *A canción do Rei* foron incluídos no catálogo *White Ravens* da *Internationale Jugendbibliothek* de Munich en 1990 e 1994, respectivamente.

Alguns libros:

Poesía: *Alalás* (1972), *O sangue na paisaxe* (1980), *No aló de nós* (1981), *Rosalía no espello* (1985), *Festa do corpo* (1994).

Narrativa: *Morrer en Vilaquinte* (1980), *O enterro da galiña de Domitila Rois* (1991).

Alguns premios: Patronato Rosalía de Castro (ensaio); Manuel Antonio, Galicia e Eusebio Lorenzo (poesía); Galicia, Breogán e Modesto Rodríguez Figueiredo, en narrativa; Puro de Cora, en xornalismo.

Ser poeta permitiume emerxer do pozo escuro e frío que me precede, vivir da fonte irracional do alimento poético e presentir ese fluír permanente que me ha sobrevivir.

Ser poeta axudoume quizabas a abrir antes ese tróptico arcano do amor, do tempo e mais do olvido.

E ser poeta, en fin, ensinoume a adoptar un compromiso coas causas que aínda precisan da solidariedade, entre elas o meu pobo e a súa lingua.

Tras da dorna de Ulises

Me vine aquí a cantar con las campanas,
que viven en el mar,
que suenan en el mar,
dentro del mar.

Pablo Neruda

I

Sartaxes dorme virxe
como unha noiva alada entre gaiivotas
cos xardíns, cos morangos e as froitas en alfaias
e coa dorna de Ulises entre a escuma.

Non hai mentira azul
que me arrastre ás túas augas.
Hai pulsación edénica
e un soño de cristal
por entre as esmeraldas do silencio.

Sexa a campá sen voz da sima túa,
o paxaro mollado,
a oración,
ou a rosa,
quen me cinga a guirlanda nos cabelos
da espera.

II

¡Como me medro en ti, oh mar, e me renovo
en cada gota, en cada gran area
e na media verdade das cores
da túa pel de cristal!

No verde azul que quere ser pupila
do teu ollo de mar,
vólvome transparente
coa ingravidez do peixe que se escorre
na tona do silencio
e preparo os amores
e o búcaro encarnado
para Ulises...

Dime, oh mar,
qué fixeches na ausencia
co cofre dos lirismos abrollados á luz
polas mil regandixas do crepúsculo.

Repouso azul, desexo de existencias
e ourive de reloxios,
dime que tes gardado para min
a Ulises nas escumas.

III

Toco esta soidade tan amante
como os días máis claros
e os pétalos da rosa.

Sinto a dor de tecer e destecer
a esvarar polos dedos
e teño os labios cansos
de soprar bolboretas contra o aire.

E percorro xa núa a túa area,
durmo o meu soño azul
e navégote, oh mar,
co corpo aberto.

IV

Silente mar, recórtame na tarde,
co gume horizontal do teu coitelo.

Debúxame na area como froita madura,
cállame e petríficame
no tornasol dos nácares.

Esténdeme o cabelo pola color do aire,
péchame o voo con todas as gaivotas
e lévame na dorna das escumas
onde gardas a Ulises.

E mañá saberame a boca a mar
e o día será branco e será lene
igual que as ás do vento
e estará acugulado
de campás e de rosas.

O cadrinfollo,
a abella
e o paxaro
canda os tombos da escuma
mudecerán os remos
e inzará a claridade.

E Ulises ha bogar co seu silencio
e a forza dun titán
traendo no seu colo unha humidade nova
e esquivando pereno nas sereas
que ergueron os seus cantos ás alturas.

V

Desde que Ulises me acariñe os seos
e me fecunde o ventre
ben sazonado nos recantos verdes
do teu colo de mar,
eu xa non soñarei con ledaíñas,
rouqueiras,
espenucas,
furnas,
fríos...

Cando traías a Ulises
entre as rachadas sabas das túas ondas,
tendida,
virxinal,
posuída
e fecunda,
durmirei anegada de escumas nas illargas.

Helena Villar Janeiro



LELLADOURA

UL ANÁLISOL
POÉTICA
GAAP
GRUPO ALEA

Autopoéticas

[Autopoética sen título]

Xosé M^a Álvarez Cáccamo

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ÁLVAREZ CÁCCAMO, XOSÉ M^a (2012 [1986]). “[Autopoética sen título]”. En *Os documentos da sombra*. Barcelona: Sotelo Blanco, colección Leliadoura. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1831>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ÁLVAREZ CÁCCAMO, XOSÉ M^a (1986). “[Autopoética sen título]”. En *Os documentos da sombra*. Barcelona: Sotelo Blanco, colección Leliadoura.

* Edición dispoñíbel desde o 16 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Unha noite de novembro vin morrer a un home asasinado por un automóvel diante da miña casa. En tan breve tempo sufriu ese corpo unha tan complexa transformación que eu poden sentir na miña propia carne a violencia dun súbito e definitivo envellecimento.

Durante todo o século que tardaron en chegar as ambulancias fixo-se-me presente a sucesión completa das páxinas deste libro: a fundación da Cidade, os agoiros destrutivos, o tránsito fantasmal dos nómadas e dos desherdados, o ingreso dos mortos nas lagoas do arrabaldo, as sombras que perseguen aos nenos até o calor dos campos interiores, un duro amor mortal contra a Cidade, ese vulto humano que non comprendo.

Logo fun desenvolvendo aquela ferida eléctrica (escrita antes nos documentos que exhiben os perseguidos para solicitar hospedaxe) en palabras que pretendían reconstruír a ruína, os meus días desabitados.

Ao final escribin unha «Declaración e comentáριο» para intentar comprender, con intelixencia poética, a intención obscura dos autores do meu libro, os habitantes da clepsidra. Na lectura dese texto descubrin que todo ficara explicado xa no lóstrego mortal daquela noite de novembro.

Confío en que *Os documentos da sombra* sirvan para conxurar (non para disimular) o apaixonado terror que usa a Cidade contra os seus habitantes.

XOSÉ M^a ÁLVAREZ CÁCCAMO

[Autopoética sen título]

Lino Braxe

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

BRAXE, LINO (2011 [1990]). [Autopoética sen título]. *Banquete*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, colección Leliadoura, 7. Reedição en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1267>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

BRAXE, LINO (1990). [Autopoética sen título]. *Banquete*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, colección Leliadoura, 7.

* Edición dispoñíbel desde o 22 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Banquete é parte dun libro aínda inconcluso. Ao longo destes últimos anos escribin unha segunda parte baixo o título de *Dragón*. Mas considerei que debería amosar, nun libro individual, un fragmento da miña obra. O *Banquete* continua pois en plena celebración. Mentres este primeiro anaco ve a luz, un terceiro, *Martírio*, comeza a tomar forma. O meu ideal sería publicar a triloxía nun único volume, sen embargo, a propia xestazón e elaboración do poemario, demoraría anos a súa publicación. Así, tentarei ir ofrecendo en diversas entregas a miña única obra, que non é só divertimento, pracer ou experimento literario. Estadés diante dun anaco de aventura que permanecerá aberta a novas reflexións o resto dos meus días.

Que este *Banquete*, coa luz dos emperadores, vos salpique de ódios e glórias.

LINO BRAXE

Notas

Xosé Cermeño

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CERMEÑO, XOSÉ (2012 [1991]). “Notas”. En *Historia de Abaddón*. Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, colección Leliadoura, 30, 107-111. Reedição en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1834>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CERMEÑO, XOSÉ (1991). “Notas”. En *Historia de Abaddón*. Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, colección Leliadoura, 30, 107-111.

* Edición dispoñíbel desde o 16 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

NOTAS

Hai nestas breves notas algunhas pingas de impudor na medida en que supoñen algo así como preparar a apócema coas portas da rebotica abertas. Escribir sempre é un exercicio de impudor, non porque se amose verdade oculta ningunha (por outro lado, a verdade é unha categoría que carece de importancia literaria e cando a verdade aparece nunha obra sempre é malia o seu esforzo por evitalo), senón por que se exhiben as máscaras e se delata a vocación de embozado. Si, as máscaras nas que se agachan os inquilinos variopintos e ás veces clandestinos que habitan no escritor, coma se o poeta fose unha estancia en aluguer con dereito a papel e lápiz.

Di Octavio Paz, apostilando a Goethe, que as circunstancias nin explican nin substitúen os poemas, que son realidades autónomas e teñen vida independente. Nelas está a propia xustificación e alento para a súa existencia. Todo o demais, como estas notas, é só curiosidade, fume de carozos, palabras mentres gastamos o café.

O VAL É FONDÍSIMO, INMENSO

Decátome ó repasar esta Historia de Abaddón por derradeira vez antes de marchar para a imprenta de que este poema quizais está emparentado cunha frase de Peter Pan, o relato de J.M. Barrie que sempre me chamou moito a atención: «Como é lóxico, os Países de Nunca Xamais son ben distintos. O de John, por exemplo, tiña unha lagoa con flamengos que voaban por riba e John cazaba cunha escopeta;

pola contra, o de Michel tiña un flamengo con lagoas que lle voaban por riba.»

NINGUÉN ESCOLLE SER A MULLER DO SUICIDA

Foi esta a primeira liña que lle escribín a este libro. «Ninguén escolle ser a muller do suicida» é frase que oín dicir a un tipo cando consolaba unha muller que se sentía culpable. O home dela decidira cear o caixón dos medicamentos e marchar.

Suicidarse —sabémolo desde Camus— é o acto máis persoal que pode realizarse nunha vida e afirmalo así tampouco é desmentir a Durkheim, que sentou as bases da socioloxía moderna establecendo precisamente as relacións entre circunstancias colectivas e actos suicidas. En Hume lemos: «Non sería un crime que eu desviase o Nilo ou o Danubio da súa cunca, contando con que tivese os medios para levar a cabo tal propósito. ¿Por que vai ser un acto criminal que eu desvíe unhas poucas onzas do meu sangue do seu curso natural? ¿Podería alguén imaxinar que estou a violar os designios da Providencia ou maldicindo da orde da creación porque deixo eu de vivir e poña fin a unha existencia que, se continuase, me había converter nun ser malpocado? (...) Creo que ningún home renunciou á vida cando esta merecía conservarse.»

Con todo, aínda que o poidamos considerar como un acto radicalmente individual, un suicidio sempre espárese a semente da culpa entre os achegados, coma se os parentes do finado quixesen dar máis razón a Emile Durkheim ca a David Hume.

A muller saloucaba e choraba nunha soa e incompleta frase a súa perplexidade de inocente e a súa coartada: «Agora, cando todo ía ben...»

O TRAIADOR CHEO DE SOLERMA MIRA PASAR OS BARCOS

Cando digo peiraos, faros e feixes de luz penso, inevitablemente no porto da Coruña, segundo os vía nalgunha lonxana ocasión na que paseaba cos meus pais. Todo gris, cun aire de auga, o silencio delataba que seguramente camiñabamos na primeira hora dun domingo.

YO, SILVESTRE ULLOA, LE VENDO A USTED UNOS ZAPATOS

... non é un verso do meu caletre, senón unha factura a lápiz que un día, nalgún tenderete ambulante de Compostela, deron á actriz Mabel Ribera

UNHA MULLER RECOÑECE ANTES O FRÍO

Para G., en recordo dos días da estrea da miña comedia Almas Perdidas, co Centro Dramático Galego, na cidade francesa de Rennes.

A CAPITAL ANDABA EN GUERRAS E SEÑORES DE IMPORTANCIA

Ten isto moito que ver cun parlamento que aparece en A noite vai coma un río, de Álvaro Cunqueiro, no que O Correo exclama: «¡Ai, demo de guerra! O home non sabe da muller, o pai do fillo, non hai romerías e a xente durme no chan, co medo por almofada e pérdese a ciencia de facer as camas.» Cando menos, ese parlamento revoaba no meu maxín cando escribín este poema.

FEMIAS NEGRAS DE TODAS AS ESPECIES

Para Marlén, que comparte con Baudelaire a crenza de que sería feliz nun lugar onde casualmente non está.

ARDÍAN...

A propósito deste e dalgún outro poema, téñenme feito observacións sobre o humor que aparece neles. A poesía tivo grandes mestres do humor —Quevedo, Villon...— dos que creo que aprendimos pouco. Por iso, quizais, aprecio hoxe especialmente poetas coma Gil de Biedma ou Antonio Gamoneda nos que hai sempre unha oportunidade para a ironía.

OS DÍAS ROUBADOS Ó DESERTO

Ó reler eu este poema recordei o que abre o libro de Méndez Ferrín O fin dun canto, no que se di «E xa que sei amar con desesperanza / o adeus atroz do outono / e odio as primaveras / convocando erectas solucións de estanques e colunas irtas, / podo eu celebrar con ánimo distante / o cínico morrer e rexurdir dos deuses...»

BELIAL RECORDA A NAHÚM AS ALDRAXES DA CIDADE

Resulta evidente que este poema vén sendo unha paráfrase ou contralibro de Nahúm, un dos profetas menores que recolle a Biblia. Na que eu teño a man di que nada se sabe deste profeta, fóra do pouco que se desprende do libro. As interpretacións católicas do texto afirman que o libro Nahúm relata como a xustiza divina castiga ós que exercen a tiranía contra a humanidade, pero resulta unha interpretación tan optimista que tería gracia se non fose porque máis ben (me) parece unha exaltación estética da guerra, que segue a ser, cando chega a ocasión, unha das lacras de case todas as ideoloxías contemporáneas. Ignoro se o relato das intencións de Belial, tal e como se anuncian no poema «Belial recorda a Nahúm as aldraxes da cidade», é ironía, impotencia, escepticismo, outra cara da mesma moeda ou decepción.

Hai un poema de José Hierro que seguramente se comunica polos labirintos secretos das metáforas co libro de Nabúm: «Te soñé como un ángel / que blandiera la espada / y tiñera de sangre / la tierra pálida; / como una lava ardiente: / como una catarata celeste, como nieve / que todo lo olvidara.»

O máis atractivo do diaño, para un escritor, é o seu carácter de mito da transgresión e a desorde. Noutra ocasión apuntei nun caderno algo que me parece oportuno aquí: o sinal máis certo de vida que pode dar un mito é estar precisamente en versións e bocas de moitos, nomeado con cen alcumes e empadroado en mil cidades diferentes. Ninguén dubidará da vitalidade, por exemplo, de Medea, señora de ciúmes e vinganzas e da que pasan de duascenas —de Eurípides a José Bergamín, de Séneca a Anouilh— as visións e recreacións da súa cólera. E o mesmo Edipo, de Merlín a Hamlet...

Levan a razón antropólogos e semiólogos cando sinalan que tódalas versións do mito son o propio mito.

E ocorre que falar dun mito non é simple lembranza ou evocación, nin o mito di sempre o que o recompostor quere que diga. Falar dun mito —de Belial ou Abaddón, neste caso— é deixar que el mesmo siga falando, é darlle novas oportunidades de contar a nosa historia con aparencia de sucedidos antigos e imposibles. O resultado máis probable é o de alimentar dúbidas e, ben mirado, non é pouco beneficio.

CODA

Sen que eles ou elas, na maior parte dos casos, saiban tal cousa, e sen que eu teña ánimo ningún de explicarlles nada, resulta que estas páxinas teñen débedas de gratitude con Manuela Domínguez, Dolores Torres París, Eva Gómez, Javier Bragado, Joseph Shabalala, Teresa Navaza, Xosé Andrés Vázquez, Anxo Quintanilla, e algúns cidadáns que facían cola na estación do tren, carrexaron peixe ou escribiron libros.

[Autopoética sen título]

Pilar Cibreiro

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CIBREIRO, PILAR (2011 [1987]). [Autopoética sen título]. *O vasalo da armadura de prata*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, colección Leliadoura, 7. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1268>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CIBREIRO, PILAR (1987). [Autopoética sen título]. *O vasalo da armadura de prata*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, colección Leliadoura, 7.

* Edición dispoñíbel desde o 4 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Cando xurdiron os primeiros poemas deste libro, despois de máis de dez anos en Madrí, eu era xa e para sempre un ser escindido que levaba dentro a marca de dous mundos tan opostos coma irreconciliables: o da aldea dos ancestros, orixe e nenezza toda e o da cidade presente con tódalas súas tentacións, ofrecimentos, trampas, soedade total, pero tamén liberdade do anonimato de non ser naide entre tantos que tampouco son ninguén. Non me tiña —tanto nun lado coma noutro— máis que pola extranxeira que son, e esa conciencia de exilio quizaves non era unha mala apreciación pois, ó cabo, ¿qué somos senón extranxeiros perennes uns para os outros? Digo isto porque as palabras que siguen non naceron da nostalxia senón desa constatación e da lembranza dunha paisaxe que nalgún tempo me arrodeou, da memoria dalgo que coñecín e que era semellante ó amor e á harmonía. Esa lembranza e esa memoria fánseme cousa primordial, principio de todo.

Empezaba a escribir en galego e deste xeito facía unha dobre volta. Parecíame que estaba mesmo aprendendo a escribir e, fora por circunstancias persoais que non veñen ó caso, fora por eses comenzos, non podía face-lo senón cunha linguaxe despoxada de calquer artificio, en trance de medrar. Esta linguaxe é, coas imprescindibles formas engadidas, a primeira que falei e teño que agradecerlle a Pancho Franco Bañobre a súa axuda nalgunhas correccións.

Direi, para rematar, que se a lingua é a casa da alma, con este libro a miña alma voltou, por momentos, a súa casa.

PILAR CIBREIRO

[Autopoética sen título]

Xosé María Costa

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

COSTA, XOSÉ MARÍA (2011 [1986]). [Autopoética sen título]. *Non todo na auga é silencio*. Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, colección Leliadoura, 7. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/997>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

COSTA, XOSÉ MARÍA (1986). [Autopoética sen título]. *Non todo na auga é silencio*. Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, colección Leliadoura, 7.

* Edición dispoñíbel desde o 22 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Crear unha atmósfera persoal, un clima no que a palabra busque sensacións xa esquecidas que aínda definen os nosos actos, evocar os bos días perdidos ou na intimidade pensar na triste realidade ou no desexo máis intenso e pracenteiro, esculcar na memoria, intentar que o tempo non fuxa inútilmente, que o esquenzo non substitúa ás lembranzas ou que a sensación máis querida e fuxidía non se convirta nun rumor sin esperanza, construír o verso con calor e esquecer a frialdade, as veces tan brillante como efímera: acaso sexa iste o único segredo. Intuición, sentimento, melancolía, tristura, alegría, nostalxia, desexo, desolación, esperanza... Velahí palabras poéticas.

Penso que estenderme máis sería teima inútil e artificial divagación.

XOSÉ MARÍA COSTA

Verbas da autora

Ánxeles Penas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

PENAS, ÁNXELES (2012 [1992]). “Verbas da autora”. En *O santuario intocable*. Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, colección Leliadoura: 11-13. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1830>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

PENAS, ÁNXELES (1992). “Verbas da autora”. En *O santuario intocable*. Barcelona: Sotelo Blanco Edicións, colección Leliadoura: 11-13.

* Edición dispoñíbel desde o 16 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

VERBAS DA AUTORA

A xestación do libro O santuario intocable foi precedido de dúas estrañas experiencias psíquicas: a primeira sucedeu nun soño no que puideren ler nidiamente, do principio ao remate, un libro de poesía que tiña como autora a unha anónima poeta de Mondoñedo. Como é dado supor, cando espertei —e para a miña desdita— non lembraba ren. A segunda experiencia foi unha mensaxe dictada nun entresoño por unha voz como de lonxe que me dicía: «Fun nado no ano 33 da dominación de Acquafalium, no zoronelo (sic) do vento.»

A mensaxe —en principio escura— pode cecais ser lida en clave arquetípica: a «dominación de Acquafalium» poderían ser as «augas orixinais ou caóticas», as «augas nai», das que xorde toda imago e polo tanto, tamén, toda imago poética, que —ao ser fecundadas polo fálico (o fogo)— dan lugar á creación («nacín no ano 33»). O fálico sería tamén a palabra, o Verbo creador que se espalla no vento (ese eufónico e onomatopéico «zoronelo», que non sei si existe nalgunha lingua). Aínda hai aquí outros arcanos, como o do número 33, que se prestaría para argallar cabalísticas, mais, por abreviar, todos sabemos que o 3 é o número das tres forzas que rexen toda creación: pai, nai, fillo; positivo, negativo, neutro, etc; é o número da Divina comedia.

Despois destas mensaxes sentín o pulo indomable de escribir e, no tempo récord de dous días do mes de abril de 1.986, naceu O santuario intocable.

Non podería asegurar que sexa un libro mediúmnic (aínda que ben ollado, toda escritura poética ten moito de iluminación); mais, sexa o que sexa, non quixen modificar, por prexuízos de modernidade ou de perfección, nin unha soia liña do escrito. Sei que hai nestos poemas algo de anticipador (como xa me ten ocorrido con outros escritos) de certas experiencias que tería, a partir de outubro

de 1.986 e que transformaron, en moitos aspectos, a miña maneira de pensar e de ser.

A xénese do segundo libro aquí incluído: Rocambola náufraga xa foi un acto de recreación dalgúns puntos do primeiro libro, que duraría case un mes. Aínda que este segundo «fillo» era como un xémeo do primeiro, as «augas matriciais ou caóticas» puxéronse a xestar pola súa conta novas imago, esas «vodas do ceo co inferno», mítica representación da loita luz-tebras; nesta polaridade anímica atopábase, sen dúbida, loitando a miña propia psique.

Si ceçais a presenza do «infernál» ou da Raíña Moura da noite, da Nai-caos, Proserpina, é meirande que a presenza da luz, quero deixar ben sentado que eso non supón un xuízo de valor, senón, simplemente, a humilde aceptación (como sinala Jung) de que a nosa psique individual e colectiva: a do home de Occidente, aínda está en farrapos ou é unha máscara enganosa, un remedo choqueiro do verdadeiro rostro.

Non me atrevería, pois, a afirmar que escribín auténtica poesía, no sentido do claro, do apolíneo, do solar; senón máis ben unha creación para esconxurar «demos». Quédame o consolo —salvando, claro, as distancias de talento— de que tamén o fixeron Dante, Blake e Baudelaire.

En relación cos meus dous libros precedentes en castelán, posiblemente sexa este do Santuario... a resolución natural do estado anímico que os xestou. Con los pies en la frontera e Ya soy para tu muerte agoiraban o camiño cara á situación límite e a morte anunciada dunha etapa do propio eu, que agora topou co Arcano: o santuario intocable. Detrás acena a chamada da Esfinxe tebana a continuar cos «traballos» de anagnórise. E, nesa ineludible chamada, está a infancia perdida, a inocencia perdida; a tortura de vinte anos de «autodesterro» polo mundo dos adultos, a separatividade e a anguria existencial, que en Rocambola... abranguería a humanidade, en xeral, especialmente aos máis desposuídos. O título naceu, por azar, dun cruce entre a xogada chamada carambola e o nome dun rapaz coruñés, «Rocamble», que apareceu asasinado, polas datas nas que escribín o libro. A súa historia de marxinação e crime espertou en

min a piedade por aquela criatura, que foi, tal vez, un famento de amor, como tantos xoves que delinquen. Lembreime tamén da película de Rossellini: Rocco e os seus irmáns e do neno «crucificado» de Mamma Roma, de Passolini. A vida é, ás veces, esa crúa «xogada» —de antemán perdida— e eso é o que quixen reflexar. Todos os «Rocamboles» do mundo forman parte desa parte escura, infernal, que nós mesmos xeramos, e a miña obra quere ser un alegato —expressionista «pese a»— que aposta pola luz.

O conxunto dos dous libros quedou rematado, tal como está, o día 23 de abril de 1.986.

[Autopoética sen título]

Luz Pozo Garza

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

POZO GARZA, LUZ (2012 [1986]). “[Autopoética sen título]”. En *Códice Calixtino*. Barcelona: Sotelo Blanco, colección Leliadoura. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1829>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

POZO GARZA, LUZ (1986). “[Autopoética sen título]”. En *Códice Calixtino*. Barcelona: Sotelo Blanco, colección Leliadoura.

* Edición dispoñíbel desde o 16 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

«Ganarás a luz», promete León Felipe, xa que tódala poesía do mundo pode ser un único poema. O que varía é a luz. A semiótica actual apoia esa intuición do poeta: o discurso como transustanciación de discursos precedentes ou paralelos. Se é certo, cada poeta engade unha faísca de claridade ó poema total. Imos coa pequena lámpada na noite ata que a revelación, que xacía nas sombras, se fai lúcida e sobrevive. Cecáis sexa eso a poesía: clarificación da idea na conciencia. Ou ensoñación malferida que xurde dun ceo incertamente transparente. A *transparencia* de Juan Ramón para comunicar coa Divinidade.

Habería, verdadeiramente, que engadir unha certa luz nova ó poema total. A luz propia que fai fuxir as nosas tebras. A forma persoal de prender unha chama, de acender unha lámpada. O xeito da vixilia nunha ofrenda polos longos pasadelos da noite. A travesía da memoria que albisca na penumbra. A forma omnipresente de engadir un verso á letanía da luz. Que, ás veces, prende coma lume, arde sen consumir e, por fin, eterniza.

No meu caso, a luz permite modificar a doutrina dos astros; abrir un códice pechado na noite; ser coñecemento sutil da condición suprema; trascender, tal o amor, das rúas sagradas do meu pobo; evocar a chuvia nunha plaza valeira...

A luz decrece e fire se morre Rosalía e queda alucinada nos ollos de Rimbaud.

Tería que decir con Víctor Hugo: «Vin a sombra, sen ollada, sen lámpada». E despois engadir: Mais a luz vai comigo.

LUZ POZO GARZA

Autopoética en Mohicania

Manuel Rivas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RIVAS, MANUEL (2011 [1985]). “Autopoética en Mohicania”. En *Balada nas praias do oeste*. Barcelona: Sotelo Blanco, colección Leliadoura. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1833>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RIVAS, MANUEL (1985). “Autopoética en Mohicania”. En *Balada nas praias do oeste*. Barcelona: Sotelo Blanco, colección Leliadoura.

* Edición dispoñíbel desde o 16 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

AUTOPOÉTICA EN MOHICANIA

Se o vello Deus para-se solitario nun hotel tentaria recompoñer a magna burrada nun poema. As radios incorporadas à cabeceira das camas dos hoteis son de pésima calidade e non emiten música celestial.

O Demo vai rio arriba e asombra-se de que as casas de antes tivesen portas às mariñas. A corrente arrastra ilustres cadáveres pero non hai tempo para chora-los porque a viaxe conduce con vértigo ao corazón do bosque onde os meus danzan felices sobre a fame e a sede, sobre as cinzas.

Trata-se, pois, dun acto divino e diabólico. Roubarlle a palabra a Deus e quitarlle a razón ao Demo. Xogar cos elementos xenuinos, coas cores primárias, sobre o espacio da mais radical soedade. A poesía debe ser ir pisando os talóns ao ronsel dunha estrela desde o pátio de luces, mentres se escoita o son dos tambores de Cabo Verde no Atlántico norde.

Son de aquí e non me é indiferente. Canto en Mohicania, no impaís, entre un Estado de guardas e outro de gardinhas. Sinto-me vello. Séculos e séculos. ¿Que será o que me leva, con novos folgos, às praias do Oeste?

MANUEL RIVAS

A Coruña, 23 de xuño de 1985

[Autopoética sen título]

Claudio Rodríguez Fer

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RODRÍGUEZ FER, CLAUDIO (2012 [1987]). “[Autopoética sen título]”. En *A boca violeta*. Barcelona: Sotelo Blanco, colección Leliadoura. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1828>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RODRÍGUEZ FER, CLAUDIO (1987). “[Autopoética sen título]”. En *A boca violeta*. Barcelona: Sotelo Blanco, colección Leliadoura.

* Edición dispoñíbel desde o 16 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

O libro *A boca violeta* reúne poemas diversos escritos entre 1984 e 1986 en lugares moi diferentes. En conxunto, pertence á serie composta por *Poemas de amor sen morte*, *Tigres de ternura* e *Historia da lua*, cos que forma un ciclo. Asimesmo, participa cunha composición do ciclo representado polo libro *Cinepoemas*.

A xénese do poema erótico «A boca violeta» procede, en parte, do subconsciente e das alucinantes xeografías oníricas de Xauxa, Cucaña, Pomona e demais Utopías míticas da felicidade. De feito, *O País de Xauxa* pintado por Brueghel ten quizais a mesma presenza plástica nestes versos que a referencia explícita á inmensa boca de *Á hora do Observatorio, os amantes* do surrealista Man Ray.

A sección «Mordedura mortal» está integrada por poemas eróticos enmarcados na natureza e participa de temas moi recurrentes nos meus libros anteriores.

A serie «Emakume» xira predominantemente en torno á arte e ten a Euskal Herría como principal ámbito de referencia. O poema «Muller cromlech» aúna ambos componentes baixo o signo espacial de Oteiza, mestre na ética e na estética.

O apartado «Herbario» engloba poemas sobre a natureza partindo de Galicia ou quizais viceversa. O tronco central é vitalista e cósmico, pero penso que del se derivan ponlas circunstancialmente ecolóxicas, paisaxísticas, comunais e autobiográficas.

«Todo a ti» trata do amor e da musa en sintonía depurada cos meus poemarios anteriores. Finalmente, a composición «A cabeleira (Fragmentos)» anticipa algúns versos dun longo poema en elaboración, que acaso non terá fin.

Borges demostrou nunha parábola sobre a lectura literaria que toda obra pode ser lida de modo diferente segundo a época. Eu son consciente de que se os meus libros foran publicados nun tempo de hexemonía da temática paisaxística, teríase resaltado neles a visión vitalista da natureza e, de ser editados nunha época de preocupación predominantemente social, teríase advertido ante todo a perspectiva ideolóxica libertaria ou o interés pola entidade comunal de Galicia. A súa saída á luz nestes anos provocou a anteposición da dimensión erótica ás anteriores e cando se poña de moda a reflexión literaria destacárase sobre todo o seu contido metapoético. (Neste sentido, agora que a poesía erótica ten xa abondoso cultivo en galego, quizais debería calificar a miña de meta-erótica, posto que a autenticidade vital é o único pulo creativo do amor e da poesía que percura o seu coñecimento e transcendencia.)

En realidade, a natureza, a utopía libertaria, Galicia, o erotismo ou o coñecimento están en todos os meus libros porque eu nunca quixen facer exclusivamente poesía cósmica, ideolóxica, nacional, erótica ou metapoética, senón poesía sen adxectivos, é dicir, poesía total.

C.R.F.
Lugo, 1986.

[Autopoética sen título]

Paulino Vázquez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VÁZQUEZ, PAULINO (2011 [1985]). “[Autopoética sen título]”. En *Seixo de desfacer entre os dedos*. Barcelona: Sotelo Blanco. Colección Leliadoura. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1832>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VÁZQUEZ, PAULINO (1985). “[Autopoética sen título]”. En *Seixo de desfacer entre os dedos*. Barcelona: Sotelo Blanco. Colección Leliadoura.

* Edición dispoñíbel desde o 16 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Poño en cuestión que o feito estético sexa aínda un suceso persoal nun tempo onde a búsqueda material da que depende é (P. Boulez) necesariamente colectiva. Con imaxes descompostas e voces alleas e queridas (Dante, Arnaut Daniel, Eliot) un sorpréndese meditando acerca da vella condición humana para construír o propio universo da palabra que se dice a si mesma e orixina o seu discurso, a coidadosa e lenta articulación —como seixo que se desfai nas palmas das mans— do que pode ser mostrado. A linguaxe non expresa o que se expresa con a linguaxe. A morte non é un acontecemento da vida. Queda preguntarnos que é necesario dicir, cal é a natureza do que vivemos, a causa do discurso que se estende —como agora— para fuxir da desolación e o vacío. Talvez non hai sentido. Con certeza existe o que se amosa a si mesmo, o místico (Wittgenstein). Prefiro o misterio ao absurdo, sabendo que estamos vacilantes, como o príncipe Hamlet, nadando entre dúas vidas. Que a palabra sexa verdadeira aínda que non poida tocar a nosa Soidade á que rindo homaxe. A liña do tempo afástanos dos lugares onde amamos e non nos queda máis que a linguaxe para non dar paso ao olvido. Esta é a aflición. O regreso é posible através da palabra, o signo de desvío que non quer asumir a separación que o tempo depara. Con estes despozos e outras ruínas compuxen os poemas para non apodrecer. Perderme en xogos estériles entre o que significa a arte e a morte. Ao final só quedan uns ollos que se recordan. *Ara vos prec per aquella valor...*

PAULINO VÁZQUEZ



LETRAS DE CAL

Autopoéticas

UL ANÁLISIS
POÉTICA

GAAP

GRUPO ALEA

[Autopoética sen título]

Celeste Craveiro

Texto tomado de

CRAVEIRO, CELESTE (2011 [1998]). “[Autopoética sen título]”. En *Um corpo para a infância*. Santiago de Compostela: A. C. Amaía, colección Letras de Cal, 29. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/385>>.

Nasci a 02 de março 1960, na bela cidade da Beira, Moçambique (África), onde tive uma infância feliz como poucos o podem dizer que tiveram. Mas devido à guerra que alterou o destino desse país, aquando da independência, vejo-me caminho de Portugal com quinze anos de idade, onde chego a 28 de março de 1975, manhã fria, tão frio o país que me acolhe que é outra a identidade que se forma em mim.

Completo os estudos, começo aos vinte anos a trabalhar e nessa ânsia de realizar e sentir coisas divinas e belas, vou fotografando o que me sensibiliza, vou escrebendo o que sinto, a poesia é a minha respiração mais vital, é uma porta para o transcendente, estou entre a rotina dos dias mas com a poesia como complemento ao banal e à futilidade de alguns que me rodeiam, como uma arma à mediocridade quotidiana. Nasce assim esta «foto-poeta», como me intitulo.

Começo por publicar (poesia e fotografia) em diversos jornais (Diário de Notícias, Jornal de Letras, Jornal de Fundão, Jornal de Chaves, Jornal de Vila Nova de Gaia, etc.), em fanzines e revistas (e aqui cito o «Mono da Tinta» da Galiza). Em 1991 realizo a minha primeira exposição de fotografia em Sintra, que me projectou nessa área, vindo posteriormente e até à data a realizar oito exposições de fotografia individuais.

Não sou feliz, profissionalmente (sou escriturária), mas sinto-me realizada na minha arte poética como «foto-poeta» e ela não poderia existir, creio, se não fosse exactamente isso, infeliz no dia-a-dia que levo trancada entre quatro paredes de um escritório, como Fernando Pessoa.

Celeste Craveiro

[Autopoética sen título]

Verónica Martínez Delgado

Texto tomado de

MARTÍNEZ DELGADO, VERÓNICA (2011 [1998]). “[Autopoética sen título]”.
En *Desterrada do meu corpo*. Santiago de Compostela: A. C. Amaía, co-
lección Letras de Cal, 59. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de po-
éticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/863>>.

Sei de certo que son o produto inevitable dun instante de desexo incontrolado de hai case vintecinco anos.

Esa paixón sen medida que domina todo o meu ser é a herdanza que obtiven dos meus pais e con ela quedo. Porque hai segundos tan longos e intensos que é necesario vivilos; aínda sabendo que terás que renunciar a vinte anos ou que te aniquilará despois a máis profunda das dores.

Confeso que me dou ós demais porque non comprendo outro xeito de achegamento, a pesar de intuír algunha que outra vez que os máis non me queren recibir.

O único que, en definitiva, vos resta por coñecer de min é que só son cando podo ollar a Frouxeira.

Direivos que non hai peor desterro que non recoñecerse dentro dun propio e que o maior dos exilios é ter a certeza de que o paraíso non existe.

Escribín todo isto porque xa non tiña outro xeito de me expresar.

Os alaridos da miña gorxa, as palabras de súplica dos meus ollos, os berros de auxilio do meu corpo desterrado non foron suficientes nin comprendidos.

E «só me resta escribir» non sei se sobre esta encrucillada ou sobre papel; con palabras escritas, para extirparme esa dor e regresar de novo ó meu corpo.

[Autopoética sen título]

Carlos Negro

Texto tomado de

NEGRO, CARLOS (2011 [1991]). “[Autopoética sen título]”. En *As laranxas de Alí Babá*. Santiago de Compostela: A. C. Amaía, colección Letras de Cal, 51. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/383>>.

Outono, ano setenta, Lalín; palabras das que nazo e que me sitúan nun entorno cotián, desde aqueles debuxos de Heidi ata esta sociedade consumista e virtual que nos enche de imaxes os ollos, pero que nos baleira de nubes a imaxinación. Agora vivo en Santiago, e o meu cerne é tamén desta cidade que me foi creando distinto a min mesmo.

De cando neno, había rombos naquela realidade gris, pero tamén un xardín onde xoguei a apache, unha tenda de estantes multicolores, a fariña albeira dun muiño e outras vivencias que me ateigan.

Antes destas palabras, probei a escribir outras, pero case todo rematou nos caixóns do olvido ou nas mans desaxente que che admite calquera debilidade, porque che garda cariño; intento aprender e comprender este oficio, aínda que un nunca remata por saber.

Este libro quixo saír luminoso e sensual como a esencia da laranxa que lle deu forma e contido; gostei de sentirme neno e adulto a un tempo, e deste finximento imposible xurdiu un conto que ás veces semella un poema; todo nel é mentira, pero procurei que nada fose falso. E se por acaso se albisca certa ilusión, esa será a mellor maxia que souben ofrecer.

[Autopoética sen título]

Olga Novo

Texto tomado de

NOVO, OLGA (2011 [1991]). “[Autopoética sen título]”. En *A teta sobre o sol*. Santiago de Compostela: A. C. Amaía, colección Letras de Cal, 37. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/382>>.

Son a práctica do que che escribo. Por iso proclamo a impudicia como extrema pureza. Suceda o que suceda, son a secreción das múltiples memorias do meu amor. Persigo a lucidez porque un día terei o cerebro ó nivel dos labios, a mística suficiente para rebentar o cráter das imposicións que se cernen sobre nós. Para nos protexer como especies antigas capaces de todo lume teño murallas anteriores ás murallas. A estas fonduras só acepto intelixencia emocional, e así onde cada cousa ten nome, extinción ou crenza, unicamente teño veas. Non escribo para algo, escribo para alguén, e como todo se ten cando se dá todo, non busco a perfección senón a intensidade.

Olga Novo (Vilarmao-Lugo, 1975)

a teta sobre o sol, 1ª ed., Edicións do dragón, 1996.

Nós Nus, Edicións Xerais, 1997.

Amar é unha india, Unión Libre 2, 1997.

[Autopoética sen título]

Sechu Sende

Texto tomado de

SENDE, SECHU (2011 [1998]). “[Autopoética sen título]”. En *Odiseas. Libro de aventuras*. Santiago de Compostela: A. C. Amaía, colección Letras de Cal, 51. Reedición en *poesiagalega.org. Archivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/386>>.

A forza que me leva adiante –inexperto no traballo e no falar– na busca do ouro do amor, da prata das ideas e da liberdade, é a forza de Ninguén, de Todos, de Cada Un. Facer dun paso unha odisea. Morrer a cada paso e a cada paso renacer no proxecto da lebre, do entusiasmo, da libélula, da palabra e do ben comun. Os soños da vida fortalecen a vida. E eu sei que o home que soña é un home libre.

Creo na educación, transforma as persoas. E penso que a literatura pode transformar as vidas, como as viaxes, os libros de historia, unha búsola ou a TV. Eu sería outro sen Kafka, sen Mayombe, sen César Vallejo, sen Bartleby... Es poeta como es persoa, cidadán, amante ou camiñante; din que hai poetas decoradores e poetas floristas: inútiles, non me interesan. Co meu amorte, cos meus rios e culleres, cos meus Entusiasmo e Tristeza estou contra a Resignación e a enfermidade da Melancolia e reclamo humanidade e reclamo compromiso. A luz consiste en comprender e avanzar. Tal como eu o vexo, hai dúas posibilidades: construír ou non construír. Un amor, unha casa, un país, unha odisea.

Por tanto tamén eu reclamo a liberdade para o meu pobo. E soño e agardo un futuro no que os nenos e nenas de Galiza pinten e escriban en galego os seus corazóns de amor nos asentos dos autobuses, nos peitos das árbores e nos muros das cidades. Porque se non chega a ser así, será que deixaremos de existir.

[Autopoética sen título]

Francisco Souto

Texto tomado de

SOUTO, FRANCISCO (2011 [1998]). “[Autopoética sen título]”. En *Fado*. Santiago de Compostela: A. C. Amaía, colección Letras de Cal, 43. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/384>>.

Francisco Souto (A Coruña, 1962)

Son autor de obra *par*. Recoñezo-o. E non é tanto que carza de valor para chegar a ser *sen par*, tanto a ironía do panorama editorial galego que condena a miña obra *impar* a un retardado silencio. Has de saber, raro lector, que antes de *As árbores do incesto* (Espiral Maior, 1995) há un *Cain* que des-espera no prelo. E antes de *Fado* deberías ter vivido o canto emocionado de *As horas de Maria*. Agora que este *Fado* é xa realidade certa, agardo non estar lonxe de mais cando *Cain* e *As horas de Maria* vezxan a luz.

De min dizer tan só que prefiro a acción á adición.
A palabra consciente ao verbo constante. O mito ao rito. A vida á literatura. A violéncia á inconsciéncia.



POÉTICAS GRUPAIS

Autopoéticas

UL ANÁLISOL
POÉTICA

GAAP

GRUPO ALEA

Poesía nos noventa

Marta Dacosta

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

DACOSTA, MARTA (2011 [1997]). “Poesía nos noventa”. *Vento do Leste. Revista de Cultura, Arte e Sociedade*: 4, 17-18. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/657>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

DACOSTA, MARTA (1997). “Poesía nos noventa”. *Vento do Leste. Revista de Cultura, Arte e Sociedade*: 4, 17-18.

* Edición dispoñíbel desde o 18 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.



De esquerda e dereita: Rafa Villar, Emma Couceiro, Yolanda Castaño, Marta Dacosta, Eduardo Estévez e Paco Souto tras un recital realizado na Aula de Cultura de Betanzos.

POESÍA NOS NOVENTA

Hai xa algún tempo que se comezou a falar da poesía dos noventa, dos poetas dos noventa, utilizando ou non esta denominación que segue o modelo doutra que designaría aos poetas da xeración inmediatamente anterior: poesía/poetas dos 80. O que está claro é que co inicio desta década en que andamos comezou a publicarse poesía novamente, despois dun período de grande auxe da narrativa, en que ademais foi significativo que moitos poetas comezaron a publicar as súas primeiras novelas e relatos.

Publicaban voces coñecidas pero tamén comezaban a aparecer voces novas, intuídas en Olisbos ou nas publicacións colectivas que editaba *Edicións do Dragón*, e que agora aparecía en forma de libro, moitas veces con motivo de acadar un premio literario.

Non é allea a esta situación a aparición de *Espiral Maior*, cunha colección adicada en exclusiva á publicación de poesía, e a existencia de premios literarios para autores noveis: O *Espiral Maior* de poesía que lle foi concedido a Rafael Lema, Francisco Souto, Martín Veiga, Cristina Cabada, Emma Couceiro, ou o desaparecido Fermín Bouza Brey, concedido a Rafa Villar, Yolanda Castaño, Isolda Santiago. Non é doado establecer os trazos que identifiquen a esta nova poesía por diferentes motivos, fundamentalmente porque a produción poética de cada un dos autores e das autoras é moi diferente entre si, e se difícil é definilos, tamén o é diferenciais da produción poética precedente. Aínda así considero bastante acertados dous trazos expostos por Emilio Insua: desbarroquización das formas e sinceridade e desapaixonamento da expresión, entendendo este trazo como consecuencia do primeiro e como impresión producida no lector ou lectora, lonxe da sensación de distanciamento e frialdade que producirían outros textos. Tamén é certo que considero estes dous trazos fundamentais á hora de falar da produción poética de determinados autores ou autoras buscadores da conexión co lector, un lector perdido na escuridade e

no frío que lle terían producido certa clase de poesía. **Non se trata de trivializar, non se trata de popularizar no peor sentido da palabra, trátase de conectar, de comunicar, de chegar a alguén, a alguén máis cá unha pequena elite.**

Para min habería outro trazo, aínda que recoñezo que non é moi relevante, a maior brevidade do poema e do verso en xeral, con respecto a textos de autores anteriores. Neste sentido chamoume a atención nun recital na Facultade de Xornalismo en que recitaron persoas moi novas (de 18 a 22 anos aproximadamente) que os seus poemas eran aínda máis breve cós nosos, e moito máis cotiás en canto aos temas que trababan.


Os temas, e aquí tamén atopo unha revalorización dos temas sociais, non só pola súa presenza, senón tamén polo seu tratamento. E isto xunto aos temas de sempre, os dos 80, 70, Idade Media, os temas universais. Os autores e as autoras máis novos non sempre afrontan o feito poético en solitario, nos noventa hai unha especie de sentido colectivo que dá lugar á existencia de diferentes agrupacións entre as que destacaremos o *Batallón literario da Costa da Morte*, agrupación literaria que engloba aos autores e autoras desta comarca e que ten servido como auténtica dinamizadora do feito poético e da incentivación da escrita entre os máis novos. O colectivo *Un medio*, en Cee, *Blas Espín*, na Ponte do Porto e os que esquezo. En coherencia con este sentido colectivo está *Edicións do Dragón*, que nacia a fins dos 80 coa edición de antoloxías poéticas de xeito non comercial, en carpetas de follas caligrafiadas e fotocopiadas,

cunha distribución ocasional dependente da vontade de quen levaba adiante ese proxecto, e que aínda segue, publicando aos máis novos e ás máis novas. E os recitais, os continuos recitais en que nos imos atopando hoxe uns e mañá outros e que nos fan cada día un grupo máis compacto e consolidado, os recitais aos que non renunciamos baixo ningunha circunstancia (moitas veces sen dietas, sen cachet) e que queremos que sigan existindo sempre e aos que asistimos con moita vontade e ilusión. Son tan importantes como aumentar o número de exemplares dunha edición ou facer unha publicidade coidadosa da obra poética dun autor. Na poesía dos 90 hai un feito singular e é o da aparición da voz poética de María Xosé Queizán, que ata ese momento non publicara poesía, e que contribuíu enriquecedoramente ao panorama poético dos últimos anos anovando a temática da poesía e a linguaxe, desde unha perspectiva feminina, nunha liña semellante a doutras autoras como María Xesús Pato, quen aínda non pertencendo a esta poesía dos 90, se somos ríxidos ao aplicar o concepto cronolóxico da xeración, está moi próxima destes poetas, mesmo por ser nos noventa cando comezou a publicar os seus libros. E chegamos así a un punto importante: a poesía de muller. A práctica totalidade de

quen se ten parado a analizar a poesía galega dos anos 90 coincide en sinalar a importancia da poesía feita por mulleres, polo seu número e pola súa calidade, chegando nalgúns casos a indicar que esta sería unha corrente poética máis entre outras innovadoras, clasicistas, etc. **É innegable a presenza da muller, o seu incremento numérico, a calidade da súa produccción, a innovación á que está sometendo a poesía desde unha óptica feminista** que afecta aos temas tratados e a forma en que se tratan: o amor, a recuperación das antepasadas, en coherencia coa reivindicación do papel da muller, a linguaxe non sexista ... Sen embargo teño pánico da alegría con que en ocasións se fai referencia a este feito, como algo consolidado e acadado, como o final da loita pola adquisición dun nicho poético. E penso que non se trata diso e que aínda hai moito que facer, porque aínda non somos tantas, parellamente a como aumenta o número de mulleres que escriben poesía aumenta tamén o de homes, polo que ata é

posible que as proporcións se manteñan. E ese feito de encaixarnos, "poesía de muller", falar da poesía producida por mulleres como representativa da liña poética de "poesía de muller", e que estas mulleres non aparezan despois cando se fala doutras liñas poéticas, é unha sensación estraña de ghetto, de nicho poético ao que somos destinadas sen poder competir coa universalidade dos poetas da nosa literatura, homes, mulleres ou androides. Estamos aquí e queremos compartir opcións poéticas con homes e mulleres, **queremos feminirrevolucionar o mundo da poesía** e estámolo facendo, e tamén queremos ser consideradas polo que dicimos e polo que escribimos, sen que entren en combinación outros parámetros innecesarios.

Marta Dacosta Alonso
é poeta e profesora.



Nunha soidade de guía telefónica
nace o abreinte da cidade.
O frío é falso
porque nas caixas de madeira apodrecen os pexegos.
Un axóuxere de ferro voa sobre o asfalto
e a luz é verde, é amarela, é vermella.
Agosto non existe.
Na cola do supermercado agosto non existe.
E as latas son area no mar da estantería,
unha praia calada
en que afogar os sonhos.
A oferta de aceite é a mellor lectura
para 365 días de consciencia.

Marta Dacosta Alonso
(De *Pel de Ameixa*, Premio de poesía Miguel
González Garcés, 1995.)

Poesía gallega contemporánea en Madrid: el grupo Bilbao

Xavier Frías-Conde

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

FRÍAS CONDE, XAVIER (2011 [2007]). “Poesía gallega contemporánea en Madrid: el grupo Bilbao”. *Cuadernos del Ateneo*: 24, 71-110. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/789>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GÓMEZ, JOEL R. (2007). “Poesía gallega contemporánea en Madrid: el grupo Bilbao”. *Cuadernos del Ateneo*: 24, 71-110.

* Edición en pdf en *poesiagalega.org* dispoñíbel desde o 8 de novembro de 2011 a partir do arquivo facilitado polo autor/a ou autores/as. Cabe a posibilidade de que existan diferenzas —derivadas do proceso de edición orixinal— entre este texto en pdf e o publicado no seu día.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Canarias, entre sus creadores, y América y sus poetas, novelistas y dramaturgos. Un imaginar común, lleno de reciprocidades, dentro de las cuales se encuentran tanto los novelistas hispanoamericanos estudiados en esa primera entrega, Alejo Carpentier, Antonio Benítez Rojo, Abel Posse, Augusto Roa Bastos, como canarios de ayer, Anchieta, Silvestre de Balboa, Luis Melián de Betancurt, Graciliano Afonso, Tomás Morales, Mercedes Pinto, Francisco Izquierdo o canarios de hoy como Josefina Plá, José Antonio Rial, Nivaria Tejera...

En ese libro, continuaba, por el lado literario, lo emprendido por el ya citado Antonio Rumeu de Armas en su libro monumental sobre *Canarias y el Atlántico*, aparecido en los años 1947-1950, en su primera edición, con el título de *Piraterías y ataques navales contra las Islas Canarias*. Para nosotros Rumeu de Armas es el Braudel del Atlántico.

Los autores ya estudiados en el libro *Para un imaginario atlántico* y los pendientes de analizar, en parte aquí señalados, hablan de Canarias y de América como un territorio unimismado en lo físico y en lo espiritual, como antes lo hicieron la mitología greco-latina, la historia escrita por Fray Bartolomé de las Casas, la Europa del Renacimiento o las cortes de los Reyes Católicos o de Felipe II.

Los mitos clásicos de la unidad de los mundos allende las Columnas de Hércules, siguen vivos para algunos creadores; se persiste en establecer relaciones interhumanas a través del lenguaje y de las imágenes literarias. La literatura y las artes en general son sistemas simbólicos capaces de poner en relación culturas diferentes y de reinterpretarlas bajo otro punto de vista.

NOTA

El texto sirvió de base para la improvisada intervención del doctor García Ramos en el Ateneo de La Laguna el día 22 de septiembre de 2004 en el ciclo “Macaronesia: culturas del mismo azul”.

Para todo lo referente a la bibliografía sobre el concepto de “Atlanticidad”, nos remitimos a la incorporada al final del libro *Por un imaginario atlántico*, ya citado, y en *Atlanticidad*, La Laguna, Tenerife, Altasur, 2002.



P POESÍA GALLEGA CONTEMPORÁNEA EN MADRID: EL GRUPO BILBAO

XAVIER FRÍAS-CONDE

MADRID Y LA LITERATURA EN LENGUA GALLEGA

La presencia de escritores en gallego en Madrid es tan antigua como la propia literatura gallega surgida en el llamado período del *Rexurdimento* (“resurgimiento”) del siglo XIX, para lo cual basta tener en cuenta que la propia Rosalía de Castro residió durante un tiempo de su vida en la capital de España. Pero ella no es la única representante de las letras gallegas que ha residido en Madrid, bastantes de los escritores del siglo XX han residido una parte de su vida en esta ciudad: Celso Emilio Ferreiro, Xosé Luís Méndez Ferrín, Uxío Novoneyra, Manuel Rivas, entre otros.

Por tanto, es evidente que Madrid tiene un peso en la historia de la literatura en lengua gallega, aunque este peso no es generalmente reconocido. En cualquier caso, Madrid ha desempeñado y desempeña un papel crucial en el desarrollo de la literatura en lengua gallega, cuya importancia ha de ser reconocida en algún momento sin prejuicios políticos, puesto que Madrid ha sido el lugar de acogida de muchos escritores que por múltiples razones tuvieron que pasar periodos concretos de su vida en él.

El grupo Bilbao no es, pues, un momento aislado dentro de la presencia ininterrumpida de escritores en lengua gallega en Madrid, sino que el salto de siglo ha sido y es el momento de este grupo de escritores que por circunstancias muy diversas viven en Madrid.

No obstante, el grupo Bilbao tiene una serie de características que lo convierten en digno de estudio. Se trata de unas características de tipo social y literario que a lo largo de estas páginas trataremos de exponer. Quisiéramos, pues, reivindicar que

Madrid tiene un peso en la cultura gallega en absoluto secundario comparado con el de cualquiera de las siete capitales gallegas.

El Grupo Bilbao no puede ser considerado una generación poética, entre otras cosas porque entre Fermín Bouza y Viqui Veiguela hay prácticamente treinta años de diferencia. Por tanto, ¿qué tiene en común este grupo tan heterogéneo, donde ni siquiera las temáticas, los estilos y los gustos son semejantes? Probablemente lo que más en común tiene es, justo, lo ser un ponto de encuentro entre personas que viven la literatura, tienen una lengua común, mas moran lejos del suelo originario de esa lengua en la que gustan de expresarse. Es preciso que unos nos arropemos a los otros, porque se es difícil tener eco en la literatura gallega –sobre todo en el caso de la poesía–, lo es más cuando se vive tan lejos de los centros de canonización de esa literatura, lejos de Santiago, de Vigo o de Coruña. Este apoyo mutuo fue lo que favoreció la creación de unos medios propios de edición.

Con todo, no es posible afirmar que el Grupo Bilbao tuviera o tenga un peso significativo en el planeta literario gallego actual. Aun siendo conocido, solo algunos de sus miembros están consagrados, pero la distancia física y la existencia de prejuicios sobre todo de tipo político, hacen que la existencia de un núcleo literario de expresión gallega en Madrid no tenga el eco que merece en Galicia.

Café Comercial,
en la Glorieta de Bilbao, Madrid

LOS ORÍGENES DEL GRUPO BILBAO

Desde el principio ha surgido la pregunta de por qué un grupo de poetas que usan la lengua gallega y vivieron en Madrid son conocidos como Grupo Bilbao. Podríamos decir que el responsable es Vicente Araguas, que fue quien propuso tal nombre. Pero hay una razón para eso: el café Comercial.

El café Comercial es uno de los más véselos, firmes, majestuosos y castizos cafés capitalinos de España, situado, precisamente, en la glorieta de Bilbao. En él, desde hay muchos años, al menos desde principios del siglo xx, tienen lugar en sus sillas y sillones toda clase de tertulias al amor del café que sirven con mucha profesionalidad unos camareros con pajarita y uniforme. Y es aquí donde se reúne una vez al mes este grupo de escritores y otros amigos aficionados a la literatura una vez al mes, generalmente el último sábado de cada mes.

Por tanto, el grupo literario surge alrededor de las tertulias. Es así desde el mes de Noviembre de 1996 tal como confirma Vicente Araguas, porque es él quien tiene apuntada la fecha de la primera tertulia en su diario.



Así pues, en la glorieta de Bilbao se reúnen un grupo de poetas en gallego residentes en Madrid. Pero lo subyace es un claro mestizaje, que no es sino un reflejo de lo que en realidad son dichos poetas: una encrucijada de gentes, versos y lenguas. Pero volvamos a los orígenes. No nació todo en aquel Noviembre del 1996, sino un poco antes, en enero de ese mismo año, cuando Vicente Araguas presentó su *O Gato Branco* en la librería que más solera gallega tiene de todo Madrid: Sargadelos. Por entonces, Fermín Bouza hizo la labor de presentador. Es importante tener presente que estos dos escritores son el vínculo más claro y fuerte entre toda esa tradición de poesía gallega en Madrid y lo que vendría después. Ambos llevaban bastantes años ya residiendo en Madrid, crecidos al amparo de la figura capital de Celso Emilio Ferreiro (1912-1979).

Más tarde se unieron otros escritores en lengua gallega: Manuel Pereira, poeta de mirada serena pero penetrante que siembra versos con su silencio, hombre muy aficionado a la fotografía que ha hecho magníficos retratos de algunos de nosotros en más de una ocasión; Claudio Pato, que componía versos con un trasfondo no apto para profanos, atento a la realidad invisible que se esconde tras del cotidiano; Crisanto Veiguela, eonaviego (asturiano de la franja de lengua gallega en el límite con Galicia entre los ríos Eo y Navia), luchando por la lengua con la poesía como arma, haciendo de los recuerdos elementos de belleza, a veces serena, a veces ácida;

José Manuel Outeiro, de versos tímidos y palabra comprometida, poseedor de una fuerza expresiva que manifiesta apenas en la escrita, un mundo hondo e impredecible. Estos son los primeros tertulianos, pero desde entonces la lista de personas que en uno u otro momento han pasado por la tertulia supera las doscientas personas; Carmen Blanco, precisamente narradora que no poeta, y fue en Madrid donde comenzó a escribir en gallego, lengua de su infancia que recuperó gracias a su paso por la UCM y la tertulia en los últimos años en que residió en la capital de España.

Quedan muchos nombres en el tintero. Pido disculpas por no poder citar a todos.

EL PORQUÉ DEL GRUPO BILBAO

El Grupo Bilbao no es una generación literaria ni nada por el estilo tal como afirmamos anteriormente. De hecho, definir lo que es resulta bastante engorroso, dada la diversidad de procedencias e intereses de las personas que están integradas en el mismo. Tampoco es un grupo cerrado, con unas listas de pertenencia o afiliación fijas, sino que se trata de un movimiento.

A partir de esta idea de *movimiento* puede ser más sencillo explicar la naturaleza del Grupo Bilbao. Probablemente su importancia radica en que ha sido la plataforma que ha servido para el lanzamiento de la carrera literaria en lengua gallega de sus miembros más jóvenes y, al mismo tiempo, ha servido como grupo de referencia para aquellos que, fuera

del ámbito geográfico gallego, intentaban escribir literariamente en gallego. Honestamente, no se puede entender el recorrido literario de algunos autores actuales residentes en Madrid en el cambio de siglo sin la existencia del Grupo Bilbao. Ahora bien, esto no significa que todos los escritores en lengua gallega residentes en Madrid hayan pertenecido al grupo o hayan participado de sus actividades.

Precisamente en cuanto a actividades, podemos citar que en ciertos momentos el Grupo Bilbao ha sido un gran promotor cultural de cultura literaria gallega en Madrid, sobre todo a través de la galería Sargadelos, durante el periodo en que estuvo dirigida por Inés Canosa.

En el Grupo Bilbao se han dado cita al menos tres generaciones literarias. La primera aquella histórica que vivió la Guerra Civil española, con nombres como Borobó, Alexandre Finisterre, que participaron en la vida literaria y cultural a través sobre todo de la tertulia. La siguiente generación, a la que pertenecen sobre todo Fermín Bouza y Vicente Araguas, participó de aquel espíritu rebelde que cuajó en España a raíz del célebre Mayo del 68 francés, en la cual también podemos incluir a Manuel Pereira. La tercera generación es la que vivió el fin del franquismo y creció durante la transición, como es el caso de Xavier Frías o José Galán. Podríamos referirnos incluso a una cuarta generación que ya creció en la democracia y que hasta fue educada en gallego, como es el caso de Rafa Yáñez o José Manuel Outeiro.

EL GRUPO BILBAO Y LA TERTULIA

A la vista de lo expuesto hasta ahora, no se puede separar la tertulia de la existencia del Grupo Bilbao. De hecho, la tertulia es el elemento vertebrador del grupo. No obstante, la tertulia tomó cuerpo no solo con escritores, sobre todo poetas, sino también, como ya dijimos antes, con personas residentes en Madrid interesadas en la lengua y cultura gallegas. De este modo, la tertulia sirvió como catalizador de una actividad literaria que comenzó a desarrollarse a mediados de la década de 1990.

No obstante, concentrándonos en la tertulia, no todas las personas que acuden o acudieron a ella son escritores, como ya dijimos. Algunas de ellas han dejado una huella especial, como Ana Acuña, profesora de gallego en el departamento de Románicas de la U. Complutense (1996-2002), impulsora de la creación literaria en esta lengua y animadora del espíritu poético que lleva a muchos jóvenes a escribir en gallego. Ella fue la responsable de que muchos de sus estudiantes comenzaran a escribir en gallego sin ser hablantes de esta lengua (véase más adelante la sección dedicada a los poetas alógrafos).

De la tertulia surgió un libro homenaje a la entonces directora de la galería Sargadelos, Inés Canosa, titulado *Muller de doce sal*, en el cual todos los poetas del Grupo Bilbao y muchos otros publicaron un libro colectivo de homenaje a esta gran difusora de la cultura gallega en Madrid.

Interior del *Café Comercial*



LA ACTIVIDAD LITERARIA DEL GRUPO BILBAO

En sus primeros tiempos, el Grupo Bilbao desarrolló bastantes actividades, muchas enfocadas sobre todo a la promoción de la literatura en gallego en Madrid. Por un lado, hubo varios recitales en Madrid, generalmente coincidiendo con la celebración del Día de la Letras Galegas. El primer recital colectivo fue en el Ateneo de Madrid, justo durante el día de las Letras Gallegas del año 1997. En el año siguiente se repitió el evento en la galería Sargadelos, también durante la celebración de las Letras Gallegas en grupo, aunque algunos de los miembros del grupo leyeron en la Universidad Complutense en el Paraninfo de Filología de la Universidad Complutense ya desde aquellos años y, generalmente, lo han seguido haciendo desde entonces ininterrumpidamente.

Poemas del grupo Bilbao, como colectivo, aparecieron a principios del 2000 en el suplemento de *O Correo Gallego* en enero de la mano de Vicente Araguas. Pero la palma fue la publicación de *En Tránsito*, una verdadera antología de poetas de lengua gallega que

algún momento de su vida residieron en Madrid, obra coordinada por Vicente Araguas y Manuel Pereira, con un interesante estudio previo de Ana Acuña, del año 2001.

En 1998 nace la colección *O Roibén*. Se trató de una colección de cuadernos poéticos de alrededor de 50 páginas, que fueron la primera experiencia editora del grupo literario, impulsado sobre todo por Xavier Frías-Conde y Rafael Yáñez. Los títulos publicados entre 1998-99 fueron: *Carreiros* poemario colectivo de Adela Conde, Crisanto Veiguela y Xavier Frías-Conde, (1998), *Comercial* poemario colectivo con Fermín Bouza, Vicente Araguas, Claudio Pato, Manuel Pereira, Xavier Frías-Conde y otros (1998), *Todo muerte* de Manuel Pereira (1998), *Xábreggho* de Carlos Solla, (1999) y *Xeitos de falar* (antología bilingüe gallego-asturiana, 1999).

En el 2000 se publica una nueva tanda de títulos de los cuadernos de *O Roibén*: *Hidroemas* de Óscar Curieses y Luis Luna, *Simbiose* de Susana González y Victoria Veiguela, *Alquimia soñada* Xosé Galán, *Onte chovía* de Rafael Yáñez (2000) y *Azul e Terra (poesía eonaviaga)* de Xavier Frías-Conde (2000).

La colección sufre una serie de altibajos, pero renace en 2001 con varios nuevos poemarios, habiendo cambiado el formato. Entre 2001 y 2004 se publican toda una serie de poemarios *A soidade dos números primos* de Covadonga D'lom (2001). *Canto de Nedara* de Xavier Frías Conde (2001), *Deshabitada e sen verdugo* de Verónica Martínez (2001). *O ouvido e o calado* de Viqui

Veiguela (2001), *Lembranzas e olvidos dun estraño* de Rafael Yáñez (2001), *Axarquía*, de Xavier Frías-Conde (2002).

En 2004, surge una nueva colección poética de la mano de Xavier Frías-Conde y Rafael Yáñez, a la que posteriormente se unirá Luis Luna. Se trata de *Alcálíma*, ya en formato de libro. En ella se han publicado varios títulos: *Sos ogros de s aterra / Os ollos da Terra* de Xavier Frías-Conde (2004), *Música en segredo* de Chiara Teresa Perra, con versión gallega de Rafael Yáñez (2004), *Baño de Po* de Inma Pérez Rocha (2004), *Verba et Terra*, breve antología de poetas en lengua gallega y catalana (2005), *Pomalé Moře* de Xavier Frías-Conde (2005) y *Poemas do Tempo Silenciado* de Miguel Barrera (2006), uno de los últimos escritores que se ha incorporado al Grupo Bilbao.

LOS POETAS ALÓGRAFOS

Anteriormente hicimos mención de ellos. Pero, ¿quiénes son los poetas alógrafos y cuál es su interés en la literatura escrita en gallego? Se trata de un grupo de estudiantes de filología sin vinculación familiar con Galicia que escribieron parte de su obra poética en gallego. Ello fue posible gracias a la labor de Ana Acuña durante los años que ejerció su docencia del idioma gallego en Madrid.

Algunos de estos jóvenes siguen escribiendo en gallego, combinando su creación literaria con la que realizan en castellano. Casi todos ellos ya fueron citados anteriormente: Luis Luna (presente en esta antología), Óscar Curieses, Susana González o Covadonga D'lom. La calidad de su poesía está fuera de duda tanto en castellano o en gallego, pero resulta chocante encontrar que este idioma,



normalmente reconocido por su lirismo, fue herramienta poética para un grupo de personas que llegaron a asumirlo como vehículo lingüístico propio.

Junto a ellos, están aquellos que sí tenían una vinculación familiar con Galicia pero normalmente no usaban habitualmente el gallego como lengua literaria. Tal es el caso de Xosé Galán.

Sea como fuere, el Grupo Bilbao ha hecho posible tanto el reencuentro como el conocimiento del gallego por parte de poetas jóvenes que han sabido llevar al límite sus posibilidades expresivas en el ámbito poético. Eso sí, a partir de la ciudad de Madrid.

A MODO DE CONCLUSIÓN

Resta por ver cuál será la herencia del Grupo Bilbao y cuál será su papel en la historia de la literatura en lengua gallega. Aún es pronto para verlo, la vida literaria del Grupo Bilbao no ha llegado a su fin —afortunadamente—, aunque no es previsible conocer qué derroteros tomará. Es claro que la tertulia seguirá siendo un referente muy claro, pero también es verdad que la actividad literaria del Grupo Bilbao merece mayor atención desde fuera, especialmente por parte de aquellos que se ocupan del estudio de la literatura gallega.


No deja de ser un fenómeno interesante el que la lengua gallega tenga el cultivo que tiene desde Madrid. Aparte de cualquier tópico e idea preconcebida, vale la pena entender esta multiculturalidad poética como algo propio de esta ciudad donde los sueños de sus gentes se expresan en millares de lenguas.



ANTOLOGÍA

POESÍA GALLEGA CONTEMPORÁNEA

EN MADRID: EL GRUPO BILBAO



cuadernos del
ATENEO
de la Laguna



SUSCRIPCIÓN

NOMBRE Y APELLIDOS:

DOMICILIO:

POBLACIÓN: C. POSTAL:

PROVINCIA: TELÉFONO:

CORREO ELECTRÓNICO:

Deseo recibir Cuadernos de Ateneo (hasta que no manifieste lo contrario)

Precio Suscripción Anual: 10 € (IGIC incluido)

Precio Suscripción Unitario: 5 € (IGIC incluido)

Año de la convocatoria: 2007

Periodicidad de la Revista: Semestral

Pago Contra Reembolso

Fecha: Firma:

Fotocopie o recorte este cupón y envíelo por correo postal, fax o correo electrónico, con los datos que se solicitan a:

Ateneo de La Laguna, Plaza de la Catedral, 3. 38201 - La Laguna (Tenerife)

Teléfono: 922 259 822 - Fax: 922 631 566 - E-mail: ateneodelalaguna@telefonica.net



VICENTE ARAGUAS
1950

Autopoética

Sigo escribiendo poesía porque hay cosas imposibles de dejar. Y no ya porque substraerse a ellas produzca “cold turkey” (lo del mono me suena en exceso a cierto anisado que asocio a una monumental resaca) sino —directamente— por el placer que nos causan. Compensatorio de posibles daños, colaterales o no. Por eso, a pesar de mis años (nacé en Neda (Coruña) en 1950), y de aquellos que dicen que la poesía es para adolescentes, granujientos y un punto zangolotinescos, no renuncio a los beneficios de algo que me permite confesarme (y conocerme) gratuitamente. Tampoco mucho más, que los olmos no es que den peras, y escribir poemas ni aporta dinero ni conquistas sentimentales. Y cuando sí son efímeras como la gloria poética en los tiempos que corren, donde abundan los poetas como setas después de la lluvia. Y —ya saben— el que no llora no mama. Así que contra todo (auto)pronóstico sigo escribiendo poesía, después de despedirme de sus oscuros dominios unas cuantas veces. A lo mejor por coquetería, tal vez por escuchar aquello —algún, alguna fan me cabe en suerte— de vuelve a casa, aunque no sea por Navidad. Fecha ésta que, francamente, ha conseguido arrancarme algún poema, desde su lado oscuro, más bien, pero sin que haya desdeñado su careta sentimental, que la tiene, y es que disfruto disfrazándome. Cuando escribo poesía, cuando vivo, y es que todo es uno y lo mismo. Porque —recordemos— persona ten que ver con máscara. Pessoa, por lo tanto, “ídem de lienzo”. Con lo que ante uno de mis poetas favoritos (otros, Catulo, Esquío, Burns, Rosalía, Patmore, Salinas, Ungaretti) ya vamos entrando en materia. Ya vamos entrando.

Non pedir papas, nunca, nada

Fas entón por chorar, como un río visible
Cando ceder a casa é renderse de veras
E os fillos se nos mostran como roseiras bravas
E as aves relouquean no tempo máis cedo.

Chorar é unha paixón ou vicio inconfesable
A tal querer a tentas nos recunchos do armario
Cando as chamuscas se prenden e o calendario ruxe
E ti te me transportas nun xogo de abalorios.

Cando falas chorar é cousa telefónica
Nun tran-trán de tristeza ou voz engaiolada
Chorar coa boca chea como os ríos de outono
Sentir chorar a mares nun bambán carismático.

Ás veces te me pos como un río visible,
Transparente na pena, rigorosa no espanto
Que produce vivir, mentres medra na orella
O edredón específico con que cubrir as lágrimas.

No pedir ni papas, nunca, nada

Procura entonces llorar, como río visible
Cuando ceder la casa es rendirse de veras
Y los hijos se nos manifiestan como rosas silvestres
Y las aves enloquecen en el tiempo anterior.

Llorar es una pasión o un vicio inconfesable
Y así querer a tientas en los rincones del armario
Cuando se encienden las llamas y el calendario ruge
Y tú me transportas en un juego de abalorios.

Cuando hablas llorar es cosa del teléfono
En un trantrán de tristeza o de voz enjaulada
Llorar con la boca llena como ríos de otoño
Oír llorar a mares en bambán carismático.

A veces te me presentas como un río visible,
Transparente en la pena, rigurosa en el espanto
Que produce el vivir, mientras crece en la orilla
El edredón específico con que cubrir las lágrimas.

Despois de despois do amor

Ao día seguinte de ter petado nas portas do ceo, cando a circunstancia acadaba posición de inefable, chega se callar o momento de analizar os espasmos, os saloucos, os rostros perplexos e as olladas pedindo piedade. Chegan, se cadra, as horas de pensar nos campos abertos e nos deuses das batallas e na liberdade de escoller as portas e aínda os vieiros, de cando a loita entre os dous e pura prata vella, agonía, amnistía de todo o que non sexa corazóns opíparos, corazóns enriba, unha muller e un home entregados, peneirando tanta sabedoría como ateiga os seus cerebros, encarreira os seus sexos, dispón da súa causa suprema; morrer nesta estratexia gloriosa para seguir vivindo. Entón, neses momentos de calma portentosa, porque hai bandeira de furia namorada, non é posible entender outra cousa que un home e unha muller e unha muller e un home verquidos como chalanas mentres a tarde vai indo e hai dous corpos espídos na habitación que xeme e hai un espello que fai reloucar as imaxes, mouro contra branco, e as linguas son enredo e os beizos procuran de todo con anseio louco, e as bocas xa saben a sabor mesturado de leite e esencia de papaia e volve de novo un berro, canción ou calafrió.

Entón non é posible. Ao día seguinte de ter petado nas portas do ceo, despois de despois do amor nin sequera. Non compre senón agardar, con señardade de mariño na garita do porto, que todo volva ao rego. O mesmo que estes dous saben manexar nas tardes de linguas e de bocas e de mamilas e de sexos e de corazóns, xa que logo, alebrestados.

Después de después del amor

El día después de haber llamado a las puertas del cielo, cuando la circunstancia alcanzaba posición de inefable, llega, quizás, el momento de analizar los espasmos, los sollozos, los rostros perplejos y las miradas pidiendo piedad. Llega, quizás, la hora de pensar en los campos abiertos y los dioses de las batallas y en la libertad de escoger la puerta y aún las rutas, de cuando aquella lucha entre los dos y pura plata añeja, agonía, amnistía de todo lo que sean corazones opíparos, corazones encima, de una mujer y un hombre entregados, tamizando tanta sabiduría como acumulan sus cerebros, dirige sus sexos, dispone de su causa suprema; morir en esta estrategia gloriosa para seguir viviendo. Entonces, en esos momentos de calma portentosa, porque hay bandera de furia enamorada, no es posible entender más que a un hombre y una mujer, una mujer y un hombre vertidos como chalanas mientras la tarde se escabulle y hay dos cuerpos desnudos en la que habitación que gime y hay un espejo que hace enloquecer las imágenes, negro sobre blanco, y saben a sabor mezclado de leche y esencia de papaya y retorna un grito otra vez, canción o escalofrío.

Entonces no es posible. Al día siguiente de haber llamado a las puertas del cielo, después de después del amor, ni siquiera entonces. No hay que esperar, con nostalgia de marino en la garita del puerto, que todo vuelva a su ser. Igual que estos dos saben manejar las tardes de lenguas y de bocas y de pezones y de sexos, por tanto, asilvestrados.

Con rosas a John Coltrane na illa da Repunta

Xa os lavancos non derivan
nesta illa, con apuntes
subterráneos.

E para embarcar nela poño
as dúbidas nos matices
e curiosidades diversas
como camiñar nos pozos que
deixa a marea baixa.

(Viches as botas de lama
que visto? E a tenda evanxélica
que alguén plantou na illa? O
escuadrón de lavancos que pasan
figurando un uve –de Vicente–
ou ave?)

E logo temos de tomar sopa de
xebra e minchas con alfinete de prata
e máis tarde subir no lanchón de
area que nos leve desta illa na Re-
punta, corazón de melón ou manteiga,
talvez a Citerea.

E John Coltrane a tocar MY FAVOURITE
THINGS. Eis a maneira con que quixera
encher de rosas esa illa.
Lavancos derivando na memoria e merendas
de pan con chicolate.

Con rosas a John Coltrane en la isla de la Repunta

Los lavancos ya no derivan
en esta isla, con apuntes
subterráneos

Y para embarcar en ella pongo
las dudas en los matices
y curiosidades diversas

como caminar en los pozos que
que deja la bajamar.

(¿Has visto las botas de barro
que llevo? ¿Y la tienda evangélica
que alguien plantó en la isla? ¿El
escuadrón de lavancos que pasan
formando una uve –de Vicente–
o ave?)

Y después tomemos la sopa disuelta
y minchas con alfiler de plata
y más tarde montar en el lanchón de
arena que nos lleve de esta isla en la Re-
punta, corazón de melón o mantequilla,
si acaso a Citerea.

Y John Coltrane tocando MY FAVOURITE
THINGS. Velaquí el modo en que me gustaría
llenar de rosas esa isla.
Lavancos a la deriva en la memoria y meriendas
de pan con chocolate.

De Obra en marcha
Traducción de Xavier Frías-Conde

Bio-bibliografía

Vicente Araguas (Xubia 1950). Cantautor, crítico literario y escritor gallego. Fue uno de los fundadores del grupo Voces Ceibes en 1968. Estudió en Santiago de Compostela filología inglesa donde entró en contacto con Xerardo Moscoso y Pedro Luaces, quien fue fundamental para que empezase a escribir en gallego. En 1968 dio sus primeros recitales como cantautor. En el curso 1972-1973 dio clases de español en Glasgow, a raíz de lo cual escribió *Paisaxe de Glasgow*. Desde septiembre de 1974 reside en Madrid.

Actualmente ejerce a docencia en el centro educativo Logos, en Las Rozas, Madrid. Gran maestro, comparte su actividad docente con la de columnista del Diario de Ferrol.

Su extensísima obra se compone de *Paisaxe de Glasgow*, 1978 (poemario); *Ás veces en domingo abonda coa tenrura*, 1980 (poemario); *Poemas hacia delante Ana Andrea*, 1982 (poemario); *Xuvia*, 1984 (poemario); *Caleidoscopio*, 1988 (poemario); *Voces Ceibes*, 1992 (ensayo); *Oficio de ollar*, 1992 (poemario); *Campo santo*, 1994 (poemario); *O gato branco*, 1995 (poemario); *Billarda*, 1999 (antología de poesía gallego-castellano); *Río Matinal*, 2000 (poemario); *Agora xa foi*, 2000 (novela); *A canción do verán*, 2001 (novela); *Maneirás de querer*, 2005 (recopilación de toda la poesía 1978-2005); *Vinte catro maneiras de querer a Brian* 2008 (poemario).



XAVIER FRÍAS-CONDE

1965

POESÍA

Autopoética

MI poesía no ha sido nunca una caja de sorpresas. Creo que es bastante uniforme en cuanto a su evolución (temas, formas, contenidos). No obstante, creo que la evolución más evidente en los últimos años ha sido en cuanto a la temática y la forma. En primer lugar, mi poesía se ha concentrado casi exclusivamente en temas de amor-desamor. No se pueden separar ambas cuestiones, son las dos caras de una misma moneda. Todos mis libros publicados desde el 2000 han seguido esta línea. En segundo lugar, se ha dado en mí una tendencia a la creación de poemas brevísimos, en algunos casos “casi adagios”, como los llegó a calificar Vicente Araguas. Esto me llevó a experimentar en algunos casos con formas poéticas como el haiku. Finalmente, una característica de mi poesía es que no solo se expresa en una lengua, sino en varias. El “experimento poético” más representativo es mi último libro *Pomalé Moře*, escrito en seis idiomas simultáneamente...

Ti, ausencia

Sábesme,
ti, Ausencia,
a tempo que non se dá ido,
marchar de min
sen marchares,
ti, Ausencia.

Sabesme a fado
que nin sequera podo sentir
na beira do Texo,
onde as bágoas me din
que son doces,
ti, Ausencia.

Desterrarte antes que me desterres,
ti, ausencia,
lenda azul que fuches
un tacto de cabelos,
de estrelas sobre a pel,
de voces incoherentes mais divinas,
ti, Ausencia.

Durmo sobre unha guitarra
sen sons buligueiros,
a comer pensamentos
espallados por ti, Ausencia;
deseos de ares,
de brisas que ás escondidas din nomes,
nomes hoxe encadeados por ti,
Ausencia.

Sabor de peito,
xa sen retorno,
sabor sempre
acedo
de ti,
Ausencia.

Tú, ausencia

Me sabes,
tú, Ausencia,
a tiempo que no parte,
irme de mí
sin que te vayas,
tú, Ausencia.

Me sabes a fado
que ni siquiera puedo sentir
a la orilla del Tajo
donde las lágrimas me dicen
que son dulces,
tú, Ausencia.

Desterrarte antes que me destierres,
tú, ausencia,
leyenda azul que has sido
un tacto de cabellos,
de estrellas en la piel,
de voces incoherentes mas divinas,
tú, Ausencia.

Duermo sobre una guitarra
sin sonos al aire,
comiendo pensamientos
dispersos por ti, Ausencia;
deseos de aires,
de brisas que en lo oculto dicen nombres,
nombres encadenados por ti,
Ausencia

Sabor de pecho,
ya sin retorno,
sabor siempre
ácido
de ti,
Ausencia.

De *Comercial*, 1998

Salamanca

tiñas frío e calabas
collásme a man e camiñabas
como se o tempo acabase mañá

a primeira noite ceamos unha pizza
e despois prendiches un cigarro
o fume convidaba a danzar mais nin ousei pedircho

aquela tarde fun o único espírito do teu corpo e gustaba

pensei que estaríamos para sempre xuntos
non contei coa melancolía parda dos teus ollos
nin coa obstinación dos teus beizos

aínda hoxe recordo o arco indescifrabel das túas cellas
e vexo Salamanca

Salamanca

tenías frío y callabas
me cogías de la mano y caminabas

como si el tiempo se acabara mañana
la primera noche cenamos una pizza
y luego encendiste un cigarro
el humo invitaba a bailar pero no me atreví a pedírtelo

aquella tarde fui el único espíritu de tu cuerpo y me gustaba

pensé que estaríamos juntos para siempre
no conté con la melancolía parda de tus ojos
ni con la obstinación de tus labios

aún hoy recuerdo el arco indescifrable de tus cejas
y veo Salamanca

De Canto de Nedara, 2001

Axarquía

Oxalá fosses o Nilo
navegável pelo sexo,
corrente abaixo
sem mar,
sem límites,
sem fingimentos.

* * *

Todas as noites
olho desde os tapizes
a dança do ventre.

* * *

Crio órbitas invisíveis nos seios
e nas cadeiras das dançarinas,
beijo o que não pode ser,
imagino praias nesses lábios
que se mexem
com Ommo Kolsom.

* * *

Laúdes e timbais
nevam pela minha saudade,
o deserto
não és tu,
nem eu, sempre
errante, a rosa dos ventos.

Axarquía

Ojalá fueses el Nilo
navegable por el sexo,
corriente abajo
sin mar,
sin límites,
sin fingimientos

* * *

Todas las noches
miro desde los tapices
la danza del vientre.

* * *

Creo órbitas invisibles en los senos
y en las caderas de las bailarinas,
beso lo que no puede ser,
imagino playas en tus labios
que se mueven
con Ommo Kolsom.

* * *

Laúdes y timbales
nievan por mi nostalgia,
el desierto
no eres tú,
ni yo, siempre
errante, la rosa de los vientos.

De Axarquía, 2001
Traducción del autor

Bio-bibliografía

Xavier Frías Conde nació en Béjar, Salamanca, en 1965. Su familia materna proviene de la comarca más occidental de Asturias, el Eo-Navia, de lengua gallega. Por esta razón, Xavier siempre ha asumido el gallego como lengua propia y principal vehículo de expresión literaria.

En 1974 se traslada a Madrid y allí vive desde entonces, aunque desde 2004 pasa largas temporadas en Chequia. En esta ciudad realiza estudios de ciencias de la educación que finaliza en 1986, se licencia en Filología Inglesa (1989) y finalmente se doctora en Filología Románica (1995), todo por la Universidad Complutense de Madrid. En 1988 comenzó a trabajar como profesor de primaria y dará el salto a la universidad en 1999. Desde entonces imparte su docencia en el CES Don Bosco, adscrito a la Universidad Complutense de Madrid. Entre 2005 y 2007 trabajó también en la Universidad de Bohemia Occidental, de Pilsen, Chequia, donde impartió clases de traducción y lenguas románicas.

Xavier Frías Conde es básicamente escritor de poesía y narrativa infantil. En el primer campo, publicó su primer poemario, en gallego, *Onte foi cabalo de cinza*, en 1990. No obstante, la mayoría de su producción poéticas se concentra en los últimos diez años, casi toda en gallego. Cabe destacar títulos como *Azule e Terra* 1998, *Notes de fráxil planeta* (en asturiano) 2000, *Canto de Nedara* 2001, *Marés na Beirarrúa* 2001, *Axarquía* (en portugués) 2002, *Os ollos da terra* 2004, *Pomale More* 2005, *Les cinco estaciones* (en asturiano) 2005. Ha publicado además dos libros de relatos para adultos: *Inmolación esférica* (2007) y *Tranquilo non morde* (2007). Además, ha publicado poesía en diversas revistas, como *Dorna*, *Casa da Gramática*, *Madrygal*, etc. Y forma parte del elenco de poetas que aparecen en la antología *Milenium* de Basilio R. Cañadas.

Su actividad literaria se complementa con su labor de traductor literario. Ha traducido hasta la fecha tres antologías poéticas, la última del poeta italiano Fabio Scotto del italiano al gallego. Es, además, codirector de la colección poética *Alcálina* junto Rafael Yáñez y Luis Luna.



JOSÉ GALÁN ORTEGA

1968

POESÍA

Autopoética

No sé muy bien qué decir, ni cómo hacerlo.

El poema es lo que queda después de lo vivido, sea realidad o ficción la manera en que suceda.

El poeta ya no existe al escribir, pues pertenece a su obra, a su celda, a su falsa estirpe. Sus actos, su memoria del pasado y del futuro, son la fuente poética, en ellos se halla el principio y el final de su herida, de su mirada, de su viaje como explorador de nuestro mundo.

I

Tantos rostros incorporados neste rostro,
tantos ollos tecen ledos esta ollada,
tantas vidas levadas no meu peito con allea dignidade,
tanta vida que me vive en paso longo
e a nosa vida aínda por vivir.

Tantos rostros incorporados en este rostro,
tantos ojos tejen contentos esta mirada,
tantas vidas transportadas en mi pecho con ajena dignidad,
tanta vida que me vive a paso largo
y nuestra vida aún por vivir.

II

Recoñezo a ollada como feito
puro de creación,
acto de soidade que nace ao esculcar
cada latexo,
cada fío de insomne e salvaxe beleza.

Reconozco la mirada como hecho
puro de creación,
acto de soledad que nace al esculcar
cada latido,
cada hilo de insomne y salvaje belleza.

III

Tes o silencio,
céibao ata o significado
definitivo nunha cerimonia sinxela.
Necesitas a palabra,
guíndala ao ar contra as
estocadas do destino.
Tornas a mística das bágoas na
costura da luz gañada,
silueta das túas horas.

Tienes el silencio,
Suéltalo hasta el significado
Definitivo en una ceremonia sencilla.
Necesitas la palabra,
lánzala al aire contra las
estocadas del destino.
Tomas la mística de las lágrimas en la
costura de la luz ganada,
silueta de tus horas.

Traducción de Xavier Frías-Conde

Bio- bibliografía

José Galán Ortega nació en Madrid en 1968 de ascendencia gallega. Es licenciado en Geografía e Historia por la Universidad Complutense. Sus obras publicadas en gallego son: *Alquimia soñada*, Madrid, Colección *O Roibén*, 2000; *A viaxe da ollada*, en proceso de publicación; varios relatos cortos y poemas publicados en revistas literarias.

© Foto: Guillermo Rodríguez



LUIS MIGUEL LUNA

POESÍA

1975

Autopoética

Decía Pombo en una reciente entrevista publicada en la revista “silencios” que los poetas conocen bien el silencio, que se saben siempre muy cercanos a él, próximos a callar. En ese callamiento reside gran parte de la potencialidad poética. Una tensión adecuada entre sonido-silencio es ya una forma de hacer poesía. De tal suerte, la poesía se fragmenta, contiene, como bien explicaba Francisco Pino, numerosos agujeros en los que el lector puede reconocerse. Poesía que se quiere actual: realidad fragmentada, personalidad dividida, poesía, entonces fragmentada, dividida. Para lograr esa trascendencia no hace falta recurrir a lo extraño, a lo inusual, basta saber mirar, mirar es también una forma de arte, mirar detenidamente, “atentamente” a lo que nos rodea y, partiendo de ello, de esa cotidianidad, saltar al vacío, internarse en la “caza mágica” de la que habla Valéry. Una caza desprovista de, por supuesto, ideas preconcebidas o repertorios programáticos apriorísticos.

Sobre mi escritura en gallego

Desde mi condición de alógrafo, escribir en gallego es para mí una liberación y una elección. Se trata de una lengua escogida, deseada, que se superpone a mi lengua madre, el castellano. El discurso poético llega en cada una de esas lenguas sin interrupción, sin que tenga que traspasar textos escritos en castellano al gallego, ni viceversa. Se trata, muy al contrario, de asimilar una postura vital, una *perspectiva* que reside en cada lengua y que, finalmente, reside en el lenguaje, en nuestra condición de *homo loquens*. Así pues, no difieren los temas, ni su tratamiento, ni la búsqueda que reside en mis textos. El gallego me permite eufonías y combinaciones que el castellano no me permite, hecho que sucede también al contrario y que invalida cualquier apriorismo sobre la elección. La progresiva normalización del hecho lingüístico gallego, de su literatura brinda ahora mejores oportunidades que antes para su lectura y publicación. Por último, mi predilección por determinados autores que utilizan el gallego como lengua para sus composiciones, el trato directo y prolongado con gallegos, la frecuentación de sus ambientes literarios, han logrado que mi aculturalización sea intensa y querida, forme parte de mí como de ellos mismos, porque, en último extremo, uno no es de donde nace, sino de donde quiere ser, de donde *pertenece*.

I

na rúa
de xeonllos
rabuño coas mans
o asfalto
até o sangue
e embaixo
non
non hai terra.

En la calle
de rodillas
araño con las manos
el asfalto
hasta que brota sangre
y debajo
no
no hay tierra.

II

Tocar un fento
facelo como un acto de liberdade
derradeira
cara ás imposicións do alcatrán
e a súa descomposición de liñas grises.

Tocar un helecho
hacerlo como un acto de libertad
última
frente a las imposiciones del alquitrán
y su descomposición de líneas grises.

De *Aínda*, inédito

A noite morada

A Federico García Lorca

Un beizo verde bica a terra
é un bico de froitas podrecidas
antes da colleita
de neve desfeita na póla máis alta
do cipreste
vai erguéndose cara ao lúar
cara á noite morada dos brazos do home
do falo do home desexado
nas ás dos paxaros
alén da culpa
alén do desexo.

La noche morada

Un labio verde besa la tierra
es un beso de frutas podridas
antes de la cosecha
de nieve deshecha en la rama más alta
del ciprés
va irguiéndose frente al resplandor de la luna
frente a la noche morada de los brazos del hombre
del falo del hombre deseado
en las alas de los pájaros
más allá de la culpa
más allá del deseo.

Traducción del autor

Bio-bibliografía

Nace en Madrid, en 1975. Licenciado en Filología Hispánica, actualmente realiza el Doctorado en esta especialidad. Está en posesión del Diploma de Estudios Avanzados (DEA). Ha sido galardonado con algunos premios literarios y es colaborador habitual de diversas publicaciones periódicas nacionales e internacionales entre las que se encuentra *Madrygal*, revista de estudios gallegos. Ha participado en encuentros de poesía nacionales e internacionales (Siria, París...) Es miembro de la Red de Arte Joven de la Comunidad de Madrid y delegado en Madrid de AEN (Asociación de Escritores Noveles). Pertenecer al consejo de redacción de la revista de pensamiento y creación "silencios" y al de "Y Latina". Ha sido miembro del Grupo Bilbao de escritores en lengua gallega de Madrid.

Su obra se desarrolla tanto en gallego como en castellano, y algunos de sus textos han sido traducidos al árabe, al portugués, al alemán y al inglés. Ha publicado *Cuaderno del guardabosque* (Amargord, 2007) y junto a Óscar Curieses los poemarios en gallego *Hidroemas* (2000) e *Ignicións* (2002) en la colección *O Roibén*. Aparece en el libro colectivo *Muller de doce sal* y en el libro *Homenaxe dos poetas galegos a Federico García Lorca* y en diversas antologías entre las que destacan *salida de emergencia*, *Todo es poesía menos la poesía* y *5+10*.

Como artista visual ha presentado sus trabajos en espacios como La I Bienal de Arte Contemporáneo Cabo de Gata, Níjar (Almería). Ha organizado más de cincuenta espectáculos escénicos y participado en otros tantos eventos (junto a Concha Jerez, Guadalupe Luceño, Aleksandra Mir, Carlos de Gredos...). Realiza asiduamente performances, videocreación, instalaciones sonoras, etc.



VERÓNICA MARTÍNEZ DELGADO

1976

POESÍA

Autopoética

*Eu non fago libros
Dou a miña vida exacta e sincera.*
Antón Tovar.

Não sou um intelectual, escrevo com o corpo.
Clarece Lispector.

Lo que escribo es ante todo sincero.

Hablo de mundos oníricos, hirientes, cotidianos...

Suele tratarse de una poesía sensorial, emotiva, llena de imágenes, la pintura es referencia constante en la voz que habla, y de paisajes vividos y de saliva. Siempre hay un momento, dentro de ella, para las obsesiones, para el erotismo, para recordar con nostalgia el pasado y el futuro perdido. La emoción se vuelve concepto en el tacto. Es intenso el acercamiento a la esencia de lo visible, a la mezcla entre dolor y placer, a la pasión sin medida.

Normalmente escribo de un modo muy poco profesional, cuando ya no me resta otro modo de expresarme, y me sirve como catarsis, como evolución o involución pero hacia delante, mirando de frente a la luz, la luz devastadora desde la conciencia.

I

Tocábasme
o ventre
coma un deus toca o seu mundo.
Eu non estaba preñada,
pero medroume un mar
de desexos
que durou unha vida.

Me tocabas
el vientre
como un dios toca su mundo.
No estaba preñada,
pero me creció un mar
de deseos
que duró una vida.

De Desterrada do meu corpo, 2001

II

Eu entraba na casa
desexando
que todo cheirase a ténpera,
augarrás,
e que no corredor
houbese
unha muller espida, fermosísima,
posando
só para ti.

Yo entraba en casa
deseando
que todo oliese a ténpera,
aguarrás,
y que en el pasillo
hubiese
una mujer desnuda, hermosísima,
posando
sólo para ti.

De Cara a un solpor de gatos, 2005

III

Eu vivía
para este ladrón de almas
que poxaba,
alugaba,
revendía,
vendía,
traspasaba,
prestaba
e ás veces ata regalaba
o meu lado da cama
entre as prostitutas de luxo
do barrio alto da cidade.

Yo vivía
para este ladrón de almas
que pujaba,
alquilaba,
revendía,
vendía,
traspasaba,
prestaba
y a veces hasta regalaba
mi lado de la cama
entre las prostitutas de lujo
del barrio alto de la ciudad.


De Isto é un poema e hai xente detrás: O ladrón de almas, 2007
Traducción de la autora

Bio-bibliografía

Verónica Martínez Delgado es natural de la Frouxeira (Valdoviño), playa de fuertes mareas e infinita marca, para ella; estudió Historia del Arte en la USC y es galerista de profesión.

Autora de diversos poemarios premiados, publicó, como poeta, *Desterrada do meu corpo*, Letras de Cal (2001), *Deshabitada e sen verdugo* (2002), *Cara a un solpor de gatos*, tresCtres (2005) a dos manos con Antonio Fernández Seoane y *O ladrón de almas* (2007) dentro de la obra *Isto é un poema e hai xente detrás*, Espiral Maior.

Ha participado en libros de carácter colectivo, en numerosas publicaciones periódicas, en multitud de recitales, conferencias, ...siempre relacionados con la poesía y la literatura gallegas.



MANUEL PEREIRA VALCÁRCEL
1955

Autopoética

A beleza, ese estremecemento, ese cume, esa vertixe. Ese afán, esa pertenza, ese metal que se oxida.

La belleza, ese estremecimiento, esa cumbre, ese vértigo. Ese afán, esa pertenencia, ese metal que se oxida.

Escribir para gardar os recordos, e que o tempo non leve máis que o seu.

Escribir para guardar los recuerdos, y que el tiempo sólo se lleve lo suyo.

De Inventario de fragmentos

Para María, miña filla

Fillos do dolor, do pracer,
dos soños, do insomnio,
da urxencia, do vagar,
do sentimento, da razón,
da luz leve do amencer,
da densa escuridade da noite,
do silencio de xeadada herba,
do estrondo de metal do asfalto.
Quiero esparcir en el viento
estes poemas coma cinza
e que a terra, a chuvia, o sol
lle dean unha nova vida
para os teus ollos, refuxio sempre
das miñas miradas gastadas.

De Poemas de cinza—Poemas de ceniza

Para María, mi hija

Hijos del dolor, del placer,
de los sueños, del insomnio,
de la urgencia, de la calma,
del sentimiento, de la razón,
de la luz leve del amanecer,
de la densa oscuridad de la noche,
del silencio de helada de la hierba,
del estruendo de metal del asfalto.
Quiero esparcir en el viento
estos poemas como ceniza
y que la tierra, la lluvia, el sol
le den una nueva vida
para tus ojos, refugio siempre
de mis miradas gastadas.

Dor intensa

dor intensa
cruel espada
que medra contra
toda esperanza

esperanza
ar que fuxe
auga que se perde
entre os dedos

De Todo morte

Dolor intenso

dolor intenso
cruel espada
que crece contra
toda esperanza

esperanza
aire que huye
agua que se pierde
entre los dedos

Onde estás dona da luz?

Onde estás dona da luz?
Onde está a tenrura que
chovía dos teus ollos?
Onde ficou a noite
perfumada de caricias?
Perdín a túa luz de estrela
no mencer.
Regresarás
co río prateado da túa voz?

De Rosa íntima

¿Dónde estás dueña de la luz?

¿Dónde estás dueña de la luz?
¿Dónde está la ternura que
llovía de tus ojos?
¿Dónde se quedó la noche
perfumada de caricias?
Perdí tu luz de estrella
en el amanecer.
¿Regresarás
con el río plateado de tu voz?

Traducción del autor

Bio-bibliografía

Manuel Pereira Valcárcel nació en Ouzande–A Estrada (Pontevedra) en 1955. Reside en Madrid donde trabaja de maestro. Participó en los libros colectivos *Intifada* (Fundación Araganey, Santiago, 1989 e 2003), *Homenaxe a Miguel González Garcés* (Diputación de A Coruña, 1991), *Comercial* (Río Xuvia Edicións, Neda-A Coruña, 1998), *Muller de doce sal. Homenaxe a Inés Canosa* (vtp, Madrid, 2000), *47 poetas de hoxe cantan a Curros Enríquez* (Xerais, Vigo, 2001), *O trazo aberto* (Diputación de Pontevedra, 2002), *Narrativa Contemporánea Tabeirós-Terra de Montes* (Edicións Fervenza, A Estrada, 2005), *Poesía Contemporánea Tabeirós-Terra de Montes Montes* (Edicións Fervenza, A Estrada, 2005) e *Pontevedra Literaria* (Concello de Pontevedra, 2007).

Coordinou, junto con Vicente Araguas, la edición de *En tránsito. Poesía galega en Madrid* (Edicións do Castro, O Castro-Sada, 2001). En narrativa, ganó la novena edición (1992) del premio de relatos Casa de Galicia en León por *Día de inverno*; en 1999 le fue concedido un accésit en el concurso Modesto R. Figueiredo por la narración *Sobremesa*. De modo individual ha publicado los libros: *Poesía: Poemas de cinza* (Edición de autor, Madrid, 1990); *Todo morte* (Edicións Río Xuvia, Neda-A Coruña, 1998, reeditado en 2006 por Edicións do Castro, Sada-A Coruña); *Rosa íntima* (Espiral Maior, A Coruña, 2000); *Inventario de fragmentos* (Libros da Frouma-Librería Follas Novas, Santiago de Compostela, 2001) con que consiguió el premio Rosalía de Castro, en la modalidad de gallego, de la Casa de Galicia en Córdoba; *Libro das viaxes* (Editorial Litoral das Rías, Pontevedra, 2003). En prosa: *Traxectos curtos* (Editorial TresCTres, Santa Comba, 2005); *Días do final* (Editorial Galaxia, Vigo, 2007).



JOSÉ MANUEL OUTEIRO
1972

Autopoética

I

A poesia tenho-a de amante quase secreta
e, a miúdo, mui fogosa na entrega.
Alguns sabem que íntimo com ela
mas o que nom sabem –ou nom sabiam, antes de eu escrever este poema–
é que ela
altiva e caprichosa, como umha deusa grega,
às vezes me rejeita ou aparenta
nom importar-se coas minhas atenções histéricas
de adolescente apaixonado.

A la poesía tengo por amante casi secreta
y, a menudo, muy fogosa en la entrega.
Algunos saben que íntimo con ella
pero lo que ignoran –o ignoraban antes de que escribiese este poema–
es que ella
altiva y caprichosa, como una diosa griega
a veces me rechaza o finge
no atender a mis atenciones histéricas
de adolescente enamorado.

II

Levanto-me e realizo um sacrificio.
Supero um certo mal-estar que isso me deixa,
e consigo comunicar o positivo que sinto.

Vou trabalhar e no caminho, pensando como sempre neste caos
prodigioso e estranhamente sustentado
de que participamos,
e procurando nel a força, o sentido, a beleza enfim,
acudem-me,
ou brotam ou germinam,
duas ou três ideias criativas, talvez poemas.

E assi, ao chegar ao escritório,
anoto as ideias e procuro
nas gavetas e entre os papéis,
aquele caderno que Émi me regalou
pelo meu aniversário, hai anos já
(vejo que três pola dedicatória)
e que até hoje
nom me atreverá a esborranchar

Me levanto y realizo un sacrificio.
Supero un cierto malestar que eso me deja
y consigo comunicar lo positivo que siento.
Voy a trabajar y de camino, pensando como siempre en este caos
prodigioso y extrañamente sostenido
del que participamos,
y buscando en él la fuerza, el sentido, la belleza, en fin,
se me ocurren,
o brotan o germinan,
dos o tres ideas creativas, quizás poemas.

Y así, al llegar al escritorio
apunto ideas y busco
en los cajones entre los papeles,
aquel cuaderno que Emi me regaló
por mi cumpleaños, hace ya años
(veo que tres por la dedicatoria)
y que hasta hoy
no me había atrevido a garabatear.

Traducción de Xavier Frías-Conde

Essa gente

Essa gente que passa
de natureza alçada em espiral
e vento forte,
calorosamente abala as cordas da harpa
essa gente que passa e rompe
em brevíssima luz e silêncio
o contacto ardido que lava.

Elegia

Nom tivemos, naquel ponto de encontro
tempo para poder-nos conhecer
apenas um fugaz, breve momento
para falarmos um pouco de nós,
contar como chegáramos ali
e, vista a confluência de caminhos,
alguns passeios juntos projectar.

Depois passou o tempo e nom nos vimos
e de ti nada soubem apesar
de ter-te procurado várias vezes;
talvez só a referência dumha amiga
antes de hoje saber que o teu caminho
—numha tarde aparentemente igual
a qualquer outra tarde de estudo
para os exames finais do verão—
tinha encontrado o fim que romperia
todos os frágeis projectos traçados
e todos os momentos que aparecem
sem os projectar.

Esa gente

Esa gente que pasa
de naturaleza elevada en espiral
y viento fuerte,
cálidamente hace oscilar las cuerdas del arpa
esa gente que pasa y rompe
en brevísima luz y silencio
el contacto ardido que lava.

Elegía

No tuvimos, en aquel punto de encuentro
tiempo para podernos conocer,
solo un fugaz, breve instante
para hablar de nosotros,
contar cómo llegamos allí
y, en vista de la encrucijada
proyectar juntos unos paseos.

Después corrió el tiempo y dejamos de vernos,
de ti nada supe pese
a buscarte varias veces:
quizás solo la referencia de una amiga
antes de que hoy supiera que tu camino
—en una tarde aparentemente igual
que cualquier otra tarde estudio
para los exámenes finales de verano—
había encontrado el fin que rompería
todos los frágiles proyectos trazados
y todos los momentos que aparecen
sin proyectarlos.

E agora, José

E agora, José Manuel, que melhor conheces a geografia do río e a sua foz, agora que respiras doce e fragilmente e que a ferida supurou, agora que o fruto da palabra amadurece e a sua raíz te agarra à terra que com sossego pretendes caminhar. Agora aprenderás do sacrificio, José Manuel, e do silêncio e da entrega, como hás de amar.

Y ahora, José

Y ahora, José Manuel, que ya conoces la geografía del río y su desembocadura, ahora que respiras dulce y frágilmente y que la herida ha supurado, ahora que el fruto de la palabra madura y su raíz te agarra a la tierra que con sosiego pretendes caminar. Ahora aprenderás del sacrificio, José Manuel, y del silencio y de la entrega, cómo tienes que amar.

Traducción de Xavier Frías-Conde

Bio-bibliografía

J. Manuel Outeiro (Ourense, 1972) es funcionario público en la administración autonómica gallega. Trabajó también en la administración estatal en Madrid entre 1991 e 2005 (en los organismos autónomos ICAA e INAEM) y como liberado sindical con la Federación de la Administración Pública de la CIG.

Cursó estudios de Cinematografía en Metrópolis c.e., y varios años de Filosofía por la Universidad Complutense de Madrid y de Filología Hispánica por la UNED. Actualmente es miembro del Consejo da Asociación Galega da Língua (AGAL) y anteriormente colaboró con diversos proyectos reintegracionistas (Grupo "Meendinho", "Gralha", Portal Galego da Língua, Comissom Informática da AGAL).

Colaboró en la corrección del diccionario en línea e-Estraviz (<http://estraviz.agal-gz.org>) e ha publicado poesía en diversos medios, entre os cuales cabe citar la revista *Agália*, el boletim *Feros Corvos* e varios volúmenes relacionados con la actividad del Grupo Bilbao (la publicación inicial *Comercial*, el libro-homenaje *Muller de doce Sal* y la antología de poetas gallegos en Madrid *Tránsito*). También ha realizado diversas traducciones.



RAFAEL YÁÑEZ

1979

POESÍA

Autopoética

Soy un apasionado de la poesía de Cunqueiro, Manuel Antonio y García Lorca, busco en el verso una forma de comunicación de las experiencias propias, siempre entorno al amor. Me gusta mezclar imágenes del mundo actual con sensaciones, ritmos musicales y formas propias del cine.

Abano

*... coma o de Madame Mallarmé,
supoño.*

A túa mirada cálida
coma o refresco do Caribe
nas noites de verán.

De cando en cando as nubes,
e de cotío a miña lembranza, convertíante
en serea de cabelos longos
e espida inocente.

Eu tentaba desfacer os teus caracois,
xa sen curvas,
e procurábate, só miña,
en lonxitudes de vertixe.

Había camelias no teu val oculto,
eran brancas e doces,
coma a inquietude das túas mans
na procura do abano.

Abanico

... como el de Madame Mallarmé,
supongo.

Tu cálida mirada
como el fresco del Caribe
en las noches de estío.

De vez en cuando las nubes,
y a menudo mi recuerdo,
te convertían en sirena de largos cabellos
y desnuda inocente.

Yo probaba a deshacer tus caracoles,
ya sin curvas,
y te buscaba, solo mía,
en longitudes de vértigo.

IX

Las esquinas del mundo
N. Cócaro

Hoxe síntome a carballeira sombría
celebrando a chegada do outono
a lugares incongruentes.

Observo o silencio do teu ninguén,
eu, que son xordo de respostas
inacabadas e complexas.

Nas esquinas do mundo
o meu peito é inconstante e envexa
o teu ventre, que é vida á deriva.

IX

Hoy me siento umbrío robleal
celebrando la llegada del otoño
a lugares incongruentes.

Observo el silencio de tu nadie,
yo, que soy sordo de respuestas
inacabadas y complejas.

En las esquinas del mundo
mi pecho es inconstante y envidia
de tu vientre, que es la vida a la deriva.

A Inés e Vicente.
19 de Nadal 2006.

Eramos dous espectadores
atentos ás astucias de Vicente.

Ti anotabas o contido de *espía trucos*
en Ferrol,
mentres eu facía prácticas
da nova palabra axexando
tras as túas costas,
na cadeira traseira.

A Inés y Vicente
19 de Diciembre 2006.

Éramos dos espectadores
atentos a las astucias de Vicente.

Tú apuntabas el contenido de *espía trucos*
en Ferrol,
mientras yo hacía prácticas
de la nueva palabra acechando
por detrás de tu espalda,
en la silla de atrás.

Traducción Xavier Frías-Conde

Bio-bibliografía

Nació en Vilalba (Lugo) en el año 1979, estudió en Madrid Comunicación Audiovisual. Actualmente trabaja en la Universidad Complutense.

Ha publicado dos libros de poemas en la colección *O Roibén: Onte chovía e Lembranzas e olvidos dun extraños*. Colabora en la revista de estudios gallegos *Madrigal* e en diversas antologías, como *Salida de emergencia*, *Muller de doce sal...* Codirige la colección *Alcálíma* de poesía junto con Luis Luna y Xavier Frías-Conde. Participó en la antología poética *Verba et Terra*.



LITERATURA

YANNIS DALAS: FILOLOGÍA Y POÉTICA.

ISABEL GARCÍA GÁLVEZ



YANNIS DALAS: UNA PERSONALIDAD EN EL MUNDO LITERARIO GRIEGO

Los requisitos de la investigación filológica en el mundo de las letras griegas (y neogriegas) han avivado nuestro interés por la obra “literaria” de Yannis Dalas. Son numerosos los artículos y monografías científicas o las referencias bibliográficas de este autor en donde expone pensamientos y perspectivas sobre las figuras más importantes de la literatura griega. Su última traducción de los poetas líricos arcaicos –que recibió el premio de la Sociedad Helénica de Traductores y Escritores, 2004– y las constantes referencias a otros escritores de los que se nutre su poesía, han motivado nuestro acercamiento al vasto territorio de su poética. Ofrecemos aquí una aproximación a algunas claves de su actividad literaria.

Fue Dalas un temprano escritor y literato de la primera generación de posguerra. Desde muy temprano comenzó a publicar poemas –el primero, en 1944, su soneto *Karyotakis* al poeta inspirador por excelencia de poetas– al que siguieron después publicaciones de poemas en diversas revistas literarias, la edición de poemarios, casi simultáneamente a la edición de su primera colección de “ensayos” –*Supervisiones* (1954)– sus estudios sobre literatura neogriega.

Ensayos, estudios filológicos, acercamientos y opiniones, traducción de poesía antigua –una versión selecta de obras de la poesía antigua: Calímaco, Teócrito, los yambógrafos antiguos, la lírica coral y melódica–, reflejan una búsqueda continua del elemento creador griego, como claves útiles para la comprensión del helenismo.

Estadios básicos en este viaje por las letras neogriegas han sido algunos de los escritores griegos más importantes –como eje principal podemos nombrar a Makriyannis, Kalvos, Solomós, Sikelianós y Sajturis entre los clásicos, así como

Xalundes
[Presentación do Grupo Surrealista Galego]

Grupo Surrealista Galego

Texto tomado de

GRUPO SURREALISTA GALEGO (2012 [2011]). “Xalundes [Presentación do Grupo Surrealista Galego]”.

<<http://gruposurrealistagalego.blogaliza.org/2011/06/15/grupo-surrealista-galego-xalundes/>>. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1252>>.

XALUNDES [PRESENTACIÓN DO GRUPO SURREALISTA GALEGO]

Grupo Surrealista Galgo

1) Vídeo de presentación do Grupo Surrealista Galego, dispoñíbel no blog propio, *Xalundes*, desde o 15 de xuño de 2011. Forman o GSG: Xoán Abeleira, François Davó, Alfredo Ferreiro, Gabriel Ferreiro, Tono Galán, Xesús González Gómez, Tati Mancebo, Begoña Pastoriza, Begoña Paz, Xiana de la Peña, Alba Torres e Ramiro Torres.

<<http://gruposurrealistagalego.blogaliza.org/2011/06/15/grupo-surrealista-galego-xalundes/>>

2) Texto da presentación do Grupo Surrealista Galego, da autoría de Xoán Abeleira e publicado en *Xalundes* o 17 de xaneiro de 2011:

QUE É, QUÉ NON É O GSG

O Grupo Surrealista Galego non é un grupo de parvos. O Grupo Surrealista Galego non é un grupo de ilusos. O Grupo Surrealista Galego coñece perfectamente ben a implicación ética e artística que entraña definirse como tal. O Grupo Surrealista Galego sabe que pra “cambiar a [súa] vida” cada persoa debe denantes ou asemade cambiarse a si mesma. E que, pra axudarnos a acadar ese labor principal da nosa existencia, o Surrealismo foi e segue a ser un campo de enerxías IMPRESCINDIBLE. Secasí... O Grupo Surrealista Galego é, irrazoable e irrefreable mente, nada máis [pero moito máis] ca un grupo de creadoras e creadores galegos, cunha única premisa, polo de agora: abrirse a todos aqueles individuos e colectivos que vexan na palabra “surrealista” un espírito aínda vivo e transformador, e non, como quere facernos crer o sistema capitalista, un sinónimo do seu absurdo. Non queremos ser “dogmáticos” mais tampouco traidores. Por iso estamos dispost@s a aceptar e pendurar todas aquelas creacións, de calquera tipo, leais ó que amamos pero ningunha que deturpe aquilo que di amar. Polo demais, como non somos nin parvos nin ilusos senón temible mente lúcidos, sabemos, abofé, que no tocante ó Surrealismo ninguén pode aspirar a nada agás a devir algún día surrealista.

A poesía: impresións dixitais

Rafa Villar

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VILLAR, RAFA (2011 [1997]). “A poesía: impresións dixitais”. *Dorna*: 23, 85-92. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/888>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VILLAR, RAFA (1997). “A poesía: impresións dixitais”. *Dorna*: 23, 85-92.

* Edición dispoñíbel desde o 6 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

A POESÍA: IMPRESIÓNS DIXITAIS

Rafa Villar

1. No principio..., nas idades das idades do ser humano, foi a poesía. Eran tan grandes cousas que descubrir: a angustia, a beleza, o medo, a morte, o amor; e tantas, que sen a poesía o ser humano estaría aínda transido e derrotado no esforzo de asomar a cabeza e saír a respirar o mundo.

Pero que no principio fose a poesía, non nos dá dereito ningún a magnificar o seu valor, o cal é tan diverso como diverso é o xénero humano.

Con todo, de cando en vez, cómpre lembralo porque a poesía forma parte da memoria colectiva de todos, e a memoria colectiva é o humus dos nosos días.

2. Poesía despois de Auschwitz

Escribir poesía despois de Auschwitz (Theodor Adorno) é seguir apalpando os *auschwitzs* que vomita a Historia.

Esa poesía do apalpamento é tan necesaria como desnecessarias son a tortura, a guerra e a fame con que a fin do século XX (capitalismo e barbarie) continúa a obsequiarnos.

3. Os versos fanse con palabras, por iso non cabe ningunha palabra inocente, nin despistada, nin casual. As palabras en poesía deben ser impunes. Calquera outra posibilidade está abocada ao fracaso.

Nalgunhas ocasións coa impunidade é conveniente a aleivosía: o da nocturnidade xa depende de cada un, de cada unha; sobre todo, porque a noite é ás veces o paraíso e case sempre devecemos por morder na mazá.

4. Poesía como indagación

Presinto que a poesía, en realidade, é simple indagación. Indagación do ser humano en si mesmo, indagación do ser humano en relación co mundo e indagación na propia poesía, outro mundo no cal rexen leis e costumes diferentes.

E digo simple indagación cando debera dicir complexa indagación.

Así que, que ninguén se estrañe da chea de mans que se dedican a este labor de busca nun momento en que o ser humano semella tan perdido no gume da historia.

5. Digamos que a poesía non quere dicir, a poesía di.

Esta é unha verdade pola que ten que comezar o lector. Se este, ademais, é poeta, a verdade devén absoluta.

Preguntarse, pois, o que quere dicir tal poema é traizón, á parte de rozar o absurdo. O que conta son os efectos en nós: canto máis demoledores, menos quere dicir o poema e máis di.

6. Decantarse en poesía é máis que un acto de fe: é unha necesidade.

A poesía non decantada sabe a cervexa sen alcol, a café sen cafeína, a leite descremado; quer dicir, a poesía non decantada carece de sabor.

Nestes tempos de consumismo e de produtos *light* que a poesía sucumba á laxitude paréceme un luxo enorme.

E cando a poesía se converte en luxo, os poemas e os poetas son ornamentación burguesa, tan próxima ás veces da cursilería e o mal gusto.

Por outra banda, a decantación non debe rifar coa calidade estética. É máis, por aí é por onde debe comezar a decantarse a poesía: o compromiso estético, ese que linda coa ética como a maré o fai coa area da praia.

7. Estética da recepción

A recepción do lector/a: o seu onanismo por riba de calquera lectura doutro; o seu fetichismo, a poesía como obxecto estético, persoal e intransferíbel; o seu erotismo.

Outra recepción do lector/a: escribir, reescribir a vida. Levamos miles de anos a facelo, e que se saiba ninguén protestou.

8. A un poema o lector quérelle pedir, cando menos, hospitalidade. Non por conmiseración senón por respecto.

Aínda que o tempo non se calcule polos minutos dunha clepsidra, pasa inexorábel e fere.

Que lector e poeta case nunca se poñan de acordo nisto pertence á esencia mesma do feito poético, á esencia e á contemporaneidade do feito poético.

9. O poeta é un deus, a poesía tampouco.

Cómpre ser ateo practicamente contra nós mesmos, senón ¿que lle queda ao lector?

¿Elevar os poemas á categoría de sagradas escrituras?

10. Poesía daltónica

Ás veces penso que os poetas deberíamos ser máis *daltónicos*, pero daltónicos de Roque Dalton, ese salvadoreño que viviu para escribir poesía e para facer dúas ou tres revolucións. Aínda que ao final, namorouse demasiado cedo da morte (ou a morte demasiado cedo del) e só puido escribir un feixe de tremelentes poemas e facer media revolución.

11. Poesía mañá

Da poesía de hoxe só unha pouca será poesía de mañá. Isto non é unha revelación senón, máis ben, algo doado de constatar.

A certeza de sabelo non nos debe levar á inanición, xa que o verdadeiro perigo é querer escribir para a inmortalidade, a cal cando se alcanza xa é demasiado tarde.

O realmente certo é que, se cadra máis que nunca, escribimos para hoxe, polo que cómpre poñerse mans á obra.

12. En poesía eu son (como mínimo) dous: son lector e son autor. Máis limitado sendo este e máis versátil sendo aquel.

Como poeta son mergullador con escafandro e tempo controlado; como lector, a miña inmersión é libre e a pleno pulmón, até que non resista o frío, a presión ou a falta de ar.

Sendo dous, ás veces non sei ben en que sitio estar: no das palabras mastigadas ou no das que agardan.

Sendo dous, dúas son as fames e dúas as ganas de as saciar.

13. Teoría das xeracións poéticas (1)

Non sei ben a que xeración me tería que sumar.

Só teño claro que me gustaría pertencer á do poeta que escribiu: *Sen meu amigo manha'eu senlheyra / e sol non dormen estes olhos meus* (Juyan Bolseiro), xa hai máis de 600 anos.

14. O movemento pendular do poema. O seu ritmo cíclico entre o que expresa e o que agocha.

O lector terá que ser fiel a esa lei para cativalo e para se deixar cativar.

Soamente o poeta pode crebar o movemento e suspender, por un intre, o ciclo. Soamente el se pode acazapar tras a sombra da súa linguaxe. Soamente el estiñará as feridas producidas.

15. A poesía que gusta: fascina, seduce, cega, encanta, enfeitiza, engaiola, atrae, enmeiga, incumbe. Aí, na incumbencia, diferenciamos a poesía que gusta de verdade da que só gusta. Ese leve matiz é o camiño que vai entre o contemplar abraiado unha escultura e o poder tocala.

16. A poesía é unha.

Os poetas o que fan é exfoliala en linguas, tempos e países, ou sexa, en poemas.

A pesar de todo, a poesía non mingua nin deixa de ser maiúscula. Tampouco cando é minada ou sometida á profanación.

17. Sinto a poesía fronteira entre a linguaxe e o baleiro.

A poesía desángrase de palabras e de silencio. Esa tensión é a que estremece o poeta e a que o leva a *dicir* (ás veces, a dicirse a si mesmo, aínda que se negue).

Pero o poeta é mortal: a poesía non.

A poesía é tamén fronteira entre vida e morte, entre o espacio e a nada, e o poeta sabe que ten que aproveitar calquera oportunidade para fuxir máis alá do seu eu fronteirizo.

18. Poesía exacta

A exactitude das palabras: aí radica o poema. Pero só se as palabras teñen vida.

A exactitude das palabras require (cómpre non o esquecer) que a vida non sexa tomada como unha traizón, cousa que vai reducindo o número de poemas existentes. Dá medo pensar que un día, en lugar de poemas, nos ergamos cun feixe de palabras focas e vas, impostoras de tanta vida e de tanto universo.

Unha última nota ao respecto: é ben que a poesía exacta non atrase nin un segundo.

19. Perniciosidade finisecular das palabras: os revolucionarios do século son chamados, nos derradeiros días deste, conservadores.

A poesía debería actuar, pero actuar de contado.

20. Inflexión na crítica (con Buñuel ao fondo)

Ían dous críticos pola rúa e ante tamaña provocación...

21. Poesía instantánea

Poesía do instante: ese verso, esa imaxe que de súpeto nos sacode. Eu creo nela.

A miña poesía bebe máis desas augas en fervenza que dos remansos en que estas sacrifican pureza por quietude. Seguramente, as augas en fervenza atragoen o sedento e só as dos remansos calmen de verdade a sede. Mais eu son animal perennemente sedento.

Aínda así, á poesía do instante véxolle unha grande inconveniencia: que este, o instante, xorde sen avisar (en calquera rúa, segundo ou postura) e en múltiples ocasións é tan fugaz que o perdemos para sempre.

Teño para min que desta maneira se perden os mellores versos –por preguiza de non os apuntar ou memorizar–. (¡Así de certo se me perderon os meus mellores versos!).

¡Ah! A diferenza da fotografía instantánea, a poesía do instante non sae coa polaroid.

22. Perpetrando a poesía

Perpetradores de poesía, deste xeito se tiñan que chamar os poetas. Outra volta a imprescindíbel aleivosía para construír poemas.

Perpetrar: velaí o verbo, velaí o risco, velaí o reto. Cando te atrapen, lembra que a delación só se debe deixar para casos extremos, nos que o verdugo sorría baixo a caparuzo.

23. Un poeta, unha poeta, ao máximo que chega é a alugar as palabras, as cales non lle pertencen nin por casualidade. Nin sequera aquelas que pensa que crea, ben como signo, ben como arma.

O poeta, a poeta, asume o seu papel de arrendatario da linguaxe. (Que o prezo do alugueiro sexa baixo non se tomará como escusa).

24. Teoría das xeracións poéticas (2)

Matar o pai. Esnaquízalo e enterralo con cal vivo, para que a única lembranza que nos deixe sexan os versos que nos unxiron.

25. Poesía e propaganda

Non convén confundir a poesía coa propaganda.

Esta invade a nosa vida sen o permiso de ninguén. O capitalismo, cos seus gobernos e os seus exércitos, busca, a través da propaganda, a alienación.

A poesía, xusto ao contrario, busca a emancipación.

26. En poesía, a propiedade privada está abolida, e contra quen ouse comezar as privatizacións levantarase un muro de proclamas, e non haberá pacto social posíbel.

27. Poesía á esquerda

O corazón, do lado esquerdo. A cabeza, do lado esquerdo. A poesía, tamén do lado esquerdo.

E cómpre saír á rúa e dicilo. Saír á rúa e dicilo.

28. Poesía como oración

A poesía é a oración dos débiles; a miña oración seguro.

É tamén a única oración pronunciada polos que sabemos que Deus sabe que xa non ten razón de existir.

29. A poesía, a arte en xeral, non se constrúe cos simples alicerces das ideas máis xustas. Iso parécese demostrado. Como tamén me parece demostrado que, renunciando a esas ideas máis xustas, tampouco non se constrúa a poesía.

E é que a poesía vai un pouquiño máis alá do mundo das ideas.

Sería ben seguirmos explorando.

30. Dualidade poética

O eu que escribe a miña poesía o máis seguro é que non sexa realmente eu. Ese 1º eu do que falo é unha pantasma que vaga no infinito e que, cando lle chega o momento, acode á chamada e ocupa o seu lugar na trincheira. É un eu que nace de si mesmo, dos seus afáns, dos seus devezos, da súa dor, do seu cansazo, da súa furia, do seu amor. É un eu que se cita coas palabras e, por elas e a través delas, é como vai esquecendo a súa invisibilidade e aparece nu ante o mundo.

Ese eu quizais non teña os meus ollos, nin o meu rostro, nin as miñas mans, nin a miña voz, pero a min non deixa de me lembrar a imaxe dese home que o espello me devolve cada mañá.

31. A poesía morrerá, sen posibilidades de resurrección, o día en que comece a ser usada como narcótico.

Ese día, en vez de poemas, escribiremos culpas.

32. Amor e poesía (1)

Entre amor e desamor, é esta segunda posibilidade a que se nos revela con máis potencialidade para a poesía.

O desamor é profundo, ferinte, enorme e precisa de palabras, de moitas palabras, para tanta coita.

O amor, malia poder ser igual de profundo, ferinte e enorme, precisa, sobre todo, de xestos. Nel as palabras son pleonasma.

33. Amor e poesía (2)

A poesía de amor está necesitando de novas linguaxes, porque hai poemas que parecen sacados dun tratado de boas maneiras ou tinxidos dunha única suor.

No amor hai transgresión, tigritude e moito, moito risco. Cómpre buscar unha linguaxe que expreso iso, que transforme en palabras os xemidos, que faga dunha folla branca un fragmento de pel que acariciar.

O simple intento de dar con esa linguaxe sen dúbida que terá algunha recompensa.

34. Poesía do século XXI

A estas alturas, o século XX xa nos permite que contemplemos, que observemos atentamente toda a poesía que veu gardando, que non foi pouca e que estivo marcada, para ben e para mal, polos movementos de vangarda de comezos de século e mais polos xenios que foron xurdindo co transcorrer dos seus anos.

Pero o século XXI non nos vai permitir o sermos observadores da súa poesía. É máis, é seguro que nos pida intervención e non estatismo. Así que, quen queira desembarcar que o diga, que aínda está a tempo.

35. Disociar poesía e vida é de extrema necesidade.

Cando poesía e vida se confunden de vez, o resultado non son poemas, son biografías e, no peor dos casos, crónica rosa.

E tampouco non se trata de caer na esquizofrenia e construír dous mundos, cando habitar un xa require esforzos importantes.

É só que poesía e vida sexan anverso e reverso da mesma folla do libro da historia, intimamente unidas pero, ao cabo, dúas páxinas desa folla.

36. Poesía e revolución

Transformar a realidade coa poesía é, queirámolo ou non, quimérico.

O único xeito de lograr de vez a transformación deste estado de cousas que chamamos realidade é a acción revolucionaria.

Desde a asunción desta é desde onde a poesía si pode (e debe) comezar a actuar, aínda que só sexa en labores de retagarda.

37. Poesía en tres des (DDD)

Asociar poesía a desesperanza, a desacougo e mais a desamor é abondo limitado, pero é real.

Dos milleiros de poemas que produciu a historia, a maior porción deles levan eses ingredientes de dixestión pouco agradecida.

Nin todo o bicarbonato do mundo poderanos aliviar de tales bocados. E falo agora como lector, lector que alimenta voraz a súa úlcera de estómago até o xaxún e a fame.

38. Ser poeta

Poeta é sempre adxectivo (gracias, John Berger) e non estou a falar dunha cuestión simplemente gramatical.

39. Poesía retrospectiva

Recuperar as primeiras palabras, o seu ton suicida, o seu ritmo torpe, a súa espesura.

Volver aos versos primixenios, os que nos fixeron hoxe. Regresar ao lume aquel.

Mirar para atrás é un interesante exercicio de humildade poética: quedar aí é vivir/morrer de nostalxia.

40. Un reto para mañá e tamén para onte: arrastrar a gramática da poesía, desterrala do seu paraíso por meter unha trincada na mazá prohibida.

Na poesía ficará só a serpe, que enroscará as palabras até as facer árbores ou poemas dun edén en que reine o pecado.

*[Relatorio lido no Encontro de Escritores/as Novos/as,
o día 7 de decembro de 1996]*



POÉTICAS
INTERMEDIAS

Autopoéticas

UL ANÁLISOL
POÉTICA

GAAP

GRUPO ALEA

Presentación da exposición *Material Metáfora*

Pepe Cáccamo

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CÁCCAMO, PEPE (2011 [2010]). “Presentación da exposición *Material Metáfora*”. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/955>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CÁCCAMO, PEPE (2010). “Presentación da exposición *Material Metáfora*”. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos.

* Edición dispoñíbel desde o 23 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

EXPOSICIÓN DE PEPE CÁCCAMO
DO 10 DE SETEMBRO AO 8 DE OUTUBRO

HORARIO

Luns a venres de 19 a 22h.

AULA DE CULTURA PONTE DE ROSAS

Avda. da Feira, 10

Gondomar

aula de
cultura





ponte de
rosas

Organiza




Colaboran



O ALFABETO DA LÚA. 2010. PAPEL IMPRESO, CARTÓN, MADEIRA, ACEIRO, PLÁSTICO, ACUARELAS. 7X26X22'5

Pepe Cáccamo
Material Metáfora



COMALA. 2010. PAPEL IMPRESO, MADEIRA. 5X22X19.

Do calculadamente azaroso encontro entre a máquina de coser e o paraugas sobre o leito cirúrxico naceu a úbeda estirpe das linguaxes surreais, que aínda falan, con inflexións de voz que se foron modulando e diversificando ao longo das décadas desde mediados da dos anos vinte do pasado século. Vanse cumprir cen anos da fundación daquela ollada onírica que segue a alumear as febras da vixilia e sentimos vixente e vibrante a música e o pensamento das súas poéticas. Moitos traballamos no obradoiro da moderna tradición do surrealismo e continuamos a confiar no poder indagatorio das súas máquinas de visión.

Material Metáfora é un texto obxectivo, un libro de poemas en tres dimensións, un volume antolóxico (unha antoloxía de ideas dotadas de volume) que pretende dar corpo a un conxunto teimoso de analogías pertencentes ao campo semántico da luz, á textualidade impresa dos libros literalmente abertos, aos alfabetos da cor, á gramática das identidades antropomórficas... Son obxectos procedentes ás veces dunha incitación discursiva, dun pre-texto verbal. Noutras ocasións foi o diálogo dos corpos físicos, o parentesco de proximidade entre significados visuais, a clave organizativa da analogía conceptual. Metáforas, símbolos, imaxes visionarias, alegorías, símiles ... os recursos retóricos cos que se construíron os poemas deste volume pertencen ao campo dos chamados procedementos imaxinativos. Son os tropos da retórica literaria (clásica, moderna e contemporánea) que eu quixen trasladar ao espazo tridimensional. Alén da madeira, o ferro, o cristal ou o papel, o material básico destes obxectos é a Metáfora, ese invento, esa substancia prodixiosa que nos permite entregar vida acústica e visual ao diálogo de identidades que labran o texto do mundo.

Pepe Cáccamo



INSOMNIO. 2010
PAPEL IMPRESO, CARTÓN,
CRISTAL, COBRE E GOMA..
20X15X3

O cara a cara dos recitais

Lupe Gómez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GÓMEZ, LUPE (2011 [1997]). “O cara a cara dos recitais”. *A Nosa Terra*: 771, 26 de marzo, 19. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/443>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GÓMEZ, LUPE (1997). “O cara a cara dos recitais”. *A Nosa Terra*: 771, 26 de marzo, 19.

* Edición dispoñíbel desde o 1 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

O CARA A CARA DOS RECITAIS

LUPE GÓMEZ

Os recitais poéticos na Galiza son cada vez máis. Fálase dun rexurdir, dunh loita. Son, en calquera caso, os folgos íntimos da xente os que falan nos versos. Moitos –a maioría– non mercan os libros de poemas pero están ali no intre do recital. Un acto que téñ moito de teatro e de espectáculo: Unha representación duns corpos –dos poetas– fronte aos corpos de quen escoitan. Espectáculo que é rito, invocación espiritual e plena.

Un cara a cara nese período de tempo que todos chaman fin de século con medo. Ese medo de perder, de esvaírse –como nación, como individuos– é o que nos empuxa a falar nas verbas e compartilas. Cando o país non desaparece na literatura non é un espellismo só. É moito máis. É unha danza. Un forte esperar das paixóns e das nosas forzas. Sen tenaces nin coacción.

Ao rematar un recital tense a impresión de que ese tipo de encontros son sempre un puño que se ergue. Se baixo a estrutura política e económica que hai temos que aguantar inxustiza e merda a treu o poema é un espazo libre. Na cultura –non entendida como elitismo– é onde medramos todos. Pode que dende o poder non se decaten deste outro poder. Pero o certo é que o poder da palabra é imenso, pese a quen lle pese. Doia a quen lle doia. Para iso está a veces tamén. Para ferir. Non só para loubar cervos, cigofas ou o mesmo mar. Máis que para falar da existencia para cambearla.

Hai un xeito superficial de ir pola poesía. Hai tamén outras formas. As que fan mudar as formas de pensar de todo un país. As que poden cambiar conciencia. As que poden ser tan duras coma unha guerra. Violencia non física pero non por iso menos violenta. Ás veces, violencia necesaria. Os beixos son fermosos pero metidos nun poema poden ser armas. Armas, no sentido de meios para tirar adiante.

Tirar –como as vacas do carro– da vida, do idioma e das causas que nos moven. A nivel colectivo e persoal. Estes dous niveis son os que verdadeiramente se funden nos recitais e polo que recitar é tan importante.

O poeta detrás dos muros dos libros está perdido. Todas as persoas que escriben –que son moitísimas máis das que publicamos algo– berran a cotío para que os escoiten. Queren comunicar. É unha, necesidade de interacción vella coma o mundo. Dubido de que noutros países haxa tantos recitais como actualmente na nosa terra. Iso quere dicir algo. Quizais que non hai aquí tanto atontamento intelectual e creativo coma noutras partes.

O auxe e éxito do terreo televisivo-informático-tecnolóxico deixa paso a unha necesidade enorme na xente, como fiteira que se abre, doutras experiencias, de corpos fronte a corpos. Mesmo poderíamos chamarlles sexuais; no caso de non ser puritanos coa palabra sexo. Como idiotas ou ianques. Por iso penso que iniciátras como os contacontos, o teatro, a poesía oral están atopando un cenário. Máis natural, máis vivo que os acostumados. Tamén máis urxente.

A palabra, penso eu, morreu en moitos dos seus usos. Cotidianamente empregámola como empregaríamos pantasma. De af a necesidade, tantas veces pronunciada, de “non me apetece falar con ninguén, quero estar só, ou soia na miña casa”. O no cuarto. Ou na casa ocupada. Agora que estamos todos no paro e non teremos nunca unha casa. Aos xoves é a quen máis lle doi este momento. O paro non é só unha palabra –morta, pantasma– nos meios de comunicación. Non. Son persoas. Estudantes que van por camiños autodestrutivos en troques de estudar e tamén vivir. Son rapaces e rapazas que andan por af

con medo ao futuro. Son eses alcumados sempre. Ora coma parásitos. Ora coma delinquentes. Arrodeados por policías.

Non só os policías que cargan nas manifestacións. Tamén os policías, outra vez, católicos. Policía, comezo de ditadura. Unha especie de autocensura nas nosas mentes. Pois toda a coartación da liberdade é tan subtil e está tan oculta que non se sabe contra quen loitar, pois frente a nós non hai máis que sombra. A mentira da comunicación de masas –se teatro falso– onde o individuo sucumbe. Acaba morrendo dunha maneira ou outra.

Na Galiza a experiencia rural, aínda que esmoreza, está moi preta. E interiorizada. Pode iso influir neste voltar dos falares poético e teatrais. Pouco choveu dende que vivíamos nas aldeas e éramos todos como unha gens unida. Ali as palabras eran poucas, sinxelas, populares e de cara a cara. Todos éramos coñecidos entre nós. Non se trata dunha nostalgia cara o pasado senón unha nostalxía simplemente que se pode proxectar cara onde se queira, segundo se lle ocorra ao que teoriza sobre isto.

Teorizar sobre da poesía ás veces non é bo pois neste eido de palabra libre, solta e desagrada non hai sitio para a obxetivación. O desexo de ser rigorosos é un desexo de científicos e non amaño o mundo. Nunca o amaño nen o vai facer. Pódese falar de moitos tipos de poderes ou dominios –do home sobre da natureza, do

home sobre da muller... – pero a palabra viva e poética o único que procura é un dominio de nós mesmos todos, homes e mulleres. Da nosa dignidade. Da nobreza. Esa característica que se lle imputou ás veces aos labregos, á nosa orixe. Desexamos volver a falar como eles. Claro. Alto. Sen reforcementos nen mentiras nen palabrería –iso é a poesía–.

O que a poesía fai non é ir a unha orixe “pura” –aquí sobra o adxectivo–. Trátase só de que todos poidamos falar galego. Sentir dentro un país e erguelo. A razón de mirar para atrás –á infancia persoal e nacional– pode ter que ver con querer reescreber unha historia. Algo así como derrubar un ensino onde ren de nós nos dixeron. Normalizar unha situación estúpida para facela tolerábel. Escreber outra vez a historia xa que está chea de agresións e incompreensión. Non só antes. Tamén neste momento político. Non é só “resistir” –esa palabra que fai pensar na pasividade–. Senón de existir. Nen máis nen menos ca unha cuestión de vida ou morte. Os recitais son tamén unha comprobación de que a batalla da existencia –cultural e social– non é só unha cuestión de ter ou non unha industria cinematográfica. O cine está moi ben. A industria tamén. Pero a palabra sérvenos como arma e está ben que a empregemos. Pode dar froitos. Hai árbores que nunca secaron nin secarán. ♦

“Pode que dende o poder non se decaten que o poder da palabra é imenso, pese a quen lle pese”

Do hendecasilabo ao autorretrato

Vítor Vaqueiro

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VAQUEIRO, VÍTOR (2011 [2005]). “Do hendecasilabo ao autorretrato”. En Arturo Casas (coord.), *Autor, autoridade, identidade(s). Grial*, 165, 46-55. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/187>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VAQUEIRO, VÍTOR (2005). “Do hendecasilabo ao autorretrato”. En Arturo Casas (coord.), *Autor, autoridade, identidade(s). Grial*, 165, 46-55.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Do hendecasílabo ao autorretrato

VÍTOR VAQUEIRO

Podo lembrar o primeiro poema que, hai máis de catro décadas, cheguei a perpetrar. Podo lembrar os seus defectos métricos, a rima trivial —ía poñer tribal e dubido cal dos dous adxectivos é o máis axeitado—, aqueles dous cuartetos desprezábais, seguidos por dous tercetos deficientes, o estrambote inmisericorde e, en resumo, aquel conxunto de dezasete versos merecentes do lume. Cos datos fornecidos, a leitora solerte xa terá adiviñado que a ousadía —xustificada polos poucos anos— me conduciu a escoller como composición que marcasse a miña estrea no devir literario o soneto, forma que, aliás, como resulta sobexamente coñecido, calquera afeccionado pode chegar a dominar en escasas semanas, sen ter que investir un traballo excesivo. Podería recitar, neste mesmo momento, aquel inesquecibel produto sen que a máis lixeira sombra anubase a miña mente, porque a rima facilita o arquivo, mesmo para os seres máis desmemoriados. O recato impedirá, no entanto, tal atropelo. Apontarei, así e todo, un vocábulo que aparecía alí e que convén aos propósitos do presente texto: é o de “feiticeiro”.

Sinalarei a súa temática que —como resulta doado imaxinar— viña movimentada por unha emoción ambigua que se acubilla en lugares inconcretos da nosa anatomía e que agroma cos primeiros sinais da mocidade. Ignoro o nome preciso dese sentimento: amor paréceme unha categoría pretensiosa; sexualidade, un termo reduccionista. Unha mestura de ambos, sen precisar as proporcións parciais que constitúen o todo, e que teña a ver con nocións como curiosidade ou pescuda, seméllame a noción máis acaída. Como quer que fose, a súa destinataria nunca soubo o espanto que aquelas caligrafías agachaban e mesmo intúo que xamais coñeceu as consecuencias posteriores daquel acto ruín. Co progredir do tempo, a heroína constituíuse na Mari Luz de “Tarde de fútbol”, relato que abre o fogo n’*Os xenerais de África*. Eis unha referencia primordial para os fins destas liñas: acredito —nunha época marcada pola desmemoria e a vertixe— nunha literatura que teña como un dos seus esteos a Lembranza e o Tempo. Posibelmente baixo esta actitude latexe a idea —e acá converxería co Truf-

faut de *La chambre verte*— de que a lembranza, a memoria, o combate contra o esquecemento posúen, na mente humana, máis forza que o presente que, en palabras de Kant, “case xa non é”.

De idéntica maneira, podo lembrar a primeira fotografía que tirara por esas mesmas datas, a comezos da década dos sesenta. Obtida cunha Retinete 1A, de Kodak, adquirida en Fotografía Pacheco, en Vigo, esa imaxe ten un pano de fondo constituído pola igrexa parroquial de Ponteareas. Diante dela, un casal idoso posa cun sorriso case imperceptíbel, mentres olla fixamente para o obxectivo. Ela porta un vestido lixeiro; el, unha sahariana case branca. Podería dicir que esa sahariana constitúe o *punctum* barthesiano da fotografía, o que me fere. Nunha composición sinxela, mais con intención de equilibrio e simetría ao redor da igrexa parroquial, á esquerda da imaxe fica ela, Obdulia Caruncho; á dereita, o seu home, Vítor Foxo, os meus avós maternos, descoñecendo, tamén eles, que, trinta anos máis tarde, ambos os dous adquirirán forma literaria. Con efecto, el será o Avó Hermóxenes de “Prezenza dos ofidios”, o derradeiro relato d’*O soño dirixido*. O seu latexo pairará tamén por unha boa parte d’*A cámara de névoa*. Rebentará nas costas algarvías, nas conversas de ton conspirativo, ao carón dos cadáveres, ao pé de Samuel Beckett e Arthur Gordon Pym e será esa sombra que, no mar de Póvoa —no verso vinte e catro de “Arribada”— se ha incorporar á comitiva, para narrar a negritude da ditadura á patulea que avanza cara ao sur, na procura dunha nova xeira que permita o enterramento —non o esquecemento— final daquel réxime abxecto. Será o mariño republicano que os fascistas asasinan en “Memoria do silencio” —que debeu titularse “Os xenerais de África”— relato pertencente a *Os xenerais de África* —que se debeu chamar *Memoria do silencio*— historia de profunda traza biográfica, coa excepción do seu fusilamento, o cal non empece que, enliñado no bando dos perdedores, sufrise prisión e lle agardaran décadas difíciles. Para findar, n’*Os nomes da morte* emprestará algunhas características á definición de Elixio Ferreira, o mestre republicano de Ferreira do Condado. Ela, pola súa parte, será Avoa Erme-

linda na narración sinalada d' *O soño dirixido*. A súa demencia senil inducirá ademais, nese mesmo volume, o relato "A casa da lagoa", conto en que se recollen os seus anos finais, que transcorreron cos ollos espetados nun cadro de pésima feitura composto por "unha fraga, unha casa, unha lagoa", onde ela —como se se tratase da rexedora dunha cadea de televisión artesanal— reconstruíu a súa vida, facendo que desfilasen naquela superficie xentes que merendaban, se bañaban ou facían o amor e que ela vía con clareza notábel. Da asociación entre as ideas de lagoa, loucura, soños e semiinconsciencia xurdirá o poema 71 d' *A fraga prateada*, que reincide en análoga temática.

No que até acá vai dito, contéñense os aspectos troncais da miña actividade literaria e fotográfica. Recapitulando, podería sinalar que son a lembranza e o exercicio vagaroso da memoria, a maxia e os territorios lendarios, a xeometría —e unha das súas operacións básicas, a simetría— o desprezo e a xenreira cara ao franquismo e calquera outra forma de réxime autoritario os eixos esenciais da miña escrita e, tamén, das miñas fotografías. Como consecuencia da escolla realizada ao remate do Bacharelato, engadíranse outras temáticas, por exemplo aquelas que teñen a ver coa ciencia. Octavio Paz ten dito que "o diálogo entre a ciencia, a filosofía e a poesía podería ser o limiar da reconstitución da unidade da cultura". Xustamente este diálogo tento levalo á práctica nun libro de poesía que levará por título *Teoría do coñecemento*, do cal un primeiro avance viu a luz en *Traxectorias*. Acho que a precisión da linguaxe científica é un ben poeticamente inestimábel e acredito na necesidade da loita contra a nociva e artificial escisión entre ciencia e humanidade, que só consegue reducir os niveis culturais e promover unha produción especializada que atenta contra a comprensión e o coñecemento globais.

Deixei atrás, acho que a mantenta, un dos factores decisivos da acción desenvolvida nos espazos dos que me tocou falar, que se presenta co aspecto da teimosía obsesiva: refírome á morte. Ofercéuseme por primeira vez un 29 de maio de 1969. É costumeiro o dito que proclama

Vítor Vaqueiro Profesor de Fotografía na Facultade de Comunicación Audiovisual da Universidade de Santiago de Compostela. Poeta, narrador e fotógrafo, foi un dos membros fundadores do Centro de Estudos Fotográficos e da Fotobienal de Vigo. Como fotógrafo é autor dos libros *Galicia* (1990), *Celanova* (1999) e *Rituais* (1999). Entre as súas últimas publicacións literarias figuran *Traxectorias* (2003), compilación da súa obra poética entre 1977 e 2002, o libro de relatos *Os xenerais de África* (1999) e a novela *Os nomes da morte* (2002).




Cheminea (1982)



que a mocidade descoñece a morte, ou que non a integra no seu horizonte vital. Por iso cando, o día que veño de sinalar, tiven perante miña o cadáver do Avó Hermóxenes, suxeito cardinal na miña contextura ética, algo esgazou no interior do meu universo. Para quen exercita a policía das pequenas cousas —a frase é de Borges— díreille que, por poñer dous exemplos, a palabra “morte” aparece n’ *O soño dirixido* 53 veces e n’ *Os nomes da morte* —¿que outro porvir podemos esperar dun título como este?— 179. O proxecto fotográfico que desde hai anos estou a abalroar e que presumiblemente se chamará *(Foto)(Auto)(Bio)(Grafía)* tenta resumir, como sinala o seu propio título, os aspectos de autobiografía e de biografía dun tempo, empregando as ferramentas da escrita e da fotografía. Por enriba del pairan as formas do autorretrato, envrullado entre o veo da morte, a relixión —que tanto contribuíu a desestruturarnos— e unha renque de mitos clásicos aos que un extraordinario traballo de Ph. Dubois lles outorgou natureza fotográfica e que tenciono pór en relación coa pintura, con quen a fotografía mantivo un diálogo —inevitábel, por procederen os primeiros fotógrafos, nunha gran parte, de territorios pictóricos— ao longo do tempo. Entre eses mitos poderíase salienta o de Medusa, que, coa súa ollada, petrifica, o mesmo que petrifica a ollada

da cámara fotográfica que envía retratos, conflagracións, danzas ou alagamentos á eternidade inmóbil. Non debe resultar casual que, practicamente desde os seus comezos, a fotografía profundara en temas que atinxían a cuestións da dinámica: no último terzo do século XIX, E. J. Marey e E. Muybridge levaron a termo análises do movemento; en vésperas da Grande Guerra, o fotodinamismo futurista perseverou en cuestións semellantes e, en décadas recentes, Duane Michals inaugurou unha extraordinaria póla fotográfica que nomeou *secuencias*. Outras figuras míticas poderían ser Narciso ou Holofernes, por poñer dous exemplos. O nome de Holofernes fornéceme a posibilidade de me referir a outro tipo de crenzas de natureza mítica e, así, poñer en contacto ideas que presentan, na miña vida, implicacións e importancia diversas: a relixión, a primeira mocidade, o mito, son algunhas delas.

Penso que non falto demais á verdade se afirmo que a miña infancia abalou entre tres puntos que condicionarían o futuro. Se tivese que dicilo de maneira xeométrica, unha forma axeitada sería postular que os meus primeiros anos se situaron no ortocentro dun triángulo no que os vértices ficaban ocupados pola relixión, a mitoloxía (Eliade ou Malinowski axudáronme máis tarde a identificar ambas as dúas nocións) e o ateísmo. A primeira procedía da contorna escolar,



A ollada de Medusa (1990)

entre rezos e cánticos piedosos —*perdoa o teu pobo, Señor*—; a segunda, de narracións fermosas dos pobos indostánicos e árabes, aztecas e algonquinos; finalmente, a terceira fincaba as súas raíces (o lector sorrateiro albisca a procedencia) en Vitor Foxo. Acredito na superioridade dos modelos científicos sobre outros na explicación dos fenómenos que se ofrecen ás vistas dos humanos e, por iso, pedíndolle emprestada a Luis Buñuel unha frase paradoxal que gustaría a Rusell, hoxe podó dicir que “a Deus grazas, son ateo”. En maior ou menor grao estas ideas —ao carón, por exemplo, das de reprobación da inxustiza ou da traizón— xorden no meu primeiro poemario, *Lideiras entre a paisaxe*, ao que teño o aprezo que se supón debe outorgarse ao fillo primoxénito, mais ao que a cegueira da paternidade non me impide avaliar na súa xusta medida, caracterizada pola imperfección. Como acostuma acontecer, tirándonos os grandes fitos, os debuts adoitan agromar máis como o resultado dunha escolma apresada exercida sobre un material confuso que como o resultado dun proxecto que a reflexión e o tempo nortearan.

Falei da simetría como unha das ferramentas fundamentais da produción á que fan referencia estas páxinas. A simetría, de certo, resulta susceptible de definición dun punto de vista matemático (translación e duplicación a respecto dun

A simetría resulta susceptible de definición dun punto de vista matemático (translación e duplicación a respecto dun punto, dun eixo, dun plano) ou físico-químico (inalterabilidade de leis tras unha operación) mais connota tamén outras ideas de natureza máis estritamente poética, literaria ou intuitiva

ponto, dun eixo, dun plano) ou físico-químico (inalterabilidade de leis tras unha operación) mais connota tamén outras ideas de natureza máis estritamente poética, literaria ou intuitiva. Esas ideas a que me refiro suxiren en nós as nocións de orde e de equilibrio, de vontade organizadora, de exercicio sobre formas especulares do punto de vista numérico —capicúa— ou literario —palíndromo—. Propoñen, igualmente, a presenza física do espello —polo tanto, do autorretrato— e, como lugar en cuxa superficie acontecen feitos extraordinarios, da maxia e o acto mítico. Resulta obvio, por outra parte, que o culto á paridade leva implícito o noxo cara á idea de impar. Non se me agacha que, nun caso como este, Freud falaría de exclusión dun terceiro. Acho, embora, tan perigoso decorrer nestas páxinas polos camiños dunha simetría psicanalítica como polos dunha psicanálise simétrica. Afirmarei, porén, que con esta vontade de simetría, entendida baixo a dupla perspectiva xeométrica e de equilibrio, abalrouse *A fraga prateada* que xira ao redor dun eixo horizontal que simetriza pares equidistantes (limiar-coda; alfa-omega; mitogramas-mitemas; procedementos monográficos-leccións de xeografía; seis poemas teutóns-seis poemas sabáticos). Esta acción desenvólvese, tamén, na serie fotográfica *Cidades xerada* —como *A fraga prateada*— ao comezo dos oitenta, na que se pode pesquisar a pegada do Franco Fontana de *Skyline* (1978), do meu punto de vista o máis interesante que o autor desenvolveu antes de caer no kitsch dos nus e das piscinas.


A mención d'*A fraga prateada* concédeme a oportunidade de considerar o seu primeiro poema, aquel que, baixo o título de “Limiar” é, xustamente, o simétrico da “Coda” que fecha o volume. Mostra este poema, que tenciona ser resumo, presentación e introdución no texto, varios centros que encontro de interese. En primeiro lugar, o emprego abastado dunha noción acima sinalada: a terminoloxía procedente da ciencia (subespazo, semiplano, recta, superficie abarculada, etc.). Baseándose nese vocabulario, o texto leva a cabo un desenrolo de orde estritamente xeométrica, de tal maneira que podería ser lido como o sinxelo enunciado de que a intersección de dous planos orixina unha recta e o corte de dúas rectas xera un punto. Mais este discurso agacha no seu interior unha estilización e unha simbolización. A primeira pon de vulto a simplificación que se produce no percurso que conduce do plano (infinitos puntos) ao punto único que é, non obstante, o elemento basilar daquel, aínda que no plano non sexa posíbel disterar cada un dos seus puntos constituíntes. A segunda establece a correspondencia entre un determinado acontecemento e o proceso que conduce

á súa mitificación. O poema procura, por tanto, o paralelismo de abstracción que conduce ao mito pódoo en relación cun proceso de orde xeométrica.

Interésame, tamén, a reflexión sobre este texto como exemplo de xénesis poética ou, se preferimos dicilo cunha terminoloxía maoísta, como mostra que aponte ao lugar “de onde proveñen as ideas correctas” se “caen do ceu”, ou “son innatas nos cerebros”. Relatarei, logo, a súa orixe.

No ano 1981, unha multinacional do automóbil puña na rúa un novo modelo. A imaxe nos valos publicitarios mostraba un cartaz completamente preto no cal emergullaba unha liña prateada que debuxaba o perfil superior da viatura desde un punto de vista lateral. Albiscábase alí a curva do capó, o cristal dianteiro, o teito, a porta do maleteiro. Na parte inferior do valo, en contratipo, unha lenda afirmaba: “cando este deseño colla forma, síntao latexar. É un R-14”. Reflexionei sobre a idea que subxacía naquela liña continua, consistente en suxerir un volume, unha forma tridimensional, mediante unha simple curva e o proceso de abstracción que conlevaba. Nese mesmo momento eu andaba á procura dun poema que condensase o que, ao meu ver, constituía *A fraga prateada*. O 20 de maio de 1981, e tomando como referencia o anuncio publicitario, remataba o poema referido.

Ás veces teño dito que é a miña intención desenvolver unha práctica materialista, o cal non resulta sempre ben comprendido porque —aínda que pareza inexplicábel nesta altura— unha boa parte de persoas estabelecidas nos territorios da arte seguen a avaliar a súa tarefa como —a terminoloxía é de Umberto Eco— un “milagre creador”. O propio termo de creación —ás veces, mesmo, escrito con maiúscula— suxire un intento de identificación coa divindade, cando non unha actitude de pendores clasistas. Para min, porén, estas actividades son máis ben procesos de ordenación e estruturación da materia, encamiñados á comprensión da nosa contorna, xa que os datos veñen fornecidos directamente pola realidade material, categoría na que incluío a outra realidade, a imaxinada. Neste sentido, como en tantas outras cousas, non estou lonxe do Valente que defendía que a poesía (eu ampliaría á literatura e, en xeral, a calquera actividade intelectual) constitúe un medio de coñecemento da realidade, dotado, de certo, dun amplo marco de ambigüidade e un estatuto de seu. Alain Badiou dío con outras palabras: produción de verdades. Sei que este punto de vista comporta, en ocasións, críticas de xorne meteorolóxico (literatura fría), xeográfico (distante) ou anatómico (cerebral). Sentíndoo, debo sinalar que a actitude que defendo procede da convicción de que non existe



unha fenda radical entre os procesos mentais e os —poñamos— hepáticos ou cardíacos, da miña procedencia do terreo da ciencia, da docencia das Matemáticas ao longo de case tres lustros e das leituras que tales actividades comportan. Tamén doutras orixinarias de latitudes poéticas. Sirva como exemplo o volume *Función de uno, equis, ene*, do enxeñeiro Gabriel Celaya que —lonxe de ser, como o título podería suxerir, unha posta en escena sobre a temática quinielística— tentaba unha poetización do concepto matemático de “función”.

Advirto, como é natural, que unha formulación deste tipo posúe un correlato: a existencia —a esixencia— dun fruidor —como teño sinalado, citando a Cortázar— “activo, batallador, tremendamente vivo e descontento”. A mesma idea bole en Eisenstein: “para que un personaxe [...] produza impresión xenuína de vida, debe ser construído polo espectador no curso da acción” e formigüea en Genet que insinúa que os lectores deben situarse “non como observadores, mais como creadores”. De certo, a sociedade actual, na súa globalidade, non mostra excesivo pendor pola finura de análise. Atreveríame mesmo a dicir que vivimos nun tempo caracterizado pola renuncia de amplos sectores sociais á comprensión do mundo, como o suxire a proliferación de adiviñadores, *cracks* de *reality shows*, botadores de cartas, deportistas na fronteira do analfabetismo, bispos do Paleolítico (inferior) e outros espécimes nos que a sociedade se olla e toma como exemplo. Non resulta doado entender como, nunha época marcada polas prospeccións da sonda Hubble sobre Marte ou a clonación celular, unha notábel parte da poboación consulta as súas perspectivas laborais a Aramis Fuster, acredita na palabra de Rappel a respecto da consecución do ser eroticamente desexado ou confía á oración a mellora das súas doenzas. Na literatura, os catálogos de *best sellers* son, do meu punto de vista, unha proba do que estou a dicir. Malia esta perspectiva desoladora —dito sexa con toda humildade— tenciono aplicar á miña práctica a mesma norma que ancheou o meu coñecemento, escollendo modelos que xulguei proveitosos. Foron Borges, Valente, Kafka, Cavafis, Proust, Beckett, Broch, Faulkner, Handke ou Bernhard dos que aprendín as ínfimas destrezas que poida atesourar. Ás avesas, as escasas páxinas que puiden ultimar de Almudena, Terenci, Rosa, Gala ou Molina, embora seren supervendas habituais nas nosas librarías, só crearon en min fastío e desacougo. Que algún deles fose admitido na Academia Española dá unha medida exacta da situación; que un dos asentos desta institución o ocupe Luis María Ansón é un *gag* de dimensións grouchianas. É posíbel que este punto de vista

poida ser cualificado de elitista, cousa que deploraría. Sei, porén, que é minoritario. Na defensa desta opción só podoo argumentar a miña convicción de que é xustamente o pensamento —cultural, social, político...— minoritario o que acaba mexendo os alicerces do establecido e propiciando o avance, perspectiva á que me axudou a lectura de *Mausoleo*, de H. M. Enzensberger e a experiencia da Historia. Penso, sincera e respectuosamente, que a maioría —a Galiza, ou os EUA constitúen exemplos paradigmáticos— non acostuma ter a razón. Tampouco en fotografía ou en literatura: Schömmmer ou Pérez Reverte son dous posíbeis exemplos.

Non ignoro que a chamada ao lector combativo provén da miña concepción dos procesos de produción artística, nos que, ao meu ver, o deleitador debe xogar un papel esencial na re-construción dos sentidos dos textos ou das imaxes. Derivado da polisemia e, por tanto, da ambigüidade, do carácter non unívoco de textos e imaxes, o produto artístico, filtrado a través das respectivas subxectividade, é susceptíbel de interpretacións plurais que enriquecen o fruidor, o autor e o propio texto. A produción artística, ao meu ver, só ten sentido inserida no triángulo autor-obra-fruidor. Este esquema de apertura é o que tentei desenvolver n’*Os nomes da morte* e tento agora completar en *(Foto)(Auto)(Bio)(Grafía)*. A necesidade de lectora inconformista presupón, ao tempo, unha lectora que dubide, que refute, que interconecte —os versos comúns a diferentes poemas d’*A fraga prateada* tentan establecer conexións entre as partes dun todo— que poña en cuestión o que semellan verdades aparentes nun universo onde a noción de Verdade absoluta tende a ser abandonada e a realidade se define cada vez máis en termos probabilísticos: para Bohr, os electróns xiraban en *órbitas* determinadas ao redor do núcleo atómico; para Schrödinger e Heisenberg, para as formulacións da Mecánica Ondulatoria, as partículas ocupan lugares indeterminados do espazo, chamados *orbitais*, definidos simplemente polo feito de ser máxima a probabilidade de nela se acharen ditas partículas. Verbo da consideración da realidade e a actitude do lector, encontro pertinente unha cita de Edgar Morin: (a cámara) “apalpa ... afúndese ... retráese... penetra ... para alimentar ... non só unha comunicación subxectiva, mais un coñecemento práctico”. Así, afundíndose nos personaxes, penetrando neles, recuando, *Os nomes da morte* queren procurar un coñecemento práctico, non só da figura de Herminio Rotea, mais do contexto en que este viviu, no contexto en que se desenvolve o século no que escribe o autor —non confundilo con Vitor Vaqueiro— no contexto da Historia. Debo ao relato *Na*



Autorretrato (2000)



Autorretrato (1998)

fraga, de R. Akutagawa —o mesmo que inspirou a Kurosawa a fita *Rashomon*— a estrutura d’ *Os nomes da morte*, romance que formula a busca da verdade a través das diferentes versións e a cuestión da subxectividade. Esta construción da realidade desde varios puntos de vista ten que ver, en certa maneira, coa arquitectura de *Informe da gavilla* que utiliza materiais procedentes de diversas esferas para levar a termo a construción poética da realidade.

A idea de simetría da que falei anteriormente ten unha obvia repercusión na fotografía, concretada na práctica do autorretrato. Prescindindo do chamado autorretrato de sombras, obtido mediante a interposición do suxeito entre unha superficie e un foco luminoso (o sol, unha fonte artificial), o autorretrato supón a obtención dunha figura simétrica a unha orixinal mediante o emprego dunha área reflectante que exerce a función de plano de simetría. Naturalmente, sería unha simplificación considerar o autorretrato como o resultado dunha sinxela e única operación xeométrica. É certo que, en calquera caso, segundo se ten reiteradamente sinalado, quen fotografa a outro fotográfase a si propio e, así, en *Rituais* os temas da morte, o rito, o dobre, a máscara, o símbolo mostran a súa presenza. Mais a frase adquire unha dupla dimensión se obxecto e suxeito da fotografía son a mesma persoa. A práctica do autorretrato implica a teimuda procura do Eu, ás veces con resultados sorprendentes xa que este acto desvenda realidades descoñecidas para o propio fotógrafo. Coido que nunca como no autorretrato proclamou a súa verdade con tanta forza a frase de Garry Winogrand: “fotógrafo para descubrir o aspecto de algo despois de fotografado”. E Lee Friedlander, no limiar do seu libro *Selfportrait* “I was finding myself at times in the landscape of my photography”. D. Michals ten dito, a respecto do tema da morte, que o seu *Self Portrait as Being Dead*, é unha visión que el xamais terá e que, coa súa realización, quixo imaxinar algo que nunca podería ver. A superficie do espello móstrase así como o territorio da interrogación —dime, espelliño, ¿quen é a máis...?— de confronto cunha face que é a nosa, mais que, en moitas ocasións, percebemos como doutra persoa e, por tanto (rixidez, fosilización) de confronto coa máscara. As crianzas, aínda non entaladas pola norma social, exercitan encenamentos, carantoñas e acenos diante dos espellos tentando averiguar(se). Se cadra como consecuencia da fragmentación presente na nosa contorna, o autorretrato concíbese arestora —ao revés que en tempos pasados— dunha maneira plural. O que antes era estrita reprodución da face virou hoxe en aspectos parciais na transcripción fotográfica do corpo e mesmo no sinalado autorretrato de

sombras. Os exemplos de Dieter Appelt, Toto Frima, Ugo Mulas, Arno Minkinen ou Jan van Leeuwen ilustran o que tento dicir. Algún dos autorretratos que acompañan este texto son debedores da súa influencia.

Alén da significación dunha procura, o outro autorretrato, o literario —que se acostuma nomear como autobiografía— aprofunda nunha cuestión con tradición gloriosa: estoume a referir á idea do dobre. “Para ser exacto, debía dar un nome diferente a cada un dos ‘eus’”, sinala Proust en *Á sombra das raparigas en flor*; “Car je est un Autre”, afirmara Rimbaud nunha carta a Paul Demeny; “El Yo y el Otro son inseparables”, mantivera Roger Bartra en *El salvaje en el espejo*. Estas tres citas encabezan o romance co que na actualidade combato e que posúe o título provisorio de *Os espellos do tempo*. A inclusión no título dos termos “espello” e “tempo”, ao pé das citas sinaladas, sitúan a leitora en paisaxes coñecidos: Borges, Stevenson, Wilde. E, para alén deles, sitúana baixo a ollada de Narciso, baixo o signo da escisión, baixo o mito dos xemelgos, da paridade e da morte.

O autorretrato literario, indefectibelmente, presupón o exercicio da memoria, que implica o recordo e, nomeadamente, o recordo dirixido a un pasado afastado que desemboca finalmente na infancia a cal, do meu punto de vista, xamais convive coa felicidade. Se a memoria recúa aínda máis, procurando os esteos da existencia, arribará ás orixes, quere dicirse, ao sexo, e por iso Courbet compuxo un cadro de sona que representa o sexo feminino e titulouno *Á orixe do mundo*. Máis atrás áchase a nada, punto simétrico da outra nada, a que xorde co remate da vida. Este espazo global do tempo caducado óllase como un painel inmenso de recordos coplanarios, sen relevo, que aparecen e desaparecen, que mudan co devaló do tempo e dos que, en ocasións, descoñecemos a cronoloxía. Ese tempo recuado que se articula e se olla desde o tempo presente esixe levar a cabo un proceso de escolla, dirixido polo carácter selectivo da memoria que esquece o que enfastía e afortala o que prace. A fisioloxía da visión sabe hoxe que os mecanismos que atinxen a ollada, lonxe de seren un proceso automático, implican un elevado grao de interpretación lóxica, de readaptación e, en resumo, de creatividade. Así é, igualmente, o carácter da memoria: creativo, porque —alén de selectivo— é reconstrutivo. A memoria implica unha constante reelaboración de temas, proceso semellante ao dunha obra nunca concluída, de reasignación de culpas e absolucións —se se me perdoa o tecnicismo eclesiástico no que prometo non reincidir— un axuste de contas con quen nos aldraxaron, ollada de desculpa sobre quen humi-

llamos e, salientabelmente, un axuste de contas con nós mesmos, a revisión tenaz e, xustamente, a loita con conceptos que se achán incomprensíbeis desde o tempo presente —novamente o mito—, un interminábel redeseño feito de trazos grosos e perfís velaíños. Ese é outro dos territorios que, con desigual sorte, levo a pesquisar desde hai varias décadas e que se manifesta de formas diferentes, baixo a forma de poemas —colados en xeral ao redor do heptasílabo ou o hendecasílabo— ou de relatos curtos, de romances ou de fotografías, motivo polo cal son frecuentes as referencias fotográficas no interior das letras e de letras na superficie das imaxes, porque, en definitiva, son os textos e as fotos —a morte, o exercicio da memoria, o coñecemento— os que a min me perseguen e non á inversa. A leitora, por tanto, comprenderá que olle coa indiferenza máis rotunda todo o conxunto de literaturas que postulan que “por detrás delas hai unha historia”, xa que, do meu punto de vista, a historia máis rotunda é a que emergulla nas páxinas de Herodoto, Pierre Vilar, Lucien Febvre, Le Goff ou Henri Pirenne. Como en *Schlageter* de Hans Johst —sobre o que Millán Astray levou a cabo unha interesante operación de intertextualidade— cando escoito a palabra “historia” aplicada a unha obra literaria, tiro o meu revólver, ese que non posúo, e adoito preguntarme cal é a “historia” que se acubilla por detrás do *Ulises*, de *Corrección*, d’*A tarde dun escritor*, d’*O camiño de Guermantes* ou d’*O castelo*. Xulgo que se se chegase a comprender que unha gran parte da narratividade a invadiu o cinema, o panorama a cubrir pola literatura ollaríase con maior clareza. Coa precisión que acostuma explanar, Borges sinala: “En libros no muy breves, el argumento no puede ser más que un pretexto, un punto de partida”. Un punto de partida, un plano de actuación, un territorio magmático que se reformula arreo, un traxecto a seguir, autónomo, independente das modas, do mercado, unha rota que soamente escoite o compromiso ético interno —coa propia literatura ou coas imaxes— e externo —ser dun tempo e dun país—, tentando fotografar e escribir desde o século XXI, non desde o XIX. Eis o catálogo das miñas obsesións que, admíto, poden cualificarse de neuroses.

Até acá a presentación do conxunto de factores —e das interrelacións establecidas entre eles— que, sospeito, conforman a miña actividade nos terreos da produción diso que, xenericamente, chamamos arte. Tentei amosar os marcos que constitúen os puntos fulcrados da dita actividade que, como unha corrente submarina, atravesan os últimos trinta anos de traballo, xurdindo ás veces e esvaíndose outras. Son eles, en resumo, a práctica da autobiografía-autorretrato,

a pescuda do coñecemento, a devoción pola simetría, a loita contra a idea das *dúas culturas*, a presenza da morte —inducida polo pavor que en min xera a desaparición definitiva— o intento de recuperación —incansábel e deficiente— da memoria, a análise do mito non como superstición, mais como maneira precientífica de comprensión da contorna, o compromiso ético co país, a escrita e os desfavorecidos, a Historia e os seus aspectos paradoxais, o combate na procura da xustiza e a defensa da verdade. Estructurei este texto como un conxunto de movementos de carácter *browniano*, termo, por certo, procedente da ciencia, concretamente da Mecánica Estatística, que fai referencia ao movemento aleatorio que, xerado polas mudanzas da presión, as partículas levan a cabo no interior dun fluído. Podería telo construído baixo diferentes apartados (poesía, narrativa, fotografía...) que, pola súa vez, se subdividirán noutros (simetría, morte, Política, memoria...) correspondentes ás diferentes tramas aquí desenvolvidas. Preferín, non obstante, —fiel á crenza na necesidade de axudar, modestamente, á construción dun lector inconformista que reconstrúa os textos propostos— a articulación destas liñas como un todo. Quen percorra estas páxinas poderá —espero— arranxar, baixo a óptica da subxectividade, unha imaxe panorámica —e, fortunadamente, incompleta— dos diferentes elementos que constitúen as facetas que presentan as miñas literatura e fotografía que, ao cabo e ao resto, non son máis que a proxección externa das peculiaridades culturais e xenéticas propias ■

**Transdimensionar as marxes.
Sobre a creación poética**

Rafael Xaneiro

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

XANEIRO, RAFAEL (2011 [2010]). “Transdimensionar as marxes. Sobre a creación poética”. Edición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/315>>.

* Texto inédito até a súa edición en pdf en *poesiagalega.org*, dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir do arquivo facilitado polo autor/a ou autores/as.

TRANSDIMENSIONAR AS MARXES. SOBRE A CREACIÓN POÉTICA

Rafael Xaneiro

Cando unha bomba estoupa no centro da palabra poesía, que sucede?
Cando unha bomba estoupa no centro da palabra “[]”, que sucede?
Onde están as marxes?
U-los límites?
Que unen as fronteiras se separan? Que separan?
Habita o límite dentro da fronteira?

Habitaremos por sempre un mundo de disciplinas delimitadas? ...sesgadas? Ou apenas é un mapa o que tememos extraviar terrorificados perante a posibilidade de vérmonos cos pés no bordo, no abismal territorio inexplorado da liberdade creativa, da selva virxe das posibilidades innomeadas?

Cando nace, no espazo interseectivo da fronteira, unha posibilidade de ser, un fluxo que agroma do instante interactivo da diferenza: está condeado á vida ou debe morrer determinado por un axuste de realidade chantado sobre o reflexo das sombras na parede da caverna de Platón? Que nos dá ese instante, ese ínfimo territorio espazo-temporal aínda non descuberto? Talvez a posibilidade de soñar un novo mapa, sabedores de que tal regraxe nace para desaparecer? Ou será un sagrado anonimato, puro como a infancia, do que non esperando nada todo é posíbel? Intersticios, espazos de liberdade creativa, áreas de libre fluxo interactivo, Zonas Autónomas Temporarias...

No medio da rede, o poeta, é mediador. A rede está tensa e os peixes saltan con facilidade, tomando pulo para novos voos. Cabemos todos nesa malla imaxinaria, tan real como os nosos pensamentos? Ou só o que se describe a si mesmo como entrelazador de palabras... mundos... sentidos, ten a potestade de crear? A quen lle fala, a quen lle conta? Quen escoita? Sube o finxidor pola arañeira e propón, meigo, os códigos prohibidos da adiviña... Está preparado o receptor? Despoxado xa do disfraz de espectador, acepta o reto da co-creación? Entra no xogo? Aceptan os dous, en complicidade, esa interface? Quen move o xogo, quen xoga o xogo? Quen é a poesía? Talvez só un nome do directorio telefónico; sen enderezo, sen número... Referencial.

Ninguén, fóra do xogo, é quen de saber.



COMUNICACIONES
ORAIS

Autopoéticas

UL ANÁLISIS
POÉTICA

GAAP

GRUPO ALEA

**Texto lido na homenagem a Pancho Pillado.
Faculdade de Filologia, Universidade da Corunha,
30 de maio de 1996**

Celso Álvarez Cáccamo

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ÁLVAREZ CÁCCAMO, CELSO (2011 [1996]). “Texto lido na homenagem a Pancho Pillado. Faculdade de Filologia, Universidade da Corunha, 30 de maio de 1996”. Edición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/141>>.

* Texto inédito até a súa edición en pdf en *poesiagalega.org*, dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir do arquivo facilitado polo autor/a ou autores/as.

**TEXTO LIDO NA HOMENAGEM A PANCHO PILLADO.
FACULDADE DE FILOLOGIA, UNIVERSIDADE DA CORUNHA,
30 DE MAIO DE 1996**

Celso Álvarez Cáccamo

Quando me convidaram generosamente a ler poesia neste acto, quigem argumentar que eu não sou poeta. Talvez a quem tentava convencer era a mim mesmo, e quase o consigo. De todas maneiras, enganado por uma insana inércia, aceitei este convite, e pugem-me a pensar qual poema meu poderia ler eu aqui que, de alguma maneira, me representasse. Porfim identifiquei um só, e fui buscá-lo. Mas quando o tive diante dos olhos o poema não estava. É dizer: a folha do poema estava aí, e todas as letras estavam aí, e todas as linhas conservavam ainda a mesma ordem, mas o poema não estava. E aí compreendi que na realidade eu não estivera namorado dum poema, mas da sua *réplica*, do vazio que fica no papel ao lermos um texto absoluto, da essência primitiva da palavra que é simultaneamente uma sílaba e a sua imagem. Porque o verdadeiro poema é aquele que conta *a irresolúvel distância entre o ser e as cousas*, aquele que, ao lermo-lo e apropriarmo-lo, se torna numa mancha branca, irrecuperável. Um livro perfeito de poesia é aquele que quanto mais o visitamos mais se vai esvaecendo, esvaziando-se página após página, trocando-se em memória. E no final da sua existência –que é a nossa– o volume perfeito só deveria conter espaços em branco. A poesia é a necessária morte da história, como a pintura é a morte de todas as geografias, como o teatro é a morte da vida, um outro território onde nos representamos como povo perante os que não são nós mesmos e por isso nos contemplam, ou perante os que não são de todo nós mesmos e por isso nos obrigam a representar-nos.

Nunca nos namoramos duma obra perfeita, mas do seu fantasma. O fantasma da poesia é como uma emulsão difusa e inapreensível que só se pode traduzir em formas. O fantasma da pintura é uma impressão cortante, linear, que só se pode traduzir em palavras. Formas e palavras são duas linguagens adversárias, paralelas, sempre condenadas a desencontrar-se.

Mas contra ambas combate ainda, diariamente, *uma outra* linguagem: é a linguagem dos actos, a que constitui a verdadeira História, com maiúsculas, a História que passa despercebida ao nosso lado enquanto somos enganados por um fulgor de metáforas legítimas, imprimidas nas factorias onde se constroem a golpes os poetas. E essa verdadeira História com maiúsculas, quando aconteça –e acontecerá– deverá esquecer toda a boa poesia.

Penso que não sou poeta, nem obviamente crítico, nem sequer linguista, nem sequer um impostor. Só sei que parte de mim é um corpo que limita. Às vezes, na noite, quando a cidade se impõe como uma fria lâmina, reconheço a minha essência vulnerável e o privilégio que me assiste, e, alheio à minha história, componho textos sem título nem meta, como este, que por algo de acaso resultou ser dito, e espero que agora não exista.

Entre as silvas e as ortigas: algunhas reflexións sobre a poesía última en Galiza

Xiana Arias Rego

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ARIAS REGO, XIANA (2011 [2008]). “Entre as silvas e as ortigas: algunhas reflexións sobre a poesía última en Galiza”. Intervención na Facultat de Lletres, Sala de Graus, Universitat Autònoma de Barcelona, 20 de maio. Edición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/730>>.

* Texto inédito até a súa edición en pdf en *poesiagalega.org*, dispoñíbel desde o 23 de maio de 2011 a partir do arquivo facilitado polo autor/a ou autores/as.

ENTRE AS SILVAS E AS ORTIGAS: ALGUNHAS REFLEXIÓNS SOBRE A POESÍA ÚLTIMA EN GALIZA

Xiana Arias Rego

1. Entre as silvas e as ortigas:

A poesía non morde? A poesía debe morder.
As Ortigas pican e doen por dentro.
As silvas fan feridas. O poema ten (contén) feridas.

Din que se aguantas a respiración para coller unha ortiga, non te pica.
Se o poema non morde non che corta a respiración: non te molesta: non o molestas, pero

A poesía ten que falar claro por poucas palabras que teña.
O poema ten ocos. Os ocos do poema camiños quen os le.
Nos ocos pode haber montes enteiros, cos seus lobos.

O poema pode meter medo.
Se está moi escuro compre levar lanterna:
ter os ollos ben abertos:
dicirlle ao lobo
o mesmo que o escritor británico Cecil Day Lewis
lles dixo ós republicanos no 36:

Viñemos porque os nosos ollos abertos
non vían outro camiño

Esta podería ser unha autopoética: o intento de falarvos como se o poema e máis eu fo-
semos a mesma persoa.

2. As ortigas poden prenderse nas silvas. Iso é o que vou intentar eu aquí.

O LEO

Para tentar trazar unha autopoética máis efectiva que coa que me presentei, idee un diálogo entre as silvas e as ortigas:

É tamén o meu intento de ofrecer unha pequena panorámica da poesía última en Galiza. Son oito diálogos entre os meus textos e os textos destes oito autores e autoras.

Vou comezar polo máis evidente ou mellor que evidente chamaríalle eu milagre: o grande milagre de que dúas persoas escriban o mesmo poema. A min pasoume. Pasoume co Leo, un músico e poeta que vén de publicar un libro titulado *Hai cu*, un libro que recompila o seu traballo no blog do mesmo nome, utilizando a fórmula dos poemas de tres versos:

O Leo é o autor do prólogo de *Ortigas*, e cando eu lle pasei o poemario por vez primeira chamoume moi sorprendido –e non era para menos– ao ler este texto:

Cando vou en coche miro para fóra e véxome correndo ao par,
á mesma velocidade, poñéndome carantoñas.
Teño por norma non pisar o chan.
vou por riba dos quitamedos,
salto ao sinal,
cambio para o muro,
volta ao quitamedos e outro sinal.
Son eu e non son eu: ás veces, son un debuxo animado.

Cando na estrada teño medo agárrome a todo.
Laura non se move, mírame de esguello e como que rí.
Pensas que se perde algo?

O Leo escribira un hai cu titulado...

No asento de atrás

Para me entreter
maxinaba que corría
de par do coche

Envidio a concreción d'O Leo, porque el en tres e un título dixo o mesmo ca min en once versos...

É realmente un milagre? Quero dicir, eu comecei a pensar cantas persoas maxinaban que corrían de par do coche nas viaxes longas... poderíamos fundar unha asociación ben graciosa.

Creo que comparto co Leo moitas máis cousas que ese síndrome do asento de atrás. Con el comparto a búsqueda do colectivo no poema: o alento comunal de quen quere participar co que escribe no proceso de liberación que é amosar as fisuras do mundo no

poema: pero tamén sairse do sistema no poema: procurar que un outro mundo posible se estenda nas e das liñas ou dos ocos do texto.

Chámolle O Leo non porque sexa amigo meu, que si, pero é que así asina o libro este home de personalidade múltiple: que é tamén o cantautor punk O leo i arremecaghona.

Vou ler outro dos Hai Cus do Leo, só polo pracer:

Conciencia de clase

Atraveso Vigo cargado con dúas bolsas
adiántame un home cargado con dúas bolsas

somos, dos que van cargados con dúas bolsas.

MARIA DO CEBREIRO

O segundo diálogo: viaxar polos hemisferios de María do Cebreiro:

Gustríame –intento– compartir con ela a búsqueda dunha nova-outra oralidade: Que di a rúa?

Serve o poema para gardar o ruído da rúa?

Vou ler un texto de María do Cebreiro:

– Agora non lles chaman
discotecas. Vai calor, non se ve.
– Como se fosen úteros.
– Esa é unha perspectiva xenerosa.
– Nesta cidade só se pode ser
estudante ou funcionario.
Se fumase, diría: – Dasme lume?
Sempre lle pareceu
unha pregunta moi precisa.

– Podo beber do teu vaso?
– É unha declaración?

Son as seis da mañá.
A muller entre no after.
Non hai sitio.
Non lle custa traballo entrar na copa
do primeiro que ve.

– Funcionaria ou estudante?

É un fragmento do poema “Urano”, incluído n’*Os hemisferios*, o seu poemario editado en 2006. A autora tamén do imprescindible (*nós, as inadaptadas*) recolle neste outro poemario anacos de conversas, anacos de intemperies. Investiga a rúa a través da escrita, e tamén o relacional: as voces e relacións diversas mestúranse e encóntranse no poema.

Converxen oralidade e escrita: e ese é un camiño a me gustaría transitar:
o poema como documento.

O texto que trouxen para dialogar con María do Cebreiro e os seus hemisferios xa se naceu no seu día así. Coma ese diálogo coa autora e a ela ía dedicado.

Publicouse na revista *Infoxove*, e tituleino “A morte xitana”.

Nel incluíñ frases escoitadas da praza de abastos de Santiago mesturadas con anacos da canción “Run Run Run” de The Velvet Underground, pintadas da cidade e frases da entrevista coa música de Sri Lanka, M.I.A. publicada na *Rockdeluxe* número 232. Vou ler un fragmento:

Camiñan a mesma rúa en sentido contrario,
poden tropezar pero poden non tropezar.
Se Sara avanzase pola rúa paralela
escoitaría unha nena berrar que non pensa
comer a sopa. A canto vai?
Barato neniña, eu non vendo nada caro,
Para gañar uns pesos namais!
É unha moza e alguén debería sacudila
coma roupa mollada.
Cando vou sair desta cidade?
Onde metería o chisqueiro?
Gustaríame estar noutro lado?
Onde metería o chisqueiro?
Da unha calada ou dúas, afógase
ao correr, correr, correr, correr, correr.

Para cada Coldplay debe de haber un antídoto,
O regueton pareceme perfecto.
Se Sara estivese dous metros máis adiante
caeríalle cuspe no diadema de flores azul e branco.
Non sei nada de facer música pero sei o que me gusta.
Camiñan a mesma rúa no mesmo sentido,
poden tropezar, pero poden non tropezar.
Se torcese pola que sobe fixaríase no muro,
na pintada. Uxio e Xiana liberdade,
Uxio e Xiana, que volvan á casa. Stop G8.

A adolescente Sara non vai a clases de guitarra
os martes de cinco a seis
pero súa nai paga 100 euros cada trimestre.
Dá unha calada ou dúas.
Correr, correr, correr, correr, correr.
A morte xitana e ti. Ela diche o que fas.

Sinalaba eu na revista *Infoxove* que o texto era un plaxio: era cando menos o intento de plaxiar o ruído da rúa e a frescura dos poemas de María do Cebreiro. Como di o antes citado, O Leo, da súa escrita: “Eu plaxio ao pobo galego en xeral, e a galegos en particular” e engade “o universo aseméllase un mundo a Galiza”.

MANUEL DARRIBA

O terceiro diálogo entre as silvas e as ortigas é todo ortigas:

Quero ler aquí un dos textos do poemario *Calor* de Manuel Darriba. Creo que é o poemario que máis veces lin na miña vida, así que malo sería se os meus textos non dialogasen un pouco, cando menos, cos del. *Calor* é a memoria do verán, dos amigos e de sentirse arroupado: é a ortiga de volver á rutina: ó traballo.

Vou ler o texto de Darriba:

fódeme moito
que esto se acabe, non por nada
é que se fan
máis curtos os días
vai máis frío, e as terrazas
empápanse de chuvia
sa sen xente, e fódeme
estar cada vez máis triste
pola luz agrisada destas horas
Glenda
que non existes

pensaremos que a vida
se tece de renunciadas
denantes de volver, outra vez
e igual iso
nos quita as ganas de chorar
nestes intres azuis, sendo
azuis, por moitas cousas
a canción triste da radio
a auga
que cae, porque é
tempo de que caia
ela
e as follas
amarelas
tantas cousas, ata que dis
para que
está o teléfono

Porque a túa voz acariciando
a miña orella dereita
aínda reconforta
de vez en cando, cando
de sente a penumbra
cando se fai
un nó pequecho na gorxa
non por nada, só
por volver vivir.

Nas primeiras veces que lin *Calor* eu estaba intentando algo para o que daquela non tiña palabras pero que logo veu o escritor chileno-catalán Roberto Bolaño a dicirmas: “identificar cada día o momento que máis se parecera ao concepto que teño da felicidade”: gardar a memoria dos intres nos que todo parece estar ao teu favor...

Iso fixo Darriba en *Calor*. Eu escribín isto:

Para cando dispoñas dun par de horas, libres?
pola mañá, unha mañá que non chova,
vai ao mercado, almorza café e churros,
compra peixe e froita, fresas, come o codelo do pan.
séntate noutra terraza a tomar outro café e le
o libro, ou o xornal, e sítete extraña
mira para todo, como se fose a primeira vez
que estás na cidade, que te sentas na cafetería,
e cando volvas á casa, abre as ventás,
e chámame.

DANIEL SALGADO:

Manuel Darriba escribiu o prólogo do segundo libro de Daniel Salgado: *días no imperio*, publicado en novembro de 2004. Nel dicía: “un xa non sabe se as palabras proceden da vida ou reciclan ficcións, ou quizais ambas cousas e non pasa nada”. Esa frase de Darriba explícase polo que son os poemas de Daniel Salgado: son unha película de Chris Marker. Son *O fondo do aire e vermello* ou *Gatos pendurados*.

Os seus poemas ruxen. Habitan as silvas e as ortigas, cada vez máis as silvas. O texto de Daniel Salgado di así:

convalecencia

un lugar que non se sabe. A humidade
uo enxoiro. As mantas e non ti se non
u precipitación do espazo baleiro
na cama. Un apuro de mirar embaixo
por se hai algo. O tremer dos dedos
cando non. Perder a voz. E as luces.
deixar o cuarto coma un teléfono
que non collen. A pura imaxe do
ermo: esta boca. O puro eco da época:
qué nos acontece.

É un texto do seu último poemario *Os poemas de cómo se rompe todo*, publicado en 2007. Eu quero conectar *Os poemas de cómo se rompe todo* coa *Acusación*.

Acusación é o proxecto no que traballo agora: pequenos textos en marcha nos que son a acusada, a defensa e a acusación. Vou ler un deses pequenos artefactos:

Repíte comigo: alucinación.
Alucinación. É importante nomear?
Eu evítooo cando máis doe.

Pensaba que tiña bichos correndo polas veas.
Ao médico só lle preguntei se había algo
que curase a hipocondría. Díxome:

– Estás ben. Viñeches a tranquilizarte.
Levántate, colle o abrigo.
Vísteo lenta. Abre a porta.
Volve á casa.

Pero sinto arañas.
Nos caixóns da cociña.
Subindo polas pernas.
Correndo pola cama.

(Mátoas cando me atrevo,
e non me sinto máis libre)

ALBERTO LEMA

O artefacto-acusación tamén conecta con *Plan de fuga*, o poemario que o escritor do ano, Alberto Lema, vén de publicar na cooperativa Estaleiro Editora, un poemario que tamén está na rede. Podedes descargalo gratuítamente. Digo que é o escritor deste ano porque publicou os seus dous primeiros libros en 2008: este poemario épico que é *Plan de fuga*, e a novela *Unha puta percorre Europa*, publicada ao tempo en galego e castelán.

Alberto Lema di que el fai “política ficción” ou “ficción política”.

Vou ler un texto de *Plan de fuga* que se titula...

Delenda Est
(arenga de Lucrecio no ventre do cabalo)

Nós, os lexítimos herdeiros dos últimos vencidos,
aínda sabemos lembrar o que un día soubemos:
a verdade detrás das súas palabras,
a herba húmida nas mans,
o soño destruído de Erehwon,
o home antes da súa carreira de sacos cara ao baleiro,
nós, os lexítimos herdeiros
veremos caer os muros de McDonald’s,
compañeiros, veremos un fungo devorar
o seu chaleco antibalas, e a lenta ferruxe
chantar os dentes no corazón de ferro de occidente.
Nós, veremos caer os muros de McDonald’s,
compañeiros, abrirémoslle as portas ao mar
para que nos invada en silencio, e trazaremos
unha perpendicular para o iceberg
na súa cega procura do Titanic que nos leva.
e esta ve non podemos perder:
seremos o cancro na pel do cancro.

Seremos o cancro na pel do cancro: seremos a acusada e a acusación. Aquí vai o meu quinto diálogo, é dunha parte do proxecto *Acusación* que se chama *Grenlandia*.

A miña aposta é a integridade.
Nos enterros prefiro a quen non chora.
Agarro nos demais o que me falta.

Sempre se di que vale máis saúde
que diñeiro. Non quero confundir
saúde con confort. Procuo
un lugar que poida defender.

Non se pode buscar
coma un obxecto perdido.
A miña aposta é conquistalo.

LUPE GÓMEZ:

Alberto Lema díxome unha vez “as túas ortigas son coma Lupe Gomez pero un pouco menos”.

Lupe Gómez é unha das poetas que rompeu a literatura galega. Abriu unha fenda na escrita e entrou con toda a súa sinceridade. No seu libro máis imprescindible, *Pornografía*, escribiu este poema:

ALUCINACIÓN

Unha vez
Un borracho
Cruzouse comigo
Na noite, na aldea
E os dous berramos. Os dous
Debíamos
Ter porqué.
Despois
Isto
Esquecino.

Pornografía editouse por vez primeira en 1995 e reeditouse en 2005. En 1995 eu tiña doce anos, e é probable que mentres ela escribía esta alucinación eu estivese alucinando. Sería máis ou menos daquela que souben dos acontecementos que cos anos habían de levarme a escribir un dos textos incluídos en *Ortigas*:

Unha noite estaba cuns amigos na alameda, bebendo algo, vímolo pasar pola rúa de enriba, facendo eses, borracho coma un can. Conteilles que tentara abusar de min cando era pequena. Déronlle unha boa malleira. Nin me sentín vingada nin me sentín verdugo.

O COLECTIVO RONSELTZ:

Hai, creo, algo en común entre todos os autore e autoras que levo citados: que todos leron nalgún momento ó colectivo Ronseltz e diso, como da febre, non se volve.

Non se é a mesma despois de ler a Ronseltz que escribiu un ano antes da *Pornografía* de Lupe Gómez, un libro ben pornográfico: *Unicornio de cenouras que cabalgas os sábados*.

En *Ortigas* escribín:

O café e a comida é onde nos atopamos máis cómodas, dá o tempo xusto de falar do traballo e lembrar unha anécdota curiosa, rir un pouco. Ela díxome: escapas, es coma o fume. Beramos e só nos apeteceu ver que a outra acababa chorando. Díxenlle: douche apertas para que digan que somos de verdade. Pero non son sinceras, contestoume, nin humildes.

Ben, pois eu creo que o que debería ter escrito no lugar disto é a cantiga de amigo, escarnio e maldizer que escribiu o colectivo Ronseltz e que dicía:

Antes eras un colega
pero agora
me cago en tu puta madre
me cago en tu puta madre.

Eles dicían:

O poema é unha pedrada na cabeza,
recomendamos aos lectores que usen casco

VALENTINA CARRO:

Creo que dialogar con Ronseltz era imprescindible para dialogar logo con Valentina Carro. Esta si é a últimísima poesía en Galiza. É un dos libros máis recentemente publicados, hai un par de semanas... chámase *Debaixo de dziga vertov hai unha buxaina*. Falando por encima e rápido: Valentina Carro é Rompente e Ronseltz pero en muller: e iso implica máis cousas do que parece...

Vou ler un dos seus poemas:

No álbum de mulleres do consello da cultura galega non se cita.
Pero toda a igrexa parroquial o sabe.
Que María Casares fertilizaba a rexión dos beizos con xurro de besta mansa
Para que lle medrara unha cuberta de vizosa pelame
E que logo vestía medias de seda
E chamaba ó seu timbre.
E dicía: “veño a que me corte-lo bigote coma o de John Gilbert”
Así, con respiracións de navalla.

Coa súa buxaina chegamos ao final: o último diálogo. Para ela e María Casares, este texto das *Ortigas*:

Isto non é literatura feminina, dixo mentres escribía unha obra de teatro para nenos. Hai un guerreiro que rescata unha muller fermosa dos brazos dun home malvado. Ao final ela vaise, soa, cravando as unllas dos pés no asfalto.

D’ailleurs, la page

Erín Moure

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

MOURE, ERÍN (2011 [2008]). “D’ailleurs, la page”. Edición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/477>>.

* Texto inédito até a súa edición en pdf en *poesiagalega.org*, dispoñíbel desde o 5 de marzo de 2011 a partir do arquivo facilitado polo autor/a ou autores/as.

D'AILLEURS, LA PAGE.
TEXTO LIDO NO RENCONTRE INTERNATIONAL DES ÉCRIVAINS
(MONTREAL, 2008)

Erín Moure

L'ailleurs me vient d'ailleurs.
L'ailleurs est hors temps.
Les ailes d'ailleurs me touchent.
Me récupèrent.
Me préoccupent.
M'occupent.
En même temps, je suis ces ailleurs.
J'ailleurs.
Je me mets après. Je guette. Je produis des ailleurs irrécupérables, face à l'ailleurs.
L'ailleurs, ce qui n'est pas soi, est-il à la racine de soi?
Je suis formée par mes ailleurs.
Je constitue l'ailleurs. L'ailleurs me constitue.

Mais comment pourrions-nous savoir si ce qui nous vient nous vient d'ailleurs? *Car nous avons, nous sommes, des corps.* Nous sommes des faits formés de charbon, d'hydrogène, d'oxygène. Charnels.

Et heureusement. Car, pour recevoir l'ailleurs, on doit déjà avoir un lieu, un ici. Cet ici ne peut être que le lieu du corps. Le temps du corps. Nous sommes corporels sans remède, composés et charnels. L'ici, ce lieu du corps, ce lieu fait lieu par le corps même, quel rapport a-t-il avec l'ailleurs? Quelle relation est possible entre cet ici de nos corps et l'ailleurs?

e se vou falarvos en galego, un momentinho, estirando o tempo nuns sons que non vos teñen sentido...

Les ailes de l'ailleurs me touchent. L'ailleurs, même quand il arrive par le biais de sons dépourvus de sens, nourrit l'ici, de façon mystérieuse et irrévocable. Remet en circulation des mots. En sons, et en lettres: ces signes qui transportent les mots à travers l'espace et le temps. Pour transformer l'ailleurs en ici, et l'ici en ailleurs, un jeu complexe dans lequel ni l'un ni l'autre n'est ingéré, sinon en jeu.

Je suis marquée par mes premiers contacts avec les lettres. Des traces en noir sur une page blanche jaunie. Je ne les ai pas comprises comme porteuses de sens, un sens éloigné de la blancheur de la page, venu d'ailleurs. Il m'a fallu du temps pour découvrir, en regardant mon père, les réponses du corps de mon père face à la page même, que ces insectes en bas des dessins, ces insectes noirs et anodins, dessinaient quelque chose.

Venant toujours d'ailleurs.

Pour moi, même aujourd'hui, l'ici et l'ailleurs entrent en contact sur la feuille blanche. Leur relation est à la fois matérielle et immatérielle. Matériel que je touche, avec mes mains, que je touche en regardant, avec mes yeux, que je respire, parce que le papier a une odeur, l'encre dégage une odeur, leur rencontre dégage plusieurs odeurs. Je l'entends, car le papier gratte contre la feuille à côté, parle entre les mains. *Ici, présent*. Mais l'encre a quelque chose de plus, que j'ai appris de mon père, de sa répétition des histoires qu'il me contait quand il tenait le livre entre ses mains. J'ai appris que les petites fourmis que j'ai pu regarder en bas de page étaient porteuses de sens.

*Tout le sens
venant toujours d'ailleurs*

car dans la matérialité de la feuille, il n'y avait qu'un *ici présent*. Un corps à corps avec mon corps, qui faisait corps de mon corps. Mon corps qui soutenait et répétait sa propre corporalité, à travers la matérialité de ses rencontres avec le livre. (Et avec la maison, et les fleurs, et le béton de la rue.) Mais la matérialité de ce corps à corps hébergeait aussi, d'un coup, l'ailleurs. L'ailleurs des mots. L'incorporel.

Cette rencontre, cet hébergement, n'était pas, et n'est pas, une libération de la matérialité, ni sa négation, mais une intensification paradoxale de la matérialité à travers une espèce de crevasse, de pli, de *fenda* ou *greta* – ce *tout le sens* – qui fait part de la matérialité, en venant d'ailleurs. Une immatérialité qui rend la matérialité possible, ce qui veut dire, *virtuelle*.

Peu à peu, j'ai commencé à me rendre compte que cet ailleurs était aussi à l'intérieur de mon corps, que l'ailleurs n'est pas forcément un *dehors*: une rencontre avec une extériorité. L'ailleurs mettait constamment (même dans le silence) mon corps en relation avec un monde plus large que le monde que j'ai pu toucher dans un *ici, présent*. Et cet ailleurs présent en moi, qui me présentait au monde et amenait le monde à moi, avait un nom: langage.

Or le langage, en moi, l'ailleurs, est pluriel. Il sont mes langues. Je parcours les rues en pensant en galicien, en anglais, en français, parlant français, je lis en castillan ou en portugais, j'essaie de lire en roumain; à travers le roumain, je comprends l'italien.

Mon corps demeure corps à corps dans ce monde si riche grâce aux fourmis stylisées sur la feuille et aux fourmis intérieures qui font de moi une fourmilière. Qui font de moi un moi. Un moi qui n'a pas de caractère figé, d'identité singulière, mais une identité qui apporte, construit, demeure, meurt, a envie de, et vit.

Je partage l'ailleurs: je traduis.

Et j'écris. Tout récemment, un livre de poèmes qui s'intitule *O Cadoiro*, un mot galicien pour «chute d'eau» qui ne précise pas «eau» car il vient d'un pays d'eau. Il indique, *cadoiro*, «le lieu où la chute est à l'œuvre». Pour moi, ce lieu est le lieu de la poésie, et c'est moi qui chute, qui tombe, dans et à travers le langage.

Il s'agit d'un livre de poèmes en anglais, portant sur la modernité surprenante des *cantigas galaico* portugaises du moyen âge. Un livre qui réunit des choses qui sont ailleurs dans l'espace, le temps, la langue. L'ailleurs, en effet, engendre le livre.

À la page 48, on trouve une seule fois ce mot «ailleurs». Rien de remarquable, même dans un livre en anglais, car ce livre montréalais contient beaucoup d'autres mots et phrases en français, en galicien, en portugais...

Ce mot à la page 48 apparaît dans un vers qui dit: «venant toujours d'ailleurs». J'aime tellement les mots qui accompagnent ce mot «ailleurs»: «toujours», et le participe présent de «venir»!

Mais la page commence avec un tout autre vers, sur deux lignes: «The record of how a language actually breathed in its human (now vanished) correlates». *L'évidence de la façon dont une langue respirait à travers ces corrélats humains maintenant disparus.*

Et il y a d'autres vers, mais leurs traces s'arrêtent à mi-feuille. La moitié de la feuille ne reçoit aucune fourmi. Le dernier vers en mots (car il se peut que le blanc soit vers, vers per-vers), entre guillemets, donne: «at my own grief. 7 that of my heart». *face à ma propre douleur. et celle de mon cœur.*

Le seul autre vers qui nous est destiné sur cette page 48, ni à la fin, ni au début des vers que je vous ai déjà lus, déclare sans ornement: «tout le sens».

Ces trois mots, *tout le sens*, qui prétendent contenir tout le sens, précèdent le vers qui contient le mot ailleurs, et donnent, en ordre :

tout le sens
venant toujours d ailleurs

Ces mots font une fissure dans le livre. Une plaie, une fosse béante. Une inconnue pour les lecteurs qui ne comprennent pas le français. Doubleur, douleur, cœur, *ici présent!* Sens, *ici présent!* Tout le sens, ici. Car il y a une venue, une venue d'ailleurs. Une *ad-venue* qui nous vient pour nous ouvrir, pour *nous œuvrer*, pour œuvrer en nous. Pour nous faire pencher, et penser. Pour me faire penser, pour me faire un moi, en moi. Une *advenue* qui ne peut qu'être immatérielle, parce qu'il est impossible que le vers «tout le sens» puisse contenir tout le sens! Mais cette *advenue*, cette fissure, me marque comme être, car c'est bien de *mon cœur* dont je parle et c'est lui que je ressens, en lisant cette phrase. Sans cette immatérialité, venant d'ailleurs, je ne pourrais pas dire *je*.

En disant *je*, ce jeu de *je*, je fais partie d'une communauté. Comme le dit Giorgio Agamben: «Les formes de cette interruption, où le *factum* du langage et le *factum* des communautés émergent pour un instant à la lumière, sont multiples et varient selon les époques et les circonstances: rétablissement d'un argot, *trobar chus*, langage pur, pratique minoritaire d'une langue grammaticale... Dans tous les cas, l'enjeu n'est pas simplement linguistique ou littéraire, mais avant tout politique et philosophique.»

Aussi dans *Moyens sans fins*, Agamben dit que si nous avons déjà épuisé nos puissances dans *une* identité, il ne nous resterait aucune communauté, mais seulement des coïncidences avec l'extérieur. Le dehors.

Mais nous sommes toujours en quête, et l'ailleurs nous pénètre, me pénètre, pour nous rendre plus pénétrables; nous sommes des êtres capables de recevoir la *communicabilité* d'un tout autre, venant d'ailleurs. Nous pensons grâce à cette communicabilité. Nous accueillons les dehors en nous, en l'ailleurs. Et ceci veut dire: nous existons. J'existe. *Venue d'ailleurs*. Ici, présent!

a propiedade privada é un roubo. trece notas

Daniel Salgado

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SALGADO, DANIEL (2011 [2010]). “a propiedade privada é un roubo. trece notas”. *Quantas letras para um rio*. Anotación: 2 de setembro de 2010. <<http://letrasparaumrio.wordpress.com/2010/09/02/a-propiedade-privada-e-un-roubo-trece-notas-por-daniel-salgado/>>. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/839>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SALGADO, DANIEL (2010). “a propiedade privada é un roubo. trece notas”. *Quantas letras para um rio*. Anotación: 2 de setembro de 2010. <<http://letrasparaumrio.wordpress.com/2010/09/02/a-propiedade-privada-e-un-roubo-trece-notas-por-daniel-salgado/>>. Consulta: dd/mm/aaaa.

* Edición en pdf en *poesiagalega.org* dispoñíbel desde o 25 de maio de 2011 a partir do URL indicado. Consulta: 24/05/2011.

De acordo coa publicación orixinal, este texto conta cunha licenza Creative Commons by-nc-sa. Está permitida a copia e a distribución sempre que se mencione a autoría, non se use con fins comerciais e se comparta cunha licenza do mesmo tipo (<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/2.0/deed.gl>).

a propiedade privada é un roubo. trece notas

daniel salgado

I

as conclusións da última xuntanza en londres do autodenominado g-20 evitan a palabra capitalismo. falan de «economía mundial» e así procuran abrogar a posibilidade de pensar outra organización do modo de produción e das relación que del se derivan. contra esa variante da corrupción da linguaxe actúan, tamén, os poemas de *non son de aquí*. «o mapa» –cito– «dunha lingua sen exército», textos que certifican a necesidade dunha vida non administrada:

II

o poema enfronta, sempre, a corrupción da linguaxe:

III

a autora reivindicaba, en entrevista con ana salgado, unha nova división do sensíbel. por volver a jacques rancière, o poema orixina porvires imprevistos. «no fondo, non hai nada / que non poida evitarse». a escrita como refutación da pertenza. antes de 2008, joseba sarrionaindia titulou un libro *non son de aquí*. maría do cebreiro sábese feliz coa coincidencia. para james joyce, irlanda era una mierda:

IV

bertolt brecht, en anotación do seu diario (1920): «a linguaxe está aí para condenar os feitos. este é o seu único papel»:

V

as nacións con estado non teñen vento. nada importa menos en *non son de aquí* que a delimitación das cousas: trátase de eliminar o fórceps do real, do que existe. a vida é o que se vai perdendo e daquela non se escribe para reter ningún obxecto: escíbese por aprendermos a vivir no intersticio:

VI

lemos un libro de lugares, xeográfico e material, como xa leramos *o barrio das chinasas* (2005). en *non son de aquí*, a estratexia para unha poética insubmisa vólvese da non inocencia e do oposto ao idealismo. contra certa taxonomía preguiceira (maría do cebreiro posmoderna?), unha práctica situada. «creo moito en desprazarme», afirma na entrevista antes consignada, «e se teño algo máis que dicir, será dito dende lugares novos»:

VII

este texto non utiliza letras maiúsculas:

VIII

o traballo de maría do cebreiro fai por se extraer do antigo réxime. non lle resultan funcionais as dicotomías pactadas: desmonta os tabiques que afastan o privado do público, o individual do colectivo, a historia das historias, a ética da estética. «e así como o problema / da pintura / é a luz, o da vida / é a sombra», arrinca *escena invernal (amsterdam)*:

IX

refugar o radicado, as horas firmes, a disciplina do poema de consenso, loitar por non facer un poema moral, descubrir o que acontece se non paramos quietos. a certeza de que todo poema xorde dunha perda. *non son de aquí* opera en oposición ás identidades inmóbiles, detesta a seguridade como procedemento constitutivo:

X

en palabras de isaac lourido para o periódico *diagonal*: «cando maría do cebreiro escribe, os poetas *repeinados* bótanse a tremer». destruír imposturas tamén é obriga do poema: a destitución de toda normalidade, a derruba de edificios novos, unha cartografía do escuro, «amar a quen se atopa polo camiño»: as estratexias de autodefensa inscritas na linguaxe:

XI

non hai civilización válida: hai o crime e o seu esplendor: a sucesión de fracasos que conducen, samuel beckett, ao mellor fracaso: non existe a literatura, existen as condicións de emerxencia que producen o poema: para a autora, «a vella discusión / entre humanismo / e guerra ao capital»:

XII

«que o poema nos libre da razón alegórica»:

XIII

o pasado 13 de abril, a prensa recollía homenaxe a jean-luc godard nás páxinas designadas de información internacional. a tradución é miña: «un novo xeito de protesta social esténdese en francia: os traballadores empezan a tomar como reféns aos dirixentes de empresas en crise». todo vai ben. saúde

Este texto, lido originariamente na livraria Couceiro em Abril de 2009 no transcurso da presentación de *Non son de aquí* de María do Cebreiro, encontra-se regido sob licença Creative Commons 3.0 BY-NC-SA e foi liberado no blogue *Quantas letras para um rio* (<http://letrasparaumrio.wordpress.com/>) em Setembro de 2010